



TESE DE DOUTORAMENTO

**A DINÁMICA DAS ESTRUTURAS
AGRARIAS EN GALICIA 1962-2016;
O PAPEL DO ARRENDAMENTO NA
MOBILIDADE DAS TERRAS**

Javier Ramón Dios Ortiz

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN DESENVOLVEMENTO REXIONAL
E INTEGRACIÓN ECONÓMICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
2021





DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

**A dinámica das estruturas agrarias en Galicia 1962-2016;
o papel do arrendamento na mobilidade das terras**

D. Javier Ramón Dios Ortiz

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
- 4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo. Javier Ramón Dios Ortiz





AUTORIZACIÓN DOS DIRECTORES DA TESE

A dinámica das estruturas agrarias en Galicia 1962-2016; o papel do arrendamento na mobilidade das terras

D. Edelmiro López Iglesias
D. Eduardo José Corbelle Rico

INFORMAN:

*Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D. **Javier Ramón Dios Ortiz**, baixo a nosa dirección, e autorizamos a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directores desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo. Edelmiro López Iglesias

Asdo. Eduardo José Corbelle Rico



AGRADECEMENTOS

O traballo que presentamos non sería posible sen o concurso dunha serie de persoas que, no fondo, conformaron un equipo.

Concha e Manuel Xordán conseguiron que reconectara coa USC. Por desgraza Manuel xa non pode ver o resultado deste traballo, unha forte aperta compañeiro.

O equipo administrativo da USC, magníficos profesionais, Lucas, Esperanza.

Á familia, Iria sempre aí, sempre acompañando. Como alguén dixo, nada importante se pode facer sen compañía.

Félix, axudando en temas de informática.

Esteban, cos seus amplos coñecementos e habilidades en estatística e informática.

Melchor, estupendo organizador dos cursos.

O equipo ECOAGRASOC, facilitando os microdatos dos Censos, pedra fundamental na construción deste edificio.

Edelmiro e Eduardo, directores, que cos seus vastos e fondos coñecementos e facendo un oco entre as súas innumerables obrigas conseguiron que chegamos ao final.

Sen o concurso de todas e todos este traballo non se podería realizar, moitísimas grazas.



RESUMO

Nun traballo xa clásico Maunder (1984) formulou a hipótese xeral de que o arrendamento permite unha maior mobilidade da terra, polo que a súa difusión facilitaría a ampliación da dimensión das explotacións en crecemento. O obxectivo deste traballo de investigación é o estudo do papel do arrendamento na dinámica das estruturas agrarias en Galicia e, de forma máis concreta, esclarecer o rol do arrendamento no incremento da superficie das explotacións que manteñen a súa actividade, como instrumento esencial na mobilidade das terras, desde mediados do século XX ata a actualidade. En Galicia, a pesar do rol relativamente modesto do arrendamento comparado con outras CCAA, puidemos comprobar que este xogou nas últimas décadas un papel non desprezable na mobilidade da terra e no redimensionamento das explotacións. Nese proceso de dimensionamento, as unidades maiores de 10 ha de SAU viron reforzado o seu peso e gañaron un total de 366.000 ha de cultivos e pastos no período 1982-2009. Pois ben, dese total o 41% (ao redor de 150.000 ha) corresponde ao aumento rexistrado nestes estratos pola SAU en réximes indirectos. Os resultados deste traballo mostran unha correlación, débil pero non desprezable, entre o incremento porcentual da SAU/explotación no período 1982-2009 e o valor en 2009 da porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito (A/SAU) a nivel municipal. A nivel de explotacións individuais, a análise dos datos de 2009 suxire que as explotacións de maior dimensión e con titulares máis novos recorren con maior frecuencia ao arrendamento, e que a relación entre a dimensión da explotación e a importancia relativa das terras arrendadas en relación coa superficie total non é lineal e varía considerablemente entre distintas orientacións técnico-económicas.



RESUMEN

En un trabajo ya clásico Maunder (1984) formuló la hipótesis general de que el arrendamiento permite una mayor movilidad de la tierra, por lo que su difusión facilitaría la ampliación de la dimensión de las explotaciones en crecimiento. El objetivo de este trabajo de investigación es el estudio del papel del arrendamiento en la dinámica de las estructuras agrarias en Galicia y, de forma más concreta, esclarecer el rol del arrendamiento en el incremento de la superficie de las explotaciones que mantienen su actividad, como instrumento esencial en la movilidad de las tierras, desde mediados del siglo XX hasta la actualidad. En Galicia, a pesar del rol relativamente modesto del arrendamiento comparado con otras CCAA, pudimos comprobar que este jugó en las últimas décadas un papel no despreciable en la movilidad de la tierra y en el redimensionamiento de las explotaciones. En ese proceso de dimensionamiento, las unidades mayores de 10 ha de SAU vieron reforzado su peso y ganaron un total de 366.000 ha de cultivos y pastos en el período 1982-2009. Pues bien, de ese total el 41% (alrededor de 150.000 ha) corresponde al aumento registrado en estos estratos por la SAU en regímenes indirectos. Los resultados de este trabajo muestran una correlación, débil pero no despreciable, entre el incremento porcentual de la SAU/explotación en el período 1982-2009 y el valor en 2009 del porcentaje de la SAU en arrendamiento en sentido estricto (A/ SAU) a nivel municipal. A nivel de explotaciones individuales, el análisis de los datos de 2009 sugiere que las explotaciones de mayor dimensión y con titulares más jóvenes recurren con mayor frecuencia al arrendamiento, y que la relación entre la dimensión de la explotación y la importancia relativa de las tierras arrendadas en relación con la superficie total no es lineal y varía considerablemente entre distintas orientaciones técnico-económicas.



ABSTRACT

In an already classic work Maunder (1984) formulated the general hypothesis that leasing allows greater mobility of land, so its dissemination would facilitate the expansion of growing farms. The aim of this research is to study the role of leasing in the dynamics of agricultural structures in Galicia and, more specifically, to clarify the role of leasing in the increase of area managed by farms that maintained their activity, as an essential tool in the mobility of land, from the mid-twentieth century to the present. Despite the relatively modest role that leasing has played in Galicia, in comparison to other parts of Spain, the available data shows that it has played a considerable role in land mobility and the re-sizing of farms in recent decades. In this re-sizing process, farms larger than 10 ha of utilised agricultural area (UAA) have increased their average size. These farms added a total of 366,000 ha of cropland and pasture land in the period 1982-2009, of which 41% (around 150,000 ha) were accessed via leasing (indirect regimes). The results of this work show a weak but non-negligible correlation between the relative increase of UAA/farm in the period 1982-2009 and the relative importance of leased land over total farming area in 2009 at municipal level. At the individual farm level, the analysis of data from 2009 suggests that larger farms with younger owners tend to use leasing more frequently and that the relationship between farm size and the relative importance of leased farmland in relation to the total area is not linear and varies considerably among different technical-economic orientations.



ÍNDICE

RESUMO	IX
RESUMEN	XI
ABSTRACT	XIII
ÍNDICE DE CADROS	XXI
ÍNDICE DE FIGURAS	XXVII
INTRODUCCIÓN	1
PARTE I MARCO CONCEPTUAL: ARRENDAMIENTO E AXUSTE ESTRUCTURAL NA AGRICULTURA	5
CAPÍTULO 1. Os procesos de axuste e reestruturación no sector agrario; as diferentes formas e mecanismos de mobilidade da terra	7
1.1. A dinámica do sector agrario e o proceso de axuste estrutural	7
1.2.1. Mercado de traballo e demografía das familias agrícolas	11
1.2.2. Os principais mecanismos de mobilidade da terra: mercado de compravendas e arrendamento	11
1.2.3. Progreso técnico e orientación produtiva das explotacións	11
1.2.4. Outros factores	12
1.3. A valoración do axuste estrutural desde os distintos paradigmas e as propostas de políticas	12
1.3.1. A óptica da competitividade	12
1.3.2. A óptica da multifuncionalidade	13
1.4. Mercado e mobilidade da terra	14
1.4.1. Concepto de mobilidade e mecanismos existentes	14
1.4.2. O papel da mobilidade no axuste estrutural; factores condicionantes	14
CAPÍTULO 2. O arrendamento de terras: clarificacións conceptuais e papel na reestruturación das explotacións	17
2.1. O arrendamento de terras: precisións conceptuais	17
2.1.1. Definicións na literatura	17
2.1.2. Definicións legais	18
2.1.3. Definición do arrendamento nos Censos agrarios	18
2.2. O papel do arrendamento na reestruturación das explotacións; breve revisión da literatura	19

PARTE II A DINÁMICA DAS ESTRUTURAS AGRARIAS EN GALICIA DESDE MEDIADOS DO SÉCULO XX; AS MUDANZAS NO PERÍODO POSTERIOR Á INTEGRACIÓN EUROPEA	23
CAPÍTULO 3. Introducción histórica. As estruturas agrarias configuradas a mediados do século XX.....	25
3.1. Notas históricas. As estruturas agrarias en Galicia ao longo da época contemporánea	25
3.1.1. Estrutura das explotacións e propiedade da terra a mediados do século XVIII	25
3.1.2. Relativa estabilidade das estruturas agrarias durante o século XIX.....	26
3.1.3. As transformacións na primeira metade do século XX: desaparición do réxime foral e mudanzas na propiedade e nos usos dos montes comúns	27
3.1.3.1. Liquidación do réxime foral e acceso do campesiñado á propiedade da terra	28
3.1.3.2. Apropiación individual de grande parte dos montes comúns.....	29
3.1.3.3. Publificación dos montes veciñais e repoboación forestal	30
3.2. Estrutura das explotacións, propiedade da terra e réximes de tenencia a mediados do século XX (1950/1960).....	30
3.2.1. A estrutura das explotacións agrarias en 1962	30
3.2.1.1. Estrutura dimensional das explotacións	31
3.2.1.2. Comparación con España e outros países europeos	32
3.2.1.3. Diverxencias espaciais dentro da agricultura galega; os contrastes a nivel provincial e municipal	34
3.2.2. A distribución da propiedade da terra (1959).....	37
3.2.2.1. Datos para o conxunto de Galicia.....	37
3.2.2.2. Estrutura da propiedade da terra por provincias.....	38
3.2.2.3. Relación entre a estrutura da propiedade e a das explotacións agrarias	39
3.2.3. Os réximes de tenencia da terra 1950/1962.....	41
3.2.3.1. Peso global dos diferentes réximes de tenencia da terra en Galicia.....	42
3.2.3.2. Diferenzas segundo o tamaño das explotacións	44
3.2.3.3. Datos a nivel provincial e municipal	47
CAPÍTULO 4. A dinámica das estruturas agrarias nas décadas previas á integración europea (1962-1989)	53
4.1. Mudanzas na estrutura dimensional das explotacións; a lentitude do proceso de reestruturación.....	53
4.1.1. Evolución do número e superficie das explotacións 1962-1989	54

4.1.2. Evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU 1982-1989	61
4.1.3. Diverxencias espaciais dentro da agricultura galega. Evolución do número e superficie das explotacións por provincias (1962-1989)	66
4.2. Evolución dos réximes de tenencia da terra; o reforzamento do predominio da tenencia directa	69
4.2.1. Tendencias xerais en Europa e en España	69
4.2.2. Os cambios nos modos de tenencia da terra en Galicia (1962-1989)	70
CAPÍTULO 5. A aceleración dos cambios a partir da integración na UE; evolución da estrutura das explotacións nas tres últimas décadas	77
5.1. Visión xeral das tendencias no número e superficie das explotacións ao longo das tres últimas décadas (1982-2016).....	78
5.2. A dinámica das estruturas agrarias na primeira década de integración comunitaria	82
5.2.1. Contexto de fondo: aceleración das mudanzas tecnolóxicas e produtivas no sector agrario galego a partir da integración na UE.....	83
5.2.2. Evolución da estrutura dimensional das explotacións 1987-1997	85
5.3. Evolución da estrutura das explotacións nas dúas últimas décadas (1997-2016).....	88
5.4. Notas finais	95
PARTE III O ARRENDAMENTO DE TERRAS NA AGRICULTURA GALEGA: EVOLUCIÓN NAS DÉCADAS RECENTES E PAPEL NO REDIMENSIONAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS	97
CAPÍTULO 6. Normativa legal: a regulación dos arrendamentos rústicos en España e en Galicia.....	99
6.1. Evolución da normativa sobre arrendamentos rústicos en España.....	99
6.1.1. Lexislación sobre arrendamentos rústicos e aparcerías	101
6.1.2. Os arrendamentos rústicos históricos.....	106
6.2. Arrendamento e aparcería no Dereito Galego	107
6.2.1. Lei de Dereito Civil de Galicia de 1995.....	107
6.2.2. Réxime legal vixente: a Lei de Dereito Civil de Galicia de 2006.....	108
6.2.3. A regulación autonómica sobre arrendamentos rústicos históricos	109
6.3. Recapitulación dos principais aspectos do contrato de arrendamento.....	110

CAPÍTULO 7. Evolución e importancia actual da superficie arrendada na agricultura galega; análise a partir dos Censos agrarios (1982-2009).....	113
7.1. Introducción	113
7.2. Precisións sobre os datos estatísticos	114
7.3. Indicadores utilizados para medir a importancia do arrendamento. Unha visión xeral da evolución en Galicia 1982-2009.....	115
7.4. Evolución comparada co resto das Comunidades Autónomas	119
7.4.1. Peso do arrendamento en 1982 e 1999	119
7.4.2. Evolución no período 1982-2009	121
7.5. Evolución dos diferentes grupos de explotacións segundo os réximes de tenencia da terra	124
7.5.1. Explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes fronte a aquelas en tenencia directa pura	125
7.5.2. Análise dos diferentes grupos de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes.....	131
7.6. Peso e evolución do arrendamento por orientacións técnico-económicas (OTE) das explotacións.....	141
7.6.1. Análise dos datos para as OTE xerais	141
7.6.2. Estudo máis detallado da OTE 4 (herbívoros)	146
7.7. Peso e evolución do arrendamento segundo o tamaño das explotacións.....	148
7.7.1. Panorama dos réximes de tenencia nos sucesivos Censos agrarios.....	148
7.7.2. Evolución do peso do arrendamento e os outros réximes por estratos de tamaño 1982-2009	150
7.8. Disparidades xeográficas: análise dos datos a nivel provincial e municipal	154
CAPÍTULO 8. Análise detallada das superficies arrendadas no Censo agrario de 2009; elaboración dun modelo econométrico sobre os principais factores que inciden na difusión do arrendamento.....	163
8.1. Análise detallada do arrendamento en 2009 e detección de posibles variables explicativas.....	163
8.1.1. Peso global do arrendamento en Galicia; datos comparativos no contexto español	163
8.1.2. Análise dos grupos de explotacións segundo a relación co arrendamento	167
8.1.3. Importancia do arrendamento segundo a orientación técnico-económica (OTE) das explotacións	174
8.1.4. O arrendamento segundo o tamaño físico das explotacións.....	178
8.1.5. O arrendamento segundo a dimensión económica das explotacións.....	181

8.1.6. Implantación territorial do arrendamento; datos a nivel municipal	182
8.2. Construción dun modelo econométrico que explique o comportamento da variable arrendamento	184
CONCLUSIONES	191
BIBLIOGRAFÍA	205
ANEXOS	217
Anexo 1. Definicións de arrendamento recollidas nos diferentes Censos agrarios	219
Anexo 2. Porcentaxe de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/A+OR) por estratos de tamaño	221
Anexo 3. Porcentaxe de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/A+OR) por provincias.....	225
Anexo 4. Porcentaxe de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/A+OR) segundo OTE xeral	229
Anexo 5 Ratio SAU en arrendamento e/ou noutros réximes (A/A+OR) sobre a SAU total das explotacións con eses réximes, por estratos de tamaño.....	233
Anexo 6. Ratio SAU en arrendamento e/ou noutros réximes (A/A+OR) sobre a SAU total das explotacións con eses réximes, por provincias.....	237
Anexo 7. Ratio SAU en arrendamento e/ou noutros réximes (A/A+OR) sobre a SAU total das explotacións con eses réximes, segundo OTE xeral.....	241
Anexo 8. Evolución dos grupos de explotacións segundo os réximes de tenencia da terra. Galicia 1982-2009.....	245
Anexo 9. Panorámica xeral do conxunto das explotacións censadas en Galicia no ano 2009. Datos básicos e ratios	251
Anexo 10. Explotacións con algunha terra en arrendamento e/ou noutros réximes. Galicia 2009. Datos básicos e ratios	253
Anexo 11. Explotacións en propiedade pura. Galicia 2009. Datos básicos e ratios...	255
Anexo 12. Distribución por OTE das explotacións segundo a presenza ou non de réximes de tenencia indirectos. Galicia 2009.....	257
Anexo 13. Explotacións con só terras arrendadas, só en OR ou en A+OR (podendo contar tamén con superficies en propiedade). Datos básicos. Galicia 2009	261
Anexo 14. Explotacións con terras arrendadas e non noutros réximes. Galicia 2009. Datos básicos e ratios	263

Anexo 15. Explotacións con terras en OR e non en arrendamento. Galicia 2009. Datos básicos e ratios	265
Anexo 16. Explotacións con terras en A+OR. Galicia 2009. Datos básicos e ratios ..	267
Anexo 17. Explotacións en tenencia indirecta pura (con todas as terras en A/OR/A+OR). Galicia 2009. Datos básicos e ratios	269
Anexo 18. Explotacións que combinan terras en A/OR/A+OR e terras en propiedade. Galicia 2009. Datos básicos e ratios	271
Anexo 19. Ratios sobre o peso do arrendamento e os outros réximes de tenencia por concellos. Galicia 2009	273



ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Estimación da superficie ocupada polos montes públicos e comunais e polos montes particulares. Galicia 1962	29
Cadro 2. Relación entre a superficie xeográfica e a superficie censada no Censo agrario de 1962	31
Cadro 3. Distribución das explotacións agrarias e da superficie censada por estratos de tamaño (*). Galicia 1962.....	31
Cadro 4. Distribución das explotacións e da superficie por estratos de tamaño. Datos referidos ás explotacións propiamente ditas, excluídos os montes públicos e comunais (*). Galicia 1962	32
Cadro 5. Número e superficie das explotacións agrarias en España por estratos de tamaño (1). 1962	33
Cadro 6. Porcentaxe da superficie censada que corresponde aos montes públicos e comunais (explotacións \geq 100 ha). Datos por provincias 1962 (hectáreas)	34
Cadro 7. Peso dos montes comúns e estrutura das explotacións por provincias. Datos sintéticos 1962.....	35
Cadro 8. Distribución da propiedade da terra en Galicia 1959	37
Cadro 9. Superficie imponible, número de propietarios e superficie media por propietario nas provincias galegas 1959	38
Cadro 10. Estrutura da propiedade da terra nas catro provincias galegas 1959.....	39
Cadro 11. Comparación entre a dimensión media da propiedade e da explotación. Galicia 1959/1962	39
Cadro 12. Comparación entre a estrutura da propiedade da terra e a estrutura das explotacións agrarias. Galicia 1959/1962	40
Cadro 13. Número e dimensión media das propiedades e as explotacións nas provincias galegas. 1959/1962.....	41
Cadro 14. Distribución dos titulares de explotacións segundo o réxime de tenencia das terras. Galicia 1950-1956.....	42
Cadro 15. Distribución da superficie cultivada das explotacións por réximes de tenencia. Galicia 1950	42
Cadro 16. Distribución da superficie das explotacións agrarias por réximes de tenencia. Galicia Censo agrario de 1962	43
Cadro 17. Réximes de tenencia da terra segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1962.....	44
Cadro 18. Número de explotacións agrarias segundo o réxime de tenencia das terras. Galicia 1962	46

Cadro 19. Distribución da superficie das explotacións por réximes de tenencia nas provincias galegas 1962 (cifras referidas ás explotacións agrarias propiamente ditas)(1).....	48
Cadro 20. Distribución das explotacións agrarias segundo o réxime de tenencia das terras. Datos por provincias 1962	48
Cadro 21. Evolución da superficie total censada en Galicia 1962-1989	55
Cadro 22. Evolución do número total de explotacións individuais e da superficie media por explotación (*). Galicia 1962-1989.....	55
Cadro 23. Evolución do número e superficie media das explotacións individuais de tamaño ≥ 1 ha. Galicia 1962-1989	56
Cadro 24. Variación do número e superficie das explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1962-1989	57
Cadro 25. Distribución porcentual das explotacións e da superficie por estratos de tamaño. Galicia 1962 e 1989	59
Cadro 26. Variación do número total de explotacións censadas e das explotacións con gando bovino por grupos de tamaño. Galicia 1962-1989.....	59
Cadro 27. Evolución do número de explotacións con gando bovino por estratos de tamaño. Galicia 1962-1989.....	61
Cadro 28. Evolución do número, a SAU e a superficie total das explotacións, clasificadas segundo o tamaño en termos de SAU. Galicia 1982-1989	62
Cadro 29. Evolución do número e superficie media das explotacións con SAU. Galicia 1982-1989.....	63
Cadro 30. Distribución porcentual das explotacións e a SAU por estratos de tamaño. Galicia 1982-1989	63
Cadro 31. Evolución do número e a SAU das explotacións por clases de tamaño (cifras referidas ás explotacións con SAU ≥ 1 ha). Galicia 1982-1989	65
Cadro 32. Evolución do número e superficie media das explotacións individuais ≥ 1 ha e superficie total < 100 ha. Datos por provincias 1962-1989.....	67
Cadro 33. Variación do número de explotacións agrarias por grupos de tamaño. Datos por provincias	69
Cadro 34. Distribución da superficie total das explotacións por modos de tenencia. Galicia 1962-1989 (cifras referidas ás explotacións censadas menores de 100 ha).....	71
Cadro 35. Distribución da SAU por modos de tenencia; comparación cos datos referidos á superficie total (1). Galicia 1982	72
Cadro 36. Evolución da SAU por modos de tenencia. Galicia 1982-1989	72
Cadro 37. Variación da superficie en arrendamento e aparcería, distinguindo as explotacións con todas as terras baixo eses modos de tenencia e as unidades con réximes "mixtos". Galicia 1962-1989.....	73

Cadro 38. Distribución das explotacións agrarias segundo o réxime de tenencia. Galicia, 1962 e 1989 (cifras referidas ás explotacións censadas menores de 100 ha).....	74
Cadro 39. Distribución da superficie por modos de tenencia nas explotacións dos diversos grupos de tamaño. Galicia 1962 e 1989.....	75
Cadro 40. Evolución do número e superficie das explotacións en Galicia 1982-1999. Datos orixinais dos Censos agrarios e datos referidos ao universo das Enquisas de estruturas (miles de explotacións e miles de hectáreas).....	78
Cadro 41. Evolución do número e superficie das explotacións en Galicia 1982-2016.....	80
Cadro 42. Variación do número e a superficie das explotacións por grandes estratos de tamaño. Galicia 1982-2016 (miles de explotacións e miles de hectáreas).....	80
Cadro 43. Variación do número de explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1982-2016.....	81
Cadro 44. Porcentaxe do territorio ocupada pola superficie total e pola SAU das explotacións	82
Cadro 45. Evolución do stock neto de capital privado, a poboación ocupada e o capital/ocupado no sector agrario galego e español 1976-1998 (*).	83
Cadro 46. Principais ratios estruturais do sector agrario en Galicia, España e a UE 1997	85
Cadro 47. Evolución do número e a superficie media das explotacións agrarias en Galicia. Comparación entre os períodos 1962-1989 e 1987-1997.....	85
Cadro 48. Evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU. Galicia 1987-1997.....	86
Cadro 49. Evolución da superficie total e da SAU das explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1987-1997	87
Cadro 50. Evolución do número de explotacións, a SAU e a SAU/explotación. Galicia, España e UE 1987-1997.....	87
Cadro 51. Porcentaxe da superficie xeográfica ocupada polas explotacións agrarias. Galicia e UE 1987-1997 (cifras absolutas en miles de ha)	88
Cadro 52. Evolución do número e a superficie das explotacións agrarias en Galicia 1997-2016	89
Cadro 53. Taxa de variación anual do número e superficie das explotacións nos diferentes subperíodos. Galicia 1997-2016.....	90
Cadro 54. Evolución da superficie das explotacións por aproveitamentos. Galicia 1997-2016.....	91
Cadro 55. Evolución do número de explotacións por estratos de tamaño segundo a súa SAU. Galicia 1997-2016.....	92
Cadro 56. Evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU. Galicia 1997-2016.....	92
Cadro 57. Evolución da dimensión física e económica das explotacións agrarias en Galicia 1997-2016.....	93

Cadro 58. Evolución da distribución das explotacións por estratos de dimensión económica. Galicia 1997-2016.....	94
Cadro 59. Normativa sobre arrendamentos rústicos. Resumo da súa evolución en España e en Galicia	100
Cadro 60. Ratios sobre a importancia do arrendamento. Evolución en Galicia 1982-2009..	116
Cadro 61. Porcentaxe da SAU en arrendamento (A/SAU) por CCAA 1982	120
Cadro 62. Porcentaxe da SAU en arrendamento (A/SAU) por CCAA 1999	120
Cadro 63. Diferenciais do ratio de arrendamento por CCAA entre 1982 e 2009.....	122
Cadro 64. Evolución do número de explotacións segundo os réximes de tenencia da terra. Galicia 1982-2009	125
Cadro 65. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1982.....	149
Cadro 66 Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1989.....	149
Cadro 67. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1999.....	150
Cadro 68. Variación de SAU total, a SAU arrendada e a SAU en arrendamento e noutros réximes por estratos de tamaño. Galicia 1982-2009.....	154
Cadro 69 Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR; extensión e intensidade destes réximes indirectos. Datos por provincias 1982 e 2009	156
Cadro 70. Ratios de arrendamento por CCAA 2009	164
Cadro 71. Características das explotacións con arrendamento e/ou outros réximes fronte a aquelas en propiedade pura. Galicia 2009	168
Cadro 72. Ratios básicos das explotacións con arrendamento, outros réximes e ambos modos de tenencia. Galicia 2009.....	171
Cadro 73. Cadro resumo dos ratios medios. Explotacións puras/mixtas. Galicia 2009	172
Cadro 74. Situación OTE Xeral 4 segundo as súas OTE principais. Galicia 2009	176
Cadro 75. Situación OTE Xeral 4 por tamaño de explotación. Galicia 2009.....	177
Cadro 76. Situación OTE Xeral 4 por provincias. Galicia 2009	178
Cadro 77. Porcentaxe da superficie total en arrendamento e en aparcería segundo o tamaño das explotacións. España 1962-1999.....	179
Cadro 78. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño da explotación. Galicia 2009.....	180
Cadro 79. Análise do tramo de explotacións de 100 ha ou máis. Galicia 2009.....	180
Cadro 80. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño económico da explotación. Galicia 2009	181
Cadro 81. Peso do arrendamento e outros réximes nas explotacións cunha produción anual superior a 1 millón de euros. Galicia 2009	182

- Cadro 82.** Coeficientes axustados para os modelos de regresión loxística. Os valores dos coeficientes para os diferentes niveis de OTE teñen como referencia á OTE 4 .. 186
- Cadro 83.** Coeficientes axustados nos modelos beta para a importancia relativa do arrendamento en sentido estrito e outros réximes de arrendamento sobre a SAU total de cada explotación. Os valores dos coeficientes para os diferentes niveis de OTE teñen como referencia á OTE 4..... 189





ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Evolución da estrutura do PIB por sectores económicos en España (en porcentaxe) 1970-2010	7
Figura 2. Evolución da poboación activa en España por sectores económicos (%) 1960-2015.....	8
Figura 3. Contraste hipótese Maunder (Arnalte, Ramos, 1988).....	20
Figura 4. Contraste hipótese Maunder, excluídas provincias atípicas (Arnalte, Ramos, 1988)	20
Figura 5. Porcentaxe da superficie censada ocupada por montes públicos e comunais, e superficie media das explotacións individuais. Datos a nivel municipal 1962.....	36
Figura 6. Explotacións en réximes de tenencia puros e mixtos por estratos de tamaño. Galicia 1962	47
Figura 7. Porcentaxe da superficie censada en arrendamento e aparcería a nivel municipal. Galicia 1962	50
Figura 8. Porcentaxe de superficie en arrendamento e en aparcería a nivel municipal. Galicia 1962	51
Figura 9. Evolución do número de explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1962-1989.....	58
Figura 10. Evolución da superficie censada nas explotacións de cada estrato. Galicia 1962-1989	58
Figura 11. Número de explotacións por estratos de tamaño (SAU). Galicia 1982-1989.....	64
Figura 12. SAU das explotacións de cada intervalo de tamaño. Galicia 1982-1989	64
Figura 13. Variación do número de explotacións e da superficie por explotación. Datos por provincias 1972-1989.....	68
Figura 14. Evolución da normativa básica estatal sobre arrendamentos rústicos	101
Figura 15. Porcentaxe de explotacións con arrendamento A/A+OR sobre total de explotacións, por tramos de tamaño (ha de SAU); 1982-2009	117
Figura 16. Porcentaxe de explotacións con arrendamento A/A+OR sobre total de explotacións, por provincia. 1982-2009	117
Figura 17. Porcentaxe de explotacións con arrendamento A/A+OR sobre total de explotacións, segundo OTE. 1982-2009	118
Figura 18. Porcentaxe de SAU con arrendamento A/A+OR sobre SAU das explotacións con A/A+OR, por tramos de tamaño (ha de SAU); 1982-2009	118
Figura 19. Porcentaxe de SAU con arrendamento A/A+OR sobre SAU das explotacións con A/A+OR, por provincia. 1982-2009.....	118

Figura 20. Porcentaxe de SAU con arrendamento A/A+OR sobre SAU das explotacións con A/A+OR, segundo OTE. 1982-2009.....	119
Figura 21. Porcentaxe da SAU en arrendamento por CCAA 1982-2009	121
Figura 22. Variación do ratio de arrendamento por CCAA entre 1982 e 1999.....	123
Figura 23. Variación do ratio de arrendamento por CCAA entre 1999 e 2009	123
Figura 24. Variación do ratio de arrendamento por CCAA entre 1982 e 2009.....	124
Figura 25. Conxunto das explotacións censadas en Galicia. Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100).....	125
Figura 26. Explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/OR/A+OR). Evolución en Galicia 1982-2009 (índices base 1982=100).....	127
Figura 27. Explotacións con todas as terras en propiedade. Evolución en Galicia 1982-2009 (índices base 1982=100)	128
Figura 28. Comparativa das explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/OR/A+OR) fronte a aquelas en tenencia directa pura. Evolución en Galicia 1982-2009 (índices base 1982=100)	130
Figura 29. Explotacións con terras en arrendamento (con ou sen superficies en propiedade). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)	132
Figura 30. Explotacións con terras en OR (con ou sen superficies en propiedade). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)	133
Figura 31. Explotacións con terras en A+OR (con ou sen superficies en propiedade). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)	134
Figura 32. Comparativa grupos A/OR/A+OR. Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100).....	136
Figura 33. Características das explotacións só con terras en A/OR/A+OR (réximes indirectos puros). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)	138
Figura 34. Características das explotacións que combinan terras en A/OR/A+OR e en propiedade (tenencia mixta). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)	139
Figura 35. Comparativa das explotacións en tenencia indirecta pura (só superficies en A/OR/A+OR) con aquelas en réximes mixtos (combinan terras en propiedade e en réximes indirectos). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100).....	140
Figura 36. Evolución das explotacións agrarias por OTE en Galicia 1982-2009 (nº de explotacións, SAU, SAU media)	143
Figura 37. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en arrendamento e noutros réximes por OTE. Evolución en Galicia 1982-2009	144
Figura 38. Porcentaxe das explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes por OTE. Evolución en Galicia 1982-2009	145
Figura 39. Intensidade do arrendamento por OTE (% da SAU arrendada nas explotacións con este réxime). Evolución en Galicia 1982-2009.....	145

Figura 40. Evolución das OTE principais da OTE xeral 4 (número de explotacións, SAU, ratio A/SAU e (A+OR)/SAU). Galicia 1982-2009	146
Figura 41. Evolución OTE xeral 4 por tamaño de explotación. Evolución 1982-2009. (Número expl, SAU, Ratio A/SAU e (A+OR)/SAU)	147
Figura 42. Evolución OTE xeral 4 por implantación xeográfica. Evolución 1982-2009. (Número expl, SAU, Ratio A/SAU e (A+OR)/SAU)	148
Figura 43. Evolución dos ratios A/SAU e (A+OR)/SAU nas explotacións de cada estrato de tamaño (*). Galicia 1982-2009	152
Figura 44. Porcentaxe da SAU en arrendamento segundo o tamaño das explotacións (ha de SAU). Galicia 1982-2009	153
Figura 45. Porcentaxe da SAU en arrendamento e noutros réximes (A+OR) segundo o tamaño das explotacións (ha de SAU). Galicia 1982-2009	153
Figura 46. Evolución da % da SAU en arrendamento e no conxunto de arrendamento e outros réximes por provincias 1982-2009	156
Figura 47. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos 1982	157
Figura 48. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos 1989	158
Figura 49. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos 1999	158
Figura 50. Variación da % da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos no período 1982-2009 (diferenza en puntos porcentuais)	159
Figura 51. Relación entre o ritmo de axuste estrutural (incremento da SAU/explotación) e a importancia do arrendamento. Datos por CCAA 1982-2009	161
Figura 52. Relación entre o ritmo de axuste estrutural (incremento da SAU/explotación) no período 1982-2009 e a importancia do arrendamento en 2009. Datos para os concellos de Galicia	162
Figura 53. Porcentaxe da SAU en arrendamento por provincias 2009	165
Figura 54. Porcentaxe da SAU en arrendamento ou noutros réximes por provincias 2009 ..	166
Figura 55. Intensidade dos réximes indirectos nas explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (SAU en A+OR/ SAU total). Datos por estratos de tamaño (ha de SAU); Galicia 2009	168
Figura 56. Características das explotacións con arrendamento e/ou outros réximes fronte a aquelas en propiedade pura. Galicia 2009 (Índices facendo igual a 100 o valor deste último conxunto)	169
Figura 57. Número de explotacións con terras arrendadas, noutros réximes e ambos. Datos por estratos de tamaño (ha de SAU); Galicia 2009	170
Figura 58. Valores comparados dos ratios (explotacións só con A = 100). Galicia 2009	171
Figura 59. Ratios medios das explotacións en tenencia indirecta pura fronte a aquelas con réximes mixtos. Galicia 2009	173
Figura 60. Determinación da importancia relativa de cada OTE xeral. Galicia 2009	174
Figura 61. Ratios de arrendamento por OTE xeral. Galicia 2009	175

Figura 62. Comparativa ratio de arrendamento global e OTE 4 segundo tamaño da explotación (ha de SAU); Galicia 2009	177
Figura 63. Porcentaxe da superficie total en arrendamento segundo o tamaño das explotacións. España 1962-1999	179
Figura 64. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos, 2009	183
Figura 65. Porcentaxe de SAU en A e OR das explotacións réxime puro (sen terras en propiedade) ou mixto (con propiedade) por concello. Galicia 2009	183
Figura 66. Relación entre a probabilidade de utilizar arrendamento en sentido estrito (columna da esquerda) ou outras figuras de arrendamento (columna da dereita) e o conxunto de cinco variables explicativas seleccionadas. Elab. propia a partir dos microdatos do Censo agrario de 2009	185
Figura 67. Relación entre a importancia relativa do arrendamento en sentido estrito (columna da esquerda) ou outras figuras de arrendamento (columna da dereita) respecto do total da SAU de cada explotación e o conxunto de cinco variables explicativas seleccionadas. A liña de trazos corresponde a un axuste lineal e a liña de continua corresponde a un axuste local (co intervalo de confianza ao 95% sinalado como unha área gris). Elab. propia a partir dos microdatos do Censo agrario de 2009.....	188



INTRODUCCIÓN

Durante oito séculos, desde o século XIII ata principios do XX, a forma predominante de tenencia da terra en Galicia foi o foro, que Jaime García-Lombardero (1973) define como un contrato temporal e hereditario mediante o cal o foreiro ou tomador adquire o dereito de uso e goce dunha propiedade a cambio do pago dunha renda. O que caracterizaba ao foro era a división de dominio entre as partes contratantes: o dominio directo da propiedade pertencía ao propietario e o dominio útil ao tomador do foro. Este podía transmitir por herdanza, arrendar, enaxenar ou aforar outra vez a extensión de terreo tomada en foro. Desta última posibilidade xurdiu o subforo, un subarrendamento do foro coas mesmas características deste, e cunha duración que non podía superar a estipulada no primeiro contrato foral. O subforo foi consecuencia da longa duración dos foros e causante, en gran medida, da subdivisión da terra en Galicia.

A práctica máis estendida da percepción da renda era anual en especie, aínda que tamén as había que se pagaban en diñeiro. Co incremento da poboación no século XVIII a demanda de terras incrementouse, e os labregos que posuían superficies en foro ou subforo viron unha oportunidade de obter unha renda fácil mediante o subforo de parte das terras. Este feito propiciou a aparición dunha clase intermedia, os señores medianeiros, e dunha clase campesiña pobre ao límite da subsistencia. O subforo trouxo como consecuencia a elevación das rendas a pagar polos campesiños e a subdivisión das explotacións, agravada polo aumento da poboación. Jaime Barreiro Gil (1990), citando a Palomar Baro (1976), mostra que nos anos medios do século XII e ata os primeiros do século XIII os foros comezan a adoptar a forma xurídica que conservaron ata a segunda metade do século XX. A institución está localizada fundamentalmente en Galicia, Asturias, parte das provincias de León e Zamora e Norte de Portugal, pero só en Galicia é regra xeral.

A desamortización abriu a posibilidade para que os detentadores do dominio útil se fixeran coa propiedade plena das terras cedidas en foro (Vallejo Pousada, 2011). Na práctica, porén, o foro sobreviviu á desamortización, pero esta foi a única medida de reforma agraria que conseguiu erosionalo. A partir de 1880 o antiforismo foi tomando corpo. O proceso culmina coa Lei da redención de foros de 1926, producíndose unha parada no proceso de redención coa chegada da II República ao ter algúns sectores de foreiros a esperanza dunha simple abolición. Pero antes de rematar a Guerra Civil o ritmo de redencións recupérase notablemente; todo dependía do ritmo con que os foreiros foran capaces de xuntar os cartos necesarios. O proceso seguiu aberto ata o comezo da década de 1960, de tal modo que en Galicia estiveronse redimindo foros durante un século, con maior ou menor intensidade segundo as conxunturas políticas e económicas.

Durante moito tempo, cando o foro era a figura predominante no campo galego e supoñía unha tremenda punción para o campesiño, facendo que estivera no límite da subsistencia, o seu anhelos era ser propietario. Toda aquela tenencia da terra que non supuxese ser propietario sería negativa. Arnalte e Ramos (1988), estudando a relación que existe entre o arrendamento e o axuste estrutural na agricultura española no período 1962-1982, confirman que a maior importancia do arrendamento dáse en Castela e León e a menor no mediterráneo e en Galicia,

e cando tratan de explicar as razóns da baixa presenza desta figura en Galicia citan, entre outras, o tardío acceso dos campesiños á propiedade da terra.

Logo de tantas xeracións de campesiños anhelando a propiedade da terra, a atmosfera que se respiraba ao rematar o proceso de redencións non beneficiaba unha opinión favorable a calquera forma de tenencia que non fora a propiedade. Este ambiente, e posiblemente o feito de que o arrendamento como instrumento que puidese beneficiar o redimensionamento das explotacións, facendo que estas foran viables, fora aínda algo moi incipiente, propiciou que os diferentes autores da segunda metade do século XX non estableceran unha relación entre o arrendamento e o necesario incremento da superficie das explotacións. Así, por exemplo, García Fernández (1975) é consciente da pequena dimensión das explotacións en Galicia. Pero, tendo moi clara a necesidade de incrementar esa dimensión, tampouco albisca a posibilidade de utilizar o arrendamento con este fin; cando fala de arrendamento só é para indicar que o campesiño non ten a propiedade de toda a explotación, o cal é un problema ao detraer recursos e dificultar as melloras nas unidades produtivas. Outro exemplo témolo en Odón Abad Flores (1977). Este expresa a necesidade de realizar unha reforma agraria, que se xustifica por si mesma en zonas de latifundio pero estraña, a priori, que se postule en zonas minifundistas nas que a maior parte dos traballadores son propietarios. En Galicia, naquel momento, o sector agrario presenta unha serie de características como que as explotacións teñen unha base territorial media insuficiente para consideralas viables, existen terras abandonadas, etc.; de aí a necesidade de levar adiante unha reforma agraria, sendo un obxectivo prioritario da mesma a ampliación da base territorial das explotacións familiares que o precisen ata acadar a dimensión adecuada. Pois ben, a pesar de considerar a pequena dimensión das explotacións como un problema esencial, e como unha das cuestións a resolver pola reforma agraria, en ningún momento menciona a mobilidade da terra, e en concreto a canalizada a través do arrendamento, como instrumento que podería contribuír a esa necesaria reforma das estruturas agrarias.

En contraste co punto de vista predominante nas décadas centrais do século XX, no último decenio dese século e comezos do século XXI encontramos cada vez máis autores que presentan o arrendamento como un instrumento esencial para conseguir o obxectivo de facer viables as explotacións agrarias mediante o incremento da súa superficie. A acelerada diminución da man de obra na agricultura galega e a intensa desaparición de explotacións fan que nestas décadas recentes se preste cada vez máis atención aos mecanismos e condicionantes da mobilidade da terra; destacando en concreto o papel central que debe xogar o arrendamento nesa mobilidade e na ampliación da base territorial das explotacións agrarias supervivintes (López Iglesias, 1994 e 1996; Corbelle Rico et al., 2014). Neste mesmo sentido, Sineiro et al. (2012) detectan o elevado nivel de intensificación ocasionado pola estreiteza da base territorial da maior parte das explotacións, que conduce a unha alta dependencia da importación de alimentos para o gando. Isto leva a situar como obxectivo prioritario a ampliación da súa superficie por medio do arrendamento.

A presente investigación ten como obxectivo o estudo do papel do arrendamento na dinámica das estruturas agrarias en Galicia e, de forma máis concreta, esclarecer o rol do arrendamento no incremento da superficie das explotacións que manteñen a súa actividade, como instrumento esencial na mobilidade das terras, desde mediados do século XX ata a actualidade.

Para realizar o traballo baseámonos nunha ampla revisión da literatura dispoñible, tanto para Galicia como para outros países e rexións europeas. Sobre esa base, levamos a cabo unha análise en profundidade da información estatística ofrecida polos sucesivos Censos agrarios (de 1962 a 2009) e as *Encuestas sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* (que cobren o período 1987-2016). Entre a información estatística utilizada hai que destacar sobre todo a explotación orixinal que realizamos dos microdatos dos Censos agrarios de 1982, 1989, 1999 e 2009, a partir da base de datos homoxénea para estes catro últimos Censos agrarios elaborada, tanto para Galicia como para o conxunto de España, polo grupo de investigación ECOAGRASOC.

O texto aparece organizado nun total de oito capítulos divididos en tres grandes partes, ademais desta Introducción e un apartado final de Conclusións. A Tese complétase coa bibliografía e unha serie de anexos.


A primeira parte, composta polos capítulos 1 e 2, está dedicada ao marco conceptual. No capítulo 1 achegámonos ao concepto de axuste estrutural na agricultura e á influencia que os mercados agrarios, as regulacións de política agraria e o progreso técnico teñen neste proceso. Eses diversos factores fan que a partir de certo momento asistamos en todos os países a unha diminución da man de obra agraria, o que se acompaña dun axuste estrutural das explotacións: a desaparición da maior parte das unidades produtivas, especialmente as de menor tamaño, e o incremento paralelo da dimensión das que permanecen activas. Neste capítulo tratamos de aclarar os elementos esenciais dese proceso e o papel que xogan nel os mecanismos de mobilidade da terra. No capítulo 2 ofrecemos unha clarificación inicial sobre o concepto de arrendamento de terras, diferenciándoo doutros réximes de tenencia indirecta. E examinamos o papel que, segundo a literatura, xoga o arrendamento na reestruturación das explotacións agrarias.

Na segunda parte, integrada polos capítulos 3, 4 e 5, examinamos as estruturas agrarias configuradas en Galicia a mediados do século XX e a súa evolución ata a actualidade, tratando de caracterizar as mudanzas experimentadas pola estrutura dimensional das explotacións e os réximes de tenencia da terra. Para iso partimos no capítulo 3 dunha introdución histórica, na que analizamos a estrutura das explotacións e a propiedade da terra a mediados do século XVIII e as mudanzas que tiveron lugar nos dous séculos seguintes, en particular na primeira metade do século XX (coa desaparición do réxime foral e os cambios nos montes comúns). O capítulo culmina cunha análise detallada, a partir das fontes estatísticas dispoñibles, das estruturas que estaban configuradas a mediados do século XX: a estrutura dimensional das explotacións, a distribución da propiedade da terra e a relación entre propiedades e explotacións, reflectida nos réximes de tenencia. Con ese punto de partida, no capítulo 4 ocupámonos da evolución rexistrada pola estrutura dimensional das explotacións, os réximes de tenencia e tamén os usos da terra nas décadas previas á integración europea. Para isto apoiámonos principalmente nos datos dos sucesivos Censos agrarios para o período 1962-1989, complementados cos resultados de diferentes estudos. Finalmente, no capítulo 5 analizamos as tendencias nas décadas recentes, no período posterior á integración na Unión Europea, utilizando para iso tanto os datos dos Censos agrarios como os das *Encuestas sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* (que comezaron a elaborarse desde 1987).

A análise, esencialmente descritiva, realizada nos capítulos anteriores pon de manifesto as importantes deficiencias que se veñen dando en Galicia ao longo das últimas décadas na mobilidade da terra, na transferencia das terras liberadas polas explotacións desaparecidas a

aquelas que continúan en activo. Sobre esa base, a terceira parte da Tese, na que pensamos que se centra a súa aportación orixinal, ten como obxectivo profundar no papel xogado nestas décadas por un dos mecanismos básicos de mobilidade da terra (ao lado das compravendas): o arrendamento.

Iniciamos esta terceira e última parte da investigación co capítulo 6, no que se revisa a normativa que regula nas décadas recentes os arrendamentos rústicos en España e Galicia. A evolución desta normativa mostra a tensión continua que existe entre as regulacións máis liberais e as máis intervencionistas, protectoras dos arrendatarios. E as dificultades para conseguir un equilibrio, que faga compatible a oferta de terras polos propietarios e a súa demanda polos agricultores que desexan ampliar a base territorial das súas explotacións. No capítulo 7 examinamos en detalle a evolución no período 1982-2009 e a importancia actual do arrendamento de terras na agricultura galega, a partir da explotación orixinal dos microdatos dos Censos agrarios de 1982, 1989, 1999 e 2009. Esta análise permitiranos precisar a evolución comparada de Galicia no contexto das Comunidades Autónomas españolas, e as diferenzas que se observan dentro da agricultura galega segundo o tamaño das explotacións, as orientacións técnico-económicas e outras variables. Finalmente, o capítulo 8 recolle unha análise detallada da importancia e distribución do arrendamento no agro galego en 2009, e a súa relación con diferentes variables. Culminando isto coa elaboración dun modelo econométrico sobre os factores que condicionan a difusión deste réxime de tenencia da terra.



PARTE I

**MARCO CONCEPTUAL: ARRENDAMENTO E
AXUSTE ESTRUTURAL NA AGRICULTURA**




CAPÍTULO 1. OS PROCESOS DE AXUSTE E REESTRUTURACIÓN NO SECTOR AGRARIO; AS DIFERENTES FORMAS E MECANISMOS DE MOBILIDADE DA TERRA

1.1.A DINÁMICA DO SECTOR AGRARIO E O PROCESO DE AXUSTE ESTRUTURAL

Na agricultura dos países desenvolvidos, as unidades produtivas (as explotacións) veñen forzadas a un continuado proceso de adaptación ou axuste ás cambiantes condicións dos mercados agrarios, ás regulacións que introduce a política agraria e ás esixencias de incorporar progreso técnico. É o denominado axuste agrario. Cando ten efectos estruturais, provoca un cambio caracterizado pola redución do número de explotacións e o incremento do tamaño das que se manteñen; estamos ante un proceso de axuste estrutural (Arnalte, 2006).


O conxunto da economía destes países desenvolvidos experimentou nas últimas décadas un intenso reaxuste no peso dos diferentes sectores. Un dos compoñentes esenciais deses cambios é a perda de importancia relativa do sector agrario, tanto en termos de produto interior bruto (PIB) como en termos de emprego (desagrarización). Como podemos observar na Figura 1, os datos para a economía española mostran que a agricultura perdeu moitísimo peso no cómputo global da economía, reducíndose máis dun 75% entre 1970 e 2010. Os sectores que medran succionan de forma importante poboación activa á agricultura, como podemos ver na Figura 2.

Figura 1. Evolución da estrutura do PIB por sectores económicos en España (en porcentaxe) 1970-2010



Fonte: Elaboración propia a partir de Luengo Gallego (2011).

Figura 2. Evolución da poboación activa en España por sectores económicos (%) 1960-2015



Fonte: Albert Carreras e Xavier Tafunell (2005) e INE. Elaboración propia.

Neste contexto de desagrarización típico da segunda metade do século XX en España, o axuste estrutural implicou a desaparición da maior parte das explotacións de menor tamaño e o incremento da superficie media do conxunto das explotacións activas. Este incremento prodúcese en parte por un efecto estatístico, ao desaparecer fundamentalmente as explotacións de menor dimensión, pero o fenómeno refórzase ao integrarse as terras liberadas polas explotacións desaparecidas nas explotacións superviventes vía mobilización das terras. As diferentes formas de mobilidade da terra, entre as que se encontra o arrendamento, constitúen o mecanismo polo que se produce esta reestruturación.

En xeral, a adopción de innovacións tecnolóxicas e as economías de escala foron factores clave no crecemento das explotacións e na concentración gradual da produción nas de maior tamaño (Chavas, 2001). Non obstante, este proceso pode ser valorado desde diferentes perspectivas. Se o que se persegue é, prioritariamente, incrementar a competitividade das unidades produtivas, a desaparición de explotacións e o crecemento de dimensión das que se manteñen é valorada positivamente como unha progresiva redución dos problemas estruturais da agricultura que limitan aquela competitividade e, en consecuencia, desde esas posicións propóñense políticas que faciliten ou aceleren o axuste. Se, polo contrario, o proceso se analiza desde os novos paradigmas, máis atentos aos problemas de sustentabilidade do desenvolvemento agrícola e de conservación do espazo rural, as valoracións poden chegar a ser opostas (Arnalte, 2006).

A explotación familiar conforma a base da agricultura na maioría dos países desenvolvidos. Esta tivo que adaptarse aos cambios rexistrados na economía e a sociedade, así como ás tendencias dos mercados, tecnoloxías e políticas agrarias, mais conseguiu sobrevivir (ERS, 2005; Hill, 2005).

En España, a forte redución rexistrada no número de membros das familias agrarias é o resultado conxunto do descenso da taxa de fecundidade e do éxodo agrario, que provocou un envellecemento pola saída selectiva dos máis xoves (Camarero, 2002). A diminución da man de obra dispoñible foi compensada pola substitución do traballo familiar por capital, traballo asalariado e, máis recentemente, pola contratación de determinados traballos a empresas de servizos especializadas (externalización dos procesos produtivos). Na mesma liña, nas últimas décadas aumentou o acceso a outros recursos non familiares por medio do arrendamento de terras e do endebedamento para facer fronte a investimentos. As explotacións agrarias familiares tiveron un proceso de diferenciación: mentres algunhas creceron e se consolidaron, outras fóronse marxinalizando e acabaron desaparecendo.

A probabilidade de que unha determinada explotación utilice os mecanismos de adaptación citados depende en boa medida da fase do ciclo familiar na que se atope. En xeral, podemos considerar que as fases de vida dunha explotación comezan coa entrada dun novo titular, seguida por un período de crecemento e consolidación ata chegar ao retiro e transferencia á nova xeración en caso de existir un sucesor. A idade ten un impacto significativo sobre os obxectivos e as motivacións dos agricultores. Os titulares xoves teñen en xeral explotacións de menor tamaño e menos terras en propiedade, o que se corresponde coas súas maiores limitacións financeiras, pero crecen a un maior ritmo. Os de idade avanzada tenden a diminuír o tamaño da explotación (Gale, 1994). Por último, nas últimas fases os titulares estarían máis preocupados por transferir os activos.

Non obstante, a creación de emprego en sectores alleos ao primario non sempre actúa no sentido de obrigar ás explotacións a aumentar os investimentos en capital ou a contratación de man de obra externa. En moitos casos, a propia supervivencia das explotacións de menor tamaño depende en grande medida da obtención de ingresos polo traballo externo ou polas transferencias sociais de pensións ou outras axudas (Chaplin et al., 2004). O traballo externo pode ter, polo tanto, un efecto amortiguador para a supervivencia das pequenas explotacións (Glauben et al., 2006).

Se os cambios sociais e demográficos supuxeron a necesidade de axustes, a influencia das políticas agrarias, a economía e o mercado dos países desenvolvidos tamén é apreciable (Evans, 2009). Por exemplo, as sucesivas reformas da Política Agraria Común (PAC) europea desde o ano 1992 foron promovendo o cambio cara unha agricultura máis orientada ao mercado, substituíndo as anteriores medidas de apoio aos prezos por axudas directas, ao mesmo tempo que se ían establecendo diversas medidas relativas ao desenvolvemento rural. As explotacións tiveron/teñen que adaptarse á progresiva liberalización comercial e internacionalización dos mercados, un menor proteccionismo e o descenso das marxes unitarias que deteriora as rendas e marxinaliza a situación das pequenas explotacións. O aumento do seu tamaño ou a obtención de ingresos complementarios foron vías case obrigadas para manter ou mellorar o nivel de renda familiar (Bryden e Fuller, 1988).

Ao referilo ás explotacións agrarias, o concepto de estratexia (accións planificadas para lograr un obxectivo) ten unha forte asociación coa supervivencia da familia, tende a indicar unha perspectiva a longo prazo na planificación do axuste da explotación, que non é fácil de conciliar cunha actividade como a agraria, afectada por cambios amplos, rápidos e en parte imprevisibles (Evans, 2009). Este autor propón unhas estratexias de axuste ordenadas de modo xerárquico, considerando tres escalas de aplicación. Unha primeira de tipo xeral: as explotacións clasifícanse de acordo á importancia dos ingresos xerados pola actividade agraria

dentro da actividade total do negocio, isto é pola súa centralidade económica, as que acumulan riqueza, de supervivencia e de entretemento. Un segundo nivel, coas traxectorias de desenvolvemento das explotacións: modelo industrial en produtos convencionais, diversificación agraria en novos produtos, diversificación non agraria, diversificación en traballos fóra da explotación, redución da actividade agraria e agricultura do entretemento. A terceira escala refírese á orientación produtiva da explotación, a man de obra, a estrutura empresarial, a tenencia da terra (o nivel de arrendamento), o tamaño, a centralidade económica da actividade agraria e a diversificación.

A pluriactividade das familias agrarias ten varias causas, entre as que cabe destacar o deterioro das marxes unitarias e a insuficiencia da renda agraria, o que orixina a necesidade de complementar os ingresos. Tamén afectaría a posibilidade de usar novos servizos e reducir o risco de depender dunha única actividade. En xeral, o desenvolvemento económico das cidades foi proporcionando á poboación rural oportunidades de emprego e melloras na calidade de vida, polo que a agricultura a tempo parcial tendeu a gañar importancia (Vázquez, 2013).

1.2. A MECÁNICA DO PROCESO DO AXUSTE ESTRUTURAL E OS FACTORES QUE O CONDICIONAN

As formulacións de Theodor Schultz nos anos 1940 apóianse nun modelo de oferta-demanda dos produtos agrícolas (Benelbas, 1983). A demanda de alimentos nos países desenvolvidos, inelástica e con débil crecemento, enfróntase a un acelerado progreso técnico que permite o crecemento da produción e provoca rápidos desprazamentos da curva de oferta, conducindo a unha continuada depresión dos prezos agrícolas. Esa caída dos prezos agrícolas impulsa a reasignación de factores produtivos desde a agricultura cara a outros sectores. A reasignación do factor traballo foi amplamente estudada e contrastada empiricamente, mentres que o proceso de reasignación da terra agrícola cara a outros usos ou entre explotacións agrícolas reviste maior complexidade, pero acaba provocando as modificacións da estrutura das explotacións agrarias.

O problema tradúcese para as explotacións no estreitamento de marxes que desencadea en definitiva a súa crise como unidades produtivas e fórzaas a considerar estratexias de abandono, de resistencia ou ben de adaptación que normalmente implica o crecemento da explotación. É importante saber se o crecemento dunhas explotacións esixe ou non a desaparición doutras que deberán ceder a súa base produtiva (a terra) ás primeiras. No primeiro caso, o crecemento en superficie dunhas explotacións (que lles vai permitir aproveitar as economías de escala que introducen as modernas tecnoloxías) ten que vir precedido da desaparición doutras e a liberación da terra que utilizaban. Chegamos así a unha concentración de explotacións e do uso da terra agrícola.

Cabe, sen embargo, unha vía alternativa de crecemento, máis intensiva, seguida por explotacións que persegue incrementar o seu volume de negocio sen alterar a súa base territorial. Intensificando ou reorientando os cultivos, con producións nas que a tecnoloxía non proporcione importantes economías de escala, ou coa incorporación de novas actividades (como o agroturismo). Non se chegará a unha concentración territorial das explotacións agrarias, pero si ao crecemento da súa dimensión económica.

A vía extensiva de crecemento das explotacións dominou a evolución estrutural en agriculturas como a francesa ou a danesa, que mantiveron elevadas taxas de crecemento do tamaño físico (hectáreas de SAU) das explotacións durante as catro últimas décadas do século XX. O contraexemplo máis claro, de predominio dunha vía intensiva, foi o da agricultura holandesa, cuxas explotacións manteñen unha dimensión física moderada pero lideran os valores medios da dimensión económica das explotacións na Unión Europea en termos de marxe bruta.

1.2.1. Mercado de traballo e demografía das familias agrícolas

Seguindo a Arnalte (2006), podemos dicir que a mobilidade espacial da poboación activa que sae do sector agrario ten unha incidencia considerable sobre a dinámica do proceso. Se debe desprazarse lonxe da súa explotación en busca de traballo, a presión demográfica sobre a terra agrícola diminuírá máis rapidamente. Se a reasignación sectorial do traballo se realiza in situ, contando polo tanto con oportunidades de traballo non agrícola nas zonas rurais, as explotacións poden seguir sendo cultivadas a tempo parcial, bloqueando así ou atrasando a súa desaparición e a liberación de terras.

A viabilidade futura vai estar decisivamente condicionada por esa situación demográfica. A saída de poboación moza do sector xera unha estrutura de explotacións nas que se manteñen só os titulares, progresivamente envellecidos.

1.2.2. Os principais mecanismos de mobilidade da terra: mercado de compravendas e arrendamento

Para que o proceso de axuste estrutural sexa efectivo fai falla que os mercados da terra agrícola (en compravenda ou en arrendamento) cumpran a súa función de asignar este factor produtivo cara a explotacións onde alcance maior produtividade.

Estes mercados revisten particularidades que alteran o seu funcionamento. O mercado de compravenda está particularmente condicionado polo dobre carácter da terra agrícola, como factor produtivo e como activo ou reserva de valor, o que xera a aparición nese mercado de comportamentos non explicables soamente a partir da produtividade que ten ou pode ter a terra na produción agrícola (Sumpsi, 1988). Outras veces rexistran unha escasa demanda de terras derivada da ausencia de agricultores en crecemento.

Os mercados de terras en arrendamento son, en xeral, máis eficientes na asignación das superficies. O axuste prodúcese máis facilmente e con maior rapidez nos cultivos herbáceos (adaptables a ese réxime de tenencia) que nos cultivos leñosos, nos que a dificultade para adaptar o réxime de arrendamento ao seu ciclo produtivo introduce elementos adicionais de rixidez no proceso de axuste (Arnalte, 2006).

1.2.3. Progreso técnico e orientación produtiva das explotacións

As innovacións tecnolóxicas constitúen o principal motor do proceso de concentración de explotacións. Ese progreso técnico xera economías de escala, determinantes das diferenzas de resultados económicos entre as pequenas e as grandes explotacións. Unha vía para aminorar as diferenzas é a externalización dos procesos produtivos, contratando tarefas con empresas de servizos externas.

Pero o progreso técnico non se difunde de forma homoxénea en todos os cultivos e aproveitamentos agrícolas e gandeiros, e non ten en todos eles a mesma capacidade de orixinar economías de escala. Algunhas destas orientacións produtivas poden actuar como refuxio de pequenas explotacións. Por exemplo a OTE de granívoros. As orientacións produtivas onde son menores as vantaxes das unidades de grande dimensión constitúen tamén a base desde a que algunhas explotacións planean vías intensivas de crecemento, que aparte de necesitar un maior traballo por unidade de superficie requiren investimentos importantes.

1.2.4. Outros factores

Unha institución clave das sociedades rurais é a das prácticas hereditarias, é dicir, o feito de que o sistema de herdanza favoreza ou non a subdivisión das terras agrícolas entre os fillos fronte ao sistema de herdeiro único. As forzas económicas poden acabar modificando o sistema de herdanza. A tradicional distribución igualitaria da terra, en determinadas zonas, pode perder sentido unha vez que os fillos dunha familia agrícola emigraron.

Outro factor a considerar son as políticas agrarias. Medidas como as incluídas nas políticas europeas de modernización de explotacións, como no seu momento supuxeron os Regulamentos europeos 1257/1999 e 1698/2005, que integran as medidas clásicas de estímulo ao proceso de axuste estrutural (xubilación anticipada, instalación de xoves, axudas a plans de modernización das explotacións), xunto a outras encamiñadas a promover o cumprimento das funcións ambiental e social.

1.3.A VALORACIÓN DO AXUSTE ESTRUTURAL DESDE OS DISTINTOS PARADIGMAS E AS PROPOSTAS DE POLÍTICAS

1.3.1. A óptica da competitividade

Como indica Arnalte (2006), desde as posicións que consideran que a agricultura debe estar composta por unidades viables economicamente, que podan competir nuns mercados progresivamente liberalizados, apóianse os procesos de axuste. Unha estrutura de explotacións agrarias competitivas sería menos dependente de políticas de protección e permitiría unha progresiva redución do gasto público. Estas posicións están ben representadas, por exemplo, pola OCDE, con estudos e análises de medidas específicas capaces de facilitar o axuste estrutural. Esas reformas das políticas traduciríanse nunha diminución da protección para os agricultores, converténdose nunha presión en favor do axuste adicional á dos mercados agrarios e os cambios tecnolóxicos.

Este tipo de formulacións non é novo na historia das políticas agrarias. O coñecido Plan Mansholt (1968) era un plan de axuste estrutural da agricultura europea, traducindo as formulacións das políticas francesas. En Francia, coas Leis de Orientación Agrícola de 1960 e 1962, xa se deseñaron instrumentos dirixidos a acelerar o proceso de axuste estrutural. Esa política francesa tiña como modelo de referencia a explotación de tamaño medio-grande, de base familiar pero con carácter profesional e capacidade para incorporar progreso técnico (Coulomb, 1986 e 1993; Delorme, 2000). Todas estas son propostas intervencionistas destinadas a apoiar a aceleración do axuste. Entre as medidas estimuladoras do axuste

introducidas na Política Agraria Común (PAC) da Comunidade Europea a partir de 1972, inspiradas dalgún modo polo Plan Mansholt, estiveron as axudas á prexubilación dos agricultores, á instalación de mozos e á modernización selectiva das explotacións.

Nos países do sur de Europa este tipo de formulacións chegaron con retraso. En España o debate formulouse nos primeiros anos da década de 1990, concretándose na Lei de Modernización das Explotacións Agrarias aprobada en 1995¹.

1.3.2. A óptica da multifuncionalidade

A partir das décadas finais do século XX xurdiron argumentos distintos do da eficiencia produtiva das explotacións. O esquema teórico que mellor reflicte esas argumentacións é o paradigma da multifuncionalidade, que defende que a agricultura, ademais da súa función básica de produción de alimentos, cumpre simultaneamente funcións ambientais e sociais, contribuíndo á viabilidade das áreas rurais e a un desenvolvemento territorial equilibrado.

En Europa, tras proclamar desde mediados dos anos 1980 o mantemento do número de agricultores como un dos obxectivos nos documentos oficiais da Unión Europea, propostas de axuste estrutural do tipo do Plan Mansholt parecen definitivamente enterradas. Unha primeira argumentación que pon en cuestión a consideración da concentración de explotacións como obxectivo da política agraria refírese en concreto ás denominadas áreas desfavorecidas. Territorios onde as condicións naturais fan moi difícil a consolidación dunha agricultura competitiva.

Neste sentido, non todas as rexións son idóneas para a produción agrícola, tanto como consecuencia das limitacións biofísicas naturais (calidade do solo, o clima ou a orografía) como polas deficiencias estruturais (tamaño das explotacións, fragmentación parcelaria). Iso fai que as actividades agrícolas diminúan en moitas partes do mundo, tamén nalgúns rexións de Europa (Baldock et al., 1996; Brouwer et al., 2008). A existencia de limitacións naturais á actividade agraria en certos territorios foi advertida pronto na UE. En 1975 aprobouse a Directiva 75/268/CEE, sobre agricultura de áreas de montaña e desfavorecidas. Cunha filosofía conservacionista, supoñía o recoñecemento da imposibilidade de estender a todo o territorio da Comunidade Europea aquel modelo de agricultura competitiva. Isto levou a introducir, a través desa Directiva, indemnizacións aos agricultores que se comprometeran a manter activas as súas explotacións nesas rexións (Arnalte, 2006).

A aparición desta Directiva enmárcase dentro dos primeiros cuestionamentos que se producen no seo da Comunidade Europea dos modelos produtivistas. Xurde durante un período de forte crise económica, o que explica que se intente con estas medidas soste a poboación nas zonas rurais, xa que esta non podía ser absorbida polas áreas urbano-industriais (Cortés, 1995). O interese nas zonas desfavorecidas está motivado porque soen estar asociadas a sistemas agrícolas de baixa intensidade e paisaxes tradicionais de alto valor natural, como as paisaxes abertas tradicionais e as praderías semi-naturais (IEEP, 2006).

O abandono de terras de cultivo ten sido común nas zonas periféricas e montañosas da UE no pasado recente (MacDonald et al., 2000). Lasanta et al. (2016) identifican dous períodos

¹ Ley 19/1995, de 4 de julio, de modernización de las explotaciones agrarias. BOE 5/7/1995.

principais de altos índices de abandono: as décadas de 1950 e 1960, asociadas ao éxodo rural xeneralizado e a motorización e mecanización en grande escala das prácticas agrícolas, e a década de 1990, asociada ás reformas da PAC e a caída dos réximes socialistas, na Europa Occidental e Oriental, respectivamente. O abandono das actividades agrícolas e o subseguinte rebrote da vexetación natural implican impactos ambientais e socioeconómicos de signo diverso (Höchtel et al., 2005; García-Ruiz e Lana-Renault, 2011; Lasanta et al., 2015).

1.4. MERCADO E MOBILIDADE DA TERRA

O inicio do século XXI situou a demanda da terra nun primeiro plano. Compras masivas ou alugueres a moi longo prazo que compañías ou gobernos de países desenvolvidos realizan en rexións de Asia, África e América Latina, co obxectivo de garantir o abastecemento de alimentos, fibras ou biocombustibles (Cotula, 2012; Messerli et al., 2013), reafirman o papel da terra como recurso produtivo estratéxico, para satisfacer os requirimentos ambientais e económicos da sociedade.

1.4.1. Concepto de mobilidade e mecanismos existentes

Nunha primeira aproximación, a mobilidade de terras pode ser entendida como a dinámica da distribución e organización dos dereitos sobre a terra. A interpretación que fai López Iglesias (1996) inclúe no concepto de mobilidade as modificacións do uso da terra, o cambio da unidade produtiva ou o cambio de propietario. Analizaremos os cambios de propiedade ou de unidade produtiva, que son modificacións nos dereitos de propiedade ou nos dereitos de uso sobre unha determinada parcela.

As vías de cambio posibles dos dereitos de propiedade inclúen fundamentalmente a compravenda, permuta, herdanza, doazón, expropiación ou o embargo. Entre os procedementos posibles para o cambio dos dereitos de uso sobre unha parcela podemos incluír, ademais dos anteriores, as permutas de uso, os arrendamentos ou as cesións temporais. A existencia dun documento escrito é nestes casos moito menos frecuente que nas transferencias de propiedade, pero hai que ter en conta que os contratos verbais tamén teñen validez, por exemplo, no sistema legal español. Un caso particular é o da cesión en precario, que implica a ausencia dun acordo explícito entre as partes no relativo ao prezo, duración e garantías de execución. Esta preferencia polos acordos informais pode obedecer á percepción de seguridade dos propietarios (Coimbra, 2011).

En canto aos axentes implicados, na maioría dos estudos (Brisson, 1983; López Iglesias, 1996; García, 2008) a distinción habitual faise entre propietarios agricultores e propietarios non agricultores. A partir desta xorden múltiples categorías: agricultores en activo, xubilados, propietarios absentistas, sociedades, cooperativas, etc.

1.4.2. O papel da mobilidade no axuste estrutural; factores condicionantes

Como xa comentamos, a mobilización das terras das explotacións que van desaparecendo no proceso de axuste estrutural é un factor clave para o redimensionamento daquelas que seguen tendo actividade.

Corbelle et al. (2014), no seu estudo sobre a mobilidade da terra en Galicia, apuntan que López Iglesias (1996) clasifica os obstáculos á mobilidade de terras entre os que operan do lado da demanda e os que o fan do lado da oferta e resolve que do lado da demanda están o propio dinamismo do sector agrario (número de explotacións e tamaño), a baixa capacidade de financiamento das explotacións agrarias, a demografía das explotacións e os altos prezos da terra; e do lado da oferta, a competencia con outros usos (urbano e forestal), o interese das terras como activo ou refuxio, as expectativas de revalorización e as motivacións extraeconómicas (prestixio e apego á terra). Por outra banda, fai unha análise das repercusións que teñen as disposicións legais e mecanismos de intervención pública (regulación do mercado, fiscalidade fundiaria e regulacións en materia de arrendamento).

Obstáculos do lado da demanda

A demanda potencial de terras en Galicia veuse dando como garantida, co argumento de que as explotacións son moi pequenas. Poren, ao falar das compravendas é preciso ter en conta a capacidade das explotacións para asumir o investimento. López Iglesias (1996) indicaba que só as explotacións medianas e grandes estarían en disposición de facelo tendo en conta ademais os elevados prezos da terra. Esa demanda sería maior canto máis mellore a rendibilidade global da explotación coa ampliación da súa superficie, o que depende do grao de intensificación dos outros factores produtivos. A demanda de terras depende tamén de aspectos demográficos. Sineiro et al. (2004) reflicten que de non producirse relevo xeracional antes dos 55 anos as probabilidades de sucesión na explotación son reducidas.

Parece que o principal obstáculo á demanda de terras para a súa mobilización produtiva é a ausencia dun sector agrario dinámico. O colectivo de demandantes potenciais estaría constituído por explotacións con titulares novos, con certa dimensión económica e para as que a terra é un factor produtivo central. A demanda incrementase co tamaño e grao de intensificación, representado por exemplo pola carga gandeira.

Obstáculos polo lado da oferta

López Iglesias (2000) destaca especialmente tres: a concorrencia dos usos urbanos, a concorrencia dos usos forestais e o atractivo da terra en tanto que activo ou elemento do patrimonio.

No primeiro, a competencia cos usos urbanos, este autor constata para Galicia a correspondencia entre o descenso da superficie total das explotacións agrarias entre 1982 e 1989 e o incremento de vivendas por km². Corbelle Rico e Crecente Maseda (2014) atoparon como no período 1985-2005 algo máis de 67.000 ha agrícolas pasaron a ser ocupadas por edificacións ou infraestruturas. Case un 40% desa superficie era solo agrícola de elevada aptitude.

O segundo obstáculo relacionado coa competencia de usos é a concorrencia dos usos forestais, que leva por exemplo no caso de Galicia a que propietarios non agricultores reteñan as superficies para destinalas a plantacións forestais, fronte á alternativa da súa cesión en arrendamento a explotacións agrarias. Neste sentido, Vila García (2013) atopou que os gandeiros sinalaban a competencia co uso forestal como un dos principais obstáculos á hora de adquirir novas parcelas.

Son numerosos os exemplos concretos que semellan confirmar a gran reticencia dos propietarios a transferir a propiedade no agro galego. Dous terzos dos enquisados por Vila García (2013) consideraban o apego á terra como un limitante, a consideración da terra máis alá das súas funcións produtivas. Nun sentido similar, unha enquisa a propietarios realizada por Marey Pérez et al. (2007) obtivo que o 94% pensaban transferir a terra aos seus herdeiros independentemente da rendibilidade.

Outros condicionantes das transaccións

Diversas friccións condicionan que a oferta e a demanda de terras, aínda existentes, se materialicen nun intercambio. Estes custos de transacción poden ser de información, negociación e/ou garantía. O minifundio comporta que sexan necesarias moitas transaccións para transferir relativamente pouca superficie. Ás veces os beneficios asociados a dispor de máis terra, ou os derivados da súa venda ou aluguer, non compensan o que hai que investir en atopar compradores ou vendedores.

Respecto dos custos de información, a busca de parcelas faise fundamentalmente a través de familiares e veciñanza. En consecuencia, a procura será máis doada naqueles lugares nos que aínda se mantén certa poboación. Polo contrario, con propietarios ausentes as probabilidades de obter información sobre parcelas dispoñibles redúcense a aquelas máis próximas. A situación extrema neste aspecto correspóndese coa existencia en Galicia de máis de 300.000 parcelas de propietarios descoñecidos (Corbelle et al. 2014).

O segundo dos tipos de custos de transacción, os de negociación, relaciónanse co proceso de fixación dos termos da transacción, por exemplo o prezo. Tanto nas compravendas como nas cesións temporais, as enquisas indican que eses aspectos se acordan en xeral con rapidez, pero no caso de parcelas con varios propietarios as dificultades son maiores. Ademais, nos lugares nos que as transaccións son moi reducidas, a fixación do prezo pode resultar máis complicada ao non existiren referentes de mercado.

Finalmente están os custos de garantía, asociados ao cumprimento dos acordos. Neste aspecto a reticencia a arrendar dos propietarios polo medo a perder dereitos sobre as fincas é a segunda dificultade para a mobilidade identificada polos técnicos das OAC (Oficinas Agrarias Comarcais) entrevistados por Corbelle et al. (2014); fenómeno que estimula a busca por parte dos propietarios só de acordos informais e axuda a explicar a notable difusión en Galicia deste tipo de cesións.

En conxunto, os factores condicionantes da oferta e a demanda de terras agrarias difiren enormemente dentro do territorio galego. A maior demanda localízase en relativamente poucos concellos e está dominada polas explotacións gandeiras con titulares novos e de certa dimensión económica. Pola súa parte, a oferta de terras polos propietarios non agricultores vese freada por diferentes factores, cuxa intensidade varía moito dunhas a outras zonas. Os prezos de compravenda son percibidos como moi elevados e é o arrendamento o mecanismo de transferencia preferido, normalmente sen formalizar (Corbelle et al., 2014).

CAPÍTULO 2. O ARRENDAMENTO DE TERRAS: CLARIFICACIÓNS CONCEPTUAIS E PAPEL NA REESTRUTURACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS

2.1.O ARRENDAMENTO DE TERRAS: PRECISIÓNS CONCEPTUAIS

Como acabamos de ver, o arrendamento constitúe un dos mecanismos esenciais de mobilidade da terra entre explotacións agrarias, e en concreto para a transferencia das superficies das explotacións desaparecidas cara a aquelas que se manteñen en actividade. Partindo diso, imos aportar unhas primeiras precisións conceptuais sobre o arrendamento a partir de tres tipos de fontes: as definicións que se recollen na literatura, na normativa vixente en España e nas estatísticas (en concreto nos Censos agrarios).

2.1.1. Definicións na literatura

Aos nosos efectos interesa partir aquí de certas definicións xerais (consultar, por exemplo: Sevilla e Gámiz, 1971):

- Formas de tenencia da terra: son os distintos sistemas de relación que se establecen entre os propietarios das superficies e os empresarios ou agricultores.
- Formas directas (explotación directa da terra): é aquela forma de tenencia na que o empresario traballa terras da súa propiedade.
- Formas indirectas: son as que se dan en todos aqueles supostos nos que o empresario non é propietario das terras, accedendo a elas a través de diferentes tipos de contratos ou formas de cesión.

Dentro das formas indirectas existen dúas modalidades principais: arrendamento e aparcería. O arrendamento é aquel sistema de explotación no que a relación propietario-empresario establécese a través dunha renda fixa para o período de tempo considerado. Pola súa parte, a aparcería é a forma indirecta de tenencia na que o sistema de relación propietario-empresario consiste nunha participación tanto nos gastos como no produto obtido da explotación. Desta forma o risco compártese, mentres que a xestión é exclusiva do empresario. Estas dúas fórmulas de cesión distínguense fundamentalmente polo diferente sistema de relación empresario-propietario, que reparte o risco na aparcería mentres que no arrendamento este risco é asumido integramente polo empresario. As formas indirectas que non coincidan coas dúas anteriores clasifícanse como “outros réximes de tenencia”.

Desde outro punto de vista, cabe diferenciar entre formas simples e mixtas de tenencia da terra dunha explotación. As formas simples son as que se dan cando unha explotación agraria ten toda a superficie baixo un só réxime de tenencia. Mentres que as formas mixtas corresponden a aqueles casos nos que unha unidade de produción combina terras en diferentes modos de tenencia.

2.1.2. Definición legais

A Lei 49/2003, do 26 de novembro, de arrendamentos rústicos, actualmente en vigor en España, establece no seu artigo 1 que:

1. Se considerarán arrendamientos rústicos aquellos contratos mediante los cuales se ceden temporalmente una o varias fincas, o parte de ellas, para su aprovechamiento agrícola, ganadero o forestal a cambio de un precio o renta.

2. Estos contratos se rigen por lo expresamente acordado por las partes, siempre que no se oponga a esta ley. Supletoriamente, regirá el Código Civil y, en su defecto, los usos y costumbres que sean aplicables.

3. Tendrán también la misma consideración los arrendamientos de explotaciones agrícolas, ganaderas o forestales, a los que se aplicarán las disposiciones de esta ley que sean compatibles con su naturaleza y siempre en defecto de lo que las partes hayan expresamente acordado.

As definicións legais, tanto no marco normativo español como no galego, serán examinadas con maior profundidade no capítulo 6.

2.1.3. Definición do arrendamento nos Censos agrarios

Os diferentes Censos agrarios realizados en España (desde o primeiro levado a cabo en 1962) establecen entre os conceptos utilizados os distintos réximes de tenencia da terra, é dicir, a forma xurídica baixo a cal o titular da explotación accede ao dereito de uso das superficies. As definicións concretas presentan certas variacións entre os sucesivos Censos (ver Anexo 1). Limitándonos aquí ao último Censo agrario, o de 2009, as definicións relativas aos réximes de tenencia indirectos da terra son as seguintes:

Tierras en arrendamiento: una tierra se lleva en arrendamiento si el titular disfruta de los aprovechamientos de la misma mediante el pago de un canon o renta, con independencia de los resultados de la explotación, ya sea en metálico, en especie o en ambas cosas a la vez. El pago se ha fijado previamente en un contrato de arrendamiento, ya sea oral o escrito.

Tambien se incluyen las tierras de cualquier otra explotación cuyo propietario las ceda en contrapartida a la prestación de un cierto trabajo o servicio, en tanto que no se trate de tierras puestas a disposición de un trabajador agrícola bajo la forma de salario.

Tierras en aparcería: son aquellas tierras propiedad de tercera persona cedidas temporalmente al aparcero mediante el pago de un tanto por ciento del producto obtenido o su equivalente en efectivo. La cuantía de dicha parte depende de las condiciones locales, el tipo de empresa y la aportación del propietario. El acuerdo o contrato de aparcería puede ser oral o escrito.

Se considera al aparcero como titular a efectos del Censo, siempre que exista una responsabilidad económica compartida entre propietario y aparcero.

Tierras en otros regímenes de tenencia: se incluyen en este apartado las tierras no comprendidas en alguno de los regímenes anteriores: las explotadas por cesión gratuita, en fideicomiso, en litigio, en precario, en censos, foros, en régimen comunal dadas en suertes o arrendamiento, etc.

2.2. O PAPEL DO ARRENDAMENTO NA REESTRUTURACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS; BREVE REVISIÓN DA LITERATURA

Arnalte e Ramos (1988), nun traballo xa clásico sobre o papel do arrendamento na agricultura española, consideraban diferentes funcións deste modo de tenencia. En primeiro lugar estaba o arrendamento simple, correspondente a explotacións con toda a superficie neste réxime de tenencia, fenómeno que se podía encontrar principalmente en provincias andaluzas e extremeñas, nas que o arrendamento constituía unha vía de mobilidade social para os xornaleiros sen terra. Doutra parte, tiñamos o arrendamento mixto (explotacións con parte da terra en propiedade e parte en arrendamento), asentado por exemplo nas provincias castelán-leonesas; neste caso o arrendamento sería unha forma de incrementar o tamaño das explotacións dos pequenos e medianos propietarios.


Desde mediados do século XX é esta segunda función do arrendamento a que prevalece en xeral nas agriculturas europeas. Diante da rixidez existente no mercado de compravenda de terras, é fundamentalmente a través do arrendamento como se produce o axuste estrutural e a conseguinte ampliación do tamaño das explotacións.

A primeira funcionalidade leva a formulacións que ven o arrendamento e a súa regulación como unha alternativa ás medidas clásicas de Reforma Agraria. Unha eficaz protección da empresa agraria (o arrendatario) sería o medio para que o arrendamento constituía un verdadeiro instrumento para consolidar o acceso dos pequenos e medianos agricultores á terra. En cambio, a segunda función, o arrendamento como instrumento de ampliación do tamaño físico das explotacións, leva a propoñer unha regulación máis liberal destes contratos co fin de estimular a oferta de terras polos propietarios.

Maunder (1984) considera a hipótese xeral de que o arrendamento permite unha maior mobilidade da terra que o réxime de propiedade, facilitando a súa transferencia cara ás explotacións en crecemento. Esta hipótese foi contrastada estatisticamente por ese autor, analizando a relación entre o peso relativo do arrendamento e o incremento do tamaño das explotacións, con datos nacionais de varios países e datos provinciais de Francia e Italia.


A hipótese de Maunder foi contrastada para España por Arnalte e Ramos (1988), concluíndo que a análise de regresión para o conxunto dos 50 datos provinciais confirma a existencia dunha relación directa significativa entre as variables. Na Figura 3 reproducimos os resultados obtidos por estes autores.

Figura 3. Contraste hipótese Maunder (Arnalte, Ramos, 1988)



Eliminadas as seis observacións provinciais máis atípicas (Barcelona, Badaxoz, Cádiz, Girona, Guadalaxara e Madrid) o axuste do modelo mellora sensiblemente (Figura 4).

Figura 4. Contraste hipótese Maunder, excluídas provincias atípicas (Arnalte, Ramos, 1988)



De tódolos xeitos, os mesmos Arnalte e Ramos indican que a incidencia dalgunhas variables, como os efectos urbanos, a posible aparición de efectos substitución entre o arrendamento e outros réximes de tenencia, ou a estrutura da propiedade da terra anterior á crise da agricultura tradicional, fan menos directa nalgunhas rexións a relación entre a difusión do arrendamento e o incremento do tamaño físico das explotacións. Tamén as características dos cultivos poden representar obstáculos estruturais á difusión do arrendamento, de tal modo que en zonas onde predominan os cultivos permanentes resultará pouco eficaz o establecemento de políticas estimuladoras do arrendamento.

García Martín (2002), nun traballo no que analiza o impacto que a PAC produciu na renda agraria de Castela e León, destaca que ante a pequena dimensión das explotacións, a ausencia de empresarios modernos, a existencia de explotacións marxinais, de agricultura a tempo parcial, etc., a necesidade de aumentar o tamaño estimula a demanda de terras e/ou a concentración en cooperativas ou outras formas de empresa societaria e a externalización dos traballos. Se o aumento da dimensión non é posible mediante a adquisición ou arrendamento e se o modelo cooperativo tampouco se estende, orixínase a intensificación da superficie, nun intento de aumentar o valor engadido por unidade de traballo.

Tamén considera este autor que o arrendamento foi historicamente un dos mecanismos máis utilizados na rexión Castelá-Leonesa para aumentar o tamaño das explotacións. Os aspectos xurídicos do arrendamento recaen sobre o grao de protección do arrendatario, efectos que provoca sobre investimentos, intensificación do cultivo e prezo da terra (García Martín, 2002).

López Iglesias (2003), ao referirse aos cambios estruturais que se producen nas explotacións agrarias en España, sostén que os datos dos Censos agrarios inducen a pensar que a ampliación ou redimensionamento das explotacións nos anos 1990 operouse esencialmente a través do arrendamento, podendo afirmar en concreto que este mecanismo tivo un peso relativo nos cambios moito maior aínda que nas décadas precedentes. Concretamente, se comparamos para os estratos maiores de 50 ha o incremento global da superficie coa variación do volume de terras arrendadas, habería que concluír que a totalidade ou practica totalidade da ampliación neta das explotacións (da superficie movida entre unidades produtivas) canalizouse nesa década a través do arrendamento, fronte ao 50% aproximadamente que supoñía esta vía no conxunto do período 1962-1989.



PARTE II

**A DINÁMICA DAS ESTRUTURAS AGRARIAS
EN GALICIA DESDE MEDIADOS DO
SÉCULO XX; AS MUDANZAS NO PERÍODO
POSTERIOR Á INTEGRACIÓN EUROPEA**



CAPÍTULO 3. INTRODUCCIÓN HISTÓRICA. AS ESTRUTURAS AGRARIAS CONFIGURADAS A MEDIADOS DO SÉCULO XX

O obxectivo deste capítulo é perfilar as estruturas agrarias das que partía Galicia a mediados do século XX. Para isto remontámonos inicialmente a mediados do século XVIII, resumindo a estrutura das explotacións e da propiedade da terra existente a finais do Antigo Réxime. Referirémonos despois ás principais mudanzas operadas ao longo da época contemporánea. Para concluír coa análise do resultado dese proceso histórico e o que ten un interese máis directo para a nosa investigación: a estrutura das explotacións, a distribución da propiedade da terra e os réximes de tenencia que encontrábase en torno a 1950/1960.

3.1. NOTAS HISTÓRICAS. AS ESTRUTURAS AGRARIAS EN GALICIA AO LONGO DA ÉPOCA CONTEMPORÁNEA

3.1.1. Estrutura das explotacións e propiedade da terra a mediados do século XVIII

O sistema agrario existente en Galicia a finais do Antigo Réxime caracterizábase pola reducida proporción da superficie total que ocupaban as terras cultivadas e os prados (o que nas estatísticas actuais se coñece como Superficie Agraria Utilizada, SAU), e o forte predominio das terras de monte (Bouhier, 1979). Así, a mediados do século XVIII pode estimarse que a superficie utilizada de forma continuada para cultivos e prados supoñía só o 25% do territorio, mentres que o 75% restante estaba ocupado polo monte (Saavedra, 1982).

Eses dous tipos de superficies correspondíanse con unidades de características moi diferentes: o espazo agrario estaba dividido nun elevado número de explotacións, en xeral de reducida dimensión e cunha forte fragmentación parcelaria; en tanto que a grande maioría das terras de monte correspondían a montes comúns. A reducida superficie por explotación e o seu forte parcelamento constituían fenómenos con fondas raíces históricas e ben documentados para o século XVIII nos datos do Catastro de Ensenada (Villares 1982). Concretamente, a mediados do século XVIII a superficie media das explotacións limitábase nas comarcas costeiras a unhas 2 hectáreas, ascendendo a cifras algo maiores nas zonas do interior, por exemplo 3 hectáreas en Friol e 4 hectáreas na Limia (Villares, 1974). Para situar eses datos cabe sinalar que, segundo o primeiro Censo agrario realizado en España, en 1962 a SAU media por explotación situábase en Galicia en 1,48 hectáreas (López Iglesias, 1994). Semella, pois, que a pequena dimensión das explotacións, consolidada a finais do Antigo Réxime, acentuouse nos douscentos anos que van ata a metade do século XX; fenómeno coherente co incremento que experimentaron neses dous séculos as densidades demográficas no agro galego.

Nese sistema agrario tradicional o monte cumpría funcións esenciais para a reprodución e o funcionamento das explotacións agrarias: extensión temporal do espazo cultivado (mediante

as rozas ou estivadas); alimentación do gando a través do pastoreo; obtención de leña e madeira; e a función máis relevante, a de ser fonte da materia prima vexetal (o toxo) que, utilizado como cama do gando, permitía a obtención do abono orgánico necesario para o mantemento da fertilidade das terras de cultivo. Esas diversas funcións, e en particular a última, xustifican a afirmación de Bouhier de que o inculto constituía o soporte de todo o sistema agrario (Bouhier 1979) Derivándose diso a necesidade de manter un equilibrio entre o espazo cultivado e a extensión ocupada polo monte.

Do total de terreos de monte só unha parte moi pequena correspondía a montes particulares, e eran tamén case descoñecidos os montes de propios, pertencentes aos concellos e por cuxo aproveitamento debía pagarse un canon (Balboa 1990). A inmensa maioría das superficies de monte existentes en Galicia no século XVIII eran de titularidade privada colectiva, sendo necesario diferenciar dous tipos:

- ✓ Montes de veciños. Pertencentes a entidades de poboación (aldeas, parroquias), o dereito ao seu aproveitamento correspondía a todos os veciños, estando ligado á residencia nesa entidade. Ademais o usufruto tendía a ser igualitario, en función das necesidades de cada casa.
- ✓ Montes de varas. A titularidade pertencía a un grupo de casas ou familias, cada unha cunha determinada cota, de contía variable. Os dereitos de uso (as cotas) eran transmitidos por vía hereditaria, podendo tamén ser obxecto de compravenda. Todo iso facía que o carácter comunal fora moito máis débil que no caso anterior.

No plano xeográfico, os montes de varas estaban localizados exclusivamente na metade setentrional de Galicia, onde constituían a figura dominante. Mentres que os montes de veciños tiñan presenza en todo o territorio galego, pero eran especialmente abundantes na metade meridional (Bouhier, 1979; Balboa, 1990; Saavedra, 1982).

No referido á estrutura da propiedade, a situación consolidada no agro galego a finais do Antigo Réxime viña definida pola separación entre o dominio directo, dos grupos rentistas (clero, nobreza, fidalguía), e o dominio útil; e, no relativo ás fórmulas ou contratos de cesión, o predominio absoluto do foro e a súa derivación, o subforo. O foro era un contrato polo que o tomador (foreiro) adquiría do titular do dominio eminente (forista) o dereito ao uso e gozo da terra a cambio dunha renda, en xeral de contía fixa e en especie.

Como notas adicionais, cabe engadir dúas características. Desde o século XVI os foros eran de longa duración, e a partir da Provisión de 1763 adquiriron o carácter de cesión perpetua. Por outro lado, o foreiro podía transmitir por vía hereditaria ese dereito de uso e tamén cedelo en arrendamento ou aforalo á súa vez; mecanismos que facilitaron a multiplicación do número de explotacións a medida que se incrementaron as densidades demográficas. En todo caso, hai que salientar a non implicación dos detentadores do dominio eminente na explotación directa da terra; xogando o grupo social dos señores medianeiros un papel de mera clase rentista.

3.1.2. Relativa estabilidade das estruturas agrarias durante o século XIX

Nas décadas finais do século XVIII e primeira metade do XIX consúmase na maior parte da Europa Occidental a liquidación do réxime de propiedade do Antigo Réxime substituíndoo pola propiedade privada. As reformas agrarias tiveron como efectos a consolidación da

propiedade privada e o fraccionamento e privatización simultánea dos espazos comúns (Fontana, 1981). En Galicia, pola contra, as estruturas herdadas do Antigo Réxime perviviron durante todo o século XIX. As reformas agrarias liberais aprobadas en España implicaron algúns cambios pero non alteraron a esencia, ao non levar á supresión do réxime foral. Ao mesmo tempo os montes comúns mantivéronse sen mudanzas substanciais. Todo iso, nun contexto en que continua incrementándose a densidade demográfica, orixinou unha intensificación do sistema agrario sen transformacións de fondo na estrutura da propiedade.

No que respecta ao sistema foral, as medidas desamortizadoras aplicadas en España no século XIX tiveron en Galicia escasos efectos. Mudaron os perceptores das rendas, pero sen alterar o réxime de propiedade (Villares, 1982). Algunhas investigacións matizan algo esa visión, ao destacar os avances que tiveron lugar en canto á adquisición das rendas polos detentadores do dominio útil e o acceso conseguinte destes á propiedade plena das terras. Pero este proceso de redención e de consolidación da propiedade foi absolutamente minoritario (Carmona, 1990).

Unha estabilidade xeral é o que se constata tamén nos terreos de monte, onde as reformas do século XIX se saldaron coa conservación da indivisión dos montes comúns e a pervivencia, sen mudanzas substanciais, dos seus usos tradicionais. O entramado legal do Estado liberal levou a unha progresiva “publificación” dos montes comúns, que pasaron a ser de titularidade xurídica dos concellos (Fernández Leiceaga e López Iglesias, 1988). Pero iso non tivo consecuencias prácticas no aproveitamento destas superficies, onde as comunidades veciñais continuaron cos usos tradicionais. Ao mesmo tempo que fracasou o intento privatizador destas terras (coa desamortización xeral de Madoz), debido á solidez das estruturas produtivas tradicionais e dos grupos sociais vinculados a elas (campesiñado, fidalguía e logo a burguesía urbana compradora de rendas na desamortización).

Globalmente, pois, ao longo do século XIX non se produciron modificacións substanciais no réxime de propiedade e nas fórmulas de cesión da terra, de tal modo que a finais desa centuria mantíñanse en esencia as estruturas agrarias herdadas do Antigo Réxime. Nese contexto, a evolución do número e superficie das explotacións veu determinada principalmente pola dinámica da poboación (Villares, 1982). As densidades demográficas continuaron aumentando no noso agro, o que levou a un incremento do número de explotacións. Este incremento produciuse en boa medida mediante a expansión do espazo agrario a costa dos montes comúns; pero ao mesmo tempo asistimos tamén a unha redución da superficie media por explotación.

3.1.3. As transformacións na primeira metade do século XX: desaparición do réxime foral e mudanzas na propiedade e nos usos dos montes comúns

En contraste coa estabilidade do século XIX, na primeira metade do século XX asistimos a importantes transformacións na propiedade e nos usos da terra en Galicia. Por un lado, ten lugar por fin a liquidación do sistema foral, posibilitando o acceso xeneralizado dos agricultores á propiedade plena das terras. Ao mesmo tempo, as presións ás que se ven sometidos os montes comúns sáldanse con importantes mudanzas: a case totalidade dos montes de varas e boa parte dos montes veciñais son divididos, pasando a integrarse esas superficies nas explotacións individuais; simultaneamente, os montes veciñais subsistentes ven alterados os usos tradicionais como consecuencia da política de repoboacións forestais aplicada nas décadas posteriores á Guerra Civil (Rico Boquete, 1994).

3.1.3.1. Liquidación do réxime foral e acceso do campesiñado á propiedade da terra

Para a eliminación do sistema foral existían a priori tres vías posibles: reversión a favor dos detentadores do dominio directo; abolición, accedendo á propiedade os detentadores do dominio útil sen pagar ningunha contraprestación; e redención, pasando a propiedade a mans dos que detentaban o dominio útil a cambio dunha indemnización (Villares, 1982). Esta última opción é a que se foi consolidando xa desde a segunda metade do século XIX, e vai recibir o espaldarazo definitivo coa aprobación do Decreto-Ley de Redención en 1926. Nesta norma fixébase un prazo de 10 anos para facer efectiva a redención, prazo que en 1931 foi ampliado indefinidamente.

Na realidade a eliminación dos foros comezara nas décadas precedentes, de tal modo que en 1926 o proceso estaba xa relativamente avanzado. A partir de aí vaise acelerar, ata culminar total ou case totalmente ao longo da década de 1950.

En canto aos efectos do proceso, existían dúas situacións posibles: que o redimente fora o agricultor que viña traballando as terras, en cuxo caso o resultado é que este accedía á plena propiedade desas superficies; ou que a redención fora realizada por foreiros non agricultores, que cedían as terras para a súa explotación en arrendamento ou aparcería. Os estudos indican que o habitual foi o primeiro, de tal modo que a redención saldouse coa consolidación dunha estrutura de pequenos agricultores-proprietarios como modelo dominante no agro galego. Aínda que iso presenta matices, especialmente nalgunhas comarcas. Concretamente, Villares (1982) estima que na provincia de Lugo dous terzos das redencións foron realizadas por agricultores, correspondendo o terzo restante a persoas da fidalguía e a burguesía urbana. Un panorama no que tamén inciden autores como José A. Duran (1977) ou Jesús García Fernández (1975), pero sen aportar ningunha información empírica.

Como despois veremos, os datos estatísticos dispoñibles sobre os réximes de tenencia da terra ao redor de 1950/1960 confirman un claro predominio das superficies traballadas en propiedade ou tenencia directa. Pero tamén mostran unha presenza relevante do arrendamento e a aparcería, en particular en determinadas comarcas; fenómeno este cuxa orixe histórica non está suficientemente aclarada (López Iglesias, 1994).

Ademais da redención foral, na primeira metade do século XX produciuse unha intensa mobilidade no mercado de terras que contribuíu a reforzar a propiedade dos agricultores, ao adquirir estes superficies que estaban en mans de propietarios absentistas e eran traballadas en arrendamento ou aparcería (Villares, 1982). Neste sentido, Bouhier destaca en concreto o retroceso da aparcería como consecuencia da venda por parte de propietarios absentistas de explotacións que tiñan cedidas a caseiros, sendo estes na maioría dos casos os compradores. Ese tipo de vendas foron numerosas entre 1930 e 1937, ralentizándose durante a Guerra Civil e a Segunda Guerra Mundial para intensificarse de novo nos anos 1950 (Bouhier, 1979).

O acceso do campesiñado á propiedade da terra acompañouse nestas décadas do mantemento ou acentuación da pequena dimensión das explotacións e da súa elevada fragmentación parcelaria. Concretamente, no primeiro terzo do século XX o volume da poboación ocupada agraria tendeu a estabilizarse, o que fai pensar nunha estabilidade aproximada do número de explotacións e da súa superficie media. Pero nos 20 anos que van de 1930 a 1950 o peche da emigración exterior provocou un notable incremento da presión demográfica no noso agro. O que con toda seguridade orixinou unha multiplicación das pequenas explotacións, acabando así de configurar as estruturas agrarias que encontramos a mediados de século.

3.1.3.2. Apropiaación individual de grande parte dos montes comúns

Durante o último cuarto do século XIX e a primeira metade do XX prodúcese o reparto dunha grande parte dos montes comúns entre as explotacións individuais, ampliando estas así a súa base territorial. Os repartos foron realizados por iniciativa dos propios agricultores, en parte debido ao desenvolvemento de tendencias individualistas ligadas á desaparición do sistema foral e ao acceso á propiedade, pero en grande medida como resposta á ameaza de intervención da Administración no seu aproveitamento, fenómeno este que adquire especial relevancia a partir da Guerra Civil (Balboa, 1990).

Nese proceso de reparto existen diferenzas notables entre os montes de varas e os montes de veciños. No primeiro tipo de superficies os repartos comezaron a adquirir xa un volume considerable nos últimos decenios do século XIX, alcanzando a máxima intensidade entre 1920 e 1940. O factor que os impulsou foi o desexo de levar a cabo unha utilización máis intensiva destas terras, mediante o cultivo intensivo do toxo, a ampliación da superficie de pastos ou a plantación con piñeiros dalgunhas parcelas. O resultado foi a desaparición practicamente total dos montes de varas. Nos montes veciñais as tendencias individualizadoras prodúcense de forma moito máis tardía, non comezando a ter certa importancia ata 1910-1920, e afectaron só a unha parte deles. Podemos distinguir dúas grandes etapas: 1925-1935, cun volume moderado de repartos, concentrados na provincia de A Coruña e na parte setentrional de Lugo; 1945-1965, caracterizada por unha maior intensidade do proceso, para o que actuou como detonante o inicio das repoboacións forestais por parte da Administración. En conxunto, o proceso de individualización, tanto dos montes de varas como dos montes veciñais, afectou esencialmente á metade setentrional de Galicia.

As consecuencias dese proceso reflíctense claramente nos datos do primeiro Censo agrario que se realizou en España, en 1962. Segundo unha estimación baseada neses datos, do total de terras de monte censadas (1,7 millóns de hectáreas) case a metade (48,5%) correspondía a montes particulares (Cadro 1). Se temos en conta que a finais do século XIX apenas existía monte particular, hai que concluír que a inmensa maioría desas superficies procedían dos repartos realizados nos 60 ou 70 anos precedentes.

Cadro 1. Estimación da superficie ocupada polos montes públicos e comunais e polos montes particulares. Galicia 1962

	ha	%
Montes públicos e comunais	878.703	51,50%
Montes particulares	827.438	48,50%
Total superficie a monte	1.706.141	100,00%

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de INE, Censo agrario de 1962.

Os datos do Censo agrario de 1962 confirman tamén o contraste, antes mencionado, entre a metade norte e a sur de Galicia. Segundo a estimación de López Iglesias (1994), os montes públicos e comunais ocupaban o 27,2% das terras de monte na provincia de A Coruña e o 44,0% na de Lugo, mentres que en Ourense e Pontevedra esa porcentaxe ascendía ao 76,6% e 64,5%, respectivamente. Nas zonas onde se produciron os repartos a ampliación da superficie total das explotacións foi considerable, se ben as terras que obtivo cada agricultor aparecían fragmentadas nun grande número de parcelas. Esas superficies utilizáronse para intensificar

os seus usos tradicionais (en especial a produción de toxo e a roturación temporal) e tamén para repoboacións forestais levadas a cabo polos propios agricultores (Bouhier, 1979, García Fernández, 1975, Balboa, 1990).

3.1.3.3. Publicación dos montes veciñais e repoboación forestal

Ao lado do reparto e apropiación individual de boa parte dos montes comúns, o segundo grande proceso que afectou a estas superficies durante a primeira metade do século XX foi a publicación e repoboación forestal dos que se mantiveron sen dividir. Para estes montes, os montes veciñais que permaneceron, consumouse neste período a súa publicación, a atribución da titularidade aos municipios; e iso acompañouse ademais da repoboación forestal forzada de moitos deles.

Durante o século XIX e primeiro terzo do XX o cambio de titularidade xurídica dos montes veciñais non tivera consecuencias significativas sobre o seu uso, manténdose os sistemas de aproveitamento tradicionais en mans dos veciños. Pero isto muda radicalmente nas décadas posteriores á Guerra Civil, coa política de repoboacións forestais. Para decatarse da magnitude do fenómeno abonda con indicar que a superficie repoboadada entre 1941 e 1973 alcanzou unhas 500.000 ha, correspondendo a metade a plantacións en montes consorciados (montes xestionados polos servizos forestais do Estado a través de consorcios asinados cos concellos). Estas superficies deixaron así de cumprir a súa función polivalente, converténdose nun espazo produtor de madeira independizado do sistema agrario; o que bloqueou a outra grande alternativa que se abría, a súa utilización para ampliar a superficie agraria das explotacións (Bouhier, 1979).

3.2. ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS, PROPIEDAD DA TERRA E RÉXIMES DE TENENCIA A MEDIADOS DO SÉCULO XX (1950/1960)

O resultado dos procesos históricos resumidos nas páxinas anteriores son as estruturas agrarias que estaban configuradas a mediados do século XX. Imos tentar ofrecer unha imaxe das súas principais características, examinando tres aspectos: a estrutura dimensional das explotacións, a distribución da propiedade da terra e os réximes de tenencia. Para iso apoiámonos esencialmente en dúas fontes estatísticas: o Censo agrario de 1962 para a estrutura das explotacións e os réximes de tenencia; e as cifras do Catastro de Rústica para a distribución da propiedade da terra. Na exposición seguiremos en liñas xerais a análise ofrecida por López Iglesias (1994), complementada nalgúns casos con notas e aportacións doutros autores.

3.2.1. A estrutura das explotacións agrarias en 1962

Para interpretar os datos do Censo agrario de 1962 debemos ter presente que este utilizou un concepto moi amplo de “explotación agraria”. Por un lado, non se estableceu ningunha dimensión mínima para que unha unidade produtiva fora rexistrada como unha explotación. E ademais os datos computaron a superficie total (SAU -cultivos e pastos-, monte baixo, monte arborado e terras improdutivas). O resultado é que nas cifras de explotacións, ao lado de unidades produtivas agrarias de certa entidade, foron incluídas microexplotacións, terreos exclusivamente forestais e mesmo algunhas propiedades abandonadas (López Iglesias, 1994).

A pesar dese concepto tan amplo de explotación agraria, a superficie total censada supoñía só o 82,4% da superficie xeográfica de Galicia (Cadro 2); apuntando os indicios a que as terras que quedaron fóra do ámbito do Censo agrario correspondían esencialmente a terreos forestais de propiedade particular (López Iglesias, 1994).

Cadro 2. Relación entre a superficie xeográfica e a superficie censada no Censo agrario de 1962

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1. Sup. xeográfica (ha)	2.943.400	787.600	980.300	727.800	447.700
2. Sup. censada (ha)	2.424.007	579.316	834.006	661.263	349.422
1-2 (ha)	519.393	208.284	146.294	66.537	98.278
2/1 (%)	82,35%	73,55%	85,08%	90,86%	78,05%

Fonte: Elaboración propia a partir de: INE, Censo agrario de España 1962.

3.2.1.1. Estrutura dimensional das explotacións

Se examinamos a distribución das explotacións por estratos de tamaño, medido este pola superficie total, a situación aparecía definida polo forte predominio das unidades de pequena e moi pequena dimensión. O 34,7% das explotacións censadas en 1962 tiñan menos de 1 ha e o 43,9% estaban entre 1 e 5 ha, polo que as menores de 5 ha supoñían en conxunto o 78,6% do total; mentres que as maiores de 20 ha non chegaban ao 2% (Cadro 3). O panorama era moi diferente no referido á superficie ocupada por cada un deses estratos: as unidades menores de 5 ha, máis de 3/4 do total, só ocupaban o 21,3% da superficie censada, e en concreto as inferiores a 1 ha, algo máis dun terzo en número, só contaban co 2,6% da superficie; en tanto que as maiores de 100 ha, que constituían unicamente o 0,2% das explotacións, concentraban o 39,5% da superficie censada. En suma, os datos apuntaban á existencia dunha estrutura dual: por unha parte as explotacións menores de 5 ha, que representaban 3/4 do total pero ocupaban só 1/5 do territorio; fronte a unhas 800 explotacións maiores de 100 ha, que se repartían o 40% da superficie. Diso resultaba unha superficie media por explotación de 5,75 ha; cifra que baixaba a 3,49 ha se excluímos as unidades por encima das 100 ha (Cadro 3).

Cadro 3. Distribución das explotacións agrarias e da superficie censada por estratos de tamaño (*). Galicia 1962

Tamaño (sup. total ha)	Cifras absolutas		Distribución porcentual	
	Número de explotacións	Sup. total (ha)	Número de explotacións	Sup. total (ha)
< 1	146.290	62.445	34,72%	2,58%
1-5	184.957	452.826	43,90%	18,68%
5-10	56.549	395.033	13,42%	16,30%
10-20	25.941	352.135	6,16%	14,53%
20-50	6.283	171.170	1,49%	7,06%
50-100	500	32.109	0,12%	1,32%
>= 100	772	958.260	0,18%	39,53%
Total	421.292	2.424.007	100,00%	100,00%
Superficie total / explotación (ha)			5,75	

(*) Referido ás explotacións con terras de superficie igual ou superior a 0,1 ha.

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

Esa é a imaxe inicial que se desprende dos resultados do Censo agrario de 1962. Esa imaxe necesita, porén, unha importante matización, xa que as “explotacións” cunha dimensión superior a 100 ha contabilizadas no Censo correspondían na súa práctica totalidade a montes veciñais en man común, polo que a efectos da análise convén tratalas separadamente. Con maior precisión, López Iglesias (1994) estima que das 958.260 ha ocupadas por explotacións maiores de 100 ha no Censo de 1962 unhas 100.000 ha correspondían a grandes unidades de propiedade privada individual ou societaria; de tal modo que a extensión dos montes públicos e comunais alcanzaba unhas 855.000 ha, o 35,3% da superficie censada.

Se excluímos as unidades maiores de 100 ha, e nos centramos nas explotacións *propriamente ditas* ou explotacións individuais (de propiedade particular), obtemos o panorama resumido no Cadro 4. Segundo estes datos depurados, en 1962 contabilizábanse no agro galego 420.500 explotacións, que se repartían ao redor de 1.500.000 ha, o que supón unha superficie media por explotación de 3,49 ha. A principal característica era o forte predominio das unidades de pequena e moi pequena dimensión. Pero nestes datos apréciase de modo moito máis claro un feito frecuentemente esquecido, ou non suficientemente destacado: o peso relativamente importante que tiñan as que podemos cualificar como explotacións medias, aquelas cunha superficie entre 10 e 50 ha. Estas constituían só o 7,7% das unidades produtivas pero ocupaban o 35,7% da superficie das explotacións *propriamente ditas* (Cadro 4).

Cadro 4. Distribución das explotacións e da superficie por estratos de tamaño. Datos referidos ás explotacións *propriamente ditas*, excluídos os montes públicos e comunais (*). Galicia 1962

Tamaño (sup. total ha)	Cifras absolutas		Distribución porcentual	
	Número de explot.	Sup. total (ha)	Número de explot.	Sup. total (ha)
< 1	146.290	62.445	34,79%	4,26%
1-5	184.957	452.826	43,98%	30,89%
5-10	56.549	395.033	13,45%	26,95%
10-20	25.941	352.135	6,17%	24,02%
20-50	6.283	171.170	1,49%	11,68%
50-100	500	32.109	0,12%	2,19%
Total explotacións agrarias	420.520	1.465.747	100,00%	100,00%
Montes comúns	772	958.260		
Total censado	421.292	2.424.007		

(*) Identificamos con montes públicos e comunais as explotacións censadas de superficie igual ou superior a 100 ha.

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

3.2.1.2. Comparación con España e outros países europeos

No conxunto da agricultura española as estruturas agrarias aparecían definidas en 1962, como é coñecido, por unha forte polarización. Dun lado, tiñamos un elevado número de pequenas explotacións que ocupaban unha pequena proporción da superficie; e, fronte a iso, unha reducida cifra de grandes explotacións que concentraban a maior parte do territorio agrario. As explotacións de tamaño medio rexistraban un peso relativamente reducido, se o comparamos con outros países da Europa Occidental. Concretamente, as explotacións inferiores a 10 ha supoñían en España o 78,8% pero ocupaban só o 16,8% da superficie

censada; mentres que as maiores de 50 ha, sendo o 3,5% en número, concentraban o 54,1% da superficie. No medio quedaban as unidades de 10-50 ha: 17,9% do total e 29,1% da superficie. Deses datos resultaba unha superficie media por explotación de 12,44 ha, o triplo aproximadamente da que se constataba en Galicia (Cadro 5).

Cadro 5. Número e superficie das explotacións agrarias en España por estratos de tamaño (1). 1962

Tamaño (sup. total ha)	Cifras absolutas		Distribución porcentual	
	Número de explot.	Sup. total (ha)	Número de explot.	Sup. total (ha)
< 1	733.533	316.313	26,43%	0,92%
1-5	1.031.801	2.562.434	37,17%	7,42%
5-10	417.125	2.927.613	15,03%	8,48%
10-20	300.996	4.192.331	10,84%	12,14%
20-50	196.001	5.872.086	7,06%	17,01%
50-100	51.672	3.510.835	1,86%	10,17%
>= 100	44.538	15.147.111	1,60%	43,87%
Total	2.775.666	34.528.723	100,00%	100,00%
Superficie total / explotación (ha)			12,44	

(1) Datos referidos ás explotacións con terras de superficie >= 0,1 ha.

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

Para caracterizar a estrutura das explotacións galegas no contexto europeo seguimos a López Iglesias (1994), que utiliza datos do Eurostat referidos á CEE-10 (a Comunidade Económica Europea de 10 Estados que estaba configurada antes da integración española). Dentro dunha grande diversidade de situacións duns a outros países, as estruturas agrarias que encontrabamos neste conxunto a comezos da década de 1960 estaban definidas por dous trazos principais. O primeiro era o predominio, sobre todo en termos de superficie, das explotacións medias: as explotacións cunha Superficie Agraria Utilizada (SAU) entre 10 e 50 ha representaban na maioría dos países o 25%-50% do total e sumaban o 50%-75% da SAU. O segundo trazo era o elevado peso numérico das pequenas explotacións, aquelas cunha SAU inferior a 10 ha, que constituían en xeral o grupo máis numeroso. No que respecta finalmente ás unidades de maior dimensión (por encima de 50 ha), o seu peso variaba moito duns a outros países, oscilando en xeral entre o 10% e o 30% da SAU (López Iglesias, 1994).

Como resultado diso, a SAU media por explotación situábase na CEE-10 en 11,2 ha², pero con enormes diferenzas entre países. Nun extremo estaba o Reino Unido, onde ese tamaño alcanzaba 32,0 ha, mentres que no outro aparecían Grecia e Italia, con 4-6 ha. No medio quedaban dous grupos: Holanda, Bélxica e Alemaña, cunha dimensión media de 8-10 ha; Francia, Irlanda, Dinamarca e Luxemburgo, onde ese tamaño se elevaba a case o duplo, 16-18 ha. Para Galicia, excluindo tanto os montes comúns como as explotacións menores de 1 ha co fin de homoxeneizar no posible os datos cos do Eurostat, obtíñamos unha superficie media por explotación de 5,1 ha, menos da metade da media da CEE-10 e só comparable ás cifras de Grecia (López Iglesias, 1994).

² Cómpre ter en conta que os datos refírense aquí á SAU, ás terras de cultivos e pastos; mentres que as cifras antes comentadas para Galicia e España corresponden á superficie total censada (incluído o monte).

3.2.1.3. Diverxencias espaciais dentro da agricultura galega; os contrastes a nivel provincial e municipal

Diferenzas na estrutura das explotacións entre as catro provincias

A estrutura que antes resumimos a partir do Censo agrario de 1962 distaba de ser uniforme dentro da xeografía galega, como se constata xa nos datos provinciais. Por un lado, difería moito entre as catro provincias a parte do territorio ocupada polos montes comúns; e, ligado en parte a iso, existían tamén notables diverxencias na dimensión das explotacións individuais. Isto configuraba sobre todo un nido contraste entre as dúas provincias setentrionais e as dúas meridionais (Cadro 6).

Comezando polos montes comúns, se estes ocupaban en Galicia en 1962 o 39,5% da superficie censada, o seu peso era bastante reducido nas provincias de A Coruña (18,4%) e Lugo (33,7%), mentres que en Pontevedra supoñían o 49,3% da superficie e en Ourense o 60,2% (Cadro 6). Ese contraste era un fenómeno bastante recente, que tiña a súa orixe no reparto de moitos montes comúns (montes de varas e montes veciñais) ao longo dos 60 ou 70 anos anteriores, un proceso que afectou principalmente á metade setentrional de Galicia, ao territorio situado ao norte dunha liña imaxinaria que uniría a desembocadura do Ulla - Dozón - Pedrafita.

Cadro 6. Porcentaxe da superficie censada que corresponde aos montes públicos e comunais (explotacións >= 100 ha). Datos por provincias 1962 (hectáreas)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
a. Total superficie censada	579.316	834.006	661.254	349.422
b. Sup. censada nas explot. >= 100 ha (montes comúns)	106.778	280.841	398.268	172.373
b/a (%)	18,43%	33,67%	60,23%	49,33%

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

O reparto dos montes de varas e veciñais, alí onde se produciu, deu lugar a unha ampliación considerable da superficie das explotacións familiares, empuxando á alza a súa superficie media. Deste modo, na provincia de A Coruña as explotacións individuais contaban en 1962 con máis do 80% do territorio e en Lugo con case o 70%, mentres que en Pontevedra e Ourense esa porcentaxe baixaba ao 40%-50%. Esa oposición norte-sur no que respecta ao peso dos montes comúns cruzábase cunha oposición entre provincias occidentais e orientais, ou costeiras e interiores, derivada das diferenzas nas densidades demográficas no agro. O resultado final deses dous tipos de factores é que, se nos centramos na superficie media das explotacións individuais, esta alcanzaba o valor máis elevado en Lugo (6,1 ha), seguido do de A Coruña (3,7 ha), Ourense (2,8 ha) e finalmente Pontevedra (1,6 ha) (López Iglesias, 1994).

Nunha imaxe simplificada, podían distinguirse pois dous grandes modelos de estruturas agrarias (Cadro 7):

- O da Galicia setentrional, caracterizado por un peso reducido dos montes comúns, unha grande importancia do monte particular e, vinculado a iso, unha presenza relevante das explotacións cunha superficie maior de 5 ha, e concretamente das que podemos considerar no contexto galego como “explotacións medianas”, as de 10-50 ha.

- O modelo da Galicia meridional, definido pola elevada porcentaxe do territorio que ocupaban os montes comúns, a escasa relevancia das terras de monte particular e, vinculado a iso, o predominio abafador das explotacións individuais de pequena e moi pequena dimensión (menores de 5 ha). Neste modelo mantíñase vixente, en liñas xerais, a estrutura dual que encontrabamos no Antigo Réxime: pequenas explotacións familiares convivindo con grandes extensións de monte común que ocupaban a maior parte do territorio.

Cadro 7. Peso dos montes comúns e estrutura das explotacións por provincias. Datos sintéticos 1962

	Superficie dos montes comúns/Superf. total censada (1)	Sup. Monte particular/Sup. total censada (2)	% de explot. >=5 ha	Sup. ocupada por explot. de 10-50 ha/Sup total censada
A Coruña	18,43%	53,25%	24,10%	31,07%
Lugo	33,67%	38,08%	42,50%	33,94%
Ourense	60,23%	16,71%	13,70%	5,91%
Pontevedra	49,33%	26,01%	6,30%	6,06%

(1) Montes comúns = explotacións censadas de superficie igual ou superior a 100 ha.

(2) Superficies de monte nas explotacións menores de 100 ha.

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

Panorama a nivel municipal

As disparidades nas estruturas agrarias eran moito maiores se descendemos a nivel municipal. Para resumir o panorama imos fixarnos en dous indicadores, calculados ambos a partir dos datos do Censo agrario de 1962: a porcentaxe da superficie censada en cada concello que correspondía aos montes comúns (explotacións de 100 e máis ha); e a superficie media das explotacións individuais (López Iglesias, 1994).


No que se refire ao primeiro aspecto, os datos mostran con maior claridade e precisión a oposición entre a Galicia setentrional e a meridional, cunha liña divisoria que seguía aproximadamente o eixo desembocadura do Ulla-Dozón-Pedrafita. Ao norte desa liña imaxinaria na maioría dos concellos os montes públicos e comunais ocupaban menos do 25% da superficie; sendo só de mencionar como excepcións claras o Barbanza e certos municipios da montaña de Lugo (A Fonsagrada, Navia, Cervantes). Mentres que ao sur desa liña a porcentaxe da superficie ocupada polos montes comúns superaba na maioría dos concellos o 50%, alcanzando nalgunhas zonas (como a Baixa Limia e o extremo sudoriental de Ourense) valores superiores ao 75% (Figura 5a).

A maior ou menor porcentaxe do territorio ocupada polos montes comúns, unida ás diferenzas nas densidades demográficas, determinaban os contrastes existentes en canto á superficie media das explotacións individuais. Nas comarcas do norte e centro de Galicia esa superficie media era en xeral superior a 4 ha, coa única excepción de certas áreas do litoral da provincia de A Coruña. Mentres que no terzo meridional este tamaño situábase na maioría dos concellos, excepto os de montaña, por baixo dese limiar.


Examinando os datos con maior detalle, dentro da metade setentrional nas áreas de Bergantiños, Mariña e o extremo noroccidental a dimensión media baixaba a 2-4 ha, e no Golfo Ártabro a entre 1 e 2 ha. No resto do centro e norte de Galicia a cifra superaba en todos os concellos as 4 ha e nalgúns as 8 ha. Pola súa parte, dentro do terzo meridional o minifundismo era especialmente acusado nas Rías Baixas, Baixo Miño, Ribeiro e contorna da cidade de Ourense, cunha superficie media por explotación inferior a 2 ha. No resto das comarcas ese tamaño oscilaba en xeral entre 2 e 4 ha; coa excepción dalgunhas zonas montañosas, nas que as densidades demográficas moi baixas facían que, ocupando os montes públicos e comunais máis do 50% do territorio, o tamaño medio das explotacións individuais superara as 4 ha (Figura 5b).

Figura 5. Porcentaxe da superficie censada ocupada por montes públicos e comunais, e superficie media das explotacións individuais. Datos a nivel municipal 1962

a. Porcentaxe da superficie ocupada por montes públicos e comunais



b. Superficie media das explotacións individuais (ha)



Fonte: López Iglesias (1994), en base ao Censo agrario de 1962.

3.2.2. A distribución da propiedade da terra (1959)

Para a análise da distribución da propiedade da terra empregamos os datos do Catastro de Rústica, concretamente a recompilación referida á superficie catastrada a 31 de decembro de 1959 publicada por García-Badell (García-Badell, 1960). O primeiro a ter en conta é que nesa data faltaba aínda por catastrar o 10% do territorio de Galicia. A iso hai que unir os problemas xa coñecidos que presentan os datos do Catastro: o feito de que a información sexa recollida por municipios leva a que se unha persoa ten terras en varios concellos sexa rexistrada varias veces como propietario; por outro lado, segundo a data na que foi recollida a información, os datos de 1959 podían presentar deficiencias en canto á súa actualización. Con esas salvedades, os datos que imos comentar ofrecen unha aproximación aceptable e suficientemente fiable á estrutura da propiedade da terra existente no medio rural galego a finais da década de 1950 (López Iglesias, 1994).

3.2.2.1. Datos para o conxunto de Galicia

A superficie rústica de Galicia estaba distribuída en 1959 entre preto de 1.200.000 propietarios, cunha extensión media por propietario de 2,36 ha, pouco máis de un terzo da media española (7,14 ha). Por estratos, constatábase un predominio abrumador dos moi pequenos propietarios: o 70% (835.000) tiñan menos de 1 ha, e dentro deles a grande maioría (654.000, o 54,8%) non chegaban a media hectárea. Se a eles sumamos os situados entre 1 e 5 ha, obtemos que o 92% das propiedades estaban por baixo de 5 ha (Cadro 8).

Sentada esa característica principal, convén mencionar porén a existencia dun número considerable de propiedades entre 5 e 10 ha (58.000) e tamén do que podemos catalogar de propiedades medias, de 10-50 ha (36.000). Esa presenza relevante de medianos propietarios aparecía escurecida polo altísimo número de micropropiedades, pero constitúe un feito a sinalar. En cambio, a cifra de propietarios que posuían máis de 50 ha era moi reducida, non chegando aos 2.000, o 0,2% do total (Cadro 8)

Cadro 8. Distribución da propiedade da terra en Galicia 1959

NÚMERO DE PROPIETARIOS		
Tamaño da propiedade (ha)	Número de propietarios	Distribución en porcentaxe
< 0,5	653.854	54,85%
0,5-1	180.818	15,17%
1-5	261.054	21,90%
5-10	58.257	4,89%
10-50	36.328	3,05%
50-100	1.189	0,10%
>= 100	670	0,06%
Total	1.192.170	100,00%

SUPERFICIE POSUÍDA (estimación)		
Tamaño da propiedade (ha)	Superficie (ha)	Distribución en porcentaxe
< 0,5	130.771	4,66%
0,5-1	126.572	4,51%
1-5	522.110	18,59%
5-10	407.798	14,52%
10-50	653.903	23,28%
50-100	83.203	2,96%
>= 100	884.820	31,50%
Total	2.809.177	100,00%
Superficie media por propietario	2,36	ha

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García-Badell y Abadía, G. (1960).

3.2.2.2. Estrutura da propiedade da terra por provincias

Os datos para o conxunto de Galicia escondían importantes diferenzas provinciais, paralelas en liñas xerais ás que vimos na dimensión das explotacións, e que se plasmaban na superficie media por propietario. Esta ascendía en Lugo a 4,62 ha, mentres que en A Coruña era de 2,09 ha, en Ourense de 2,17 e finalmente en Pontevedra limitábase a 1,37 ha (Cadro 9).

Cadro 9. Superficie imponible, número de propietarios e superficie media por propietario nas provincias galegas 1959

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Superficie imponible(ha)	746.190	945.067	692.894	425.026
Número de propietarios	357.455	204.651	319.840	310.224
Superficie media por propietario (ha)	2,09	4,62	2,17	1,37

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García-Badell y Abadía, G. (1960).

Esas medias constitúen, porén, un indicador moi imperfecto porque mesturan as terras de propiedade particular e as grandes unidades de titularidade pública ou colectiva. As diferenzas existentes entre as catro provincias aprécianse mellor se examinamos a distribución por estratos de tamaño (Cadro 10).

As dúas provincias meridionais tiñan como notas comúns: un predominio numérico moi forte das moi pequenas propiedades (as menores de 1 ha supoñían o 75%-80% do total); o elevado peso territorial dos montes públicos e comunais, especialmente en Ourense; e a reducida presenza das propiedades de 5-10 ha e sobre todo das de 10-50 ha. En contraste con iso, nas dúas provincias setentrionais a estrutura da propiedade caracterizábase por: unha porcentaxe do territorio moito menor ocupada polos montes públicos e comunais; un menor peso das propiedades inferiores a 1 ha; e un papel moito máis relevante das propiedades medianas e pequenas-medianas, as situadas entre 5 e 50 ha. As propiedades de 1-5 ha tiñan, finalmente, un peso bastante similar nas catro provincias (Cadro 10).

Cadro 10. Estrutura da propiedade da terra nas catro provincias galegas 1959

DISTRIBUCIÓN DOS PROPIETARIOS POR TAMAÑO DA PROPIEDAD				
Tamaño da propiedade (ha)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
< 0,5	56,29%	28,48%	63,91%	61,23%
0,5-1	12,88%	18,54%	12,46%	18,37%
1-5	21,37%	32,62%	20,65%	16,72%
5-10	5,05%	12,45%	2,38%	2,30%
10-50	4,18%	7,74%	0,51%	1,27%
50-100	0,17%	0,11%	0,05%	0,06%
>= 100	0,07%	0,07%	0,04%	0,04%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
	(357.455)	(204.651)	(319.840)	(310.224)

DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE ENTRE AS PROPIEDADES DOS DIFERENTES TAMAÑOS (cifras estimadas)				
Tamaño da propiedade (ha)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
< 0,5	5,39%	1,23%	5,90%	8,94%
0,5-1	4,32%	2,81%	4,03%	9,39%
1-5	20,47%	14,13%	19,06%	24,41%
5-10	16,92%	18,87%	7,68%	11,76%
10-50	36,03%	30,15%	4,22%	16,67%
50-100	5,70%	1,73%	1,75%	2,87%
>= 100	11,16%	31,08%	57,37%	25,96%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
(Total ha)	(746.190)	(945.067)	(692.894)	(425.026)

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García-Badell y Abadía (1960).

3.2.2.3. Relación entre a estrutura da propiedade e a das explotacións agrarias

O número de explotacións censadas en 1962 (421.000) era aproximadamente un terzo da cifra de propietarios (1.192.000); e de modo simétrico a superficie media por explotación (5,75 ha) case triplicaba a posuída por cada propietario (2,36 ha). (Cadro 11). En suma, pois, podemos concluir que cada explotación estaba composta por termo medio polas terras de 2,8 propietarios distintos. Resultado global que aparece confirmado polos estudos realizados nesas datas para algunhas comarcas galegas (García de Oteyza, Bueno, Cruz, 1963).

Cadro 11. Comparación entre a dimensión media da propiedade e da explotación. Galicia 1959/1962

	Propiedades	Explotacións
	(1959)	(1962)
Número total de unidades	1.192.170	421.292
Superficie media (ha)	2,36	5,75

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García-Badell (1960) e Censo agrario 1962.

Á hora de comparar unhas e outras cifras hai que ter presente que a superficie contabilizada no Censo agrario de 1962 era inferior en 400.000 ha á rexistrada no Catastro; o que implica que unha parte das propiedades catastradas non estaban integradas en explotacións agrarias. Figuraban aquí

con toda probabilidade moitas micropropiedades abandonadas e grandes extensións forestais, tanto de propiedade particular como pertencentes a montes comunais (Bouhier, 1979).

Analizando con maior detalle os datos, obsérvase que o número de propiedades era superior ao de explotacións en todos os intervalos de tamaño, coa única excepción (pouco significativa numericamente) das maiores de 100 ha. E o mesmo sucedía para a superficie ocupada polas propiedades e explotacións dos diferentes estratos. A maior diferenza rexistrábase nos estratos de menor dimensión: as explotacións menores de 0,5 ha supoñían só o 13% das propiedades dese tamaño, e no intervalo de 0,5 a 1 ha esa porcentaxe limitábase ao 33%. Mentres que esa relación elevábase ata valores próximos ou superiores ao 90% nos estratos entre 5 e 50 ha (Cadro 12).

Cadro 12. Comparación entre a estrutura da propiedade da terra e a estrutura das explotacións agrarias. Galicia 1959/1962

COMPARACIÓN ENTRE O NÚMERO DE PROPIEDADES E DE EXPLOTACIÓNS POR TAMAÑOS				
Tamaño (ha)	Número de propiedades (A)	Número de explotacións (B)	A-B	B/A (%)
< 0,5	653.854	85.174	568.680	13,03%
0,5-1	180.818	61.116	119.702	33,80%
1-5	261.054	184.957	76.097	70,85%
5-10	58.257	56.549	1.708	97,07%
10-50	36.328	32.224	4.104	88,70%
50-100	1.189	500	689	42,05%
>=100	670	772	-102	115,22%
Total	1.192.170	421.292	770.878	35,34%

COMPARACIÓN ENTRE A SUPERFICIE OCUPADA POLAS PROPIEDADES E AS EXPLOTACIÓNS DE CADA TAMAÑO				
Tamaño (ha)	Superficie de propiedades (A)	Superficie de explotacións (B)	A-B	B/A (%)
< 0,5	130.771	19.964	110.807	15,27%
0,5-1	126.572	42.481	84.091	33,56%
1-5	522.110	452.826	69.284	86,73%
5-10	407.798	395.033	12.765	96,87%
10-50	653.903	523.305	130.598	80,03%
50-100	83.203	32.109	51.094	38,59%
>=100	884.820	958.260	-73.440	108,30%
Total	2.809.177	2.424.007	385.170	86,29%

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García-Badell (1960) e Censo agrario 1962.

A interpretación que cabe facer deses datos é que a inmensa maioría das propiedades inferiores a 1 ha non constituían a base dunha unidade produtiva, senón que estaban integradas en explotacións que agrupaban as terras de varios propietarios. Mentres que a correspondencia entre propiedade e explotación era moito maior no intervalo de 1-5 ha e sobre todo nos situados entre 5 e 50 ha. Finalmente, aínda que as cifras absolutas son pequenas, hai que destacar que no estrato de 50-100 ha o número de propiedades volvía ser de novo moi superior ao de explotacións; o que neste caso se correspondía con patrimonios de propietarios absentistas que estaban con frecuencia divididos en dúas ou máis explotacións traballadas por arrendatarios ou caseiros (López Iglesias, 1994; Bouhier, 1979).

En suma, pois, os datos indican que por termo medio cada explotación estaba integrada polas terras de 2,8 propietarios. O panorama reproducíase nas catro provincias aínda que con certos matices, entre os que debemos destacar que o ratio propietarios/ explotacións alcanzaba o valor máis elevado en Ourense (3,4) e o máis baixo en Lugo (2,2) (Cadro 13). Esas diverxencias presentan unha clara correlación co que sabemos sobre os sistemas hereditarios: o predominio tradicional das *partillas*, do reparto igualitario entre todos os herdeiros, na maior parte da provincia de Ourense; en contraste coa presenza xeneralizada da *mellora* nas comarcas da provincia de Lugo, o que freaba a fragmentación da propiedade da terra (López Iglesias, 1991).

Cadro 13. Número e dimensión media das propiedades e as explotacións nas provincias galegas. 1959/1962

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1. Número de propietarios	357.455	204.651	319.840	310.224
2. Número de explotacións	127.445	91.358	94.184	108.305
1/2	2,8	2,2	3,4	2,9
3. Superficie media das propiedades (ha)	2,09	4,62	2,17	1,37
4. Superficie media das explotacións (ha)	4,55	9,13	7,02	3,23
4/3	2,2	2,0	3,2	2,4

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García-Badell (1960) e Censo agrario 1962.

3.2.3. Os réximes de tenencia da terra 1950/1962

Neste apartado imos examinar os modos de tenencia da terra. Con isto, unido ao visto nas páxinas anteriores, teremos unha imaxe relativamente precisa das relacións que existían entre propiedade e explotación. Comezaremos analizando a importancia global que tiñan en Galicia os diversos modos de tenencia da terra a mediados do século XX, para logo ver as diverxencias que se constataban segundo o tamaño das explotacións e finalmente as disparidades existentes dentro da xeografía galega.

Como é sabido, os réximes ou modos de tenencia definen a relación que existe entre o empresario agrario e o propietario das terras que forman a explotación. Neste aspecto poden distinguirse dúas grandes situacións: a tenencia directa ou en propiedade, na que o empresario é o propietario das terras que traballa; a tenencia indirecta, que se dá cando todas ou parte das terras que integran a explotación non pertencen ao empresario senón a outra persoa, que lle cede o dereito de uso sobre as mesmas a cambio dunha contra prestación. Dentro da tenencia indirecta é habitual diferenciar dúas modalidades principais ou tipos de contratos: o arrendamento, no que o propietario límitase á cesión da terra por un período de duración variable, a cambio dunha renda fixa; e a aparcería, na que o propietario participa nos gastos da explotación e a contra prestación será unha proporción do produto obtido.

Polo tanto, propiedade ou tenencia directa, arrendamento e aparcería son os tres modos de tenencia da terra considerados habitualmente. A eles cabe engadir unha cuarta rúbrica, incluída con frecuencia nos estudos e nas estatísticas, normalmente baixo o rótulo de “outros réximes de tenencia”, onde se clasifican aquelas situacións que non encaixan en ningún dos tres grupos citados (Sevilla e Gámiz, 1971).

3.2.3.1. Peso global dos diferentes réximes de tenencia da terra en Galicia

O mellor documento estatístico para a análise dos réximes de tenencia a mediados do século XX, en Galicia e en España, é o Censo agrario de 1962. Pero, de modo complementario, contamos con algunhas estatísticas anteriores que permiten aproximarse ás tendencias no período 1950-1962. Concretamente, a primeira estatística sobre réximes de tenencia da terra en España foi realizada en 1950 polo *Instituto de Estudios Agro-Sociales* (García de Oteyza, 1952), aportando uns datos que non son totalmente precisos pero teñen utilidade como primeira aproximación. A iso cabe engadir a información procedente das *Encuestas agropecuarias* de 1953 e 1956 (Cadro 14).

Cadro 14. Distribución dos titulares de explotacións segundo o réxime de tenencia das terras. Galicia 1950-1956

	1950	1953	1956
Propietarios	61,20%	71,80%	72,30%
Arrendatarios	27,80%	20,40%	20,10%
Aparceiros	10,90%	7,80%	7,60%

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García de Oteyza (1952) e Encuesta agropecuaria de 1953 e 1956 da Junta Nacional de Hermandades/Servicio Sindical de Estadística.

O panorama xeral que ofrecen esas tres fontes para Galicia é bastante similar, e pode resumirse en que a maioría dos titulares de explotación no noso agro eran propietarios, pero o seu predominio non era tan esmagador como suxire a imaxe máis estendida, constatándose unha proporción considerable de agricultores que traballaban terras pertencentes a outros propietarios. Dentro destes últimos, o número máis elevado correspondía a arrendatarios (20%-27% do total), pero a cifra de aparceriros tampouco era irrelevante (7%-11%). En conxunto, pois, entre a cuarta parte e un terzo dos titulares de explotación traballaban principal ou exclusivamente terras de propiedade allea, a maioría en arrendamento. O que ven matizar a imaxe arquetípica do agro galego destes anos como unha agricultura de pequenos agricultores propietarios (Cadro 14).

Das tres estatísticas citadas, só a primeira, a do *Instituto de Estudios Agro-Sociales* para 1950, subministra datos sobre a superficie explotada en cada réxime. Segundo eses datos, das 605.600 ha cultivadas que se contabilizaban en Galicia eran traballadas directamente polo seu propietario o 67,3%, o 21,8% estaban en arrendamento e o 11,0% en aparcería (Cadro 15). Tendo en conta que as cifras corresponden á superficie cultivada, onde a importancia dos réximes de tenencia indirecta é normalmente maior que para os prados e o monte, pode estimarse que da superficie total das explotacións galegas en 1950 era traballada en propiedade o 75%-80%, en arrendamento o 10%-15% e en aparcería un 5-10% (López Iglesias, 1994).

Cadro 15. Distribución da superficie cultivada das explotacións por réximes de tenencia. Galicia 1950

	Superficie (ha)	%
Tenencia directa	407.400	67,27%
Arrendamento	131.850	21,77%
Aparcería	66.350	10,96%
Total	605.600	100,0%

Fonte: López Iglesias (1994), a partir de García de Oteyza (1952).

Se agora pasamos aos resultados do Censo agrario de 1962, que merecen en principio maior fiabilidade, os datos para o total da superficie censada indican que o 72,9% das terras eran traballadas en tenencia directa; o peso do arrendamento limitábase ao 5,6%, o da aparcería ao 3,5% e destacaba o 18,0% clasificado noutros réximes de tenencia (Cadro 16). Agora ben, debemos ter en conta que aí figuran non só as terras de propiedade particular senón tamén as de propiedade pública e colectiva. Se excluimos as explotacións censadas maiores de 100 ha, que como vimos anteriormente poden identificarse nesa estatística cos montes comúns, o panorama que obtemos para a superficie das explotacións agrarias *propriadamente ditas* é algo diferente, ao desaparecer a grande maioría das terras noutros réximes. Concretamente, as superficies traballadas en tenencia directa eran o 82,3%, en arrendamento o 9,1%, en aparcería o 5,0% e noutros réximes o 3,6% (Cadro 16).

Cadro 16. Distribución da superficie das explotacións agrarias por réximes de tenencia. Galicia Censo agrario de 1962

A. TOTAL DE SUPERFICIE CENSADA (nas explotacións de todos os tamaños)		
	Superficie (ha)	%
Tenencia directa	1.766.818	72,89%
Arrendamento	136.912	5,65%
Aparcería	84.790	3,50%
Outros réximes de tenencia	435.487	17,97%
Total	2.424.007	100,00%
B. SUPERFICIE CENSADA NAS EXPLOTACIÓNS DE TAMAÑO INFERIOR A 100 ha (explotacións agrarias <i>propriadamente ditas</i>)		
	Superficie (ha)	%
Tenencia directa	1.206.015	82,28%
Arrendamento	133.979	9,14%
Aparcería	72.781	4,97%
Outros réximes de tenencia	52.972	3,61%
Total	1.465.747	100,00%

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

Aínda que a comparación coas estatísticas que vimos anteriormente para 1950-1956 debe efectuarse con moita cautela, estes datos suxiren que no período 1950-1962 diminuíu na agricultura galega o volume de terras arrendadas e en aparcería, reforzándose o predominio das traballadas en propiedade. Esta conclusión, que suxiren as estatísticas dispoñibles, é avalada polo que apuntan diversos autores a partir da observación sobre o terreo. Por exemplo, Bouhier (1979) sinala a relevancia na década de 1950 en diferentes comarcas da adquisición polos caseiros da propiedade das terras que viñan explotando en aparcería. E no mesmo sentido Iturra (1988), no seu traballo sobre a parroquia de Vilatuxe (Lalín), constata o importante proceso de compras de terras polos agricultores nos anos 1940-1960, financiadas en boa medida coas remesas enviadas polos emigrantes.

Podemos concluír, pois, que a evolución rexistrada polos modos de tenencia no decenio de 1950 veu prolongar as tendencias do primeiro terzo do século: o progresivo acceso do campesiñado á propiedade da terra, agora mediante compras que viñeron complementar a conquista da propiedade a través da redención foral. Como consecuencia, á altura de 1962 máis do 80% da superficie das explotacións era traballada en propiedade; aínda que cómpre

mencionar a presenza non despreziable que mantiñan os réximes de tenencia indirectos: 9,1% da superficie en arrendamento e 5,0% en aparcería, o que en cifras absolutas supoñía unhas 207.000 ha nestes réximes (Cadro 16).

3.2.3.2. Diferenzas segundo o tamaño das explotacións

Se examinamos os réximes de tenencia segundo o tamaño das explotacións, centrándonos só nas explotacións *propriamente ditas* (as menores de 100 ha), obtemos o panorama resumido no Cadro 17. A porcentaxe da superficie en tenencia directa superaba en todos os estratos o 80%, aínda que con certas diferenzas: o valor máis baixo (80,6%) alcanzábase nas unidades de menor dimensión, as que contaban con menos de 1 ha, tendendo en xeral a elevarse co incremento do tamaño ata alcanzar o seu máximo (84,0%) nas de 20-50 ha.

Iso correspondíase cunha evolución oposta do peso do arrendamento: este alcanzaba a súa maior importancia relativa (12,1% da superficie) nas explotacións de tamaño inferior a 1 ha, diminuindo esa porcentaxe de forma regular co aumento do tamaño ata rexistrar os valores máis baixos nas unidades de dimensión media e media-grande, as de 20-50 ha (7,1%) e 50-100 ha (7,4%). As diferenzas eran menores e cun perfil moi distinto no caso da aparcería: a porcentaxe de terras neste réxime seguía a forma dunha U invertida, rexistrando os valores máis baixos (en torno ao 4%) nas moi pequenas explotacións (as menores de 1 ha e as 1-5 ha) e nas grandes (50-100 ha); mentres que a maior presenza deste modo de tenencia dábase nas explotacións medias de 10-20 ha (6,2%). Podemos afirmar pois que, deses dous réximes de tenencia indirecta, o arrendamento alcanzaba o maior peso relativo nas pequenas e moi pequenas explotacións, correspondendo a agricultores con moi poucas ou sen terras en propiedade que debían complementar estas con superficies arrendadas. Mentres que a aparcería era máis característica das explotacións medias. Finalmente, a rúbrica de “outros réximes de tenencia” tiña un peso similar en todos os estratos, entre 3,0% e 3,5% da superficie; cifra que só se elevaba ata o 7,0% nas de 50-100 ha, feito ligado seguramente á inclusión aquí dalgúns montes comunais (posto que esa porcentaxe ascendía despois ao 39,9% nas explotacións censadas maiores de 100 ha) (Cadro 17).

Cadro 17. Réximes de tenencia da terra segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1962

I. CIFRAS ABSOLUTAS (ha)					
Tamaño das explotacións (sup. total)	Superficie total	Tenencia directa	Arrendamento	Aparcería	Outros réximes
< 1	62.445	50.351	7.569	2.706	1.819
1-5	452.826	373.959	44.432	17.750	16.685
5-10	395.033	321.956	38.558	19.906	14.613
10-20	352.135	289.699	28.812	21.940	11.684
20-50	171.190	143.885	12.227	9.169	5.909
50-100	32.118	26.165	2.381	1.310	2.262
Total explotacións agrarias	1.465.747	1.206.015	133.979	72.781	52.972
Montes comúns (expl >= 100 ha)	958.260	560.803	2.933	12.009	382.515
Total censado	2.424.007	1.766.818	136.912	84.790	435.487

II. PORCENTAXES HORIZONTAIS

Tamaño das explotacións (sup. total ha)	Superficie total	Tenencia directa	Arrendamento	Aparcería	Outros réximes
< 1	100,00%	80,63%	12,12%	4,33%	2,91%
1-5	100,00%	82,58%	9,81%	3,92%	3,68%
5-10	100,00%	81,50%	9,76%	5,04%	3,70%
10-20	100,00%	82,27%	8,18%	6,23%	3,32%
20-50	100,00%	84,05%	7,14%	5,36%	3,45%
50-100	100,00%	81,47%	7,41%	4,08%	7,04%
Total explotacións agrarias	100,00%	82,28%	9,14%	4,97%	3,61%
Montes comúns (expl>=100 ha)	100,00%	58,52%	0,31%	1,25%	39,92%
Total censado	100,00%	72,89%	5,65%	3,50%	17,97%

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

Para complementar os datos anteriores, referidos ao peso da superficie nos diferentes réximes, é de grande interese examinar a clasificación das explotacións segundo os modos de tenencia das súas terras. O Censo agrario de 1962 clasifica desde este punto de vista as explotacións en nove grupos: catro correspondentes ás unidades con réximes de tenencia puros, isto é, con todas as terras no mesmo réxime (propiedade, arrendamento, aparcería ou outros réximes); outros catro corresponden ás explotacións con réximes mixtos (terras en máis dun modo de tenencia) que teñen máis do 50% da superficie nalgún deles (propiedade, arrendamento, aparcería ou outros réximes); finalmente a novena rúbrica inclúe as explotacións nas que ningún réxime supera o 50% da superficie (Cadro 18).

Neses datos podemos observar que só o 60,8% das explotacións tiñan a totalidade das súas terras en tenencia directa; o restante 40% traballaban polo menos parte das superficies baixo algunha forma de cesión. Dentro deste amplo colectivo (en cifras absolutas comprendía unhas 165.000 unidades produtivas), podemos diferenciar tres grandes conxuntos:

- As unidades nas que a maioría da superficie era traballada en propiedade pero que complementaban esta con terras en réximes indirectos. Este grupo (con máis do 50% das terras en propiedade) supoñía o 21,3% do total.
- As explotacións en tenencia indirecta pura, aquelas con todas as terras nun réxime indirecto. Aquí estaban o 8,0% do total: o 5,2% con todas as terras en arrendamento, o 1,7% en aparcería e o 1,1% noutros réximes.
- O terceiro conxunto era o integrado polas explotacións coa maioría das terras nalgún modo de tenencia indirecto ou sen ningún réxime que superara o 50%. Figuraban aquí o 9,8% do total, sendo de salientar o 4,2% que tiñan a maioría da superficie arrendada e o 1,8% en aparcería (Cadro 18).

Cadro 18. Número de explotacións agrarias segundo o réxime de tenencia das terras. Galicia 1962

	Número	%
Explotacións con todas as terras nun réxime de tenencia		
Explot. con todas as terras en propiedade	255.840	60,84%
Explot. con todas as terras en arrendamento	21.984	5,23%
Explot. con todas as terras en aparcería	7.103	1,69%
Explot. con todas as terras noutros réximes	4.477	1,06%
Subtotal	289.404	68,82%
Explotacións con terras en máis dun réxime		
Mais do 50% das terras en propiedade	89.589	21,30%
Mais do 50% das terras en arrendamento	17.805	4,23%
Mais do 50% das terras en aparcería	7.519	1,79%
Mais do 50% das terras noutros réximes	6.920	1,65%
Outros casos (sen ningún réxime dominante)	9.283	2,21%
Subtotal	131.116	31,18%
Total explotacións agrarias	420.520	100,00%

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.


Se analizamos o peso relativo dos réximes de tenencia puros e mixtos por estratos de tamaño, obtemos a imaxe recollida na Figura 6. Podemos observar que a porcentaxe de explotacións con toda a superficie nun único réxime alcanzaba os valores máis elevados nos estratos extremos: as menores de 1 ha (80,4%) e as de 50-100 ha (83,8%). Mentres que a combinación de terras baixo diferentes modos de tenencia era especialmente frecuente nas que podemos cualificar de pequenas e moi pequenas explotacións: case o 40% das de 1-5 ha e 5-10 ha (Figura 6).

De todos eses datos podemos extraer dúas conclusións: a porcentaxe das explotacións que no agro galego contaban con terras arrendadas ou en aparcería era moi superior ao peso destes réximes na superficie total, un 20% das explotacións tiñan algún réxime indirecto, pero con máis do 50% da superficie en propiedade (Cadro 18); desas explotacións só unha minoría estaban formadas integramente por terras en réximes indirectos, sendo moito máis frecuente a combinación de superficies en propiedade con outras en aparcería e sobre todo en arrendamento.

Por outro lado, hai que destacar a diferente funcionalidade que cumprían o arrendamento e a aparcería. Neste sentido, Sevilla Guzmán e Gámiz (1971) apuntan para o conxunto de España que o arrendamento dábase principalmente en explotacións que tiñan tamén terras noutros réximes, mentres que a aparcería correspondía maioritariamente a unidades de produción en aparcería pura. Pois ben, iso cumpríase tamén no caso de Galicia: segundo o Censo agrario de 1962, o 61,7% da superficie en aparcería estaba en explotacións con todas as terras neste réxime, mentres que para o arrendamento esa porcentaxe baixaba ao 35,4%. Polo tanto, a aparcería era unha fórmula de cesión utilizada principalmente para a posta en cultivo de propiedades pertencentes a non agricultores, dando lugar a explotacións en aparcería pura;

mentres que o arrendamento tiña como papel máis frecuente o de posibilitar que agricultores cunha insuficiencia de terras propias complementaran estas con algunhas fincas arrendadas.

Figura 6. Explotacións en réximes de tenencia puros e mixtos por estratos de tamaño. Galicia 1962



Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

3.2.3.3. Datos a nivel provincial e municipal

Os datos para o conxunto de Galicia escondían importantes diferenzas xeográficas, que se observan xa nas cifras do Censo agrario de 1962 por provincias pero quedan máis claramente de manifesto ao descender a nivel municipal.

Os modos de tenencia da terra por provincias

Nas catro provincias era claro o predominio da tenencia directa (máis do 75% da superficie total das explotacións). Pero con importantes diferenzas dunhas a outras: o predominio das terras traballadas en propiedade era especialmente acusado nas provincias meridionais, Ourense (88,8%) e Pontevedra (88,5%); mentres que esa porcentaxe baixaba en Lugo ao 82,9%, en torno á media galega, e en A Coruña limitábase ao 75,6% (Cadro 19).

Esas diferenzas correspondíanse principalmente coa presenza moi desigual do arrendamento. A porcentaxe da superficie explotada neste réxime era só do 2,7% en Pontevedra e o 3,8% en Ourense; en tanto que se elevaba de modo considerable nas dúas provincias setentrionais, en Lugo (8,9%) e especialmente en A Coruña (14,8%). A aparcería rexistraba, en cambio, un peso similar. E as diferenzas neste caso non se correspondían cunha oposición entre provincias setentrionais e meridionais, senón entre as occidentais e as orientais: a porcentaxe da superficie neste réxime situábase en torno ao 6% nas primeiras (6,5% en A Coruña e 5,6% en Pontevedra), baixando nas dúas orientais a aproximadamente o 4% (4,1% en Lugo, 3,7% en Ourense) (Cadro 19).

Cadro 19. Distribución da superficie das explotacións por réximes de tenencia nas provincias galegas 1962 (cifras referidas ás explotacións agrarias *propriamente ditas*)(1)

A. SUPERFICIE EN CADA RÉXIME (ha)				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Tenencia directa	357.266	458.572	233.536	156.641
Arrendamento	70.026	49.161	9.924	4.868
Aparcería	30.660	22.528	9.688	9.905
Outros réximes de tenencia	14.586	22.904	9.847	5.635
Total	472.538	553.165	262.995	177.049

B. DISTRIBUCIÓN EN %				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Tenencia directa	75,61%	82,90%	88,80%	88,47%
Arrendamento	14,82%	8,89%	3,77%	2,75%
Aparcería	6,49%	4,07%	3,68%	5,59%
Outros réximes de tenencia	3,09%	4,14%	3,74%	3,18%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

(1) É dicir, está excluída a superficie das explotacións censadas de tamaño igual ou superior a 100 ha.
 Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.

O predominio máis acusado das terras traballadas en propiedade nas dúas provincias meridionais reflectíase tamén nun dominio moito maior das explotacións en tenencia directa pura. Estas supoñían case os tres cuartos do total en Ourense (72,9%) e Pontevedra (72,0%); mentres que en Lugo a porcentaxe baixaba o 54,7% e en A Coruña ao 46,8%. Noutras palabras, nas dúas provincias setentrionais as explotacións nas que o agricultor era propietario de todas as terras que traballaba eran só en torno á metade. Isto correspondíase cunha presenza moi importante nestas provincias de explotacións en arrendamento ou aparcería pura, e sobre todo de unidades que combinaban terras en propiedade con outras en réximes indirectos (Cadro 20).

Podemos concluír que a imaxe difundida habitualmente, dunha estrutura de agricultores-proprietarios, era válida en liñas xerais para a metade meridional de Galicia; pero presentaba moitos máis matices na provincia de Lugo e sobre todo na de A Coruña. Como imos ver a continuación, a necesidade deses matices refórzase cando descendemos aos datos a nivel municipal.

Cadro 20. Distribución das explotacións agrarias segundo o réxime de tenencia das terras. Datos por provincias 1962

A. CIFRAS ABSOLUTAS (número de explotacións en cada grupo)				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Explotacións con todas as terras nun réxime de tenencia				
1. Todo en propiedade	59.601	49.905	68.438	77.896
2. Todo en arrendamento	13.696	6.117	671	1.500
3. Todo en aparcería	2.914	1.448	740	2.001
4. Todo noutros réximes	1.479	1.339	739	920
Subtotal	77.690	58.809	70.588	82.317

Explotacións con terras en máis dun réxime				
5. Máis do 50% en propiedade	31.242	23.496	17.069	17.782
6. Máis do 50% en arrendamento	10.403	4.585	1.222	1.595
7. Máis do 50% en aparcería	2.558	882	1.528	2.551
8. Máis do 50% noutros réximes	1.642	2.037	1.928	1.313
9. Outros casos (sen ningún réxime dominante)	3.782	1.389	1.520	2.592
Subtotal	49.627	32.389	23.267	25.833

Total explotacións agrarias	127.317	91.198	93.855	108.150
-----------------------------	---------	--------	--------	---------

B. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Explotacións con todas as terras nun réxime de tenencia				
1. Todo en propiedade	46,81%	54,72%	72,92%	72,03%
2. Todo en arrendamento	10,76%	6,71%	0,71%	1,39%
3. Todo en aparcería	2,29%	1,59%	0,79%	1,85%
4. Todo noutros réximes	1,16%	1,47%	0,79%	0,85%
Subtotal	61,02%	64,48%	75,21%	76,11%

Explotacións con terras en máis dun réxime				
5. Máis do 50% en propiedade	24,54%	25,76%	18,19%	16,44%
6. Máis do 50% en arrendamento	8,17%	5,03%	1,30%	1,47%
7. Máis do 50% en aparcería	2,01%	0,97%	1,63%	2,36%
8. Máis do 50% noutros réximes	1,29%	2,23%	2,05%	1,21%
9. Outros casos (sen ningún réxime dominante)	2,97%	1,52%	1,62%	2,40%
Subtotal	38,98%	35,52%	24,79%	23,89%
Total explotacións agrarias	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: INE, Censo agrario de España 1962. Elaboración propia.


Datos sobre os réximes de tenencia a nivel municipal

O aspecto de maior interese, no que imos centrar aquí a atención, refírese ao peso que tiñan os réximes de tenencia indirectos. No mapa da Figura 7 está representada a porcentaxe que supoñían as terras en arrendamento e aparcería sobre a superficie total censada en cada concello segundo o Censo agrario de 1962.

Podemos observar que estes réximes de tenencia indirectos presentaban unha distribución xeográfica moi definida, concentrándose esencialmente ao norte dunha liña imaxinaria que unía Vimianzo, A Estrada, Lalín, Carballedo e Pedrafita. Ao sur desta liña a porcentaxe da superficie en arrendamento e aparcería era moi reducida, non acadando na maioría dos municipios o 5%. As únicas excepcións eran certas áreas do Salnés e do Baixo Miño na provincia de Pontevedra e algún concello illado da provincia de Ourense. En cambio, ao norte da citada liña a maioría dos concellos rexistraban valores superiores ao 5%, alcanzando cifras relativamente altas en determinadas comarcas. Destacaba neste sentido unha área do interior da provincia de A Coruña, que se estendía desde as Mariñas e Oroso ata o Ulla e o límite con

Lugo. En todos os concellos aquí incluídos as terras traballadas en arrendamento e aparcería superaban o 30% do total, con valores especialmente elevados nalgúns deles: Betanzos (52,8%), Boimorto (54,2%), Abegondo (55,3%), Cesuras (57,3%), Mesía (58,3) e Vilasantar (63,3%) (Figura 7). Nesta parte do territorio galego a figura dominante non era pois a dos agricultores-propietarios, senón a dos arrendatarios ou aparceiros (caseiros).

Figura 7. Porcentaxe da superficie censada en arrendamento e aparcería a nivel municipal. Galicia 1962




Fonte: López Iglesias (1994) a partir de Censo agrario 1962.

Nos mapas reproducidos na Figura 8 poden verse de forma separada os datos referidos ao arrendamento e á aparcería. O arrendamento localizábase principalmente en dúas áreas: por un lado, o interior de A Coruña desde as Mariñas ata o Tambre, con porcentaxes superiores ao 20% da superficie, cunha prolongación para Bergantiños; polo outro, o terzo norte da provincia de Lugo, onde a proporción de terras arrendadas oscilaba en xeral entre o 10% e o 20%. No que respecta á aparcería, esta alcanzaba o maior peso (por encima do 10% e mesmo do 20%) nunha franxa situada inmediatamente ao sur das áreas citadas: o eixo O Pino-Frades-Melide-Santiso, que se prolongaba na provincia de Lugo por Palas de Rei, Antas de Ulla e Monterroso (Figura 8).


Figura 8. Porcentaxe de superficie en arrendamento e en aparcería a nivel municipal. Galicia 1962

a) Arrendamento



FONTE: I.N.E., Censos Agrarios de España 1962

b) Aparcería



FONTE: I.N.E., Censos Agrarios de España 1962

Fonte: López Iglesias (1994) a partir de Censo agrario 1962.



CAPÍTULO 4. A DINÁMICA DAS ESTRUTURAS AGRARIAS NAS DÉCADAS PREVIAS Á INTEGRACIÓN EUROPEA (1962-1989)

Unha vez perfilada a situación de partida a mediados do século XX, imos examinar neste capítulo a dinámica que experimentaron as estruturas agrarias en Galicia nas décadas previas á integración na Unión Europea. Concretamente, dado que a base estatística fundamental da nosa análise son os datos dos Censos agrarios, o período considerado será de 1962 (primeiro Censo agrario) a 1989 (o Censo máis próximo á entrada na daquela Comunidade Económica Europea, que se produciu, como é sabido, o 1 de xaneiro de 1986).

Como imos comprobar, dúas son as notas esenciais que definen a evolución nestes decenios: a lentitude do proceso de reestruturación das explotacións, da desaparición de unidades produtivas e o incremento paralelo da súa superficie media; e, no referido aos réximes de tenencia, o reforzamento do predominio da tenencia directa, ao reducirse a superficie traballada tanto en arrendamento como en aparcería.

4.1.MUDANZAS NA ESTRUCTURA DIMENSIONAL DAS EXPLOTACIÓNS; A LENTITUDE DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN

Como vimos no capítulo anterior, as estruturas agrarias configuradas en Galicia a mediados do século XX, aínda que con importantes diferenzas comarcais, caracterizábanse en conxunto pola reducida base territorial das explotacións e o seu elevado grao de parcelamento. Esas estruturas eran coherentes coa lóxica interna do sistema agrario e en particular con dous elementos centrais que o definían: a abundancia de man de obra e a rudimentariedade ou simplicidade dos instrumentos de traballo. As altas densidades demográficas no agro estaban na orixe da reducida superficie das explotacións. E, ao mesmo tempo, a abundancia de man de obra desincentivaba a introdución de novos instrumentos de traballo, introdución limitada tamén pola escaseza de numerario. Por outro lado, dada a tecnoloxía dispoñible, isto determinaba un límite relativamente baixo á extensión máxima que podía traballar unha familia, e facía que a fragmentación parcelaria non fora, dentro de certos límites, un problema. Nese sentido, como indica Villares (1982), se o “minifundio” era visto como un problema polos estudosos xa desde o século XIX, non sucedía o mesmo desde a perspectiva da lóxica interna do sistema agrario.

Todo iso mantén a súa validez ata finais dos anos 1950, pero nas décadas seguintes asistimos a profundos cambios que mudan por completo a situación. Nestas décadas, en concreto no período 1962-1989, iniciouse no agro galego unha acelerada diminución da man de obra, acompañada da introdución en cantidades crecentes de inputs correntes e bens de capital fixo de orixe industrial; en suma, produciuse un intenso proceso de substitución de traballo por capital. Como consecuencia diso, as estruturas agrarias configuradas historicamente deixaron de ser funcionais, ao aparecer como un obstáculo para a introdución e utilización rendible dos novos medios de traballo de orixe industrial, en particular da maquinaria. Polo que se facía

necesaria unha transformación en profundidade destas estruturas, en dous aspectos: a configuración de explotacións cunha maior superficie e a redución da fragmentación parcelaria. Estas transformacións, ademais de necesarias, eran agora posibles. En concreto, a forte diminución da poboación ocupada na agricultura fixo posible que, de modo similar ao observado noutros países, se producira unha diminución do número de explotacións e un incremento paralelo da súa superficie media (López Iglesias, 1994).

No presente capítulo trátase de aclarar en que medida os procesos que acabamos de sinalar se produciron realmente no período 1962-1989. A análise baséase nos datos dos Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989, complementados cos da *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* (EEEA) de 1987. A validez dos resultados depende da homoxeneidade dos datos. Esta homoxeneidade dáse en liñas xerais, excepto en aspectos secundarios, para os catro Censos agrarios considerados. Concretamente, no que respecta ao concepto de explotación agraria a definición do primeiro Censo mantense nos tres seguintes, variando só en aspectos secundarios; polo que as cifras son comparables. A única variación foi que no Censo de 1972 e posteriores son excluídas as explotacións cunha superficie inferior a 0,1 ha; problema fácil de emendar eliminándoas tamén nas cifras de 1962, como fixemos. Na EEEA de 1987, en cambio, seguindo a metodoloxía comunitaria, utilízase un concepto máis restritivo de explotación agraria. Só se inclúen aquelas unidades que cumpran algunha das seguintes condicións: que contén cunha Superficie Agraria Utilizada (SAU) igual ou superior a 1 ha; que teñan polo menos 0,2 ha de SAU de por cultivos hortícolas, froiteiras de regadío ou invernadoiros; ou que alcancen unha Marxe Bruta igual ou superior a 0,75 Unidades de Dimensión Europea (UDE). Por este motivo, cando comparemos as cifras dos Censos coas da EEEA de 1987 excluiremos de todos os datos as explotacións menores de 1 ha.

4.1.1. Evolución do número e superficie das explotacións 1962-1989

No período 1962-1989 a superficie total censada reduciuse en 207.000 ha (-8,5%); rexistrándose esta diminución tanto para os montes comúns, as explotacións censadas cun tamaño superior a 100 ha (-13,0%), como para a superficie das explotacións *propriamente ditas* (-5,6%) (Cadro 21).

Centrándonos nas explotacións *propriamente ditas* (aquelas de tamaño inferior a 100 ha), no Cadro 22 está resumida a evolución do seu número e superficie media. A desaparición dunha parte das explotacións e a transferencia das superficies que estas ocupaban a outras unidades de produción é o mecanismo que en todos os países europeos permitiu o axuste da estrutura das explotacións ás necesidades derivadas das mudanzas técnicas no sector. No caso galego a dinámica rexistrada no período 1962-1989 estivo acorde con esas tendencias, pero a magnitude dos cambios foi moi limitada. En concreto, segundo os Censos agrarios a desaparición de explotacións foi lenta, moito menor que a diminución da poboación ocupada agraria: o número de unidades produtivas só se reduciu nestas tres décadas nun 15,1% (de 420.520 en 1962 a 356.900 en 1989). Ademais iso acompañouse dunha contracción da superficie total censada nun 5,6% (de 1.465.700 ha en 1962 a 1.383.500 en 1989); o que cabe atribuír a que unha parte das terras liberadas polas explotacións desaparecidas quedaron abandonadas ou pasaron a usos urbanos ou forestais. O resultado foi que a superficie media por explotación só se incrementou nun 11,2%, de 3,49 a 3,88 ha (Cadro 22).

A dinámica temporal que indican os Censos resulta ademais sorprendente. Se nos fiamos destes datos, a desaparición e concentración de explotacións alcanzou a súa maior intensidade, aínda que esta fora moderada nunha perspectiva comparada, no período 1962-1972. Mentres que o proceso ralentizouse na década de 1970 e cesou case por completo nos anos 1980, decenio no que os Censos agrarios indican unha conxelación practicamente total do número e a superficie media das explotacións. De feito, se nos fixamos na superficie/explotación esta só se incrementou (de forma moderada) nos anos 1960, deixando paso a un completo estancamento nas dúas décadas seguintes (Cadro 22).

Cadro 21. Evolución da superficie total censada en Galicia 1962-1989

	Superficie censada (ha)			
	1962	1972	1982	1989
Explotacións agrarias	1.465.747	1.530.192	1.410.021	1.383.457
Montes comúns(1)	958.260	926.400	831.937	833.680
Total superficie censada (2)	2.424.007	2.456.592	2.241.958	2.217.137

	Variación (ha)			
	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Explotacións agrarias	64.445	-120.171	-26.564	-82.290
Montes comúns(1)	-31.860	-94.463	1.743	-124.580
Total superficie censada (2)	32.585	-214.634	-24.821	-206.870

	Variación en porcentaxe			
	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Explotacións agrarias	4,40%	-7,85%	-1,88%	-5,61%
Montes comúns(1)	-3,32%	-10,20%	0,21%	-13,00%
Total superficie censada (2)	1,34%	-8,74%	-1,11%	-8,53%

(1) Identificamos aquí con montes comúns as explotacións censadas de superficie igual ou superior a 100 ha, e con explotacións agrarias (individuais ou explotacións *propriadamente ditas*) as menores de 100 ha.

(2) O total refírese en todos os anos ás explotacións con terras de superficie $\geq 0,1$ ha.

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

Cadro 22. Evolución do número total de explotacións individuais e da superficie media por explotación (*). Galicia 1962-1989

	1962	1972	1982	1989
Número de explotacións	420.520	385.004	358.643	356.874
Superficie total (ha)	1.465.747	1.530.192	1.410.021	1.383.457
Superficie / explotación (ha)	3,49	3,97	3,93	3,88

VARIACIÓN EN CIFRAS ABSOLUTAS				
	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Número de explotacións	-35.516	-26.361	-1.769	-63.646
Superficie total (ha)	64.445	-120.171	-26.564	-82.290
Superficie / explotación (ha)	0,49	-0,04	-0,05	0,39

VARIACIÓN EN PORCENTAXE				
	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Número de explotacións	-8,45%	-6,85%	-0,49%	-15,14%
Superficie total	4,40%	-7,85%	-1,88%	-5,61%
Superficie / explotación	14,03%	-1,08%	-1,40%	11,22%

TAXAS DE VARIACIÓN ACUMULATIVA ANUAL				
	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Número de explotacións	-0,88%	-0,71%	-0,07%	-0,61%
Superficie total	0,43%	-0,81%	-0,27%	-0,21%
Superficie / explotación	1,32%	-0,11%	-0,20%	0,39%

(*) As cifras refírense ás explotacións con terras de tamaño inferior a 100 ha.

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

Agora ben, esas cifras agregadas están fortemente influídas pola evolución irregular e nada plausible que rexistran nos Censos agrarios as explotacións menores de 1 ha. O número destas explotacións, despois de sufrir un importante descenso entre 1962 e 1972, aumenta nos dous períodos intercensais seguintes, 1972-1982 e 1982-1989. Unha evolución irregular que deforma as tendencias resultantes para o total de explotacións. Por ese motivo, parecen máis fiables as cifras que se obteñen excluindo esas unidades de menor tamaño e limitándonos ás explotacións de superficie igual ou superior a 1 ha (López Iglesias, 1994) (Cadro 23).

Cadro 23. Evolución do número e superficie media das explotacións individuais de tamaño \geq 1 ha. Galicia 1962-1989

	1962	1972	1982	1989
Número de explotacións	274.230	275.944	237.072	223.803
Superficie total (ha)	1.403.302	1.479.200	1.357.533	1.324.453
Superficie / explotación (ha)	5,12	5,36	5,73	5,92

VARIACIÓN EN CIFRAS ABSOLUTAS

	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Número de explotacións	1.714	-38.872	-13.269	-50.427
Superficie total (ha)	75.898	-121.667	-33.080	-78.849
Superficie / explotación (ha)	0,24	0,37	0,19	0,80

VARIACIÓN EN PORCENTAXE

	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Número de explotacións	0,63%	-14,09%	-5,60%	-18,39%
Superficie total	5,41%	-8,23%	-2,44%	-5,62%
Superficie / explotación	4,75%	6,82%	3,35%	15,65%

TAXAS DE VARIACIÓN ACUMULATIVA ANUAL

	1962-72	1972-82	1982-89	1962-89
Número de explotacións	0,06%	-1,51%	-0,82%	-0,75%
Superficie total	0,53%	-0,85%	-0,35%	-0,21%
Superficie / explotación	0,47%	0,66%	0,47%	0,54%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

Se procedemos deste modo mantéñense en liñas xerais as conclusións antes expostas sobre a magnitude dos cambios no conxunto do período 1962-1989. O número de explotacións maiores de 1 ha reduciuse nestes 27 anos nun 18,4%, a superficie total ocupada por estas explotacións diminuíu nun 5,6%, e como resultado a superficie media por explotación incrementouse nun 15,7%, un aumento porcentual moi próximo ao que vimos antes nas cifras globais (11,2%). En cambio, modifícase de modo substancial a imaxe sobre a dinámica temporal, nos tres períodos intercensais. No primeiro período (1962-1972) os datos mostran unha grande estabilidade do número e a superficie das explotacións; a cifra de explotacións mesmo experimenta un lixeirísimo incremento (0,6% nos dez anos). Iso deixou paso a unha desaparición significativa na década de 1970 (-14,1%); pero que se acompañou dunha escasa mobilidade das terras liberadas, de tal modo que a superficie censada contraeuse nun 8,2%, provocando que o incremento da superficie media por explotación se limitase ao 6,8%. Finalmente, as tendencias no período 1982-1989 veñen definidas por dúas notas: asistimos a un notable freo da desaparición de explotacións (-5,6%), ao tempo que continúa a contracción da superficie total censada. De tal modo que o resultado é un aumento case irrelevante da superficie/ explotación (3,4%) (Cadro 23). En suma, segundo estes datos o proceso de desaparición e concentración de explotacións non comezou realmente ata os anos 1970 e freouse na década seguinte, estando lastrado en todo momento pola reducida mobilidade das terras liberadas.


Examinando os datos por estratos de tamaño conséntase, como cabería prever, que a desaparición de explotacións concentrouse nas de menor dimensión. No conxunto do período 1962-1989 diminuíu o número de unidades produtivas en todos os intervalos menores de 10 ha, mantívose estable no de 10-20 ha e aumentou por encima de 20 ha (Cadro 24 e Figura 9). En termos territoriais, a superficie censada nos estratos por baixo de 10 ha reduciuse en 200.000 ha, mentres que a detentada polas explotacións que superan ese limiar só se incrementou en 115.000 ha (Figura 10). Aínda que non sexa exacto, podemos interpretar eses datos no sentido de que as unidades menores de 10 ha que desapareceron nas tres décadas liberaron 200.000 ha; pero desas terras liberadas pouco máis da metade foron incorporadas a outras explotacións agrarias, permitindo reforzar os estratos de maior dimensión; en tanto que o resto quedaron abandonadas ou pasaron a usos non agrarios (urbanos, forestais), sendo isto o que está detrás da contracción que sufriu a superficie total censada.

Cadro 24. Variación do número e superficie das explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1962-1989

Tamaño (sup. total en ha)	Nº Explotacións	Superficie
<1	-9,04%	-5,51%
1-5	-22,86%	-25,21%
5-10	-20,15%	-20,57%
10-20	1,20%	1,50%
20-50	35,44%	36,08%
50-100	140,80%	154,33%


Fonte: INE, Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

Figura 9. Evolución do número de explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1962-1989



Fonte: INE. Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

Figura 10. Evolución da superficie censada nas explotacións de cada estrato. Galicia 1962-1989



Fonte: INE. Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

O resultado final desa evolución, da limitada magnitude dos cambios operados nas tres décadas previas á integración europea, é que a estrutura dimensional das explotacións seguía presentando a finais dos anos 1980 un perfil similar ao que tiña a comezos da década de 1960. As explotacións menores de 5 ha constituían en 1989 máis de 3/4 do total (77,3%), porcentaxe só levemente inferior á de 1962 (78,8%); en tanto que as maiores de 20 ha

limitábanse ao 10,1% (7,8% en 1962). Polo tanto, a pesar dun certo reforzamento en número e sobre todo na superficie ocupada polas explotacións medianas (as maiores de 10 ha incrementaron o seu peso do 37,9% ao 48,5% da superficie censada), mantíñase sen mudanzas substanciais a estrutura minifundista configurada a mediados do século XX (Cadro 25).

Cadro 25. Distribución porcentual das explotacións e da superficie por estratos de tamaño. Galicia 1962 e 1989

Tamaño (sup. total en ha)	Número de explotacións		Superficie	
	1962	1989	1962	1989
< 1	34,79%	37,29%	4,26%	4,26%
1-5	43,98%	39,98%	30,89%	24,48%
5-10	13,45%	12,65%	26,95%	22,68%
10-20	6,17%	7,36%	24,02%	25,84%
20-50	1,49%	2,38%	11,68%	16,84%
50-100	0,12%	0,34%	2,19%	5,90%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

Evolución no número de explotacións con gando bovino

A imaxe que se desprende dos Censos agrarios, sobre todo no que respecta á relativa estabilidade do número de explotacións nestas décadas, está condicionada, porén, pola metodoloxía desa fonte estatística. Neste sentido, o concepto tan amplo de explotación agraria utilizado nos Censos levou con toda seguridade a que seguran contabilizando moitas unidades produtivas cunha actividade reducida ou nula, o que tendeu a subestimar a desaparición de explotacións. Unha vía posible para corrixir este problema que propón López Iglesias (1994) é tomar só as explotacións que contan con gando bovino, o que nestas décadas podemos asumir que inclúe a grande maioría das unidades de produción agraria de certa entidade. Concretamente, no Censo de 1962 contaban con algunha cabeza de bovino o 67,7% das explotacións censadas, porcentaxe que superaba o 80% nas de 1-5 ha e alcanzaba o 93%-96% nas maiores de 5 ha (Cadro 26).

Cadro 26. Variación do número total de explotacións censadas e das explotacións con gando bovino por grupos de tamaño. Galicia 1962-1989

I. VARIACIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS POR GRUPOS DE TAMAÑO 1962-1989		
Tamaño (sup. total en ha)	Total explotacións censadas	Explotacións con gando bovino
< 1	-9,00%	-64,23%
1-5	-22,90%	-61,01%
5-10	-20,10%	-41,01%
10-20	1,20%	-11,82%
>=20	43,21%	19,41%
Total	-15,10%	-51,67%

II. PROPORCIÓN QUE REPRESENTAN AS EXPLOTACIÓNS CON GANDO BOVINO SOBRE O TOTAL DE EXPLOTACIÓNS CENSADAS EN CADA TAMAÑO. 1962 E 1989

Tamaño (sup. total en ha)	1962	1989
< 1	32,78%	12,89%
1-5	81,81%	41,35%
5-10	95,51%	70,55%
10-20	96,12%	83,75%
>=20	92,64%	77,25%
Total	67,65%	38,53%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

Partindo desa situación, cabe interpretar que o abandono do gando bovino constituíu a maioría das veces un indicio da virtual desaparición da explotación ou ao menos dun forte declive da súa actividade. Pois ben, os datos dos Censos para o período 1962-1989 mostran unha diminución moito máis acusada das explotacións con gando vacún, o que suxire unha intensidade moito maior da desaparición “real” de explotacións. Concretamente, o número de explotacións con gando bovino reduciuse neses 27 anos á metade (-51,7%), de 284.500 en 1962 a 137.500 en 1989; taxa que máis que triplica a diminución do total de explotacións censadas (-15,1%). Por estratos de tamaño, a redución aproximouse a 2/3 nas menores de 5 ha e alcanzou o 41% nas de 5-10 ha e o 12% nas de 10-20 ha. Ademais, neste colectivo o proceso de desaparición tendeu a acelerarse de modo continuo co paso do tempo: a taxa anual de diminución pasou do 1,3% no decenio 1962-1972 ao 3,1% en 1972-1982 e ao 4,0% no período 1982-1989 (Cadro 27).

O último feito a salientar é que a intensa desaparición de explotacións bovinas en todos os estratos menores de 20 ha acompañouse dun incremento moi pequeno en cifras absolutas das unidades por encima dese limiar (Cadro 27). Uns datos que apuntan ao seguinte: a desaparición de unidades produtivas cun volume significativo de actividade foi moito maior do indicado pola evolución do total de explotacións censadas; o problema principal foi que esa desaparición non se acompañou dunha ampliación significativa da base territorial das explotacións sobreviventes, debido ás deficiencias na mobilidade da terra (López Iglesias, 1994).

Cadro 27. Evolución do número de explotacións con gando bovino por estratos de tamaño. Galicia 1962-1989**I. VARIACIÓN REXISTRADA NO CONXUNTO DO PERÍODO 1962-1989**

Tamaño (sup. total ha)	Número de explotacións en cada censo				Variación no conxunto do período 1962-1989	
	1962	1972	1982	1989	Nº	%
< 1	47.954	32.053	26.481	17.155	-30.799	-64,23%
1-5	151.308	128.295	85.100	58.999	-92.309	-61,01%
5-10	54.008	53.865	39.847	31.858	-22.150	-41,01%
10-20	24.935	28.144	23.388	21.987	-2.948	-11,82%
20-100	6.245	6.968	7.569	7.422	1.177	18,85%
>=100	39	50	86	82	43	110,26%
Total	284.489	249.375	182.471	137.503	-146.986	-51,67%

II. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS EXPLOTACIÓNS POR GRUPOS DE TAMAÑO EN 1962 E 1989

Tamaño (sup. total ha)	1962	1989
< 1	16,86%	12,48%
1-5	53,19%	42,91%
5-10	18,98%	23,17%
10-20	8,76%	15,99%
20-100	2,20%	5,40%
>=100	0,01%	0,06%
Total	100,00%	100,00%

III. VARIACIÓN EN CADA PERÍODO INTERCENSAL

Tamaño (sup. total ha)	Taxa de variación acumulativa anual			
	1962-72	1972-82	1982-89	1962-1989
< 1	-3,95%	-1,89%	-6,01%	-3,74%
1-5	-1,64%	-4,02%	-5,10%	-3,43%
5-10	-0,03%	-2,97%	-3,15%	-1,94%
10-20	1,22%	-1,83%	-0,88%	-0,46%
20-100	1,10%	0,83%	-0,28%	0,64%
>=100	2,52%	5,57%	-0,68%	2,79%
Total	-1,31%	-3,08%	-3,96%	-2,66%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

4.1.2. Evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU 1982-1989

Os datos analizados ata agora referíanse á evolución do número de explotacións segundo a súa superficie total (que inclúe o monte e os terreos improdutivos). A partir de 1982 os Censos agrarios ofrecen tamén as cifras relativas á Superficie Agraria Utilizada (SAU), isto é, as terras de cultivos e pastos. Imos examinar a evolución rexistrada no período 1982-1989 pola estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU (Cadro 28). Á hora de interpretar os datos compre ter en conta que esta evolución é o resultado de dous procesos: por un lado, a desaparición de explotacións e a transferencia (ou non) das súas terras; e, polo outro, os

cambios nos usos da superficie coa que conta cada unidade produtiva (posible ampliación da SAU mediante a roturación de terras de monte; ou, en sentido oposto, retroceso da SAU polo abandono ou forestación de terras cultivadas e pastos).

Cadro 28. Evolución do número, a SAU e a superficie total das explotacións, clasificadas segundo o tamaño en termos de SAU. Galicia 1982-1989

A. NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS

Tamaño SAU (ha)	Nº de explotacións		Variación 1982-1989	
	1982	1989	En número	En %
< 1	175.277	184.781	9.504	5,42%
1-5	141.610	109.206	-32.404	-22,88%
5-10	23.261	23.558	297	1,28%
10-20	5.536	8.518	2.982	53,87%
20-50	832	1.357	525	63,10%
>=50	139	234	95	68,35%
Total explotacións con SAU	346.655	327.654	-19.001	-5,48%
Explotacións sen SAU	13.781	31.232	17.451	126,63%
Total explotacións con terras	360.436	358.886	-1.550	-0,43%

B. SUPERFICIE AGRARIA UTILIZADA

Tamaño SAU (ha)	SAU (ha)		Variación 1982-1989	
	1982	1989	ha	En %
< 1	71.383	68.952	-2.431	-3,41%
1-5	316.976	249.541	-67.435	-21,27%
5-10	154.287	160.040	5.753	3,73%
10-20	71.219	111.591	40.372	56,69%
20-50	22.276	35.570	13.294	59,68%
>=50	18.883	49.347	30.464	161,33%
Total explotacións con SAU	655.024	675.041	20.017	3,06%
Explotacións sen SAU	0	0	---	---
Total explotacións con terras	655.024	675.041	20.017	3,06%

C. SUPERFICIE TOTAL

Tamaño SAU (ha)	Superf. total (ha)		Variación 1982-1989	
	1982	1989	ha	En %
< 1	172.296	205.139	32.843	19,06%
1-5	733.396	563.000	-170.396	-23,23%
5-10	313.480	296.130	-17.350	-5,53%
10-20	126.521	182.664	56.143	44,37%
20-50	54.532	66.002	11.470	21,03%
>=50	56.675	93.604	36.929	65,16%
Total explotacións con SAU	1.456.900	1.406.539	-50.361	-3,46%
Explotacións sen SAU	785.059	810.603	25.544	3,25%
Total explotacións con terras	2.241.959	2.217.142	-24.817	-1,11%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1982 e 1989. Elaboración propia.

Antes vimos que a estrutura dimensional das explotacións por intervalos de superficie total permaneceu practicamente conxelada entre 1982 e 1989, ao frearse aínda máis as mudanzas, xa modestas, constatadas no decenio anterior (1972-1982). Pois ben, os datos en termos de SAU mostran cambios moderados pero de maior entidade (Cadro 28). Por un lado, conséntase un proceso máis intenso de desaparición de explotacións: mentres que a cifra total de explotacións con terras diminuíu só un 0,4% no período 1982-1989, o número de explotacións con SAU reduciuse un 5,5%. Feito que se corresponde cun importante incremento das unidades rexistradas nos Censos a pesar de carecer de SAU (formadas exclusivamente por terras de monte e improdutivas): estas pasaron dunhas 14.000 en 1982 a máis de 31.000 en 1989 (Cadro 28). Ademais esa desaparición de explotacións acompañouse dunha estabilidade e mesmo lixeiro aumento da SAU global (3,1%). De tal modo que a SAU media por explotación elevouse de 1,89 a 2,06 ha, un incremento do 9,0% que contrasta coa estabilidade da superficie total/ explotación (Cadro 29).

Eses datos globais están ademais distorsionados polo aumento do número de explotacións de menor tamaño, aquelas cunha SAU inferior a 1 ha. Se eliminamos este grupo, homoxeneizando así as cifras coa metodoloxía do Eurostat (aplicada nas enquisas sobre a estrutura das explotacións), a reestruturación foi de maior entidade: o número de explotacións cunha SAU igual ou superior a 1 ha diminuíu no período 1982-1989 nun 16,6%, acompañándose isto dun incremento da SAU/ explotación do 24,6% (de 3,41 a 4,24 ha).

Cadro 29. Evolución do número e superficie media das explotacións con SAU. Galicia 1982-1989

	1982	1989	Variación 1982-89	
			Cifras absolutas	En %
Número de explotacións	346.655	327.654	-19.001	-5,48%
Superficie agraria utilizada (ha)	655.024	675.041	20.017	3,06%
Superficie total (ha)	1.456.900	1.406.539	-50.361	-3,46%
SAU / explotación (ha)	1,89	2,06	0,17	9,03%
Superficie total/explotación (ha)	4,20	4,29	0,09	2,14%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1982 e 1989. Elaboración propia.


Esas tendencias foron resultado de significativas mudanzas por estratos de tamaño, que se resumen nunha importante desaparición de explotacións de 1-5 ha de SAU (-22,9%), a estabilidade das de 5-10 ha e o incremento de todos os estratos por encima de 10 ha. En termos de superficie, as explotacións menores de 5 ha que desapareceron liberaron unhas 70.000 ha de cultivos e pastos, cifra superada pola SAU que gañaron os estratos maiores de 10 ha, que ascendeu a unhas 84.000 ha (Cadro 28, Cadro 30, Figura 11 e Figura 12).

Cadro 30. Distribución porcentual das explotacións e a SAU por estratos de tamaño. Galicia 1982-1989

Tamaño SAU (ha)	Nº de explotacións		SAU	
	1982	1989	1982	1989
< 1	50,56%	56,40%	10,90%	10,21%
1-5	40,85%	33,33%	48,39%	36,97%
5-10	6,71%	7,19%	23,55%	23,71%
10-20	1,60%	2,60%	10,87%	16,53%
20-50	0,24%	0,41%	3,40%	5,27%
>=50	0,04%	0,07%	2,88%	7,31%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
	346.655	327.654	655.024	675.041


Fonte: INE, Censos agrarios de 1982 e 1989. Elaboración propia.

Figura 11. Número de explotacións por estratos de tamaño (SAU). Galicia 1982-1989



Fonte: INE, Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

Figura 12. SAU das explotacións de cada intervalo de tamaño. Galicia 1982-1989



Fonte: INE, Censos agrarios de 1962 e 1989. Elaboración propia.

A primeira vista, os datos parecen suxerir que as terras cultivadas e de pastos das unidades desaparecidas foran todas elas transferidas a outras explotacións, permitindo a ampliación da SAU das unidades sobreviventes. Pero os procesos que están detrás desas cifras son na realidade máis complexos. Aínda que a mobilidade das superficies de cultivos e pastos foi con

toda probabilidade maior que no resto das terras liberadas (as de monte), o certo é que a maior parte das superficies liberadas polas explotacións desaparecidas non foron transferidas a outras unidades produtivas. Deste modo, a ampliación da SAU nos estratos maiores de 10 ha produciuse principalmente por outra vía: a modificación nos usos das terras que xa tiñan, mediante a roturación de terreos de monte. Polo tanto, as mudanzas que se constatan na estrutura dimensional en termos de SAU son realmente o resultado de dous procesos distintos: a desaparición de explotacións sen que a maior parte das súas terras foran transferidas a outras unidades produtivas; a ampliación simultánea da SAU de moitas explotacións maiores de 10 ha mediante a roturación de terras de monte (López Iglesias, 1994). Ese duplo proceso reflíctese nas cifras agregadas: mentres que a superficie total das explotacións con SAU diminuíu de 1.456.900 ha en 1982 a 1.406.539 ha en 1989, a SAU aumentou de 655.024 a 675.041 ha, facendo que a ratio SAU/superficie total ascendera do 45,0% ao 48,0% (Cadro 29).

Completamos a análise sobre a evolución do número e a SAU das explotacións no período 1982-1989 introducindo os datos da *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* de 1987. Como comentamos no seu momento, as cifras globais da EEEA 1987 non son comparables coas dos Censos agrarios, pero podemos obter datos homoxéneos (ao menos nas definicións) se nos limitamos ás explotacións con 1 ou máis hectáreas de SAU. Os resultados, porén, mostran unha evolución que non resulta en absoluto plausible: estabilidade do número de explotacións acompañada dunha notable expansión da SAU no subperíodo 1982-1987; que iría sucedida dunha intensa desaparición de unidades produtivas e unha forte contracción da SAU no bienio 1987-1989 (Cadro 31). Parece evidente que esas tendencias non poden corresponderse coa realidade, debendo buscar a súa explicación nunha sobreestimación tanto do número de explotacións como da SAU na EEEA 1987 (López Iglesias, 1994).

Cadro 31. Evolución do número e a SAU das explotacións por clases de tamaño (cifras referidas ás explotacións con SAU \geq 1 ha). Galicia 1982-1989

A. NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS				Variación en %		
Tamaño SAU	Número de explotacións			1982-87	1987-89	1982-89
	1982	1987	1989			
1-5	141.610	129.649	109.206	-8,45%	-15,77%	-22,88%
5-10	23.261	28.094	23.558	20,78%	-16,15%	1,28%
10-20	5.536	10.738	8.518	93,97%	-20,67%	53,87%
20-50	832	1.795	1.357	115,75%	-24,40%	63,10%
\geq 50	139	172	234	23,74%	36,05%	68,35%
Total	171.378	170.448	142.873	-0,54%	-16,18%	-16,63%

B. SUPERFICIE AGRARIA UTILIZADA				Variación en %		
Tamaño SAU	SAU (ha)			1982-87	1987-89	1982-89
	1982	1987	1989			
1-5	316.976	285.955	249.541	-9,79%	-12,73%	-21,27%
5-10	154.287	189.348	160.040	22,72%	-15,48%	3,73%
10-20	71.219	141.125	111.591	98,16%	-20,93%	56,69%
20-50	22.276	46.150	35.570	107,17%	-22,93%	59,68%
\geq 50	18.883	16.289	49.347	-13,74%	202,95%	161,33%
Total	583.641	678.867	606.089	16,32%	-10,72%	3,85%

Fonte: INE, Censos agrarios de España 1982 e 1989.
 INE, Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 1987.
 Elaboración propia.

Recapitulando, podemos concluir que a estrutura dimensional das explotacións en termos de superficie total experimentou en Galicia unhas mudanzas moi limitadas nas tres décadas que precederon á integración europea (1962-1989), debido a dous factores: a lentitude do proceso de desaparición de explotacións e a escasa mobilidade das terras liberadas por esas unidades. A imaxe modifícase se nos limitamos ás explotacións con gando bovino, como unha aproximación ás unidades de produción agraria cun volume significativo de actividade: neste caso conséntase unha desaparición moito máis intensa, pero sen que iso se acompañara da ampliación da base territorial das que continuaron activas. A última conclusión a salientarse é que, a pesar de non incrementar a súa superficie total, moitas explotacións si ampliaron nestas décadas a superficie agraria (SAU) por medio da roturación de terras de monte coas que contaban. Un feito este que se reflicte nas mudanzas que experimentou a estrutura dimensional en termos de SAU no período 1982-1989.

4.1.3. Diverxencias espaciais dentro da agricultura galega. Evolución do número e superficie das explotacións por provincias (1962-1989)

Para aproximarnos ás tendencias a nivel provincial excluimos as unidades censadas maiores de 100 ha, que identificamos en todo o estudo con montes comúns; e tamén as explotacións menores de 1 ha, debido á irregularidade da súa evolución nos Censos agrarios.

Efectuada esa aclaración, o feito esencial a destacar é que as conclusións expostas para o conxunto de Galicia, a lentitude do proceso de desaparición e concentración de explotacións no período 1962-1989, son aplicables en liñas xerais ás catro provincias. Dentro desas coordenadas, a evolución concreta presenta, porén, diverxencias significativas. As dúas provincias meridionais, as que partían dunha menor superficie media por explotación, rexistraron dinámicas contrapostas, con mudanzas de moita maior entidade en Pontevedra que en Ourense; en tanto que A Coruña e Lugo presentan unha evolución intermedia. Concretamente, a desaparición de explotacións alcanzou a maior intensidade en Pontevedra (-28,1%) en contraste con Ourense (-12,9%), quedando en valores intermedios as dúas provincias setentrionais: A Coruña (-17,1%) e Lugo (-18,2%). Iso acompañouse nas catro provincias dunha contracción da superficie total censada que oscila entre 4,4% e 7,6%. De tal modo que os contrastes no ritmo de desaparición de explotacións orixinaron diferenzas paralelas no incremento da súa superficie media: Pontevedra (32,3%) e Ourense (9,0%) rexistraron as evolucións extremas, con cifras intermedias en A Coruña (11,4%) e Lugo (16,8%) (Cadro 32).

Eses resultados para o conxunto do período 1962-1989 están moi influídos, porén, pola evolución irregular no primeiro período intercensal (1962-1972), no que os datos mostran un incremento da superficie total censada, especialmente no caso de Pontevedra, que só pode responder a unha mellora na exhaustividade dos Censos agrarios. Se prescindimos por ese motivo do primeiro Censo agrario, e nos centramos nas tendencias rexistradas entre 1972 e 1989, encontramos unha evolución algo diferente. Esta pode resumirse en tres tipos de dinámicas provinciais. En primeiro lugar temos a que se deu na provincia de Lugo, caracterizada por unha desaparición moderada de explotacións (-16,1% nos 17 anos) e unha estabilidade da superficie total censada (o que suxire que a maioría das terras liberadas foron transferidas a outras unidades produtivas), o que posibilitou un incremento paralelo da superficie/ explotación (16,2%). O segundo “modelo” é o que encontramos en A Coruña e Ourense: ritmo de desaparición de explotacións similar ao de Lugo (-17,0% e -12,6%,

respectivamente), pero que se acompañou dunha contracción paralela da superficie censada (que cabe atribuír a unha moi escasa mobilidade das terras liberadas), provocando que a superficie media por explotación permanecera estancada (a variación foi do 4,4% e -0,8%, respectivamente). Finalmente, a dinámica en Pontevedra ten en común unha moi reducida mobilidade da terra; pero a intensidade moito maior da desaparición de explotacións (-33,1%) fixo que, a pesar do forte retroceso da superficie censada (-21,6%), a superficie media por explotación experimentara un significativo aumento (17,2%). Aumento que neste caso non reflicte un verdadeiro proceso de reestruturación, senón só o efecto estatístico da desaparición dun elevado número de moi pequenas explotacións (Cadro 32 e Figura 13).


Cadro 32. Evolución do número e superficie media das explotacións individuais ≥ 1 ha e superficie total < 100 ha. Datos por provincias 1962-1989

A. CIFRAS EN CADA DATA				
Nº total de explotacións	1962	1972	1982	1989
A Coruña	82.437	82.386	71.320	68.380
Lugo	74.213	72.404	62.968	60.721
Ourense	66.600	66.370	60.819	58.033
Pontevedra	50.980	54.784	41.965	36.669
Sup. total censada (ha)				
A Coruña	455.186	485.321	441.039	420.434
Lugo	546.289	535.668	504.000	522.072
Ourense	248.900	272.671	252.393	236.423
Pontevedra	152.918	185.540	160.085	145.524
Superficie/explot. (ha)				
A Coruña	5,52	5,89	6,18	6,15
Lugo	7,36	7,40	8,00	8,60
Ourense	3,74	4,11	4,15	4,07
Pontevedra	3,00	3,39	3,81	3,97
B. VARIACIÓN EN CADA PERÍODO INTERCENSAL (en % sobre a cifra inicial)				
Nº total de explotacións	1962-72	1972-82	1982-89	
A Coruña	-0,06%	-13,43%	-4,12%	
Lugo	-2,44%	-13,03%	-3,57%	
Ourense	-0,35%	-8,36%	-4,58%	
Pontevedra	7,46%	-23,40%	-12,62%	
Sup. total censada (ha)				
A Coruña		6,62%	-9,12%	-4,67%
Lugo		-1,94%	-5,91%	3,59%
Ourense		9,55%	-7,44%	-6,33%
Pontevedra		21,33%	-13,72%	-9,10%
Superficie/explot. (ha)				
A Coruña		6,69%	4,98%	-0,57%
Lugo		0,51%	8,19%	7,42%
Ourense		9,93%	1,01%	-1,83%
Pontevedra		12,91%	12,64%	4,03%

C. VARIACIÓN REXISTRADA NO CONXUNTO DO PERÍODO ESTUDADO		
Nº total de explotacións	1962-89	1972-89
A Coruña	-17,05%	-17,00%
Lugo	-18,18%	-16,14%
Ourense	-12,86%	-12,56%
Pontevedra	-28,07%	-33,07%
Sup. total censada (ha)		
A Coruña	-7,63%	-13,37%
Lugo	-4,43%	-2,54%
Ourense	-5,01%	-13,29%
Pontevedra	-4,84%	-21,57%
Superficie/explot. (ha)		
A Coruña	11,35%	4,37%
Lugo	16,80%	16,21%
Ourense	9,01%	-0,84%
Pontevedra	32,31%	17,18%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

Figura 13. Variación do número de explotacións e da superficie por explotación. Datos por provincias 1972-1989



Fonte: INE, Censos agrarios de 1972 e 1989. Elaboración propia.

A evolución por estratos de tamaño mostra unhas pautas similares en case todas as provincias, definidas por que no período 1972-1989 diminuíu o número de explotacións en todos os intervalos inferiores a 20 ha, agás o de menores de 1 ha, aumentando por encima dese limiar. A única excepción encontrámola na provincia de Ourense, onde a desaparición afectou a todos os estratos agás o de 50-100 ha (Cadro 33).

Cadro 33. Variación do número de explotacións agrarias por grupos de tamaño. Datos por provincias

Tamaño (sup total ha)	A Coruña		Lugo	
	1962-89	1972-89	1962-89	1972-89
< 1	-20,49%	11,30%	-23,56%	39,91%
1-5	-20,11%	-15,87%	-21,98%	-18,18%
5-10	-21,45%	-24,32%	-28,48%	-27,81%
10-20	-2,64%	-15,80%	-7,66%	-7,59%
20-50	32,11%	13,05%	27,24%	26,17%
50-100	39,33%	13,24%	266,67%	232,29%
Total explotacións	-18,26%	-9,07%	-19,18%	-9,77%

Tamaño (sup total ha)	Ourense		Pontevedra	
	1962-89	1972-89	1962-89	1972-89
< 1	0,74%	63,95%	-0,39%	11,72%
1-5	-17,57%	-12,31%	-33,21%	-35,28%
5-10	-1,37%	-10,94%	-17,95%	-30,76%
10-20	33,75%	-19,60%	70,27%	-14,18%
20-50	63,76%	-30,60%	164,08%	35,32%
50-100	26,56%	131,43%	680,00%	372,73%
Total explotacións	-8,91%	2,85%	-13,44%	-11,48%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

4.2. EVOLUCIÓN DOS RÉXIMES DE TENENCIA DA TERRA; O REFORZAMENTO DO PREDOMINIO DA TENENCIA DIRECTA

4.2.1. Tendencias xerais en Europa e en España

O estudo da evolución dos modos de tenencia da terra constitúe en boa medida un complemento da análise anterior, dada a súa estreita relación coa dinámica da estrutura das explotacións. A primeira posibilidade consiste no paso de superficies de tenencia directa a réximes indirectos, o que ten lugar principalmente nun suposto: con ocasión da desaparición de explotacións en tenencia directa, as terras liberadas son transferidas a outras unidades produtivas a través do arrendamento. A variación inversa, o paso de terras de réximes indirectos a tenencia directa, pode ter lugar por dúas vías distintas: a compra polo arrendatario ou aparceiro de superficies que viña traballando, ou ben a recuperación polo propietario de terras que tiña cedidas para pasar a explotacións directamente. Unha combinación das dúas opcións anteriores é a venda das superficies a outro agricultor, diferente do que as viña traballando, que as destina ao seu cultivo directo.

Na Comunidade Europea existían, no período estudado, grandes diferenzas duns a outros Estados membros na distribución da superficie das explotacións por modos de tenencia. Pero, a pesar de todo, podían detectarse certas tendencias xerais, comúns á maioría ou totalidade dos países. Unha primeira tendencia era o retroceso da tenencia directa pura (explotacións con todas as terras en propiedade) e a expansión simultánea dos réximes mixtos, que se explicaba polo papel fundamental do arrendamento como vía de mobilidade da terra: agricultores, que

antes traballaban todas as terras en propiedade, incorporaban superficies en arrendamento para ampliar a dimensión física da explotación (Arnalte, Ramos, 1988). O outro proceso detectado era o retroceso das explotacións en tenencia indirecta pura, que tiña a súa orixe principalmente na compra polos arrendatarios (ou aparceiros) de parte das terras que viñan traballando (Arnalte, Avellá, Roca, 1986). O resultado final deses cambios foi unha tendencia á converxencia entre as situacións dos diferentes países: naqueles caracterizados por un predominio tradicional da tenencia directa tendeu a reducirse ese predominio, aumentando o peso das terras arrendadas; á inversa, nos países cun predominio histórico dos réximes indirectos incrementouse nestas décadas a proporción da superficie traballada en propiedade (Brun, Blatin, 1972).

No caso concreto de España a dinámica nestes decenios caracterizouse tamén polo retroceso da tenencia indirecta pura, tanto no arrendamento como, de forma máis intensa, na aparcería, mentres que se expandiu o arrendamento mixto, fenómeno este ligado ao importante papel do arrendamento como mecanismo de mobilidade da terra e de ampliación das explotacións. Podemos afirmar, pois, que a evolución na agricultura española estaba en consonancia coas tendencias xerais a nivel europeo; en particular, o arrendamento realizaba tamén a función de vía flexible para a ampliación das explotacións (Arnalte, Ramos, 1988).

4.2.2. Os cambios nos modos de tenencia da terra en Galicia (1962-1989)

Para analizar a evolución rexistrada en Galicia ímonos basear, igual que nos apartados precedentes, nos resultados dos sucesivos Censos agrarios para o período 1962-1989. Neste sentido convén precisar que no primeiro Censo, o de 1962, diferenciábanse catro modos de tenencia (propiedade, arrendamento, aparcería e outros réximes), mentres que nos Censos de 1972 e 1982 engadiuse unha quinta rúbrica (réxime comunal), que foi eliminada de novo no Censo de 1989. Para homoxeneizar as cifras optamos por sumar o “réxime comunal” en 1972 e 1982 dentro dos “outros réximes”. Outra aclaración a facer é que nos limitaremos en toda a análise ás explotacións censadas cunha superficie inferior a 100 ha, o que temos denominado explotacións *propriamente ditas*; excluindo pois as maiores de 100 ha, que se corresponden na inmensa maioría con montes comúns.

Feitas esas aclaracións, debemos lembrar que en 1962 a situación caracterizábase en Galicia por un forte predominio das terras traballadas en propiedade. Estas supoñían o 82,3% do total (Cadro 34), porcentaxe que estaba claramente por encima da media española (75,8%) e que entre os Estados da CEE-10 só era superada por dous países, Dinamarca (88,2%) e Irlanda (95,0%) (López Iglesias, 1994). A pesar diso, o arrendamento e a aparcería conservaban na nosa agricultura unha presenza non despreziable, especialmente en certas comarcas.

Partindo desa situación, a evolución rexistrada nas décadas seguintes levou a un reforzamento do predominio da tenencia directa, que pasou do 82,3% da superficie total das explotacións en 1962 ao 89,3% en 1989. Iso correspóndese cunha diminución do peso relativo do arrendamento (do 9,1% ao 5,2%) e cun retroceso moito máis intenso da aparcería, que desapareceu case por completo (do 5,0% a tan só o 0,7%). Pola súa parte, o epígrafe dos outros réximes de tenencia mantívose relativamente estable, oscilando entre o 3% e o 4,8% da superficie total. Globalmente, a porcentaxe das terras traballadas en arrendamento e aparcería reduciuse de forma continua ao longo destes decenios, pasando do 14,1% en 1962 ao 5,9% en 1989 (Cadro 34).

Para aclarar os procesos que están detrás desa evolución convén agardar á análise que ofrecemos máis adiante, sobre a tipoloxía das explotacións segundo os modos de tenencia das terras. Polo momento, podemos engadir unhas notas que se derivan do exame das cifras en termos absolutos. Estas cifras indican que a redución da superficie en réximes indirectos (61.700 ha en arrendamento e 63.300 ha en aparcería) non foi acompañada dun incremento similar das terras en tenencia directa, que aumentaron só en 30.000 ha (Cadro 34). Isto pode ser o resultado de dous procesos: i) que entre 1962 e 1989 deixaran de ser explotadas en arrendamento e aparcería unhas 125.000 ha, e que delas só 30.000 ha pasaran a tenencia directa, quedando as restantes abandonadas ou dedicadas a usos urbanos ou forestais; ii) ou ben que a totalidade das 125.000 ha pasaran a ser traballadas en tenencia directa, e que simultaneamente 95.000 ha que estaban neste réxime saíran do sector agrario, vinculado á desaparición de pequenas explotacións en propiedade. Esas son as dúas opcións extremas; na práctica o que sucedeu foi con toda probabilidade algo intermedio, unha combinación de ambos procesos (López Iglesias, 1994). En todo caso, ao que si apuntan con claridade os datos é a que o arrendamento non parece que xogara nestes decenios un papel significativo como vía de mobilidade da terra e de ampliación das explotacións.

Cadro 34. Distribución da superficie total das explotacións por modos de tenencia. Galicia 1962-1989
(cifras referidas ás explotacións censadas menores de 100 ha)

A. EVOLUCIÓN DA SUPERFICIE EN CADA RÉXIME

	Superficie total (ha)			
	1962	1972	1982	1989
Propiedade	1.206.015	1.335.723	1.266.668	1.236.016
Arrendamento	133.979	119.238	90.143	72.263
Aparcería	72.781	30.371	12.045	9.512
Outros réximes (1)	52.972	44.874	41.181	65.669
Superficie total	1.465.747	1.530.206	1.410.037	1.383.460

B. EVOLUCIÓN EN NÚMEROS ÍNDICES

	1962	1972	1982	1989
Propiedade	100,0	110,8	105,0	102,5
Arrendamento	100,0	89,0	67,3	53,9
Aparcería	100,0	41,7	16,5	13,1
Outros réximes (1)	100,0	84,7	77,7	124,0
Superficie total	100,0	104,4	96,2	94,4

C. EVOLUCIÓN DA % DA SUPERFICIE EN CADA RÉXIME

	1962	1972	1982	1989
Propiedade	82,28%	87,29%	89,83%	89,34%
Arrendamento	9,14%	7,79%	6,39%	5,22%
Aparcería	4,97%	1,98%	0,85%	0,69%
Outros réximes (1)	3,61%	2,93%	2,92%	4,75%
Superficie total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

(1) En 1972 e 1982 incluímos nesta rúbrica a superficie clasificada en "réxime comunal".

Fonte: INE, Censos agrarios de España 1962, 1972, 1982 e 1989. Elaboración propia.

Distribución da SAU por modos de tenencia 1982-1989

A partir de 1982 os Censos agrarios ofrecen tamén datos sobre os réximes de tenencia referidos á SAU, as terras de cultivos e pastos. A priori cabe agardar que o peso dos réximes indirectos sexa nestas terras claramente maior que para a superficie total (que inclúe os terreos de monte e improdutivos). E así o confirman as cifras para a agricultura española: en 1982 a superficie total en arrendamento e aparcería supoñía o 16,6%, en tanto que na SAU a porcentaxe ascendía ao 25,8%.

En Galicia, en cambio, o panorama que encontrabamos para a SAU era moi semellante ao da superficie total: a porcentaxe de terras traballadas en propiedade era en 1982 idéntica en ambos casos (89,8%); e a única diferenza radicaba nun peso só lixeiramente maior da SAU en arrendamento (7,7% fronte a 6,4%), que se correspondía cunha menor importancia dos outros réximes (1,8% fronte a 2,9%) (Cadro 35).

Partindo diso, no período 1982-1989 non se produciron mudanzas relevantes. Unicamente cabe sinalar a lixeira diminución que experimentou a porcentaxe da SAU en arrendamento e o aumento paralelo dos outros réximes, en tanto que o peso da aparcería permaneceu estable nun xa insignificante 0,8% (Cadro 36).

Cadro 35. Distribución da SAU por modos de tenencia; comparación cos datos referidos á superficie total (1). Galicia 1982

	Sup. Total	SAU
Propiedade	89,80%	89,75%
Arrendamento	6,40%	7,68%
Aparcería	0,90%	0,79%
Outros réximes (1)	2,90%	1,77%
Total	100,00%	100,00%

(1) As cifras corresponden ás explotacións censadas de superficie total inferior a 100 ha.

Fonte: INE, Censo agrario de España 1982. Elaboración propia.

Cadro 36. Evolución da SAU por modos de tenencia. Galicia 1982-1989

A. EVOLUCIÓN DO VOLUME DE SAU EN CADA RÉXIME

	SAU (ha)		Variación 1982-89	
	1982	1989	ha	%
Propiedade	586.294	603.128	16.834	2,87%
Arrendamento	49.272	47.866	-1.406	-2,85%
Aparcería	5.187	5.348	161	3,10%
Outros réximes (1)	14.290	18.695	4.405	30,83%
Superficie total	655.043	675.037	19.994	3,05%

B. EVOLUCIÓN DA % DA SAU EN CADA RÉXIME

	1982	1989
Propiedade	89,50%	89,35%
Arrendamento	7,52%	7,09%
Aparcería	0,79%	0,79%
Outros réximes (1)	2,18%	2,77%
Superficie total	100,00%	100,00%

(1) En 1982 incluímos nesta rúbrica a superficie clasificada en "réxime comunal".

Fonte: INE, Censos agrarios de España 1982 e 1989. Elaboración propia.

Evolución das explotacións en réximes indirectos puros e mixtos (1962-1989)

Como indicamos anteriormente, nos países da Europa Occidental conséntase en xeral nestas décadas un retroceso das explotacións en réximes indirectos puros, con todas as terras en arrendamento ou aparcería. Esta evolución deuse tamén no caso galego. Partindo dunha importancia modesta, a superficie en arrendamento puro (pertencente a explotacións con todas as terras arrendadas) diminuíu no período 1962-1989 nun 73,3%, e a traballada en aparcería pura fíxoo nun 90,5% (Cadro 37). Como consecuencia, as explotacións formadas exclusivamente por terras arrendadas pasaron do 5,2% do total a tan só o 0,8% (baixaron de 22.000 a menos de 3.000). E aquelas en aparcería pura practicamente desapareceron: das 7.100 existentes en 1962 (1,7% do total) en 1989 só quedaban 357 (0,1%) (Cadro 38). Detrás disto están dous procesos: a desaparición de moitas desas explotacións, quedando as terras na xestión directa dos propietarios (para a produción agraria ou forestal); e a adquisición de parte desas explotacións polos antigos arrendatarios ou aparceiros (caseiros) (López Iglesias, 1994).

A evolución galega difire en cambio das tendencias nos países do noso entorno no que respecta aos réximes mixtos. Estes experimentaron en xeral nos países europeos unha expansión neste período, debido ao importante papel xogado polo arrendamento na mobilidade da terra e na ampliación das explotacións de agricultores-propietarios. En Galicia, pola contra, as superficies en aparcería mixta (pertencentes a explotacións con terras en varios réximes) diminuíron no período 1962-1989 nun 83,7%, descenso similar ao da aparcería pura. E, o que resulta máis relevante, aquelas en arrendamento mixto reducíronse tamén nun 30,3% (Cadro 37). Como consecuencia diso, todos os tipos de explotacións en réximes mixtos, que combinan terras en varios modos de tenencia, sufriron un forte retroceso, pasando de supoñer en conxunto o 31,2% do total en 1962 ao 14,0% en 1989. O que se acompañou dun reforzamento do predominio das explotacións con todas as terras traballadas en propiedade: estas pasaron do 60,8% ao 84,4% do total (Cadro 38).

Cadro 37. Variación da superficie en arrendamento e aparcería, distinguindo as explotacións con todas as terras baixo eses modos de tenencia e as unidades con réximes "mixtos". Galicia 1962-1989

	Superficie (ha)		Variación 1962-89	
	1962	1989	ha	%
I. ARRENDAMENTO				
a. Total superficie en arrendamento	136.912	74.600	-62.312	-45,51%
b. Arrendamento puro (1)	48.495	12.928	-35.567	-73,34%
c. Arrendamento combinado con terras noutros réximes (2)	88.417	61.672	-26.745	-30,25%
b/a (%)	35,42%	17,33%		
II. APARCERÍA				
a. Total superficie en aparcería	84.790	10.243	-74.547	-87,92%
b. Aparcería "pura" (1)	52.291	4.951	-47.340	-90,53%
c. Aparcería combinada con terras noutros réximes (2)	32.499	5.292	-27.207	-83,72%
b/a (%)	61,67%	48,34%		

(1) Superficie correspondente a explotacións con todas as terras baixo ese réxime.

(2) Superficie nese réxime (arrendamento ou aparcería), que está en explotacións que teñen terras en réximes diferentes (normalmente terras en propiedade).

NOTA: Os datos refírense aquí ao total de superficies censadas, incluídas as das unidades maiores de 100 ha.

Fonte: INE, Censos agrarios de España 1962 e 1989. Elaboración propia.

Cadro 38. Distribución das explotacións agrarias segundo o réxime de tenencia. Galicia, 1962 e 1989 (cifras referidas ás explotacións censadas menores de 100 ha)

Explotacións con todas as terras nun só réxime de tenencia	Nº de explotacións		%	
	1962	1989	1962	1989
Propiedade	255.840	301.241	60,84%	84,41%
Arrendamento	21.984	2.758	5,23%	0,77%
Aparcería	7.103	357	1,69%	0,10%
Outros réximes	4.477	2.455	1,06%	0,69%
Subtotal modos "puros"	289.404	306.811	68,82%	85,97%
Explotacións con terras en varios réximes				
Con máis do 50% en propiedade	89.589	38.877	21,30%	10,89%
Con máis do 50% en arrendamento	17.805	6.561	4,23%	1,84%
Con máis do 50% en aparcería	7.519	528	1,79%	0,15%
Con máis do 50% en "outros réximes"	6.920	2.684	1,65%	0,75%
Outros casos (sen ningún réxime dominante)	9.283	1.413	2,21%	0,40%
Subtotal modos "mixtos"	131.116	50.063	31,18%	14,03%
Total explotacións agrarias	420.520	356.874	100,00%	100,00%

Fonte: INE, Censos agrarios de España 1962 e 1989. Elaboración propia.

Eses datos apuntan claramente a que o papel xogado polo arrendamento como vía de mobilidade da terra foi aquí nestas décadas irrelevante, practicamente nulo. Feito que hai que poñer en relación coa escasa mobilidade das terras liberadas constatada en apartados precedentes. Ao mesmo tempo que non tiña lugar unha incorporación apreciable de terras arrendadas ligada a esa mobilidade, outros procesos levaron á redución das superficies que estaban ao comezo do período en arrendamento ou aparcería mixtos. Nuns casos isto debeuse á desaparición das explotacións ou á contracción da súa superficie previa á desaparición (os agricultores comezan por desfacerse das terras que tiñan arrendadas). Mentres que noutros a explicación está na compra das superficies polos arrendatarios e aparceiros (López Iglesias, 1994).

Esas tendencias agregadas reproducense en todos os estratos de tamaño, só con algúns matices. A porcentaxe da superficie en aparcería rexistrou unha forte redución de modo uniforme, ata situarse en 1989 en todos os intervalos dimensionais en cifras iguais ou inferiores ao 1%. Uns matices maiores presenta a evolución do arrendamento. O peso relativo das terras neste réxime diminuíu tamén en todos os estratos de tamaño pero fíxoo especialmente nas explotacións menores de 5 ha, ligado á desaparición de moitas pequenas unidades produtivas que tiñan todas ou parte das terras arrendadas. Mentres que nos estratos entre 10 e 50 ha esa diminución foi de moita menor magnitude, pasando a ser estes grupos de explotacións medias os que presentan en 1989 unha maior porcentaxe de superficie arrendada (Cadro 39). Eses datos suxiren a posibilidade de que o arrendamento xogara algún papel, sempre moi limitado, na ampliación destes segmentos de explotacións (López Iglesias, 1994).

Cadro 39. Distribución da superficie por modos de tenencia nas explotacións dos diversos grupos de tamaño. Galicia 1962 e 1989**A. SITUACIÓN EN 1962**

Tamaño das explotacións (sup. total ha)	Superficie total (ha)	% da superficie nos diferentes réximes			
		Tenencia directa	Arrendamento	Aparcería	Outros réximes
< 1	62.445	80,63%	12,12%	4,33%	2,91%
1-5	452.826	82,58%	9,81%	3,92%	3,68%
5-10	395.033	81,50%	9,76%	5,04%	3,70%
10-20	352.135	82,27%	8,18%	6,23%	3,32%
20-50	171.190	84,05%	7,14%	5,36%	3,45%
50-100	32.118	81,47%	7,41%	4,08%	7,04%
Total explotacións agrarias (1)	1.465.747	82,28%	9,14%	4,97%	3,61%

B. SITUACIÓN EN 1989

Tamaño das explotacións (sup. total ha)	Superficie total (ha)	% da superficie nos diferentes réximes			
		Tenencia directa	Arrendamento	Aparcería	Outros réximes
< 1	59.005	96,11%	2,51%	0,14%	1,24%
1-5	338.654	93,81%	3,96%	0,26%	1,98%
5-10	313.762	91,01%	5,97%	0,66%	2,37%
10-20	357.435	90,28%	6,14%	0,97%	2,61%
20-50	232.938	86,88%	5,95%	0,99%	6,17%
50-100	81.666	62,45%	3,52%	0,86%	33,17%
Total explotacións agrarias (1)	1.383.460	89,34%	5,22%	0,69%	4,75%

(1) Explotacións censadas de superficie total inferior a 100 ha.

Fonte: INE, Censos agrarios de España 1962 e 1989. Elaboración propia.



CAPÍTULO 5. A ACELERACIÓN DOS CAMBIOS A PARTIR DA INTEGRACIÓN NA UE; EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS NAS TRES ÚLTIMAS DÉCADAS

No capítulo anterior examinamos a evolución das estruturas agrarias en Galicia desde mediados do século XX ata a integración de España na Comunidade Europea. Máis exactamente, dado que a análise estaba baseada nos Censos agrarios, o período considerado foi 1962-1989. Dúas foron as conclusións esenciais: a intensa diminución que experimentou a man de obra na agricultura galega acompañouse nesas décadas de mudanzas bastante limitadas na estrutura dimensional das explotacións; en paralelo, no referido aos réximes de tenencia, asistimos a un retroceso dos réximes indirectos e ao reforzamento do predominio das terras traballadas en propiedade.

Tendo de fondo esas tendencias previas, no presente capítulo imos afondar na dinámica rexistrada ao longo dos tres últimos decenios, os transcorridos desde a integración europea. A análise vaise centrar só nas mudanzas que experimentou a estrutura dimensional das explotacións, posto que a evolución dos réximes de tenencia nas décadas recentes será examinada en detalle no capítulo 7. Con esa aclaración inicial, organizamos o capítulo en tres apartados. No primeiro presentamos unha visión xeral das tendencias no período 1982-2016, baseándonos para isto nos datos homoxeneizados dos catro Censos agrarios elaborados no período 1982-2009 complementados coa *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas de 2016* (EEEE 2016). Perfiladas as tendencias no conxunto do período, nos outros dous apartados trataremos de afondar nas mudanzas operadas na estrutura das explotacións, diferenciando o sucedido na primeira década de integración europea (apartado 2) e nos dous últimos decenios (apartado 3). Por fin, incluiremos unha pequena anotación de enlace coa Parte III do traballo.

A partir da integración na UE ademais dos Censos agrarios, realizados cada 10 anos, comezou a elaborarse en España outra estatística sobre as estruturas agrarias, cunha periodicidade de 2 a 4 anos: as enquisas sobre a estrutura das explotacións. O universo considerado nestas enquisas, acorde coas definicións establecidas polo Eurostat, é máis restritivo que o que se viña considerando nos Censos agrarios. Mentres que os Censos contabilizaban todas as unidades de produción agraria con máis de 0,1 hectáreas de superficie total ou que contasen con máis de 2 cabezas de gando maior, nas *Encuestas sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* (EEEE) só son incluídas aquelas que cumpran ao menos unha destas tres condicións: SAU igual ou superior a 1 ha; polo menos 0,2 ha de SAU ocupadas por cultivos hortícolas, froiteiras de regadío ou invernadoiros; marxe bruta igual ou superior a 0,75 Unidades de Dimensión Europea (UDE). A consecuencia é que os resultados dunha e outra fonte presentan notables diverxencias, polo que non son comparables.

A definición tan ampla de explotación agraria continuou empregándose nos Censos de 1989 e 1999, ata que por fin o Censo de 2009 adoptou a mesma delimitación que viñan utilizando as EEEA. O resultado é que, á hora de analizar a evolución da estrutura das explotacións en Galicia nas tres últimas décadas, contamos con dúas series estatísticas que non son directamente comparables: por un lado, a formada polos Censos agrarios de 1982, 1989 e 1999; polo outro, a

integrada polas EEEA para o período 1987-2016 (EEEA de 1987, 1993, 1995, 1997, 2003, 2005, 2007, 2013 e 2016), na que se poden incluír as cifras do Censo agrario de 2009. Partindo desa información estatística, a análise que ofrecemos a continuación vai estar toda referida ao universo das EEEA, isto é, a unha definición máis restritiva de “explotación agraria”. Os datos concretos que empregamos iranse precisando ao longo da exposición.

5.1. VISIÓN XERAL DAS TENDENCIAS NO NÚMERO E SUPERFICIE DAS EXPLOTACIÓNS AO LONGO DAS TRES ÚLTIMAS DÉCADAS (1982-2016)

Para analizar a evolución da estrutura das explotacións no período 1982-2016 imos utilizar unha base de datos homoxeneizada dos catro últimos Censos agrarios, referida ao universo do Censo de 2009. Esa base de datos homoxeneizada foi elaborada polos investigadores do grupo ECOAGRASOC a partir dos microdatos dos Censos agrarios, e xa foi empregada en diferentes investigacións (Lorenzana Fernández, 2006; Vázquez González, 2013; López Iglesias et al., 2013). A homoxeneización levou a excluír dos datos orixinais dos Censos de 1982, 1989 e 1999 as unidades con menos de 1 hectárea de SAU e que non teñan un mínimo de actividade agraria (Cadro 40).

Cadro 40. Evolución do número e superficie das explotacións en Galicia 1982-1999. Datos orixinais dos Censos agrarios e datos referidos ao universo das Enquisas de estruturas (miles de explotacións e miles de hectáreas)

	Explotacións	Superficie total	SAU
A. Datos orixinais dos Censos agrarios			
1982	360,4	2.242,0	655,0
1989	358,9	2.217,1	675,0
1999	269,0	2.041,8	696,7
B. Datos referidos ao universo das Enquisas de estruturas			
1982	233,4	1.364,7	616,8
1989	170,8	1.247,4	623,8
1999	118,7	1.154,6	657,3
B/A (%)			
1982	64,8	60,9	94,2
1989	47,6	56,3	92,4
1999	44,1	56,5	94,3
A-B (explotacións con escasa actividade incluídas nos Censos agrarios)			
1982	127,0	877,3	38,2
1989	188,1	969,7	51,2
1999	150,3	887,2	39,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos Microdatos dos Censos agrarios.

O efecto desa depuración pode verse no Cadro 40, onde comparamos para o período 1982-1999 as cifras orixinais dos Censos coas que resultan ao aplicar a nova delimitación. As diferenzas son moi importantes no número e na superficie total das explotacións, mentres que a súa magnitude é pequena para a SAU. Fixándonos nos datos de 1999, o número de

explotacións coa nova delimitación redúcese ao 44,1% das contabilizadas orixinalmente e a superficie total censada ao 56,5%, en tanto que para a SAU a porcentaxe ascende ao 94,3%. En cifras absolutas, os novos criterios conducen a excluír 150.300 explotacións, que sumaban unha superficie total de 887.200 hectáreas pero contaban unicamente cunhas 40.000 hectáreas de SAU. Iso mostra que estamos ante unidades de moi pequeno tamaño dedicadas ao autoconsumo, ou ben ante extensións de terreo de maior dimensión con escasa ou nula actividade agraria, integradas esencialmente por terreos de monte. Neste sentido, a definición tan ampla de “explotación” aplicada nos Censos agrarios españois ata 1999 levaba a seguir contabilizando moitas unidades dese tipo, subestimando a desaparición real de explotacións (López Iglesias et al., 2013), como xa apuntamos no capítulo anterior.

Tomando a serie homoxeneizada, a dinámica no conxunto dos últimos 35 anos (1982-2016) aparece definida por catro notas (López Iglesias et al., 2013) (Cadro 41, Cadro 42 e Cadro 43):

1. Forte aceleración da desaparición de explotacións. No período 1982-2016 desapareceron máis de 2/3 (67,9%) das explotacións, o que implica unha taxa media acumulativa anual do 3,3%. Esa desaparición concentrouse nas unidades de pequeno tamaño (menos de 10 ha de SAU), aínda que o “limiar de supervivencia” foi elevándose co paso do tempo: se na década de 1980 o proceso afectaba en exclusiva ás menores de 5 ha, no decenio seguinte o limiar ascendeu ata 10 ha e no período 1999-2009 diminúen as explotacións en todos os intervalos por baixo de 20 ha. Finalmente, no período 2009-2016 o limiar sitúase nas 50 ha, aínda que coa excepción dos tramos de 2-5 ha e 20-30 ha, nos que se incrementa o número de unidades produtivas.
2. O segundo feito a salientar é que das terras liberadas polas explotacións desaparecidas (incluíndo cultivos, pastos e monte), máis da metade quedaron abandonadas ou pasaron a usos non agrarios (forestais, urbanos); o que orixinou un forte retroceso da superficie total ocupada polas explotacións agrarias.

Concretamente, as case 170.000 explotacións menores de 10 ha que desapareceron no período 1982-2016 liberaron 820.100 ha, 60% da superficie censada inicial. Pois ben, desas terras unicamente 319.100 ha (39%) foron transferidas a outras unidades produtivas, mentres que as restantes quedaron abandonadas ou dedicadas a usos forestais ou urbanos. O resultado foi que a desaparición de algo máis de 2/3 das explotacións acompañouse dunha redución en máis de 1/3 (36,7%) da superficie vinculada a unidades de produción agraria.

3. O volume global da SAU permaneceu en cambio estable no conxunto do período, mesmo cun leve aumento (de 616.800 ha en 1982 a 621.600 ha en 2016, +0,8%). Isto correspóndese co feito de que a SAU gañada polas explotacións maiores de 10 ha (347.600 ha) superou a perda polas menores dese tamaño (342.800 ha). Como resultado, mentres que a superficie total por explotación unicamente se incrementou nun 96,9%, isto é, duplicouse (de 5,8 ha en 1982 a 11,5 ha en 2016), a SAU/explotación máis que se triplicou (de 2,6 a 8,3 ha).
4. No plano temporal, a desaparición de explotacións alcanzou a máxima intensidade no período 1982-1989 (4,4% anual)³, manténdose nos dous seguintes decenios, anos 1990

³ Unha conclusión, como vemos, bastante diferente da que obtiñamos para este período no capítulo anterior, baseándonos nos datos referidos ao total de explotacións censadas. O que confirma a necesidade de excluír aquelas unidades con escasa ou nula actividade para precisar o ritmo temporal do proceso de reestruturación.

e 2000, en taxas elevadas (3,6% - 3,7% anual). O ritmo desa desaparición freouse en cambio notablemente no período 2009-2016 (1,1% anual), coincidindo coa crise económica. Seguramente as dificultades para atopar emprego noutros sectores, como consecuencia da crise, explican esa ralentización temporal do proceso (IDEGA, 2018).

No que respecta á evolución da superficie, conséntase unha redución continua da superficie total censada, que se acelerou no decenio 1999-2009 ata orixinar unha lixeira contracción tamén da SAU⁴. Pois ben, esa tendencia, que apunta a unha aceleración do abandono ou paso a usos non agrarios das terras liberadas desde a década dos 2000, continuou no presente decenio. Así, no período 2009-2016 a desaparición do 7,6% das explotacións acompañouse dunha nova contracción do espazo agrario: a superficie total integrada en explotacións reduciuse nun 5,6% e a SAU retrocedeu nun 4,0%. Provocando que permanecera case estancada a superficie media por explotación (Cadro 41).

Cadro 41. Evolución do número e superficie das explotacións en Galicia 1982-2016

	Explotacións (miles)	Superficie total (miles de ha)	SAU (miles de ha)	Sup. total/ explotación (ha)	SAU/ explotación (ha)
1982	233,4	1.364,7	616,8	5,8	2,6
1989	170,8	1.247,4	623,8	7,3	3,7
1999	118,4	1.154,1	657,1	9,8	5,6
2009	81,2	914,9	647,6	11,3	8,0
2016	75,0	863,7	621,6	11,5	8,3
Variación 1982-2016 (%)	-67,9	-36,7	0,8	96,9	213,6
Taxas de variación acumulativa anual (%)					
1982-1989	-4,4	-1,3	0,2		
1989-1999	-3,6	-0,8	0,5		
1999-2009	-3,7	-2,3	-0,1		
2009-2016	-1,1	-0,8	-0,6		
1982-2016	-3,3	-1,3	0,0		

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Microdatos de Censos agrarios e EEEA 2016.

Cadro 42. Variación do número e a superficie das explotacións por grandes estratos de tamaño. Galicia 1982-2016 (miles de explotacións e miles de hectáreas)

SAU / explotación	Variación 1982-2016		
	Nº de explotacións	Superficie total	SAU
< 10 ha	-169,2	-820,1	-342,8
>= 10 ha	10,8	319,1	347,6
Total	-158,4	-501,1	4,9

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Microdatos do Censo agrario de 1982 e Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 2016.

⁴ Outros autores consideran que existen fontes diferentes dos Censos máis fiables para analizar a evolución da superficie agraria (Corbelle Rico e Crecente Maseda, 2009; Corbelle et al., 2012).

Cadro 43. Variación do número de explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1982-2016

SAU (ha)	1982	1989	Variación 1989/1982	1999	Variación 1999/1989	2009	Variación 2009/1999	2016	Variación 2016/2009
<1	61.744	27.909	-33.835	15.693	-12.216	11.000	-4.693	8.417	-2.583
1 a <2	69.709	52.824	-16.885	32.614	-20.210	22.382	-10.232	19.413	-2.969
2 a <5	72.088	56.382	-15.706	33.418	-22.964	18.120	-15.298	19.972	1.852
5 a <10	23.308	23.558	250	19.601	-3.957	11.208	-8.393	9.861	-1.347
10 a <20	5.540	8.518	2.978	12.348	3.830	9.782	-2.566	8.735	-1.047
20 a <30	615	1.040	425	2.885	1.845	4.266	1.381	4.334	68
30 a <50	217	317	100	1.237	920	2.913	1.676	2.720	-193
50 a <100	90	133	43	384	251	1.245	861	1.278	33
>=100	49	101	52	172	71	258	86	265	7
Total	233.360	170.782	-62.578	118.352	-52.430	81.174	-37.178	74.995	-6.179
Taxa de variación anual			-4,36%		-3,60%		-3,70%		-1,12%

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Microdatos de Censos agrarios e Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 2016.

O resultado desa evolución é que a SAU límitase actualmente a 621.600 ha, 21% do territorio; e a superficie total xestionada polos agricultores (incluíndo as terras de monte) ficou restrinxida a 863.700 ha, 29% da superficie xeográfica de Galicia; porcentaxes que supoñen menos da metade das que se alcanzan en España (46% e 59%, respectivamente). Ese retroceso do espazo agrario limitou, sobre todo nas dúas últimas décadas, a ampliación da base territorial das explotacións que continúan en activo. De tal modo que, a pesar da acelerada desaparición de unidades produtivas, a SAU/ explotación límitábase aquí en 2016 a 8,3 ha, 1/3 tan só da media española (24,6 ha) (IDEGA, 2018).

A explicación das tendencias no uso agrario do territorio que se constatan no conxunto do período 1982-2016 (forte contracción da superficie total integrada en explotacións, estabilidade da SAU) hai que buscala en primeira instancia en dous fenómenos (López Iglesias, 2005). Por un lado, das superficies liberadas polas explotacións desaparecidas a porcentaxe das que foron vendidas ou cedidas a outros agricultores é moito maior nas terras de cultivo e pastos que nas de monte, polo que o abandono afectou principalmente a estas últimas. Ademais, como viña sucedendo nas décadas precedentes, houbo agricultores que ampliaron a SAU da explotación mediante a conversión en pastos de terras de monte que formaban parte da unidade produtiva.

Afondando algo máis neste aspecto, os datos indican que en 1982 as explotacións agrarias xestionaban en Galicia o 46,1% da superficie xeográfica; pero desa extensión menos da metade estaba cultivada ou dedicada a pastos permanentes, de tal modo que a SAU límitábase ao 20,9% do territorio (o restante 25% eran terreos de monte, arborizado e non arborizado, e improditivos integrados nas explotacións). Pois ben, partindo desa situación, nas tres últimas décadas asistimos a un forte retroceso da superficie xestionada polas explotacións: esta reduciuse en máis de 1/3, baixando do 46,1% ao 29,2% do territorio. O que implica, noutras palabras, que 500.000 hectáreas que en 1982 estaban en mans de agricultores quedaron desvinculadas das explotacións. En tanto que, simultaneamente, a SAU permaneceu en conxunto estable (pasou do 20,9% ao 21,0% do territorio). Polo tanto, asistimos nestes decenios a un duplo proceso: as explotacións xestionan unha porción cada vez menor do

territorio; ao tempo que aumentou a porcentaxe desa superficie que é aproveitada para cultivos e pastos (o ratio SAU/ superficie total das explotacións ascendeu do 45,2% en 1982 ao 72,0% en 2016), reducíndose o monte integrado en explotacións agrarias (Cadro 44).

Eses datos adquiren maior significado cando os situamos nunha perspectiva comparada:

- A porcentaxe da superficie xeográfica ocupada pola SAU, a utilizada para a produción agrícola e gandeira, límitase en Galicia en 2016 ao 21,0%, menos da metade da española (45,9%) e pouco máis da metade da media da UE-28 (40,0%)⁵.
- Esa estreiteza da SAU correspóndese con dous fenómenos. O máis importante hoxe é a baixa porción do territorio xestionada polas explotacións: 29,2%, fronte a 59,3% en España e 49,0% na UE-28. O que se ve agravado polo nivel comparativamente reducido que continúa presentando o ratio SAU/ superficie total das explotacións: 72,0%, fronte a cifras en torno ao 80% a nivel español e europeo (Cadro 44).

Cadro 44. Porcentaxe do territorio ocupada pola superficie total e pola SAU das explotacións

	Galicia		España	Unión Europea 28
	1982	2016	2016	2013
ST explotacións/ S. xeográfica	46,14%	29,20%	59,31%	49,01%
SAU/ ST explotacións	45,20%	71,98%	77,40%	81,67%
SAU/ S. xeográfica	20,85%	21,02%	45,91%	40,02%

Fonte: Elaboración propia a partir de:

INE, Microdatos Censo agrario 1982 EEEA 2016.

EUROSTAT, http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Farm_structure_statistics/es#M.C3.A1s_informaci.C3.B3n_de_Eurostat.

Recollido o 3/07/2018.

5.2.A DINÁMICA DAS ESTRUTURAS AGRARIAS NA PRIMEIRA DÉCADA DE INTEGRACIÓN COMUNITARIA

A integración de España na Comunidade Europea coincidiu co inicio dunha reorientación en profundidade da Política Agraria Común (PAC), que implicou no terreo dos discursos unha redefinición do modelo de agricultura establecido como desexable para os países europeos. O novo discurso que encontramos nos documentos oficiais apuntaba á conveniencia de manter unha poboación agraria relativamente numerosa e de frear a desaparición de explotacións. O motivo é que, aínda que moitas das explotacións non sexan necesarias como produtoras de alimentos, o seu mantemento considerábase agora desexable polas outras funcións que cumpren para a sociedade (funcións ambientais, contribución á fixación de poboación no medio rural...) (López Iglesias, 2003).

Porén, fronte á estabilización das estruturas agrarias á que parece apuntar ese discurso, os datos estatísticos mostran que no caso da agricultura española, e de modo particular en

⁵ Probablemente a extensión da SAU estea limitada pola capacidade do territorio (Díaz-Fierros e Gil Sotres, 1982).

Galicia, sucedeu o contrario: o axuste estrutural acelerouse fortemente a partir da integración comunitaria. De tal modo que, en contraste coa lentitude dos cambios nas décadas precedentes, no decenio de 1990 as estruturas agrarias experimentaron mudanzas moito máis intensas (Corbelle et al., 2015).

5.2.1. Contexto de fondo: aceleración das mudanzas tecnolóxicas e produtivas no sector agrario galego a partir da integración na UE

As transformacións tecnolóxicas e produtivas experimentadas polo sector agrario galego desde a década de 1960 víronse notablemente aceleradas no primeiro decenio de integración europea. Sobre todo no que constitúe o elemento central desas transformacións: a diminución da man de obra e a substitución de traballo por capital.

Segundo a análise realizada por López Iglesias (2002) para o período 1976-1998, nestas aproximadamente dúas décadas a poboación ocupada no sector reduciuse nun 70,9%, de 525.200 a 152.700 persoas. E iso acompañouse dun elevado esforzo investidor das explotacións que permaneceron en activo, que se traduciu nunha ampliación do 36,8% do stock de capital privado da agricultura galega. En conxunto, deuse pois unha acelerada substitución de traballo por capital, que se reflicte en que o ratio capital/ traballo, o stock de capital por ocupado, multiplicouse nestes dous decenios por 4,7; posibilitando unha rápida converxencia deste ratio coa media da agricultura española, do 58,5% desta media en 1976 ao 85,1% en 1998 (Cadro 45).

Esas tendencias que caracterizan o período 1976-1998, e que xa viñan de atrás, aceleráronse de modo considerable a partir da integración na UE en 1986. O feito máis salientable foi a aceleración da caída da poboación ocupada; o que, combinado co mantemento dun elevado esforzo investidor, orixinou o crecemento a un forte ritmo do ratio capital/ traballo (Cadro 45).

Cadro 45. Evolución do stock neto de capital privado, a poboación ocupada e o capital/ocupado no sector agrario galego e español 1976-1998 (*)

Ano	Galicia			España		
	Stock neto de capital privado (millardos de pts de 1990)	Poboación ocupada (miles)	Capital/ ocupado (miles pts de 1990)	Stock neto de capital privado (millardos de pts de 1990)	Poboación ocupada (miles)	Capital/ ocupado (miles pts de 1990)
1976	425,1	525,2	809,4	3.599,2	2.602,8	1.382,8
1985	554,5	415,1	1.335,8	4.555,5	1.829,6	2.489,9
1995	573,2	223,9	2.569,5	4.512,0	1.040,1	4.338,1
1998	581,7	152,7	3.809,5	4.498,5	1.005,4	4.474,3
Variación 1976-1998	36,84%	-70,93%	370,66%	24,99%	-61,37%	223,57%

Ano	Galicia/España (%)		
	Stock neto de capital privado	Poboación ocupada	Capital/ ocupado
1976	11,81%	20,18%	58,53%
1985	12,17%	22,69%	53,65%
1995	12,70%	21,53%	59,23%
1998	12,93%	15,19%	85,14%

(*) Stock neto de capital privado excluída a terra.

Fonte: López Iglesias (2002), a partir de INE, Encuesta de Población Activa e BBV, El stock de capital en España y sus Comunidades Autónomas.

As mudanzas que acabamos de sinalar non se viron acompañadas, porén, dun progreso similar da produtividade do traballo, polo que esta continuou en valores comparativamente baixos no contexto español e europeo. Concretamente, a pesar de que o stock de capital do sector agrario galego pasou de supoñer o 11,8% da agricultura española en 1976 e o 12,2% en 1985 ao 12,9% en 1998, a nosa participación na produción agraria do Estado baixou nesas dúas décadas do 8,8% ao 6,2%. E isto provocou que a progresiva aproximación do ratio capital/traballo á media do sector en España non se traducira nunha converxencia paralela da produtividade do traballo (López Iglesias, 2002).

O resultado é que en 1998 o sector agrario galego, contando co 15,2% da man de obra e co 12,9% do stock de capital da agricultura española, tan só xeraba o 6,2% da produción agraria. Eses datos poñen de manifesto que a baixa produtividade do traballo no noso agro respondía cada vez menos a un problema de dotación de factores (exceso de man de obra e escaseza de capital); pasando ao primeiro plano a baixa eficiencia no uso dos factores, tanto do traballo como do capital. En concreto, os datos mostran a relevancia cada vez maior da baixa produtividade do capital. Algo que tiña a súa orixe principal nas deficiencias que persistían na base territorial das explotacións: reducida superficie das unidades produtivas, acusada fragmentación parcelaria e grandes deficiencias nos usos da terra (López Iglesias, 2002). En suma, o problema central da agricultura galega, no que respecta á eficiencia produtiva, derivábase de que o incremento do stock de capital, e a aplicación dunha tecnoloxía moderna, estábanse dando sobre unha base territorial que mantiña enormes deficiencias e non se transformaba ao mesmo ritmo.

Neste sentido, os datos mostran que a superficie total por explotación seguía a ser moi pequena, e a iso uníase unha baixa ratio SAU/ superficie total. Estes dous fenómenos facían que a SAU por explotación fora moi reducida e o mesmo ocorría para a SAU por traballador; sendo este o factor esencial que limitaba a produtividade do traballo e a renda por explotación (Cadro 46).

Os efectos desa reducida superficie por explotación víanse agravados pola persistencia dunha acusada fragmentación parcelaria. Por un lado, a fragmentación e deficientes accesos das fincas limitaban a renda por hectárea de SAU, ao dificultar a realización dos diferentes labores. Ademais iso orixinaba unhas maiores necesidades de man de obra por unidade de superficie, ao obstaculizar a mecanización e aumentar o tempo de desprazamento entre as fincas. Por último, esa fragmentación contribuía a que moitas parcelas quedaran abandonadas,

dificultando deste modo a mobilidade das terras e o incremento da base territorial das explotacións (López Iglesias, 2011).

Cadro 46. Principais ratios estruturais do sector agrario en Galicia, España e a UE 1997

	MBT/Explotación (UDE)	SAU/Explotación (ha)	MBT/SAU (UDE)
UE-15	16,7	18,4	0,91
España	10,6	21,2	0,50
Galicia	4,2	5,4	0,78
Índices Galicia			
(media UE=100)	25,4	29,4	86,4
(media España=100)	39,9	25,5	156,2

MBT: Marxe Bruta Total.

SAU: Superficie Agraria Utilizada (terras labradas + terras para pastos permanentes).

UDE: Unidades de Dimensión Europea.

Fonte: López Iglesias (2002), a partir de EUROSTAT, Enquête sur la structure des exploitations agricoles 1997.

5.2.2. Evolución da estrutura dimensional das explotacións 1987-1997

A intensificación das mudanzas tecnolóxicas e produtivas no sector agrario galego a partir da integración europea fixo que se acelerara tamén de forma notable a desaparición e concentración de explotacións. Así, segundo os datos das EEEA, no primeiro decenio de integración comunitaria (1987-1997) desapareceron a metade (49,5%) das unidades produtivas; e iso acompañouse dun importante incremento do seu tamaño medio: a superficie total/ explotación aumentou nun 59,6% (de 5,9 a 9,3 ha), e a SAU/ explotación fíxoo nun 73,3% (de 3,1 a 5,4 ha) (Cadro 47).

Cadro 47. Evolución do número e a superficie media das explotacións agrarias en Galicia. Comparación entre os períodos 1962-1989 e 1987-1997

	1962	1989	Variación	Taxa de variación acumulativa anual
Número de explotacións	421.292	358.886	-14,81%	-0,59%
Superficie total censada (ha)	2.424.007	2.217.137	-8,53%	-0,33%
Superficie/Explotación (ha)	5,75	6,18	7,37%	0,26%
	1987	1997	Variación	Taxa de variación acumulativa anual
Número de explotacións	227.359	114.781	-49,52%	-6,61%
Superficie total das explotacións (ha)	1.329.935	1.071.421	-19,44%	-2,14%
Superficie agraria utilizada (ha)	710.514	621.552	-12,52%	-1,33%
Superficie total/Explotación (ha)	5,85	9,33	59,58%	4,78%
SAU/Explotación	3,13	5,42	73,28%	5,65%

Fonte: INE, Censos agrarios de 1962 e 1989 e Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas de 1987 e 1997. Elaboración propia.

Con todo, cómpre matizar que as mudanzas que se observan nesas cifras agregadas debéronse fundamentalmente á desaparición dun elevado número de pequenas explotacións. Mentres que no relativo á mobilidade da terra mantivéronse as pautas observadas nas décadas precedentes: só unha parte das superficies liberadas polas unidades desaparecidas foron transferidas ás que continúan en activo. Concretamente, os datos indican que no período 1987-1997 desapareceron unhas 117.000 explotacións menores de 10 ha de SAU, que liberaron 201.600 ha de cultivos e pastos; pois ben, desas terras agrarias liberadas só unhas 112.600 ha foron transferidas a outras unidades produtivas, mentres que o resto (preto da metade) quedaron abandonadas ou pasaron a usos forestais ou urbanos (Cadro 48) (López Iglesias, 2002).

O problema acentúase se consideramos o total de superficies liberadas por esas explotacións, incluíndo os terreos de monte. As explotacións desaparecidas no decenio liberaron unha superficie total próxima a 385.000 ha; pero delas só 125.000 ha (menos de 1/3) foron incorporadas a outras unidades de produción agraria (Cadro 49). A consecuencia desa escasa mobilidade foi dupla. Por un lado, isto limitou o redimensionamento das explotacións, o que se reflicte en que a desaparición de 117.000 unidades menores de 10 ha unicamente posibilitou que aumentaran nunhas 4.800 as que superan ese limiar. A outra consecuencia foi o retroceso da superficie total ocupada polas explotacións agrarias (en case 260.000 ha, o 19,5% do seu volume en 1987); e a redución tamén significativa, se nos fiamos das EEEA, da superficie de cultivos e pastos, a SAU (en preto de 90.000 ha, 12,5% do volume inicial) (Cadro 48, Cadro 49).

Cadro 48. Evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU. Galicia 1987-1997

Tamaño das explotacións. SAU (ha)	Número de explotacións			Superficie agraria utilizada (ha)			
	1987	1997	Variación %	1987	1997	Variación (ha)	Variación %
<1	56.911	11.359	-80,04%	31.647	6.927	-24.720	-78,11%
1-2	65.414	29.361	-55,12%	87.918	41.694	-46.224	-52,58%
2-5	64.235	36.649	-42,95%	198.037	114.619	-83.418	-42,12%
5-10	28.094	19.914	-29,12%	189.348	142.093	-47.255	-24,96%
10-20	10.738	13.612	26,76%	141.125	185.863	44.738	31,70%
20-50	1.795	3.647	103,18%	46.150	96.948	50.798	110,07%
>=50	172	239	38,95%	16.289	33.408	17.119	105,10%
Total	227.359	114.781	-49,52%	710.514	621.552	-88.962	-12,52%
Explot < 10 ha	214.654	97.283	-54,68%	506.950	305.333	-201.617	-39,77%
Explot >= 10 ha	12.705	17.498	37,73%	203.564	316.219	112.655	55,34%

Fonte: López Iglesias (2002), a partir de INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 1987 e 1997.

CAPÍTULO 5. EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS NAS TRES ÚLTIMAS DÉCADAS

Cadro 49. Evolución da superficie total e da SAU das explotacións por estratos de tamaño. Galicia 1987-1997

Tamaño das explotacións SAU (ha)	SAU (ha)			Superficie total (ha)			SAU/Superficie total (%)	
	1987	1997	Variación (ha)	1987	1997	Variación (ha)	1987	1997
<1	31.647	6.927	-24.720	78.382	22.355	-57.654	40,38%	33,42%
1<2	87.918	41.694	-46.224	178.806	102.207	-76.599	49,17%	40,79%
2<5	198.037	114.619	-83.418	393.231	240.607	-152.624	50,36%	47,64%
5<10	189.348	142.093	-47.255	339.800	242.218	-97.582	55,72%	58,66%
10<20	141.125	185.863	44.738	211.087	268.087	57.800	66,86%	69,12%
20<30	34.008	65.013	31.005	49.965	88.005	38.040	68,06%	73,87%
30<50	12.142	31.935	19.793	21.749	53.914	32.165	55,83%	59,23%
50<100	8.901	11.724	2.823	35.022	14.801	-20.221	25,42%	79,21%
>=100	7.388	21.684	14.296	21.893	39.228	17.335	33,75%	55,28%
Total	710.514	621.552	-88.962	1.329.935	1.071.422	-259.340	53,42%	58,06%
Explot < 10	506.950	305.333	-201.617	990.219	607.387	-384.459	51,20%	50,40%
Explot >= 10	203.564	316.219	112.655	339.716	464.035	125.119	59,92%	68,03%

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 1987 e 1997. Elaboración propia.

En suma, pois, a limitada mobilidade da terra provocou que, a pesar da intensa desaparición de explotacións, non se ampliara de modo significativo o segmento de unidades produtivas de mediana e grande superficie. Polo que a SAU media por explotación continuou sendo moi pequena en comparación coa existente en España e na UE (Cadro 50).

Cadro 50. Evolución do número de explotacións, a SAU e a SAU/explotación. Galicia, España e UE 1987-1997

Galicia	1987	1997	Variación
Número de explotacións (miles)	227,4	114,8	-49,52%
SAU (miles ha)	710,5	621,6	-12,51%
SAU/Explotación (ha)	3,1	5,4	73,30%
España	1987	1997	Variación
Número de explotacións (miles)	1.791,6	1.208,3	-32,56%
SAU (miles ha)	24.796,5	25.630,1	3,36%
SAU/Explotación (ha)	13,8	21,2	53,26%
UE-12	1987	1997	Variación
Número de explotacións (miles)	8.644,3	6.598,0	-23,67%
SAU (miles ha)	115.401,0	119.995,0	3,98%
SAU/Explotación (ha)	13,3	18,2	36,23%

Fonte: Elaboración propia a partir de:

INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 1987 e 1997.

EUROSTAT, Structure des exploitations agricoles. Resultats historiques Enquêtes de 1966/1967 á 1997

E ao mesmo tempo acentuouse en Galicia a estreiteza do espazo agrario, a reducida porcentaxe do territorio que é xestionada por explotacións agrarias, e aínda máis a destinada a cultivos e pastos. Cun forte contraste neste aspecto en relación ao panorama a nivel comunitario (Cadro 51).

Cadro 51. Porcentaxe da superficie xeográfica ocupada polas explotacións agrarias. Galicia e UE 1987-1997 (cifras absolutas en miles de ha)

	Galicia		UE-12	
	1987	1997	1987	1997
Superficie xeográfica	2.947,8	2.947,8	225.484,0	236.420,0
Superficie total das explotacións	1.329,9	1.071,4	138.700,0	140.600,0
SAU das explotacións	710,5	621,6	115.401,0	119.995,0
ST explotacións/S. xeográfica	45,12%	36,35%	61,51%	59,47%
SAU/ST explotacións	53,43%	58,02%	83,20%	85,34%
SAU/S. xeográfica	24,10%	21,09%	51,18%	50,76%

Fonte: López Iglesias (2002), a partir de: INE, Encuestas sobre la estrutura de las explotaciones agrícolas 1987 e 1997; EUROSTAT, Structure des exploitations agricoles. Resultats historiqués. Enquêtes de 1966/1967 á 1997.

Como xa indicamos, esas tendencias no plano territorial limitaron o incremento da produtividade do traballo no sector, así como da produción e a renda por explotación. Ademais fixeron que o aumento do output nas explotacións máis dinámicas tivera que operarse en grande medida pola vía dunha crecente intensificación. Sobre isto existe unha abundante evidencia empírica, tanto para o conxunto do sector agrario galego (Colino e Rodríguez, 1996; López Iglesias, 1998), como especificamente para as explotacións lácteas (Barbeyto, varios anos; IDEGA, 1997; Sineiro e Valdés, 1998; Rodríguez Beceiro, 1999). Unha estratexia esta, a da intensificación por unidade de superficie, que como destacaron algúns autores naqueles anos xeraba importantes problemas pensando no futuro. Por diversas razóns: as dificultades para seguir avanzando por esta vía, dados os rendementos decrecentes aos que se enfrontaba o proceso de intensificación; a inadecuación nun contexto (o dos mercados agrarios na UE) no que ía ser cada vez máis difícil lograr incrementos substanciais da produción, e a prioridade debía dirixirse á consecución de sistemas produtivos a baixo custo; e a utilización pouco racional que iso supoñía dos recursos do agro galego, dado que, ao tempo que se desaproveitaban grandes extensións susceptibles de ser dedicadas a pastos, acentuábase a dependencia das importacións de alimentos para o gando (López Iglesias, 1998).

5.3.EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS NAS DÚAS ÚLTIMAS DÉCADAS (1997-2016)

Número e superficie das explotacións

Nas dúas últimas décadas a desaparición de explotacións proseguiu en Galicia a un elevado ritmo, aínda que non tan intenso como o que indicaban as EEEA para o primeiro decenio de integración europea. Concretamente, segundo os resultados das sucesivas EEEA, no conxunto

do período 1997-2016 o número de unidades produtivas reduciuse nun 34,7%, dunhas 115.000 a 75.000. Isto supón unha taxa de diminución acumulativa anual do 2,2% (Cadro 52); taxa elevada pero lonxe do 6,6% anual rexistrado segundo as EEEA no decenio 1987-1997 (Cadro 47) e inferior tamén á que indican os Censos agrarios para o decenio 1989-1999 (3,6% acumulativo anual) (Cadro 41).

O outro feito a salientar é que iso continuou acompañándose dunha limitada mobilidade da terra: só unha parte das superficies liberadas polas unidades desaparecidas foi transferida ás explotacións en activo, quedando o resto abandonadas ou convertidas a usos forestais ou urbanos. Isto reflíctese na nova contracción que experimentou a superficie total xestionada polas explotacións agrarias: esta reduciuse nun 19,4%, en case 210.000 ha en cifras absolutas, pasando de 1.071.400 ha en 1997 a 863.700 en 2016. En cambio, o volume global da Superficie Agraria Utilizada (SAU) mantívose estable no conxunto do período, en torno a 621.500 ha; sendo isto o resultado, se nos fiamos dos datos, dunha alza no decenio 1997-2007 seguida dun descenso similar entre 2007 e 2016⁶. Deste modo, ao mesmo tempo que seguía retrocedendo a superficie total xestionada polas explotacións, aumentou de maneira significativa o grao de aproveitamento agrario desa superficie: a ratio SAU/ superficie total das explotacións elevouse do 58,0% en 1997 ao 72,0% en 2016 (Cadro 52).

O resultado final foi un apreciable incremento da dimensión media das explotacións, aínda que lastrado polas deficiencias na mobilidade da terra. En concreto, o aumento da superficie total/ explotación limitouse ao 23,4% (de 9,3 a 11,5 ha). En tanto que, grazas á mellora no grao de aproveitamento agrario desa superficie, o crecemento da SAU/ explotación alcanzou o 53,1% (de 5,4 a 8,3 ha) (Cadro 52).

Cadro 52. Evolución do número e a superficie das explotacións agrarias en Galicia 1997-2016

	1997	2003	2005	2007	2009	2013	2016
Nº de explotacións	114.781	101.764	91.813	88.012	79.909	78.377	74.994
Superficie total (ha)	1.071.421	1.130.922	1.113.347	1.102.844	914.853	918.284	863.677
SAU (ha)	621.552	724.624	732.759	748.658	647.598	655.519	621.643
Superficie total/Explotación (ha)	9,3	11,1	12,1	12,5	11,4	11,7	11,5
SAU/Explotación (ha)	5,4	7,1	8,0	8,5	8,1	8,4	8,3
SAU/Superficie total	58,01%	64,07%	65,82%	67,88%	70,79%	71,39%	71,98%
	Taxa de var. acum. anual		Variación				
	1997/2016		1997/2016				
Nº de explotacións	-2,22%		-34,66%				
Superficie total (ha)	-1,13%		-19,39%				
SAU (ha)	0,00%		0,01%				
Superficie total/Explotación (ha)	1,11%		23,38%				
SAU/Explotación (ha)	2,27%		53,08%				

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

⁶ Esta evolución, en principio estraña, constátase tamén en España, sendo destacada por Moreno et al. (2013) como un “curioso cambio de tendencia”.

Se nos fiamos dos datos das sucesivas *Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas* (EEEA) e do Censo agrario de 2009, esas tendencias no conxunto do período 1997-2016 esconden importantes oscilacións temporais, tanto no ritmo de desaparición de explotacións como no incremento da súa superficie media (Cadro 53). Porén, pensamos que algunhas desas oscilacións deben ser tomadas con precaución, posto que dificilmente responden a fenómenos reais e hai que atribuílas á marxe de erro das EEEA (López Iglesias, 1994, 2005). Centrándonos nas variacións principais e que si parecen reflectir procesos reais, o máis salientable é a ralentización da desaparición e concentración de explotacións que se produciu durante a recente crise económica. Un fenómeno plausible, que hai que poñer en relación co freo que rexistrou nestes anos a diminución da poboación ocupada no sector, como consecuencia do deterioro do mercado de traballo e a conseguinte redución (ou desaparición) das oportunidades de emprego alternativo para a man de obra agraria. Así, nos anos que van de 2009 a 2016 o ritmo de desaparición de explotacións limitouse a unha media anual en torno ao 1%, en contraste coas taxas ao redor do 4%-5% que se daban antes da crise; e iso, unido ao retroceso tanto da superficie total como da SAU, levou a un estancamento da superficie media por explotación (Cadro 53).

Cadro 53. Taxa de variación anual do número e superficie das explotacións nos diferentes subperíodos. Galicia 1997-2016

	1997/2003	2003/2005	2005/2007	2007/2009	2009/2013	2013/2016
Nº de explotacións	-1,99%	-5,02%	-2,09%	-4,71%	-0,48%	-1,46%
Superficie total (ha)	0,90%	-0,78%	-0,47%	-8,92%	0,09%	-2,02%
SAU (ha)	2,59%	0,56%	1,08%	-6,99%	0,30%	-1,75%
Superficie total/Explotación (ha)	2,95%	4,46%	1,65%	-4,41%	0,58%	-0,57%
SAU/Explotación (ha)	4,67%	5,87%	3,24%	-2,39%	0,79%	-0,30%

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Como xa indicamos, no conxunto do período 1997-2016 permaneceu estable o volume global da SAU das explotacións (en 621.500 ha). Pero isto acompañouse de importantes mudanzas na súa composición interna: diminúen as terras labradas nun 26,3% (-70.000 ha), proceso que afecta tanto ás dedicadas a cultivos herbáceos como a froiteiras; expandíndose de modo paralelo os pastos permanentes. Unha dinámica que reflicte o proceso de especialización gandeira do sector agrario galego.

Ao mesmo tempo asistimos nestas décadas a unha forte redución das terras de monte e improdutivas integradas nas explotacións agrarias, xestionadas por agricultores; o que explica o retroceso que sufriu a superficie total das explotacións (de 1.071.400 a 863.700 ha). Os datos permiten precisar que isto se debeu sobre todo á diminución das superficies de mato incluídas nas explotacións (-180.000 ha, -78,0%), o que pon de manifesto a desvinculación case completa dos agricultores respecto a este tipo de terras (erial, espartizal e matorral). Mentres que a redución foi moito menor para o monte arborado xestionado polas explotacións agrarias (-40.000 ha, -17,9%) (Cadro 54).

Cadro 54. Evolución da superficie das explotacións por aproveitamentos. Galicia 1997-2016

	Superficie (hectáreas)							Variación 1997/ 2016
	1997	2003	2005	2007	2009	2013	2016	
Terras labradas	268.301	220.490	166.269	202.253	199.747	202.896	197.641	-26,34%
Herb. e barb.	250.347	200.922	150.936	187.344	182.567	188.410	182.865	-26,96%
Frutais	9.726	9.048	6.387	6.186	7.271	5.079	4.958	-49,02%
Olivar	0	4	19	33	17	21	50	
Viñedo	8.215	10.414	8.774	8.498	9.359	9.027	9.294	13,13%
Outras	13	102	153	192	533	359	474	3546,15%
Pastos permanentes	353.251	504.135	566.490	546.405	447.850	452.624	424.002	20,03%
SAU	621.552	724.625	732.759	748.658	647.597	655.520	621.643	0,01%
Erial, esp. e matorral	229.023	158.640	124.976	107.734	55.436	56.222	50.469	-77,96%
Especies arbóreas forestais	220.846	232.907	229.597	228.874	202.492	196.839	181.305	-17,90%
Outras superficies		14.751	26.015	17.578	9.326	9.703	10.260	
Total outras terras	449.869	406.298	380.588	354.186	267.254	262.764	242.034	-46,20%
Superficie total	1.071.421	1.130.923	1.113.347	1.102.844	914.851	918.284	863.677	-19,39%

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Se examinamos a evolución por estratos de tamaño, en termos de SAU, no conxunto do período 1997-2016 constátase que o número de explotacións diminúe en todos os intervalos por baixo de 20 ha, correspondendo a caída máis intensa ás de 2-5 ha (-45,5%) e 5-10 ha (-50,5%). Iso acompañouse dun incremento das unidades produtivas en todos os intervalos por encima de 20 ha; incremento que alcanza a maior magnitude relativa no de 50-100 ha, onde o número de explotacións se multiplicou por 8, aínda que en cifras absolutas os estratos máis reforzados polo proceso de reestruturación foron os de 20-30 ha e 30-50 ha (Cadro 55).

Esas pautas por estratos de tamaño mantivéronse en liñas xerais ao longo das dúas décadas, tan só cun matiz de certa relevancia: a partir de 2007 (isto é, no último decenio), ademais de proseguir a desaparición de explotacións menores de 20 ha, diminúe tamén lixeiramente o seu número nos intervalos de 20-30 e 30-50 ha, de tal modo que unicamente se ven reforzados os estratos maiores de 50 ha (Cadro 55).

Como consecuencia diso, se analizamos a evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU, constátase globalmente do período 1997-2016 un incremento da porcentaxe de explotacións en todos os intervalos maiores de 20 ha (estas pasaron en conxunto do 3,4% do total en 1997 ao 11,6% en 2016), mentres que perden peso os estratos entre 2 e 20 ha, fundamentalmente os situados entre 2 e 10 ha; e mantense aproximadamente estable a porcentaxe das menores de 2 ha (algo máis de 1/3 do total). Iso acompañouse de cambios na mesma dirección pero de maior magnitude na distribución da SAU: a SAU detentada polas explotacións maiores de 20 ha aumentou do 21,0% en 1997 ao 54,2% en 2016; diminuíndo de forma paralela o peso territorial das situadas por baixo dese limiar, sobre todo daquelas entre 2 e 20 ha (Cadro 56).

Cadro 55. Evolución do número de explotacións por estratos de tamaño segundo a súa SAU. Galicia 1997-2016

Tamaño SAU (ha)	1997	2003	2005	2007	2009	2013	2016	Variación 1997/2016
Total	114.781	101.765	91.812	88.012	79.909	78.377	74.995	-34,66%
Sen SAU		228	361	230	428	716	560	
<1	11.359	11.293	8.101	8.311	9.307	7.318	7.857	-30,83%
1 a <2	29.361	26.425	22.396	20.464	22.382	22.071	19.413	-33,88%
2 a <5	36.649	27.181	24.369	22.704	18.120	18.816	19.972	-45,50%
5 a <10	19.914	15.507	15.219	14.047	11.208	10.786	9.861	-50,48%
10 a <20	13.612	13.386	13.140	13.069	9.782	9.720	8.735	-35,83%
20 a <30	2.764	4.551	4.556	4.813	4.266	4.143	4.334	56,80%
30 a <50	883	2.332	2.524	3.004	2.913	3.234	2.720	208,04%
50 a <100	161	621	915	1.111	1.245	1.288	1.278	693,79%
>= 100	78	241	231	259	258	285	265	239,74%
<1	11.359	11.293	8.101	8.311	9.307	7.318	7.857	-30,83%
1 a <20	99.536	82.499	75.124	70.284	61.492	61.393	57.981	-41,75%
20 a <100	3.808	7.504	7.995	8.928	8.424	8.665	8.332	118,80%
>=100	78	241	231	259	258	285	265	239,74%

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Cadro 56. Evolución da estrutura dimensional das explotacións en termos de SAU. Galicia 1997-2016

Tamaño SAU (ha)	Explotacións				SAU			
	1997	2009	2013	2016	1997	2009	2013	2016
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
<1	9,90%	11,71%	9,42%	10,56%	1,11%	0,60%	0,58%	0,61%
1 a <2	25,58%	28,16%	28,42%	26,08%	6,71%	4,49%	4,41%	4,07%
2 a <5	31,93%	22,80%	24,23%	26,83%	18,44%	8,79%	8,85%	9,97%
5 a <10	17,35%	14,10%	13,89%	13,25%	22,86%	12,23%	11,71%	11,35%
10 a <20	11,86%	12,31%	12,52%	11,74%	29,90%	21,25%	20,84%	19,80%
20 a <30	2,41%	5,37%	5,33%	5,82%	10,46%	15,86%	15,27%	16,86%
30 a <50	0,77%	3,67%	4,16%	3,65%	5,14%	16,88%	18,26%	16,38%
50 a <100	0,14%	1,57%	1,66%	1,72%	1,89%	12,51%	12,75%	13,66%
>= 100	0,07%	0,32%	0,37%	0,36%	3,49%	7,39%	7,34%	7,30%
<10	84,76%	76,77%	75,96%	76,72%	49,12%	26,11%	25,54%	26,00%
10 a <50	15,04%	21,34%	22,01%	21,21%	45,50%	54,00%	54,37%	53,05%
>=50	0,21%	1,89%	2,03%	2,07%	5,37%	19,89%	20,09%	20,95%

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Estructura das explotacións por estratos de dimensión económica

As mudanzas na dimensión física das explotacións acompañáronse de transformacións de maior magnitude no seu tamaño en termos económicos (o valor da produción), debido ao incremento que experimentou, sobre todo nos segmentos de explotacións dinámicas, a produción por unidade de superficie. Para analizar este aspecto temos que dividir, porén, o período 1997-2016 en dous subperíodos. O motivo é que nas EEEA de 1997 a 2007 os datos sobre a dimensión económica das explotacións refírense á Marxe Bruta Total (MBT); mentres que a partir de 2009 ese concepto é substituído pola Produción Estándar Total (PET), o que fai que as cifras non sexan comparables.

Feita esa aclaración, podemos resumir así o que indican os datos agregados (Cadro 57):

- No decenio 1997-2007 a intensa desaparición de unidades produtivas fixo que a SAU/explotación se incrementara a unha taxa acumulativa anual do 4,6%. E a iso uniuse un importante aumento da MBT por hectárea de SAU (2,5% anual). De tal modo que o resultado foi un crecemento da dimensión económica media das explotacións (MBT/explotación) do 7,2% anual, posibilitando que esta dimensión se duplicara no decenio.
- Comparado con esas tendencias, a evolución no subperíodo 2009-2016, marcado como temos sinalado polo contexto de crise económica, presenta unha novidade esencial: o forte freo da desaparición de explotacións, unido á contracción da SAU global, fixo que se estancara practicamente a SAU/explotación (o seu aumento limitábase ao 0,3% anual). Aínda que a produción económica por unidade de superficie, medida agora a través da PET por hectárea de SAU, seguiu medrando a un ritmo similar (2,4% anual), o estancamento do tamaño físico provocou que o crecemento da dimensión económica das explotacións se vira notablemente ralentizado: o aumento da PET/explotación limitábase ao 2,7% anual.

Cadro 57. Evolución da dimensión física e económica das explotacións agrarias en Galicia 1997-2016

	1997	2003	2005	2007	2009	2013	2016
Nº de explotacións	114.781	101.764	91.813	88.012	79.909	78.377	74.994
SAU (ha)	621.552	724.624	732.759	748.658	647.598	655.519	621.643
MBT (UDE). Desde 2009 PE (m. €)	581.076	741.192	885.355	892.687	2.176.923	2.309.101	2.468.551
SAU/explotación (ha)	5,42	7,12	7,98	8,51	8,10	8,36	8,29
MBT/ha de SAU (UDE); PET/ha desde 2009	0,93	1,02	1,21	1,19	3,36	3,52	3,97
MBT/explot (UDE); PET/explot desde 2009	5,06	7,28	9,64	10,14	27,24	29,46	32,92
			Taxas de variación acumul. anual	Variación 1997/2007	Taxas de variación acumul. anual	Variación 2009/2016	Variación 2009/2016
Nº de explotacións			-2,62%	-23,32%	-0,90%	-6,15%	
SAU (ha)			1,88%	20,45%	-0,58%	-4,01%	
MBT (UDE). Desde 2009 PE (miles €)			4,39%	53,63%	1,81%	13,40%	
SAU/explotación (ha)			4,62%	57,08%	0,32%	2,28%	
MBT/ha de SAU (UDE); PET/ha desde 2009			2,46%	27,54%	2,41%	18,13%	
MBT/explot (UDE); PET/explot desde 2009			7,20%	100,35%	2,74%	20,83%	

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

O contraste entre os dous subperíodos que se observa nas cifras agregadas encontrámolo tamén ao examinar a evolución da distribución das explotacións por estratos de dimensión económica. Esa distribución experimentou fortes mudanzas no decenio 1997-2007, cunha diminución do número de explotacións en todos os estratos cunha MBT inferior a 16 Unidades de Dimensión Europea (UDE), isto é, 19.200 euros⁷; que se acompañou dun reforzamento dos intervalos por encima dese limiar: as explotacións cunha MBT de 16-40 UDE multiplicáronse por 1,9 e as que superan as 40 UDE fixérono case por 10. No subperíodo 2009-2016, en cambio, esa reestruturación freouse de modo considerable. O número de explotacións diminúe agora en todos os intervalos cun valor da produción anual (PET) inferior a 9.600 euros, aumentando por encima dese limiar. Pero as variacións son de moita menor magnitude que no decenio precedente (Cadro 58).

En todo caso, hai que reiterar que o redimensionamento das explotacións en termos físicos (na base territorial) acompañouse nas dúas últimas décadas de mudanzas de moita maior magnitude na estrutura en termos económicos; o que se explica pola intensificación (incremento do valor económico da produción por unidade de superficie) que se deu nos segmentos de explotacións dinámicas. O resultado foi a progresiva consolidación dun colectivo de explotacións medianas, que continúan sendo moi minoritarias en número pero concentran xa actualmente a maior parte do output do sector. Concretamente, as explotacións cunha produción anual (PET) igual ou superior a 48.000 euros eran en 2016 só o 13,2% do total (unhas 10.000 en cifras absolutas), pero concentraban o 78,3% (máis de 3/4) da produción agraria (Cadro 58).

Cadro 58. Evolución da distribución das explotacións por estratos de dimensión económica. Galicia 1997-2016

Variación 1997-2007

Dimensión económica (UDE)	Nº de explotacións					Marxe bruta total (UDE)				
	1997	2003	2005	2007	Var. 1997/2007	1997	2003	2005	2007	Var. 2003/2007
< 4	82.784	69.528	58.594	52.824	-36,19%	100.887	96.735	89.774	89.774	-11,02%
4 a <8	15.611	13.013	11.438	13.289	-14,87%	74.301	65.318	74.619	74.619	0,43%
8 a <16	11.559	8.171	8.410	9.040	-21,79%	92.570	94.229	100.902	100.902	9,00%
16 a <40	4.337	8.451	8.789	8.111	87,02%	207.321	226.509	201.369	201.369	-2,87%
>=40	491	2.702	4.620	4.764	870,26%	266.114	402.565	426.022	426.022	60,09%
Total	114.782	101.865	91.851	88.028	-23,31%	741.193	885.356	892.686	892.686	20,44%

Variación 2009-2016

Dimensión económica (miles euros)	Nº de explotacións				PET			
	2009	2013	2016	Var. 2009/2016	2009	2013	2016	Var. 2009/2016
<4,8	41.184	38.603	36.461	-11,47%	83.612	80.852	72.212	-13,63%
4,8 a < 9,6	12.536	13.202	11.568	-7,72%	84.902	90.598	80.496	-5,19%
9,6 a < 19,2	8.569	9.038	9.506	10,93%	116.121	123.322	129.166	11,23%
19,2 a < 48,0	8.135	7.456	8.501	4,50%	250.763	227.950	254.707	1,57%
>48,0	10.750	10.373	10.007	-6,91%	1.641.524	1.786.378	1.931.969	17,69%
Total	81.174	78.672	76.043	-6,32%	2.176.923	2.309.100	2.468.550	13,40%

Fonte: INE, Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas e Censo agrario 2009. Elaboración propia.

⁷ A UDE equivale a 1.200 euros.

5.4.NOTAS FINAIS

Nos capítulos 4 e 5 constatamos as deficiencias que se veñen dando en Galicia ao longo das últimas décadas na mobilidade da terra, na transferencia das terras liberadas polas explotacións desaparecidas ás que continúan en activo. Partindo diso, o obxectivo esencial da terceira parte da tese é profundar no papel xogado por un dos mecanismos básicos de mobilidade da terra: o arrendamento. Como xa adiantamos na Introducción, esta terceira parte constitúe o núcleo central, e pensamos que a principal aportación orixinal, da presente investigación.





PARTE III

O ARRENDAMENTO DE TERRAS NA AGRICULTURA GALEGA: EVOLUCIÓN NAS DÉCADAS RECENTES E PAPEL NO REDIMENSIONAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS



CAPÍTULO 6. NORMATIVA LEGAL: A REGULACIÓN DOS ARRENDAMENTOS RÚSTICOS EN ESPAÑA E EN GALICIA

6.1.EVOLUCIÓN DA NORMATIVA SOBRE ARRENDAMENTOS RÚSTICOS EN ESPAÑA

Nunha imaxe global, podemos sinalar que a columna vertebral da normativa sobre os arrendamentos rústicos en España no último século e medio arranca do Código Civil de 1889 (CC), tendo despois como fitos máis importantes a Lei de 15 de marzo de 1935 e a Lei 83/1980, para culminar na normativa vixente, definida pola Lei 49/2003 e as súas modificacións.

Partindo das normas xerais que establece nesta materia o Código Civil, na década de 1920 viron a luz varios textos legais e creouse o Rexistro de Arrendamentos Rústicos. No decenio seguinte foi aprobada a citada Lei de 1935, que sobreviviu á Guerra Civil. Nos anos 1940 e 1950 elaboráronse diversas normas, que fixeron que a situación fora de gran confusión pola proliferación de textos legais diferentes. Era evidente a necesidade de refundir esa normativa (Hidalgo 1954) e como resultado xurde o Decreto do 29 de abril de 1959, que aproba o regulamento que refunde toda as normas en vigor sobre arrendamentos rústicos. Situados xa no período da transición democrática, en 1980 tivo lugar a aprobación dunha nova Lei de Arrendamentos Rústicos (Lei 83/1980), que foi despois modificada en profundidade pola Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias. Finalmente, en 2003 aprobouse a normativa actualmente vixente (Lei 49/2003), modificada mediante a Lei 26/2005 (ver Cadro 59). Podemos reiterar, pois, que os principais fitos na normativa estatal parten do Código Civil de 1889, e están constituídos pola Lei de Arrendamentos Rústicos (LAR) de 1935, co posterior texto refundido de 1959, a LAR de 1980, coa modificación de 1995, e a LAR de 2003 coa correspondente modificación de 2005 (ver Figura 14).

A orientación xeral desas normas foi mudando: o Código Civil correspóndese cunha regulación liberal do arrendamento; pola contra, tanto a LAR de 1935 como a LAR de 1980 son normas intervencionistas, que tratan de protexer aos arrendatarios; despois diso, a modificación derivada da Lei de Modernización das Explotacións de 1995 foi no sentido de liberalizar estes contratos, liña na que profundou a LAR de 2003; mentres que o novo cambio aprobado en 2005 volveu introducir unha maior regulación ou protección.

Polo que se refire á normativa específica sobre os arrendamentos rústicos históricos, designados así pola súa orixe afastada no tempo que xustifica un tratamento particular, o primeiro texto legal a destacar é a Lei do 23 de xullo de 1942 que define os arrendamentos protexidos. Posteriormente estes serán regulados a nivel estatal pola Lei 1/1992 e no ámbito galego pola Lei 3/1993.

Dentro dese marco xeral estatal, a regulación dos arrendamentos rústicos presenta en Galicia algunhas especificidades, que están recollidas na Lei 4/1995, do 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia, e na súa actualización coa Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.


No relativo á aplicación do marco normativo vixente, hai que estar en principio ao disposto no artigo 1.2 e na disposición final 2ª da LAR de 2003. De maneira que, xerárquica e

sucesivamente, o contrato de arrendamento réxese: primeiro polas súas disposicións imperativas; segundo, pola vontade das partes contratantes; terceiro, polas súas normas dispositivas; cuarto, polo Código Civil; e finalmente polos usos e costumes, sen prexuízo da normativa de aplicación preferente que diten as comunidades autónomas con competencia en materia de dereito civil, foral ou especial, como é o caso de Galicia (De las Heras, 2007).

Cadro 59. Normativa sobre arrendamentos rústicos. Resumo da súa evolución en España e en Galicia

Regulación xeral en España	Normativa principal	Regulación específica Galicia	Arrendamentos históricos (España)
	Codigo Civil 1889		
L 26/07/1922			
RD 01/01/1926			
Reg 30/03/1926			
DL 21/11/1929			
D 11/07/1931			
D 19/05/1931			
O 06/08/1931			
L 09/09/1931			
D 31/10/1931			
	L 15/03/1935		
	Reg 27/04/1935		
L 28/06/1940			
L 23/07/1942			
L 10/11/1942			
L 18/03/1944			
DL 24/07/1947			
L 04/05/1948			
DL 15/05/1949			
L 16/07/1949			
L 17/07/1953			
L 15/07/1954			
	Reg 29/04/1959		
	L 83/1980		
L 49/1981			
L 1/1987			
L 5/1991			
			L 1/1992
		L 3/1993	
	L 19/1995	L 4/1995	
	L 49/2003		
	L 26/2005		
		L 2/2006	

Figura 14. Evolución da normativa básica estatal sobre arrendamentos rústicos



6.1.1. Lexislación sobre arrendamentos rústicos e aparcerías

A liberdade contractual, na concepción propia do liberalismo, instaurada polo Código Civil era unha mera liberdade legal que ao recaer sobre unha desigualdade económica e social dos contratantes producía desigualdade xurídica, o que determinou un progresivo intervencionismo estatal. Só a aparcería, á que o CC adica o artigo 1579, resultaba en teoría máis favorable ao cultivador (Riobó, 2006). A esa situación tentouse poñer remedio coas normas especiais, inspiradas en puntos de vista marcadamente sociais, sendo as máis significativas ata a LAR de 1935 as seguintes, sinalando nelas as principais achegas:

- ✓ Lei de Reforma Tributaria do 26 de xullo de 1922, pola que se crea o Rexistro de Arrendamentos.
- ✓ Real Decreto-Lei do 1 de xaneiro de 1926 e Regulamento de 30 de marzo, sobre o Rexistro de Arrendamentos Rústicos.
- ✓ Real Decreto-Lei num. 2.487 do 21 de novembro de 1929, que limitaba a liberdade das partes e outorgaba importantes dereitos aos arrendatarios.
- ✓ Decreto do 19 de maio de 1931 sobre Arrendamentos Colectivos.
- ✓ Lei de 1932 da Reforma Agraria.

Lei do 15 de marzo de 1935

Segundo De los Mozos (1981), a Lei de 15 de marzo de 1935 establece un modelo distinto de arrendamento rústico, concibido como un contrato para a empresa agraria. Anticipando unha

idea que ía ter logo desenvolvemento noutras lexislacións europeas, o centro da regulación é a actividade agraria como actividade empresarial. Non se trata só de protexer o traballo fronte á propiedade, senón de protexer á empresa.

Esta LAR de 1935 dispón no seu artigo 11 que non terá lugar o dereito de prórroga se o arrendatario se negase a transformar o contrato de arrendamento noutro de aparcería. Se o propietario non quixera continuar en aparcería podería o aparceiro optar entre o abandono do cultivo ou a continuación como arrendatario. O subarrendo foi absolutamente prohibido polo artigo 4 da LAR de 1935, sendo nulos cantos contratos desta especie foran concertados (Hidalgo, 1954). A finalidade fundamental desta Lei era estabilizar ao arrendatario, garantíndolle certa duración do contrato. Aínda partindo da liberdade contractual, introduce unha serie de disposicións obrigatorias en materia de prórrogas, conversión de arrendamento en aparcería, etc. Por outro lado, asegúrase aos arrendatarios a aplicación do índice oficial dos prezos dos produtos agrarios e o dereito de retracto, que lles permitía converterse en propietarios. Outro dos puntos centrais era a forma do contrato, que debía ser por escrito e con mencións obrigatorias.

A LAR de 1935 mantivo a súa vixencia, con sucesivas modificacións, nas décadas posteriores; dando lugar a unha confusa e complexa lexislación ata que se dita, por Decreto do 29 de abril de 1959, un Regulamento que refunde toda a normativa, establecendo o réxime de sucesivas prórrogas, a estabilización das rendas por aplicación da cláusula de valor do trigo e o acceso dos arrendatarios á propiedade a través do dereito de adquisición preferente. Desta situación existía conciencia nos anos 1950, como poñía de manifesto Hidalgo (1954), ao indicar que era un clamor xeral a necesidade dun texto único que refundira as normas que trataban de regular os arrendamentos rústicos. Antes desa refundición rexían na materia a Lei 15/03/1935, Lei 28/06/1940, Lei 23/07/1942, Lei 18/03/1944, Lei 17/07/1953 e Lei 15/07/1954.

Lei 83/1980 de Arrendamentos Rústicos e modificación pola Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias

Tras a aprobación da Constitución de 1978, o establecemento dunha adecuada regulación dos arrendamentos rústicos, en canto coadxuva á modernización das explotacións agrarias, convértese non só nun instrumento de política económica e social, senón que tamén responde á encomenda recollida no artigo 130 da Constitución, que establece que os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e en particular á agricultura, gandería, pesca e artesanía. Ademais, no artigo 33 da Constitución conságrase a función social da propiedade. A aplicación de ambos preceptos será obxecto de diferentes normas, dirixidas tanto a modernizar e desenvolver a agricultura como a protexer aos arrendatarios. Por outro lado, o artigo 148 da Constitución prevé a transferencia de competencias en materia de agricultura ás Comunidades Autónomas.

Na aplicación deses preceptos constitucionais á cuestión dos arrendamentos rústicos destacan no ámbito estatal a LAR de 1980 (Lei 83/1980) e a Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias. Coa LAR de 1980 o lexislador continuou a tradición de acudir, por razóns de carácter social, ao sistema de leis especiais de arrendamento. Esta Lei seguiu a senda da LAR de 1935, apostando por intervir nestes contratos, limitando a marxe de liberdade das partes, cunha regulación imperativa. Coa entrada en vigor da citada Lei o Código Civil (artigos do 1575 ao 1579) aplicárase unicamente nos contratos que queden fora

da lexislación especial. Os contratos existentes á entrada en vigor da LAR de 1980 rexeranse en canto á duración pola normativa anterior, mais cando se trate de cultivadores persoais terán dereito a prórrogas ata un límite de 21 anos. Unha novidade destacada é a desaparición da distinción entre as fincas con principal aproveitamento agrícola ou pecuario, unificándose o tempo mínimo de duración do arrendamento en 6 anos. Ademais, estableceuse o dereito de prórroga de todos eles: terminado o prazo, o arrendatario tiña dereito a unha primeira prórroga por 6 anos e a prórrogas sucesivas de 3 anos, ata un máximo de 15 anos. Isto só tiña unha salvidade: podería opoñerse ás prórrogas o arrendador que se comprometera a cultivar directamente a finca durante 6 anos.

Partindo das normas básicas da LAR 1980, nos anos posteriores promulgáronse diversos textos legais que afectaron ao réxime dos arrendamentos rústicos, entre os que cabe destacar: a Lei 49/1981 do Estatuto da Explotación Familiar Agraria e dos Agricultores Xoves; a Lei 1/1987, sobre a prórroga de determinados contratos de arrendamentos rústicos; a Lei 1/1992 de Arrendamentos Rústicos Históricos e a Lei 5/1991 de modificación parcial da LAR 1980.

A regulación da LAR de 1980 foi modificada pola Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias, especialmente no referido á duración e prórroga dos contratos. No seu artigo 28 esta Lei establece unha duración mínima dos contratos de 5 anos, despois do cal o arrendador poderá recuperar a finca sen ningún requisito, simplemente notificándoo cun ano de antelación. Só se o arrendador non exerce ese dereito entenderase prorrogado o contrato por tres anos, e así sucesivamente. Pola súa parte, o arrendatario poderá dar por extinguido o contrato ao termo de cada ano, notificándoo con antelación. Partindo desa maior flexibilidade na duración e prórrogas dos contratos, para incentivar o arrendamento o artigo 29 establece que, en función da situación do mercado da terra, o Goberno pode dispoñer axudas económicas anuais aos propietarios nos contratos de 8 ou máis anos, sempre que a explotación manteña a condición de prioritaria⁸. Exclúense destas axudas os arrendamentos entre persoas ligadas por vínculos familiares.

Agúndez Fernández (1998) caracterizaba a LAR 1980 polas seguintes notas: o contrato de arrendamento configúrase como institución xurídica básica para a economía agraria; régúlese o acceso á propiedade facilitando ao arrendatario a adquisición das fincas, ben sexa por libre acordo co dono, polo exercicio do tanteo e retracto ou por expropiación forzosa; búscase o equilibrio entre propiedade e posesión, primando o carácter social. Para De las Heras (2007) os criterios inspiradores da LAR 1980 son: unha férrea protección do arrendatario, a quen se lle outorgan dereitos tan relevantes como o de prórroga do contrato a vontade, rebaixa da renda en determinadas situacións, indemnización por melloras, tanteo e retracto; o límite á liberdade de pacto en materia de duración mínima e renda; liberdade do arrendatario para determinar os cultivos, sen prexuízo da obriga de devolver a finca no estado no que a recibiu; intervención administrativa en defensa dos pequenos agricultores; establecemento das Xuntas Arbitrais de arrendamentos rústicos.

A comparación dos Censos agrarios de 1982 e 1989 revela unha certa parálise estrutural da agricultura española durante a década de 1980, un freo do proceso de desaparición e concentración de explotacións, que podería relacionarse en boa medida coas rixideces do

⁸ O Título I da Lei 19/1995 crea a figura das explotacións agrarias prioritarias, establecendo no artigo 4 os requisitos que estas deben reunir.

mercado de terras e cun escaso papel do arrendamento como mecanismo de mobilidade da terra. Fenómeno este último que diferentes autores vinculan cos efectos da LAR 1980: a regulación proteccionista para os arrendatarios tivo como consecuencia un freo da oferta de terras en arrendamento (Sumpsi Viñas, 2003). Esta regulación, inspirada na protección dos arrendatarios, non era favorable para os propietarios, tanto na duración mínima e sistema de prórrogas como na posibilidade de acceso á propiedade, o que desincentivou a cesión de terras baixo esta modalidade contractual. A doutrina apuntaba á conveniencia dun cambio cara a unha normativa máis flexible ou liberalizadora, e neste sentido hai que situar as modificacións introducidas pola Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias. Sen que sexa posible atribuír todo ao cambio normativo, o certo é que nos catro primeiros anos de aplicación desta nova regulación a superficie arrendada na agricultura española aumentou en 2,3 millóns de hectáreas, sobre todo en explotacións de tamaño medio (Riobó, 2006).

Lei 49/2003, do 26 de novembro, de Arrendamentos Rústicos e modificación mediante a Lei 26/2005, do 30 de novembro, de Reforma da Lei de Arrendamentos Rústicos

Segundo un punto de vista moi estendido, a fonda transformación das estruturas agrarias que se produciu en España na década de 1990, en contraste coa relativa parálise do decenio anterior, debeuse en gran medida á liberalización do réxime arrendaticio rústico vixente desde a LAR 1980 por medio da Lei 19/1995. Esa liberalización, ao reducir de 6 a 5 anos a duración mínima e sobre todo ao suprimir o sistema de prórrogas forzosas, contribuíu á expansión desta forma contractual. Isto reflíctese en que comparando os Censos agrarios de 1989 e 1999 as terras en arrendamento pasaron de 4.091.458 a 7.073.199 ha (Riobó, 2006).

Neste sentido, como apunta Luna Serrano (2000), eran moitos os que pedían a reforma da LAR 1980 partindo de que o proteccionismo a favor do arrendatario acabou provocando o efecto contrario do pretendido. Ao respecto é coñecido o dilema existente á hora de establecer a regulación dos arrendamentos rústicos. Unha regulación moi proteccionista para o arrendatario tenderá a estimular a demanda de terras en arrendamento, pero corre o risco de desincentivar, ata case paralizar, a oferta. O problema contrario dáse cunha regulación moi liberal: esta tende a potenciar a oferta de terras en arrendamento; pero, ao verse os arrendatarios desprotexidos e non contar cunha estabilidade no dereito de uso das terras, o resultado pode ser unha retracción da demanda. Este último problema parece razoable pensar que non afecta do mesmo modo a todas as orientacións produtivas. Nun extremo temos as explotacións dedicadas a cultivos anuais, como os cereais, nas que a duración do contrato probablemente afecta pouco á demanda, ao ser suficiente para o agricultor un horizonte temporal curto. No extremo contrario están os cultivos leñosos, nos que a demanda de terras en arrendamento só se producirá se o contrato ten unha duración relativamente longa. Nunha situación intermedia estarían, por exemplo, as explotacións gandeiras de herbívoros.

Tratando de contrastar o efecto final desas forzas contrapostas sobre a evolución da superficie en arrendamento en España, xa sinalamos que os datos para a década de 1990 apuntan a un impacto favorable da liberalización aprobada en 1995 a través da Lei de Modernización das Explotacións Agrarias. E isto parece cumprirse tamén para os dous últimos decenios: segundo as cifras das *Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas*, no período 1997-2005, anos nos que estivo en vigor unha lexislación “liberal”, a superficie en arrendamento creceu a unha taxa media acumulativa anual do 2,56%; mentres que no período 2005-2016, despois da normativa máis proteccionista que como imos ver foi aprobada en 2005, esa taxa anual baixou ao 0,80%. Porén, o diagnóstico vese matizado se consideramos o “arrendamento

en sentido amplo”, incluíndo ademais do arrendamento as terras baixo outros réximes de tenencia: as taxas de crecemento anuais foron neste caso do 1,16% e do 1,84%, respectivamente. A interpretación provisional que cabe facer deses datos é que na dinámica estrutural recente da agricultura española unha normativa máis proteccionista tende a frear a expansión do arrendamento en sentido estrito; pero, na medida en que existe unha elevada oferta e demanda potencial de terras, iso acompáñase da expansión doutras fórmulas de cesión.

En calquera caso, no que respecta á evolución da normativa legal, en 2003 aprobouse unha nova Lei de Arrendamentos Rústicos en España que veu afondar na orientación liberal iniciada en 1995. Esta reforma estivo precedida da publicación o mesmo ano por parte do Ministerio de Agricultura do documento no que se destacaba o papel central que debía xogar o arrendamento na mobilidade da terra e no redimensionamento das explotacións (MAPA, 2003).

A Lei de Arrendamentos Rústicos de 2003 responde a unha filosofía claramente liberal. A orientación que a inspira é lograr unha flexibilización do réxime dos arrendamentos rústicos, seguindo a senda aberta pola Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias. Tres son os obxectivos principais proclamados da LAR 2003: contribuír ao aumento da dimensión física e económica das explotacións, favorecer a mobilidade das terras e fomentar o uso de formas societarias e asociativas. Como principais novidades podemos salientar: dáse primacía á autonomía das partes; trátase de reforzar a explotación agraria como realidade económica, regulando a figura do arrendamento de explotación; será obrigatoria a formalización do contrato por escrito, pero desaparece a figura do contrato-tipo; redúcese a duración mínima do contrato de 5 a 3 anos; suprímense os dereitos de tanteo, retracto e adquisición preferente; e liberalízase a fixación, revisión e actualización da renda (De las Heras, 2007).

O xiro liberal da LAR 2003 foi corrixido, porén, tan só dous anos despois mediante a aprobación do último cambio importante nesta materia: a Lei 26/2005, do 30 de novembro, de Reforma da Lei de Arrendamentos Rústicos. Os elementos máis relevantes desta última reforma son os seguintes (Riobó, 2006): retorno a unha duración mínima do contrato de 5 anos, en lugar de 3, para favorecer o desenvolvemento dos proxectos empresariais; reinstauración do dereito de acceso á propiedade dos arrendatarios, baixo as figuras do tanteo, retracto e dereito de adquisición preferente; recuperación da figura do agricultor profesional como arrendatario preferente; establecemento de novo de limitacións á superficie das explotacións agrarias das que pode ser titular un arrendatario; establecemento do dereito *inter vivos* de subrogación a favor do conxuxe ou descendentes, coa finalidade de protexer ás explotacións agrarias familiares; e finalmente reintrodución do Rexistro de Arrendamentos Rústicos. Outra novidade é a protección dos agricultores xoves, mediante a preferencia que se lles concede no exercicio dos dereitos de tanteo, retracto e adquisición preferente (De las Heras, 2007).

En conxunto, pois, coa aprobación da Lei 26/2005 produciuse de novo un xiro intervencionista, cara a unha maior protección do arrendatario no réxime especial dos arrendamentos rústicos (Muñiz et al., 2008).

6.1.2. Os arrendamentos rústicos históricos

O tratamento diferenciado desta clase de arrendamentos ten a súa orixe nos denominados arrendamentos protexidos. A partir da Lei de 23 de xullo de 1942 defínense como aqueles nos que a renda anual veña regulada por unha cantidade de trigo que non exceda de 40 quintais métricos, e que o cultivo se realice polo arrendatario de modo directo e persoal. Como notas diferenciadoras figuraban o establecemento da posibilidade de sucesión familiar no caso de falecemento do arrendatario, un réxime privilexiado de prórrogas e desafiuzamentos limitados. A Lei de 4 de maio de 1948 prorrogou automaticamente os contratos de arrendamento protexidos ata 1954 (Riobó, 2006). Posteriormente a Lei de 15 de xullo de 1954 pretendeu resolver o problema de forma definitiva, recoñecendo aos arrendatarios o dereito de acceso á propiedade. Polo Decreto de 29 de abril de 1959 apróbase o Regulamento de Arrendamentos Rústicos, sendo a partir de entón cando comeza a falarse de arrendamentos históricos. Concretamente, este Regulamento de 1959 diferenciaba tres clases de arrendamentos: ordinarios, distinguindo por aproveitamentos, agrícola e gandeiro; protexidos, que eran os que tiñan unha renda anual inferior a 40 Qm de trigo e cultivo do arrendatario de modo directo; especialmente protexidos, aqueles que reunindo os caracteres do anterior estaban en vigor con anterioridade a 1 de agosto de 1942 (Karrera Egialde, 1998).

Partindo dese marco legal, cada vez que estaba próxima a data de extinción dos arrendamentos históricos producíase unha elevada conflictividade social. Para evitala aprobábanse reformas lexislativas encamiñadas a favorecer o acceso á propiedade dos arrendatarios. Situados xa no período posterior á Ditadura, a Lei de Arrendamentos Rústicos de 1980 nos artigos 98 e 99, baixo a rúbrica de “Adquisición forzosa”⁹, distinguiu dous supostos, en función da data do contrato e outras circunstancias: os arrendamentos anteriores ao Código Civil, nos que o arrendatario podería acceder á propiedade pagando ao arrendador o prezo conforme ás normas de valoración da expropiación forzosa; e os anteriores a 1 de agosto de 1942 cunha renda non superior a 40 Qm de trigo e estando as fincas cultivadas persoalmente polo arrendatario. Neste último caso, se o arrendador non exercitaba o dereito de solicitar a entrega da finca para cultivala persoalmente polo menos 6 anos, o arrendatario podía utilizar o dereito de adquisición da propiedade, pagando o prezo calculado como no caso anterior e tendo a obriga (como na recuperación por parte do arrendador) de traballala persoalmente durante 6 anos como mínimo. A estes dous supostos debía engadirse o contemplado na Disposición transitoria 1ª, que buscaba solucionar a problemática dos arrendamentos históricos de Valencia e Galicia. Neste caso os arrendamentos concertados con anterioridade á publicación da Lei de 15 de marzo de 1935 entendíanse prorrogados por dous períodos de tres anos; durante estes períodos o arrendatario podería facer uso do dereito de acceso á propiedade.

Pero a LAR 1980 non significou a solución definitiva do problema dos arrendamentos históricos, de tal modo que houbo de ditarse a Lei 1/1987, que estableceu novos prazos de acceso á propiedade. A Lei 1/1992 considerou como arrendamentos rústicos históricos, ademais dos considerados nos artigos 98 e 99 da LAR 1980, os concertados con anterioridade á publicación da Lei de 15 de marzo de 1935 cando o arrendatario fora cultivador persoal. En

⁹ Para Martínez Valencia (1991), partindo de que o arrendatario podía ou non facer uso dos dereitos que a LAR lle outorgaba e en cambio o propietario tería que pasar pola carga que os mesmos supoñían, tratábase máis dunha “venta forzosa” que dunha “adquisición forzosa”.

canto ao réxime xurídico a que quedaron sometidos estes contratos, cabe destacar os seguintes aspectos: estableceuse unha prórroga ata o 31 de decembro de 1997, e unha prórroga complementaria se o arrendatario tiña 55 anos cumpridos á entrada en vigor da lei, ata a xubilación; durante a prórroga o arrendatario podía adquirir as fincas arrendadas pagando a cantidade que fixaran as Xuntas Arbitrais, establecéndose un sistema de axudas para facilitar o exercicio deste dereito; se o contrato comprendía a casa de labor, tería dereito a continuar co arrendamento da casa e a décima parte da superficie das fincas arrendadas, cun máximo de 1 hectárea, ata a súa morte (Trigo, 2006).

6.2. ARRENDAMENTO E APARCERÍA NO DEREITO GALEGO

6.2.1. Lei de Dereito Civil de Galicia de 1995

Rebolledo (2008) indica como no artigo 149.1.8 da Constitución Española recoñécese ás Comunidades Autónomas que tiñan un dereito propio, tradicionalmente denominado foral desde a época da codificación de finais do século XIX, a competencia para a súa conservación, modificación e desenvolvemento. Consagrouse así constitucionalmente unha diversidade legislativa en materia de dereito civil que xa existía no artigo 13 do Código Civil, pero que no seu alcance práctico tiña unha repercusión moi diversa.

Galicia sempre tivo un dereito civil propio, con institucións peculiares distintas ás reguladas no Código Civil. Foi sempre constatable a existencia no seu territorio dun dereito peculiar autóctono e privativo; de feito, a propia Base 13 da Lei de 11 de maio de 1888 (Lei de Bases do Código Civil) expresamente mencionaba a Galicia entre os territorios de Dereito Foral, ao lado de Aragón, Baleares, Cataluña, Navarra e País Vasco. É igualmente constatable que tales institucións propias, ata a súa plasmación parcial na Compilación de 1963, foron xeralmente marxinais e de escasa aplicación práctica, reducida a certos aspectos do mundo agrario (foros, subforos, rendas en saco, aparcerías, dereito de labrar e posuír e compañía familiar). O dereito civil galego durante décadas languideceu, fronte a un Código Civil que proscribía o costume contra a lei, o que chocaba frontalmente coa realidade galega onde o costume consagrara moitos aspectos. Á luz do artigo 149.1.8 da Constitución Española, en ningún momento foi discutida a lexitimidade histórica da Comunidade Autónoma de Galicia para asumir competencias en materia de dereito civil propio sobre a base da súa consideración como territorio foral con dereito compilado. No artigo 27.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia prevese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego. A Lei 7/1987, do 10 de decembro, do Parlamento de Galicia, integrou dentro do ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma a ata entón Lei estatal da Compilación de 1963.

A actualización do Dereito Civil propio de Galicia era unha evidente necesidade. A LAR 1980 baseábase no mesmo principio imperativo da lexislación especial anterior o que contradecía a realidade galega, caracterizada porque a maioría dos arrendatarios eran á vez propietarios e o contrato caracterizábase pola súa forma verbal e a ampla marxe de liberdade contractual. Isto pretendese responder coa Lei 4/1995, de 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia. No seu Título V trata dos arrendamentos rústicos e aparcería, intentando adaptarse ás peculiaridades de Galicia. O criterio adoptado foi o da liberalización do réxime xurídico, imperando a

liberdade nas estipulacións tanto referidas á renda como á duración, onde non se contempla a existencia de prórrogas legais e non se establece unha duración mínima obrigatoria, salvo para o arrendamento do lugar acasado, cunha duración mínima de 5 anos (Riobó, 2006).

A Lei 4/1995, do 24 de maio, do Dereito Civil de Galicia, presentaba algunha dificultade para determinar se realmente nos atopabamos ante unha lei novidosa que desenvolvía as posibilidades do dereito civil galego ou, polo contrario, non supoñía outra cousa que unha continuación do camiño que seguira a Compilación de 1963. Era unha lei contraditoria que reflectía as dúas filosofías. Por unha parte, continuou a liña máis tradicional de intentar facer rexurdir vellas institucións que xa estaban na Compilación de 1963, como a veciña, os muíños de herdeiros, as agras e os vilares, o cómaro, ribazo ou arró, incluso recuperando unha institución desaparecida desde o século XVIII como é o retracto de graciosa. Doutra parte, regulou novas figuras como a servidume de paso ou os arrendamentos rústicos. A pesar de todo, a Lei 4/1995 supuxo un avance significativo do dereito civil galego respecto da decadencia na que se encontraba inmerso durante a vixencia da Compilación de 1963. No seu Título V recolle unha ampla regulación dos contratos incardinados no mundo agrario, cunha especial atención aos arrendamentos rústicos e aparcerías (artigos 35 a 94). Normativa que se complementou coa Lei 3/1993, do 16 de abril, das aparcerías e dos arrendamentos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se prorrogan os arrendamentos e o acceso á propiedade ata o 31 de decembro de 2010.

6.2.2. Réxime legal vixente: a Lei de Dereito Civil de Galicia de 2006

Para responder a diversas cuestións suscitadas durante a vixencia da norma anterior, promulgouse a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. Esta Lei tenta desenvolver aquelas institucións xurídico-privadas que realmente estivesen vivas no dereito propio de Galicia, sen ter vocación de reconstrución ou reinvenición dun dereito inexistente.

No Título VII regula (capítulo I) os arrendamentos rústicos e (capítulo II) as aparcerías. En materia de arrendamentos rústicos, sen prexuízo da regulación especial dos arrendamentos e aparcerías históricos contida na Lei 3/1993 e da prórroga dos prazos de acceso á propiedade pola lei 6/2005, o lexislador tratou de equilibrar a conservación de elementos do dereito histórico e consuetudinario coa incorporación de regras que obedecen a principios alleos a aquel dereito pero que responden a esixencias agrarias do momento actual. As normas contidas nos artigos 99 e seguintes da Lei 2/2006, que esencialmente xa tiñan sido incorporadas na Lei 4/1995, supoñen unha maior flexibilidade e adaptación dos arrendamentos rústicos ás peculiaridades de Galicia que a aplicación das leis estatais mencionadas anteriormente. A xurisprudencia tivo que lembrar a inaplicación en Galicia da lexislación estatal de arrendamentos rústicos, salvo como dereito supletorio e en canto non se opoña aos principios do ordenamento xurídico galego (Artiach, 2014).

Destaca no seu réxime xurídico o respecto ao principio de liberdade de negociación, declarado xa no artigo 99 ao fixar as fontes de regulación dos arrendamentos rústicos, concretado en numerosos puntos como a renda e o seu pago, determinación do tipo de cultivo, prórrogas etc. Na duración do contrato xoga o principio de autonomía da vontade, sen prazos de duración mínimos (artigo 103) salvo para o arrendamento de lugar acasado (art. 120), definido no art. 119 como unha unidade orgánica de explotación agropecuaria e forestal, rexida polos principios de integridade e indivisibilidade, que terá unha duración mínima de 5

anos. Tampouco se establecen prórrogas legais do contrato, admitindo só aquelas acordadas polas partes ou simplemente tácita recondución por dous anos agrícolas. E respecto da renda non existen previsións legais sobre a súa actualización, revisión, redución ou exoneración, salvo as cláusulas que as partes poidan incluír no contrato (art. 101). No relativo ás aparcerías, contempladas nos arts. 127 e seguintes, non se esixe ao cedente unha porcentaxe mínima de achegas (Rebolledo, 2008).

6.2.3. A regulación autonómica sobre arrendamentos rústicos históricos

En Galicia o réxime tradicional do contrato de arrendamento caracterizábase pola xeneralizada contratación verbal, a liberdade do arrendatario na elección de cultivos, a determinación do prazo de duración polos contratantes e a estabilidade da renda pactada. Ademais permitíase a sucesión ou novación dos arrendamentos entre pais e fillos, sendo esta unha das orixes da figura regulada nas décadas recentes como arrendamentos históricos. Trátase de familias que viven da explotación dunhas fincas que xuridicamente son propiedade doutros pero que socialmente son consideradas como propias de quen as explotan, ao facelo durante longo tempo sen máis carga que unha renda. Por ese motivo parecía socialmente inxustificable que se privara a esas familias do seu medio tradicional de sustento sen máis indemnización que o pago polas mellora efectuadas.

Os arrendamentos e aparcerías de longa duración non son figuras exclusivas do dereito galego, pero tiveron na nosa Comunidade especial incidencia. Unha posible explicación atopámola na súa relación cos foros. En 1763 o foro adquire carácter perpetuo, de aí que a partir dese momento os propietarios optasen preferentemente polo arrendamento ou aparcería, polo seu carácter temporal e tamén pola maior flexibilidade para a actualización da renda. Pese á diferenza xurídica, ao ser o foro un dereito real e o arrendamento e aparcería unha relación xurídica contractual, a finalidade económica é similar. Tratábase de proporcionar rendas aos propietarios non interesados no cultivo directo das terras. Con frecuencia o obxecto do contrato era o lugar acasado, a casa de labor e unha serie de fincas, que forman unha unidade de explotación. Isto explica que o arrendamento e a aparcería foran normalmente de longa duración. A aprobación do Código Civil en 1889 supuxo a derogación do Dereito histórico e a entrada en vigor dunha nova regulación; así mesmo cualificaba os foros temporais ou por tempo limitado como arrendamentos (Trigo, 2006).

Referíndonos xa ás décadas recentes, como foi indicado a nivel español a LAR de 1980 estableceu para os arrendamentos históricos o dereito de acceso á propiedade polo arrendatario. Como iso non significou unha solución definitiva ao problema, ditouse a lei 1/1987 que prorrogou determinados contratos de arrendamento, establecendo novos prazos de acceso á propiedade; norma substituída pola lei 1/1992 de arrendamentos rústicos históricos, que concedeu novas prórrogas. Centrándonos en Galicia, as aparcerías e arrendamentos rústicos históricos foron regulados pola Lei 3/1993 de aparcerías e arrendamentos rústicos históricos de Galicia, que ten como antecedente a Lei 6/1986 de arrendamentos rústicos históricos de Valencia. Como características máis relevantes desta Lei cabe destacar as seguintes (Lorenzo Merino, 1996): fixa un tipo de arrendamento único con data límite de recoñecemento de 1 de agosto de 1942; carencia de eficacia dos pactos novatorios sobre os contratos existentes; réxime privilexiado de acceso á propiedade para aparceiros e arrendatarios; facultade de rescate para o propietario cando xustifique que é o seu único medio de vida; dereito do aparceiro ou arrendatario para continuar de forma vitalicia no

arrendamento da casa de labranza, como compensación polo dereito de rescate que se recoñece ao propietario.

Na práctica o número de arrendamentos que merecían a consideración de históricos foise reducindo pola negociación entre as partes, fenómeno que se intensificou especialmente desde a promulgación da LAR 1980. O proceso retardouse coa Lei 3/1993, ao conceder esta un prazo moi amplo para exercer o dereito de acceso á propiedade (ese prazo estendiase ata finais de 2015) (Riobó, 2004)¹⁰.

6.3. RECAPITULACIÓN DOS PRINCIPAIS ASPECTOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

Concluimos este capítulo recapitulando e revisando os principais aspectos do contrato de arrendamento de bens rústicos, tal como este aparece regulado na lexislación española e galega.

Definición legal

Castán (1944) deduce do artigo 1 da Lei de 15 de marzo de 1935 que ten que entenderse por arrendamentos rústicos aqueles contratos concluídos por persoas que non sexan parentes consanguíneos, aíns ou adoptivos ata segundo grao, ou que séndoo pacten expresamente acollerse a esa Lei, nos que se cede temporalmente o gozo dunha finca rústica ou dalgúns dos seus aproveitamentos mediante prezo, canon ou renda, xa sexa en metálico, especie ou ambas, co fin de dedicala á explotación agrícola ou gandeira. Pola súa parte, a LAR de 1980 no seu artigo 1 dispoñía que se considerarían arrendamentos rústicos os contratos mediante os cales se ceden temporalmente unha ou varias fincas para o seu aproveitamento agrícola, pecuario ou forestal, a cambio de prezo ou renda. A nova LAR de 2003 distingue dúas clases de arrendamentos, os rústicos e os de explotacións.

No dereito galego, a Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia non ofrece ningunha definición deste contrato, seguindo o mesmo criterio que a predecesora Lei 4/1995. Isto resulta xustificable para Lorenzo Merino (1996) porque é perfectamente utilizable o concepto que se deducía da LAR española de 1980.

Arrendamento de explotación

Unha das máis importantes novidades da LAR 2003 (Riobó, 2006) é incluír o arrendamento de explotación. Arréndase unha pluralidade de cousas unidas por un destino, neste caso o aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal. Encontramos referencias á explotación agraria na lexislación hipotecaria. O novo concepto de explotación agraria aseméllase a unha empresa agraria, afastándose do núcleo familiar autosuficiente histórico. Pode entenderse como un

¹⁰ O texto orixinal concedía un prazo ata 31 de decembro de 2005, posteriormente, coa Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, prorrogábase ata o 31 de decembro de 2010, e xa por fin, a Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas prorroga o dereito de acceso á propiedade ata o 31 de decembro de 2015.

paso desde a concepción territorial do contrato de arrendamento rústico a unha concepción empresarial. Ademais dáse carta de natureza a unha figura plenamente recoñecida no ámbito da PAC.

Por que a exclusión desta figura antes de 2003? Pola tradicional finalidade protectora do arrendatario que realizaba a actividade agraria. Se se lle entregaba unha explotación, xa en funcionamento, e a mencionada actividade fora desenvolvida polo arrendador, o arrendatario non merecía a protección do lexislador. O arrendo de explotación terá dous requisitos (artigo 2): constar expresamente; que ao contrato lle acompañe un inventario. Impóñenselle dúas obrigas básicas, conservar a unidade orgánica da explotación e ao remate do arrendo a devolución ao arrendador. Coa reforma de 2005 suprimiuse a primeira esixencia. En relación á segunda acudírase ao CC. No dereito galego, o arrendamento de explotación contemplábase co arrendamento acasado, aínda que é un concepto máis restrinxido. Na LDCG de 1995, ademais do arrendamento de lugar acasado, fariase referencia ao arrendamento de explotación no artigo 56, limitándoo á explotación gandeira.

Duración e prórrogas

A LDCG 1995, no artigo 39, introduciu a importante novidade respecto ao vixente réxime ao tempo da súa promulgación consistente en que a duración do contrato será a que libremente e de común acordo estipulen as partes ou, no seu defecto, polo tempo de 2 anos agrícolas. A LDCG 2006 mantén iso simplificando a redacción, ao dispoñer no artigo 103.1 que a duración do arrendamento será a que de común acordo estipulen as partes, e, no seu defecto, de dous anos agrícolas. Non define o ano agrícola, polo que temos que acudir ao dereito estatal. No Decreto de 3 de marzo de 1936 este é definido como o ciclo que impoña a índole do cultivo ou aproveitamento sobre a base do tempo que transcorra dunha a outra colleita. No caso de lugar acasado fíxase de forma imperativa unha duración mínima de 5 anos (artigo 120), con posibilidade de prórroga. A finalidade buscada polo lexislador galego ao establecer na LDCG 1995 o sistema de liberdade de pacto no tocante á duración, era dar mobilidade ao mercado de terras para recompoñer as unidades produtivas. O que pretendía era excluír aos arrendamentos rústicos do réxime de prórroga forzosa da LAR 1980.

Cesión e subarrendo

A LDCG 2006 (artigo 105) impón a prohibición ao arrendatario de subarrendar ou ceder en todo ou parte a finca arrendada sen o consentimento do arrendador. Na lexislación estatal o CC admite o subarrendo, mentres que a normativa galega esixe sempre o consentimento do arrendador. A nova LAR 2003, coa finalidade de favorecer a mobilidade da terra (artigo 23), deixa o libre pacto do subarrendo pero impoñendo unha serie de limitacións para evitar que xurdan intermediarios: deberá referirse á totalidade da finca ou explotación, outorgarse por todo o tempo que reste do prazo de arrendamento, cunha renda que non poderá ser superior á pactada entre arrendador e arrendatario, e, por fin, non pode subarrendar sen consentimento do arrendador, salvo a favor do conxuxe ou descendente.


Dereito de acceso á propiedade

Segundo a Riobó (2002), a expresión “dereito de acceso á propiedade” introducida polo artigo 3º da Lei do 15 de xullo de 1954, foi tomando carta de natureza coa Lei 83/1980, ampliando considerablemente o seu contido. Baixo este concepto agrúpanse o tanteo, retracto,

adquisición preferente e adquisición forzosa. En Galicia contéplase a posibilidade de utilizar os dereitos de tanteo e retracto e se mantén o de adquisición forzosa, pero non se regula o chamado pola LAR 1980 dereito de adquisición preferente. No dereito galego os dereitos de tanteo e retracto regúlanse no artigo 49 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia, no que se establece que poderá o arrendatario exercer o dereito de tanteo dentro dos trinta días seguintes á notificación fidedigna. A LDCG 2006 mantén o recoñecemento ao arrendatario do dereito ao tanteo e retracto. O arrendatario que estivera cultivando de modo persoal durante polo menos 3 anos ininterrompidos poderá exercer ese dereito.

Arrendamento de lugar acasado

Para a LDCG 2006 o lugar acasado ou casal é unha institución propia do Dereito histórico de Galicia, que, baseada na idea tradicional de unidade de explotación, ten como característica a interdependencia entre todas as fincas en función duns aproveitamentos e a existencia dunha casa de labor á que a explotación está subordinada. Xa de modo similar a LDCG 1995 definiu o lugar acasado como unha unidade que comprende a casa de labor, edificacións, dependencias e terreos, aínda que non sexan colindantes. Inclúe toda clase de gando, maquinaria, apeiros de labranza e instalacións que constitúen unha unidade orgánica de explotación agraria, forestal ou mixta.



CAPÍTULO 7. EVOLUCIÓN E IMPORTANCIA ACTUAL DA SUPERFICIE ARRENDADA NA AGRICULTURA GALEGA; ANÁLISE A PARTIR DOS CENSOS AGRARIOS (1982-2009)

7.1.INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste capítulo é ofrecer unha análise detallada sobre a evolución das superficies en arrendamento, e globalmente aquelas traballadas en réximes de tenencia indirectos, en Galicia ao longo das últimas décadas. Para isto utilizamos como fonte de información unha explotación orixinal dos microdatos dos catro últimos Censos agrarios (os de 1982, 1989, 1999 e 2009); empregando en concreto a base de datos homoxeneizada referida ao universo do Censo de 2009 elaborada polo grupo de investigación ECOAGRASOC. Como xa indicamos anteriormente, esta homoxeneización levou a excluír dos datos orixinais dos Censos de 1982, 1989 e 1999 as explotacións con menos de 1 hectárea de SAU e que non teñen un mínimo de actividade agraria.

O período considerado vai ser pois 1982-2009, que podemos asimilar aproximadamente coas décadas transcorridas desde a integración na UE. A utilización dos microdatos (a información individual a nivel de explotación) vainos permitir unha análise estatístico-descriptiva pormenorizada sobre a evolución do arrendamento e a súa relación con diferentes variables ou características das explotacións agrarias (tamaño, orientación produtiva, ...). Na análise consideramos o arrendamento en sentido estrito (A) e tamén o conxunto de superficies en réximes de tenencia indirectos (A+OR), incluíndo aquí aquelas en arrendamento, aparcería, réxime comunal e outros réximes.

O capítulo está organizado, ademais destas notas introdutorias, nun total de 8 apartados. No apartado 2 efectuamos algunhas precisións sobre os datos empregados. Partindo diso, no apartado 3 presentamos as cifras globais sobre a evolución do arrendamento en Galicia no período 1982-2009; e no apartado 4 aportamos unha visión comparada coas tendencias nas diferentes comunidades autónomas españolas.

Centrados xa en Galicia, no apartado 5 afondamos nas características e evolución dos diferentes tipos de explotacións que poden distinguirse segundo os réximes de tenencia das terras, prestando especial atención a aquelas con parte ou toda a superficie en arrendamento. No apartado 6 examinamos o peso e evolución do arrendamento segundo a Orientación Técnico-Económica (OTE) das explotacións; deténdonos de modo particular na OTE 4 (herbívoros), pola súa relevancia no agro galego. O apartado 7 está dedicado a afondar na evolución do arrendamento por estratos de dimensión física das explotacións. No apartado 8 tratamos de precisar as diferenzas dentro da xeografía galega, analizando os datos a nivel provincial e municipal. Finalmente, no apartado 9 efectuamos algúns contrastes estatísticos destinados a aclarar a posible relación entre arrendamento e axuste estrutural na agricultura galega, en liña coa hipótese clásica formulada a nivel europeo por Maunder (1984) e estudada para España por Arnalte e Ramos (1988).

7.2.PRECISIÓNS SOBRE OS DATOS ESTADÍSTICOS

O réxime de tenencia é a forma xurídica baixo a cal traballa as superficies o titular da explotación, podendo unha mesma unidade produtiva estar constituída por terras baixo distintos réximes. Ademais das terras en propiedade, os diferentes Censos agrarios en España consideran todos o arrendamento, pero a clasificación dos restantes réximes varía dun a outro. En concreto, o Censo agrario de 1982 establecía cinco modos de tenencia: propiedade, arrendamento, aparcería, comunal e outros réximes (especificando que nesta última categoría estaban incluídas as superficies explotadas por cesión gratuíta, en fideicomiso, en litixio, en precario, en censos, foros, etc). A rúbrica “réxime comunal” desapareceu nos Censos de 1989 e 1999, que, retornando a unha clasificación similar á do Censo de 1962, diferencian catro modos de tenencia: propiedade, arrendamento, aparcería e outros réximes. Finalmente, no Censo agrario de 2009 a clasificación só distingue tres rúbricas: propiedade, arrendamento e outros réximes (englobando aquí a aparcería).

Partindo diso, para homoxeneizar neste aspecto os datos dos catro últimos Censos seguimos o único procedemento posible: agregar baixo o rótulo “outros réximes” todos aqueles diferentes da propiedade e o arrendamento. En consecuencia, na análise consideraremos, por un lado, as terras en arrendamento (A) e, polo outro, as traballadas noutros réximes (OR), incluíndo aquí segundo os anos a aparcería e o réxime comunal. A partir deses os principais ratios considerados serán: SAU A/SAU total e SAU (A+OR)/SAU total.

A outra cuestión a resolver refírese ao universo das explotacións incluídas nos Censos agrarios. Neste aspecto, como xa indicamos no capítulo 5, os resultados do Censo de 2009 non son directamente comparables cos anteriores. Os Censos agrarios realizados en España ata 1999 abarcaban todas as unidades de polo menos 0,1 ha de superficie total ou dúas unidades gandeiras. Mentres que no Censo de 2009 o universo pasou a ser, acorde coas definicións que xa viñan aplicándose nas EEEA, máis restritivo: só se inclúen as explotacións agrarias con 1 ou máis ha de SAU ou que cumpran outros requisitos (ter polo menos 0,2 ha de SAU adicadas a hortalizas e plantas ornamentais, ou 0,1 ha adicadas a hortalizas en invernadoiro). En consecuencia, para homoxeneizar as cifras dos diferentes Censos do período 1982-2009 é preciso aplicar esta última definición aos Censos anteriores a partir dos microdatos. No caso galego, como xa vimos, isto implica a exclusión dunha boa parte das explotacións e da superficie total rexistrada nos Censos de 1982, 1989 e 1999, aínda que só unha pequena parte da SAU (ver Cadro 40).

Existe outra alteración metodolóxica no Censo de 2009, que neste caso non é posible evitar ou subsanar: o cambio na variable utilizada para medir a dimensión económica das explotacións. Nos Censos anteriores esta dimensión referíase á Marxe Bruta Estándar, mentres que no de 2009 pasou a ser a Producción Estándar (a estimación do valor da produción sen descontar os consumos intermedios empregados). A consecuencia é que non resulta posible analizar a evolución do arrendamento segundo o tamaño económico das explotacións; aínda que no capítulo 8 si poderemos construír a instantánea sobre a situación desde este punto de vista en 2009.

7.3. INDICADORES UTILIZADOS PARA MEDIR A IMPORTANCIA DO ARRENDAMENTO. UNHA VISIÓN XERAL DA EVOLUCIÓN EN GALICIA 1982-2009

Na análise que se ofrece a continuación consideramos dous índices principais para medir a importancia do arrendamento: a porcentaxe que supón a SAU en arrendamento en sentido estrito sobre a SAU total das explotacións ($SAU\ A / SAU\ total$); e o indicador que obtén tomando no numerador as terras en “arrendamento en sentido amplo”, onde incluímos tamén as traballadas en aparcería, réxime comunal (en 1982) e outros réximes de tenencia ($SAU\ (A+OR) / SAU\ total$). Adicionalmente, para precisar a análise, nalgúns apartados engadiremos outros dous grupos de indicadores: un primeiro sobre a extensión do fenómeno do arrendamento, que definimos como a porcentaxe das explotacións que teñen algunha superficie arrendada (A) ou ben en arrendamento e noutros réximes (A+OR) (Nº de explotacións con A ou A+OR / Nº total de explotacións); o outro referido á intensidade do arrendamento, que mide a porcentaxe da SAU total das explotacións con algunha terra arrendada que está neste réxime, considerando tamén este en sentido estrito e en sentido amplo ($SAU\ arrendada\ (A/A+OR) / SAU\ total\ das\ explotacións\ con\ A/A+OR$). En suma, pois, temos un total de seis indicadores: dous principais, sobre a porcentaxe da superficie en réximes indirectos; dous sobre a extensión ou difusión destes réximes; e outros dous referidos á súa intensidade.

O Cadro 60 recolle a evolución deses indicadores en Galicia no período 1982-2009. Para contextualizar estas cifras cómpre lembrar que nos dous decenios precedentes (1962-1982) as superficies en réximes de tenencia indirectos experimentaron unha continua e forte redución, reforzándose o predominio das traballadas en propiedade (ver Capítulo 4). Pois ben, podemos observar que esas tendencias modificáronse a partir da década de 1990 e sobre todo nos anos 2000. A porcentaxe da SAU en arrendamento estabilizouse no período intercensal 1982-1989 (ao redor do 7,5%), para aumentar lixeiramente na década dos 90 (ata o 8,9%) e de forma moito máis significativa no decenio 1999-2009 (ata o 16,8%). Se consideramos o total de terras en réximes indirectos (A+OR), conséntase unha inflexión máis clara nos dous últimos decenios: partindo do 11,2% en 1989, o seu peso relativo ascendeu ao 17,3% en 1999 e ao 29,4% en 2009 (Cadro 60).

Os indicadores de extensión e de intensidade permiten precisar os procesos que están detrás desa evolución, en concreto da expansión dos réximes indirectos nas dúas últimas décadas. Ao respecto, é fácil demostrar no plano analítico que a porcentaxe da superficie en arrendamento é o produto de tres factores: a extensión do réxime (% das explotacións con terras arrendadas); a intensidade (% da superficie desas explotacións que está en arrendamento); e a SAU media destas explotacións respecto á do conxunto das unidades produtivas. Pois ben, analizando os datos galegos cabe destacar as seguintes conclusións:

- Para o arrendamento en sentido estrito o ratio de extensión, a porcentaxe das explotacións con terras arrendadas, mantense estable ou mesmo diminúe no período 1982-2009, sen que isto se modifique nas dúas últimas décadas. En consecuencia, o aumento da SAU en arrendamento nas décadas recentes, sobre todo nos anos 2000, debeuse integramente ao incremento da intensidade. Concretamente, no último período intercensal (1999-2009) a porcentaxe de explotacións con algunha superficie arrendada permaneceu estable, ao redor

do 15%; e o que se elevou foi o peso relativo do arrendamento neste conxunto, do 34,7% ao 45,5% da SAU (Cadro 60).

- As conclusións son similares, se ben con certos matices, tomando o total da SAU en réximes indirectos (A+OR). A extensión destes réximes tende a elevarse de forma lenta pero continua nas tres últimas décadas, do 21,0% das explotacións en 1982 ao 25,2% en 1999 e o 26,4% en 2009. Partindo diso, as variacións de maior magnitude danse na intensidade (o peso dos réximes indirectos nestas explotacións): partindo do 44,6% da SAU en 1982 o índice baixou ata o 41,1% en 1989, para ascender nas dúas últimas décadas e sobre todo nos anos 2000 (ata o 55,4% en 2009) (Cadro 60).

Cadro 60. Ratios sobre a importancia do arrendamento. Evolución en Galicia 1982-2009

Ratio	1982	1989	1999	2009
A/SAU	7,78%	7,49%	8,94%	16,78%
(A+OR)/SAU	10,86%	11,23%	17,32%	29,37%
Nº Expl con A/Total explotacións	17,63%	18,08%	14,78%	15,09%
Nº Expl con A+OR/Total explotacións	21,02%	23,44%	25,15%	26,41%
A/SAU das explotacións con A	39,70%	35,69%	34,68%	45,49%
(A+OR)/SAU das explotacións con A+OR	44,60%	41,05%	43,20%	55,42%

Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Eses datos globais esconden cambios de moita maior magnitude e máis complexos por estratos de tamaño. Así, a estabilidade ou diminución global da porcentaxe de explotacións con algunha terra arrendada é o resultado dunha forte e continua redución deste índice (o indicador de extensión) en todos os estratos menores de 10 ha de SAU; mentres que esa porcentaxe increméntase de modo considerable, en especial a partir de 1989, nos intervalos por encima de 20 ha, os reforzados polo proceso de reestruturación (Figura 15). Isto fai pensar que moitas medianas explotacións, formadas inicialmente por terras en propiedade, ampliaron a súa base territorial nas dúas últimas décadas mediante a incorporación de superficies en arrendamento ou baixo outros réximes. Un fenómeno que non se percibía nas cifras agregadas debido á redución simultánea das pequenas e moi pequenas explotacións con terras arrendadas e/ou noutros réximes indirectos.


No indicador de intensidade, en cambio, conséntase unha evolución nos diferentes estratos de tamaño acorde en liñas xerais coa que vimos a nivel agregado: o peso relativo do arrendamento (ou do arrendamento e os outros réximes) na SAU das explotacións con algunhas terras nestes réximes indirectos tendeu a diminuír en todos ou case todos os estratos entre 1982 e 1999, para rexistrar un incremento significativo no decenio 1999-2009 (Figura 18).

A nivel xeográfico o feito a destacar de entrada é que partíamos en 1982 dun notable contraste entre as dúas provincias setentrionais (A Coruña, Lugo) e as dúas meridionais (Ourense, Pontevedra), cunha difusión moito maior nas dúas primeiras tanto do arrendamento como do conxunto do arrendamento e os outros réximes. E no período 1982-2009 eses contrastes atenúanse claramente: nun contexto de expansión global dos réximes indirectos, esta deuse en maior medida en Ourense e Pontevedra, fronte á diminución en A Coruña; dando como resultado unha converxencia das cifras provinciais (Figura 16). Pola súa parte, os indicadores

de intensidade presentan valores similares nas catro provincias e unha evolución en todas elas acorde coas tendencias no total de Galicia (Figura 19). Os datos detallados poden consultarse no Anexo 2, Anexo 3, Anexo 5 e Anexo 6.


Polo que respecta finalmente ás orientacións técnico-económicas, o indicador de extensión desvélanos que a OTE 4 (herbívoros), onde están principalmente as explotacións especializadas no vacún de leite e vacún de carne, é a que ten o arrendamento máis difundido, con gran diferenza sobre as demais; mentres que no extremo contrario aparecen as explotacións especializadas en cultivos permanentes (OTE 3) (Figura 17). Recollemos os datos detallados no Anexo 4. O panorama é bastante diferente se calculamos a intensidade do arrendamento, sendo de destacar sobre todo que esta alcanza na OTE 4 valores inferiores á media. Polo tanto, as explotacións especializadas no gando vacún, que constitúen o núcleo central do sector agrario galego, recorren con frecuencia á incorporación de terras arrendadas ou noutros réximes, pero en xeral como complemento das superficies en propiedade (Figura 20 e Anexo 7).

Figura 15. Porcentaxe de explotacións con arrendamento A/A+OR sobre total de explotacións, por tramos de tamaño (ha de SAU); 1982-2009




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 16. Porcentaxe de explotacións con arrendamento A/A+OR sobre total de explotacións, por provincia. 1982-2009




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 17. Porcentaxe de explotacións con arrendamento A/A+OR sobre total de explotacións, segundo OTE. 1982-2009




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 18. Porcentaxe de SAU con arrendamento A/A+OR sobre SAU das explotacións con A/A+OR, por tramos de tamaño (ha de SAU); 1982-2009




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 19. Porcentaxe de SAU con arrendamento A/A+OR sobre SAU das explotacións con A/A+OR, por provincia. 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 20. Porcentaxe de SAU con arrendamento A/A+OR sobre SAU das explotacións con A/A+OR, segundo OTE. 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

7.4. EVOLUCIÓN COMPARADA CO RESTO DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Neste apartado analizamos de forma breve a evolución comparada do arrendamento en sentido estrito en Galicia e nas restantes comunidades autónomas, tomando en concreto o ratio SAU arrendada/ SAU total. En primeiro lugar, veremos os datos por CCAA (a foto fixa) en 1982 e 1999, xa que as cifras de 2009 serán examinadas en detalle no capítulo 8. Despois fixarémonos nas tendencias rexistradas no período 1982-2009.

7.4.1. Peso do arrendamento en 1982 e 1999

En 1982 a porcentaxe da SAU en arrendamento era en Galicia moi reducida (7,78%), pouco máis dun terzo da media española (20,54%), sendo o cuarto valor máis baixo das 17 CCAA só por encima da Comunidade Valenciana, Murcia e Canarias. No outro extremo aparecían o País Vasco, Castela e León e Cantabria, con porcentaxes superiores ao 30%, e outras tres CCAA que superaban tamén a media estatal, con cifras en torno ao 23%-26%: Madrid, A Rioxa e Extremadura (Cadro 61).

Case dúas décadas despois, en 1999, o peso do arrendamento tiña aumentado lixeiramente en Galicia (ata o 8,94%), pero en menor medida que en España. De tal modo que a cifra galega non chegaba a un terzo da media española (27,03%) e era a máis baixa das 17 CCAA. O panorama rexional presenta ademais agora uns perfís máis nidios: o arrendamento alcanza o maior peso, con valores no entorno ou por encima da media estatal, nas CCAA do interior especializadas nos cultivos herbáceos (Castela e León, Madrid, Castela-A Mancha, Aragón, Extremadura), ás que se engade o País Vasco; mentres que no extremo contrario encontramos, ademais de Galicia, a Asturias, as dúas CCAA insulares (Canarias, Baleares) e as da orla mediterránea (Comunidade Valenciana e Murcia) (Cadro 62).

Cadro 61. Porcentaxe da SAU en arrendamento (A/SAU) por CCAA 1982

CCAA	Nº explotacións	SAU/ explotación (ha)	A/SAU
País Vasco	29.363	6,61	34,56%
Castela e León	228.284	22,72	33,41%
Cantabria	28.632	6,37	30,14%
Madrid	17.946	19,31	25,74%
A Rioxa	21.350	8,79	23,79%
Estremadura	95.920	28,67	22,51%
Castela-A Mancha	182.248	22,41	19,13%
Aragón	97.986	21,06	16,43%
Andalucía	322.888	13,35	16,10%
Navarra	34.414	14,95	14,02%
Asturias	58.360	5,93	12,64%
Cataluña	104.276	10,39	11,96%
Baleares	21.606	10,90	11,65%
Galicia	233.360	2,64	7,78%
Canarias	30.727	2,65	7,57%
Murcia	49.913	11,32	6,35%
Com.Valenciana	156.689	4,52	4,78%
Total	1.714.179	13,68	20,54%

Fonte: INE, Censo agrario 1982. Elaboración propia.

Cadro 62. Porcentaxe da SAU en arrendamento (A/SAU) por CCAA 1999

CCAA	Nº explotacións	SAU/ explotación (ha)	A/SAU
Castela e León	122.373	47,16	40,97%
Madrid	11.935	31,32	30,09%
País Vasco	24.521	10,41	28,64%
Castela-A Mancha	154.399	29,58	27,08%
Aragón	64.570	38,08	26,50%
Estremadura	82.782	35,28	26,14%
Navarra	20.193	29,70	25,78%
Cataluña	66.174	17,43	24,20%
Cantabria	14.638	18,80	24,12%
Andalucía	290.401	17,02	19,75%
A Rioxa	13.813	17,28	19,70%
Baleares	15.104	14,58	17,16%
Murcia	46.030	9,86	17,07%
Asturias	34.291	13,71	15,95%
Com.Valenciana	168.951	4,31	12,13%
Canarias	19.009	3,84	9,60%
Galicia	117.894	5,58	8,94%
Total	1.267.089	20,64	27,03%


Fonte: INE, Censo agrario 1999. Elaboración propia.

7.4.2. Evolución no período 1982-2009

Pasamos agora a analizar a evolución no período 1982-2009. Na Figura 21 recolleemos a porcentaxe da SAU en arrendamento por CCAA en 1982, 1999 e 2009. Para percibir mellor a evolución, no Cadro 63 calculamos o diferencial entre o ratio de arrendamento no último ano considerado (2009) e no primeiro (1982), así como as variacións parciais 1999/1982 e 2009/1999.

Podemos observar que no conxunto do período 1982-2009 o peso do arrendamento aumentou en todas as CCAA coa única excepción do País Vasco, onde diminuíu en 5,03 puntos porcentuais. No conxunto de España o incremento foi do 11,22% e superaron esta media 7 CCAA de características diversas: Cataluña, C. Valenciana e Murcia na franxa mediterránea; Aragón e Castela e León entre as do interior peninsular; Navarra e Canarias. No outro extremo aparecen Cantabria e A Rioxa con aumentos inferiores ao 2%. Galicia, cunha variación do 9,01%, sitúase lixeiramente por baixo do incremento medio español (Cadro 63).

Figura 21. Porcentaxe da SAU en arrendamento por CCAA 1982-2009



As comunidades están ordeadas de maior a menor, segundo o dato de 1982.

Fonte: INE, Censos agrarios 1982, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Cadro 63. Diferenciais do ratio de arrendamento por CCAA entre 1982 e 2009

CCAA	1999/1982	2009/1999	2009/1982
Cataluña	12,24%	6,56%	18,80%
Murcia	10,73%	7,89%	18,62%
Navarra	11,76%	6,56%	18,32%
Canarias	2,03%	14,25%	16,29%
Aragón	10,07%	5,10%	15,16%
Castela e-León	7,56%	4,81%	12,37%
Com. Valenciana	7,35%	4,65%	12,00%
Baleares	5,51%	5,47%	10,98%
Castela-A Mancha	7,95%	2,71%	10,66%
Asturias	3,32%	7,17%	10,49%
Galicia	1,16%	7,85%	9,01%
Extremadura	3,63%	5,18%	8,81%
Madrid	4,36%	4,00%	8,36%
Andalucía	3,65%	3,87%	7,52%
A Rioxa	-4,09%	5,81%	1,71%
Cantabria	-6,01%	6,80%	0,78%
País Vasco	-5,92%	0,89%	-5,03%
Total	6,48%	4,74%	11,22%

Os datos están ordeados de maior a menor segundo o diferencial global.


Fonte: INE, Censos agrarios 1982, 1999 e 2009. Elaboración propia.

No período 1982-1999 o maior incremento produciuse no nordeste da Península e Murcia, con aumentos entre un 10% e un 15%, e en segundo lugar nas dúas Castelas e a Comunidade Valenciana, con variacións entre o 5% e o 10%. O resto das Comunidades Autónomas, agás Cantabria, País Vasco e A Rioxa que rexistran descensos, viron incrementar a % da SAU en arrendamento en menos dun 5%; Galicia en concreto fíxoo nun 1,16% (Figura 22).

No último período intercensal (1999-2009) esa porcentaxe aumentou en todas as CCAA, sendo a variación no conxunto de España do 4,74%. En contraste co observado nos dous decenios precedentes, Galicia rexistra agora un incremento (7,85%) moi superior á media española e o terceiro de maior magnitude das 17 CCAA, despois de Canarias e Murcia. Tamén superaron o aumento medio español Asturias, Cantabria, A Rioxa, Navarra, Aragón, Cataluña, Baleares e Extremadura (Figura 23).

No mapa que reproducimos na Figura 24 está representada a variación rexistrada no conxunto do período 1982-2009, que xa foi comentada anteriormente. Podemos concluír que Galicia, partindo en 1982 dunha porcentaxe da SAU en arrendamento comparativamente baixa (pouco máis dun terzo da media española e só superior á de Canarias, Murcia e Comunidade Valenciana), rexistrou no conxunto do período 1982-2009 un incremento lixeiramente inferior a esa media. De tal modo que en 2009 era a CCAA cun menor peso do arrendamento xunto coa Comunidade Valenciana, unha rexión caracterizada pola importancia dos cultivos permanentes. Como matiz a esa imaxe xeral hai que destacar, porén, o notable crecemento da superficie arrendada que se produciu en Galicia no último decenio (1999-2009).

Figura 22. Variación do ratio de arrendamento por CCAA entre 1982 e 1999




Fonte: INE, Censos agrarios 1982 e 1999. Elaboración propia.

Figura 23. Variación do ratio de arrendamento por CCAA entre 1999 e 2009



Fonte: INE, Censos agrarios 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 24. Variación do ratio de arrendamento por CCAA entre 1982 e 2009



Fonte: INE, Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

7.5. EVOLUCIÓN DOS DIFERENTES GRUPOS DE EXPLOTACIÓN SEGUNDO OS RÉXIMES DE TENENCIA DA TERRA

Neste apartado analizamos as características e evolución no período 1982-2009 dos diferentes grupos de explotacións segundo os réximes de tenencia. No primeiro punto distinguimos dous grandes conxuntos: as explotacións que dispoñen dalgunha superficie en arrendamento en sentido amplo (arrendamento e/ou outros réximes) (A/OR/A+OR) e aquelas con todas as terras en propiedade.

Feito iso, afondaremos no primeiro dos conxuntos dividíndoo de dúas formas diferentes. Por un lado, distinguimos dentro dese conxunto tres grupos: as explotacións que teñen algunha terra en arrendamento en sentido estrito, aquelas con terras noutros réximes (incluíndo a aparcería) e as que teñen os dous tipos, en todos os casos independentemente de que contén ou non ademais con terras en propiedade. Na segunda aproximación dividimos ese mesmo conxunto en dous grupos, segundo que as explotacións dispoñan ou non dalgunha superficie en propiedade: dunha parte están as explotacións en tenencia indirecta pura, con todas as terras en réximes indirectos (A, OR ou A+OR); e pola outra aquelas que combinan superficies neses réximes con outras en propiedade, que denominamos explotacións mixtas.

No Cadro 64 recolleemos a evolución do número de explotacións en cada un deses grupos segundo os sucesivos Censos agrarios no período 1982-2009. O detalle dos restantes datos que utilizamos neste apartado pode consultarse no Anexo 8.

Cadro 64. Evolución do número de explotacións segundo os réximes de tenencia da terra. Galicia 1982-2009

Ano	Total explotacións	A/OR/A+OR	Só propiedade	A	OR	A+OR	A/OR/A+OR e propiedade	A/OR/A+OR Puro
1982	233.360	49.058	184.302	39.188	7.926	1.944	42.394	6.664
1989	170.782	40.033	130.749	29.037	9.162	1.834	36.371	3.662
1999	118.352	29.765	88.587	15.159	12.267	2.339	28.122	1.643
2009	81.174	21.436	59.738	10.976	9.185	1.275	16.468	4.968


Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

7.5.1. Explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes fronte a aquelas en tenencia directa pura

Datos referidos ao total das explotacións censadas

Na Figura 25 podemos ver algúns índices sobre a evolución do conxunto de explotacións censadas no período 1982-2009:

Figura 25. Conxunto das explotacións censadas en Galicia. Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

- ✓ O seu número redúcese en case 2/3.
- ✓ A SAU global medra levemente e a SAU media por explotación multiplícase por tres (de 2,64 a 7,98 ha).
- ✓ A porcentaxe de explotacións con titular persoa xurídica multiplícase case por dez (ata alcanzar en 2009 o 3,4%).

- ✓ A man de obra por hectárea de SAU (UTA/SAU) redúcese a menos dun terzo da inicial, mentres que o número de Unidades de Traballo Ano (UTA) por explotación decrece pouco máis dun 10%, ao compensarse na súa maior parte a caída da man de obra por hectárea co aumento da superficie media das explotacións.
- ✓ O ratio superficie forraxeira/SAU increméntase (do 55,9% ao 74,4%), o que posibilita que a superficie forraxeira por explotación se multiplique por catro.
- ✓ O número de Unidades de Gando Maior (UGM) por ha de SAU aumenta máis dun 10% e a cifra media de UGM por explotación multiplícase case por 3,5.
- ✓ A idade media dos titulares de explotación baixa en algo máis dun ano entre 1982 e 2009 (de 59,0 a 57,9 anos).

Análise do grupo de explotacións con algún tipo de arrendamento (A/OR/A+OR)


Analizamos agora o conxunto de explotacións que teñen algunhas terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/OR/A+OR), independentemente de se contan ou non tamén con superficies en propiedade. O primeiro a sinalar é que estas constitúen un colectivo minoritario no agro galego, pero o seu peso relativo aumentou de modo continuo nas tres últimas décadas. Concretamente, a súa porcentaxe no total de explotacións pasou do 21,0% en 1982 ao 23,4% en 1989, o 25,1% en 1999 e o 26,4% en 2009; e iso acompañouse dun incremento moito maior do seu peso territorial, do 24,4% da SAU que sumaban en 1982 ao 53,0% en 2009 (Anexo 8). En cifras absolutas falamos de preto de 50.000 explotacións en 1982 e unhas 21.400 en 2009 (Cadro 64).

Na Figura 26 aparece resumida a evolución dos principais ratios deste conxunto no período 1982-2009:

- ✓ O número de explotacións reduciuse nas tres décadas a menos da metade (-56%), ao mesmo tempo que a súa SAU global se multiplicou por 2,3 (de 150.000 a 343.000 ha); o que posibilitou que a SAU por explotación fixera máis que quintuplicarse (de 3,1 a 16,0 ha). O resultado é que, se en 1982 a SAU media destas explotacións era só lixeiramente superior á daquelas en tenencia directa pura (3,1 fronte a 2,5 ha), en 2009 máis que triplica o tamaño destas (16,0 fronte a 5,1 ha).
- ✓ A porcentaxe de explotacións con titular persoa xurídica multiplicouse por máis de 20, ata alcanzar en 2009 o 7,6%.
- ✓ A man de obra por ha de SAU reduciuse ao 20% da utilizada en 1982 (caída máis intensa que no conxunto das unidades censadas); mentres que o número medio de UTA por explotación permaneceu estable, como consecuencia do forte incremento da SAU/explotación.
- ✓ O ratio superficie forraxeira/SAU aumenta en maior medida que no total de explotacións (do 59,4% ao 81,5%), facendo que a superficie forraxeira por explotación se multiplicara por máis de 7.

- ✓ O número de UGM por ha de SAU mantense estable (fronte ao seu lixeiro ascenso no total das unidades censadas); polo que a cifra media de UGM por explotación aumentou de forma paralela á SAU, multiplicándose nestas tres décadas por 5.
- ✓ A tendencia á especialización bovina destas explotacións reflíctese en que as UGM de bovino por ha incrementáanse nun 15% e a cabana media por explotación multiplícase por 6.
- ✓ Finalmente, a idade media dos titulares diminuíu en 6 anos entre 1982 e 2009 (de 57,0 a 51,2 anos), un rexuvenecemento moito máis significativo que o observado para o total de explotacións.

Figura 26. Explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/OR/A+OR). Evolución en Galicia 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.


Explotacións con todas as terras en propiedade

En contraste co grupo anterior, as explotacións con todas as terras en propiedade, que en 1982 constituían case 4/5 do total e contaban con 3/4 da SAU, presentan a seguinte evolución no período 1982-2009 (Figura 27):

- ✓ O seu número redúcese en máis de 2/3 e ao mesmo tempo a SAU global diminúe nun terzo, o que fai que a SAU media por explotación só se duplique (de 2,5 a 5,1 ha), alonxándose cada vez máis do conxunto anterior.
- ✓ A porcentaxe de explotacións con titular persoa xurídica multiplícase por cinco (ata só o 1,9% en 2009).

- ✓ A man de obra por hectárea de SAU (UTA/SAU) redúcese nun 60% (menos que no conxunto anterior); pero o incremento moito menor da superficie fai que o número de UTA por explotación baixe aquí nun 20%.
- ✓ O ratio superficie forraxeira/SAU elévase pero en menor medida que no conxunto anterior (do 54,8% ao 66,4%), suxerindo unha especialización gandeira menos acusada.
- ✓ O incremento moi moderado tanto da SAU como da superficie forraxeira por explotación acompáñase neste colectivo dunha intensificación gandeira: o número de UGM por ha de SAU incrementábase en máis dun 30%.
- ✓ O número de UGM de bovino por ha redúcese, en cambio, en algo máis do 10%, o que reflicte dúas cousas: unha certa desespecialización no vacún e que aquela intensificación gandeira se debeu a outras especies (porcino e aves principalmente).
- ✓ Por último, en contraste co rexuvenecemento do grupo anterior, a idade media dos titulares mantense aquí estable, mesmo cun lixeiro incremento (de 59,5 anos en 1982 a 60,3 en 2009).

Figura 27. Explotacións con todas as terras en propiedade. Evolución en Galicia 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

Recapitulación das principais conclusións


Como se deduce da análise anterior, o conxunto de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes presenta diferenzas notables, nas súas características e evolución, co

daquelas formadas só por superficies en propiedade. Esas diferenzas aprécianse tamén nos gráficos recollidos na Figura 28, e poden resumirse en cinco notas esenciais:


- Comparado coas explotacións en tenencia directa pura, aquelas que contan con superficies en arrendamento e/ou noutros réximes viron reducido en menor medida o seu número no período 1982-2009 e incrementaron de forma notable a SAU global (ata contar con máis do 50% da SAU en 2009).
- Iso acompañouse de dous procesos: un incremento moito maior da SAU/ explotación e a especialización gandeira, en concreto bovina, mantendo estable a carga gandeira (UGM/ha de SAU). En contraste coa ampliación moito menor da SAU media e da superficie forraxeira, e a intensificación gandeira que se deu nas explotacións con todas as terras en propiedade (intensificación ligada en boa medida a especies diferentes do vacún).
- A estratexia menos intensiva do primeiro grupo reflíctese, así mesmo, nunha maior redución da man de obra por hectárea.
- En síntese, podemos afirmar que a incorporación de terras en arrendamento e/ou noutros réximes está asociada a unha ampliación moito maior da base territorial das explotacións como vía para incrementar a cabana gandeira e a dimensión económica, e en xeral a un maior dinamismo. De tal modo que en 2009 estas explotacións, comparadas con aquelas en tenencia directa pura, caracterizábanse por: unha SAU media moito maior (16,0 fronte a 5,1 ha), unha maior porcentaxe de superficie forraxeira (81,5% fronte a 66,4%) e a pesar diso unha menor carga gandeira (1,7 fronte a 2,3 UGM/ha de SAU); posibilitando a súa maior superficie un tamaño medio tamén moito maior en termos gandeiros (26,8 fronte a 11,7 UGM/explotación) (Anexo 8).
- Finalmente, o maior dinamismo destas explotacións plásmase no rexuvenecemento dos titulares (a súa idade media diminuíu en 6 anos) e na expansión máis forte daquelas con titular persoa xurídica.

Figura 28. Comparativa das explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (A/OR/A+OR) fronte a aquelas en tenencia directa pura. Evolución en Galicia 1982-2009 (índices base 1982=100)


Número de explotacións.




SAU.




Explotacións xurídicas.




UTA.




SAU Forraxeira.




UGM.



UGM Bovino.



Idade do titular.



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

7.5.2. Análise dos diferentes grupos de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes

Neste subapartado imos diseccionar con maior detalle o primeiro conxunto delimitado anteriormente: as explotacións que contan con superficies en arrendamento e/ou noutros réximes.

a. Explotacións con terras en arrendamento (A), noutros réximes (OR) e as que combinan ambos (A+OR)

Para comezar, diferenciamos dentro dese conxunto tres grupos: as explotacións só con terras en arrendamento en sentido estrito (A), as que teñen só superficies noutros réximes (OR) e as que combinan ambos (A+OR); con independencia, nos tres casos, de que podan ter tamén terras en propiedade.

Destes tres grupos, en 1982 o máis numeroso con diferenza era o primeiro: das 49.000 explotacións con terras que non foran en propiedade, unhas 39.000 tiñan só superficies en arrendamento en sentido estrito, mentres que aquelas só con terras noutros réximes eran unhas 8.000 e as que combinaban ambos non chegaban a 2.000. Esas cifras modificáronse de forma significativa nas décadas recentes, dada a distinta dinámica dos tres colectivos (incremento do número de explotacións no segundo, fronte á redución do terceiro e sobre todo do primeiro). De tal modo que as 21.400 explotacións que integran o conxunto en 2009 repártense en proporcións similares entre as que teñen só terras en arrendamento (unhas 11.000) e aquelas só noutros réximes (algo máis de 9.000), permanecendo como un grupo moi minoritario as que combinan ambos (unhas 1.300) (Cadro 64). Feita esa contextualización inicial, imos examinar cada un dos tres grupos.

A. Explotacións con terras en arrendamento en sentido estrito (A)


Este grupo está composto polas explotacións que teñen terras en arrendamento en sentido estrito e non noutros réximes, podendo contar tamén con superficies en propiedade. A evolución no período 1982-2009 aparece definida polas seguintes notas (Figura 29):

- ✓ O número destas explotacións reduciuse en case 3/4, por encima do ritmo de desaparición do total de unidades produtivas. E iso acompañouse dun significativo incremento da súa SAU global (esta multiplicouse por 1,8); o que deu como resultado que a SAU por explotación se multiplicara por 6,5 (de 2,9 a 18,9 ha). A consecuencia é que a superficie media destas explotacións pasou de estar en torno á media do sector en 1982 a máis que duplicar esa media en 2009 (18,9 fronte a 8,0 ha).
- ✓ Esa intensa reestruturación estivo asociada a unha forte redución das necesidades de man de obra por unidade de superficie (o número UTA/ ha de SAU diminuíu a menos de 1/5), mentres que a cifra de UTA/ explotación incrementouse nun 10%.
- ✓ A terceira nota a salientar é a especialización gandeira, e en concreto bovina, destas explotacións baseada na ampliación da superficie forraxeira. Isto reflíctese en diversos índices: a porcentaxe da superficie forraxeira na SAU subiu do 59,3% ao 84,8%, posibilitando que a superficie forraxeira por explotación se multiplicara por 9; o número de UGM por ha de SAU permaneceu estable e as UGM de bovino por ha aumentaron

nun 20%. A consecuencia é que este grupo pasou de contar co 22% do censo de gando bovino de Galicia en 1982 ao 42% en 2009.

✓ O rexuvenecemento dos titulares de explotación foi aquí especialmente marcado: a súa idade media diminuíu en 7 anos (de 57,2 anos en 1982 a 50,2 en 2009).

Figura 29. Explotacións con terras en arrendamento (con ou sen superficies en propiedade). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

B. Explotacións con terras noutros réximes de tenencia (OR)


Este grupo está integrado por aquelas explotacións con terras noutros réximes pero non en arrendamento en sentido estrito, podendo contar tamén con superficies en propiedade. Os principais trazos que definen a súa evolución no período 1982-2009 son os seguintes (Figura 30):

✓ Trátase dun colectivo en forte expansión, xunto co anterior o que gañou máis peso territorial no sector agrario galego nas tres últimas décadas. En concreto, o número de explotacións deste grupo incrementouse no período 1982-2009 nun 16% e a súa SAU global multiplicouse por 3,5 (pasando de supoñer o 4,7% da SAU en 1982 ao 16,1% en 2009).

✓ O incremento da superficie media foi, porén, relativamente modesto: a SAU/explotación multiplicouse aproximadamente por 3, un aumento similar ao rexistrado para o total de explotacións e menos da metade do constatado no grupo anterior. Como consecuencia, en 2009 o tamaño medio era aquí claramente inferior ao do grupo precedente (11,4 fronte a 18,9 ha).

- ✓ Iso acompañouse tamén dun proceso de especialización gandeira, e en concreto bovina, se ben menos marcado que no colectivo anterior: o ratio superficie forraxeira/SAU aumentou en menor medida (do 60,3% ao 74,6%), o número de UGM por hectárea de SAU diminuíu lixeiramente e a cifra de UGM de bovino por hectárea incrementouse nun 15%. A menor ampliación da SAU media fixo que o incremento da cabana por explotación fora moito menor que no grupo anterior.
- ✓ Acorde co menor dinamismo empresarial que suxiren os datos precedentes, o rexuvenecemento dos titulares foi máis modesto: partindo dunha idade media similar e mesmo inferior á do grupo anterior, esta baixou aquí en algo máis de 3 anos (de 56,2 en 1982 a 52,8 en 2009).

Figura 30. Explotacións con terras en OR (con ou sen superficies en propiedade). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

C. Explotacións que teñen terras en arrendamento e tamén noutros réximes de tenencia (A+OR)


Completamos este percorrido coas explotacións que combinan terras en arrendamento en sentido estrito e noutros réximes, ademais de poder contar tamén con superficies en propiedade. Os datos sobre as súas características e evolución aparecen recollidos na Figura 31 e de modo máis detallado no Anexo 8, e poden sintetizarse en tres notas: i) trátase dun colectivo moi minoritario (menos de 1.300 explotacións en 2009, fronte ás 9.000-11.000 en cada un dos grupos anteriores) pero dun elevado tamaño medio (24,7 ha de SAU); ii) a estrutura destas explotacións presenta unha dinámica no período 1982-2009 (en canto ao aumento da SAU media, a especialización gandeira e os sistemas produtivos) bastante similar ao primeiro grupo (aquelas só con terras en arrendamento); iii) a diferenza radica en que a

diminución do número de explotacións foi aquí moito menor, posibilitando que, dentro de cifras modestas, se multiplicara por máis de 4 o seu peso na SAU global (do 1,2% en 1982 ao 4,9% en 2009). En certo modo aparece como un subtipo do primeiro grupo (as explotacións só con arrendamento en sentido estrito), caracterizado pola maior dimensión media e a evolución máis favorable do número de unidades produtivas.

Ilustrado cos principais índices:

- ✓ O número de explotacións deste grupo reduciuse só nun terzo entre 1982 e 2009, ao tempo que a súa SAU global se multiplicou por 4,4. Como resultado, a SAU media multiplicouse por 6,7 (de 3,7 a 24,7 ha).
- ✓ A man de obra por hectárea (UTA/SAU) diminuíu a menos de 1/5 da cifra inicial.
- ✓ A porcentaxe da superficie forraxeira na SAU multiplicouse por 1,5 (do 56,2% ao 83,1%).
- ✓ A carga gandeira (UGM/ ha de SAU) permaneceu estable, polo que o aumento do tamaño das explotacións en termos de superficie acompañouse dun incremento similar da cabana gandeira media.
- ✓ Ao mesmo tempo, o número de UGM de bovino por hectárea de SAU elevouse nun 25%, como reflexo da tendencia á especialización bovina.
- ✓ Finalmente, a idade media dos titulares baixou no período en 6 anos (de 55,7 en 1982 a 49,7 en 2009).

Figura 31. Explotacións con terras en A+OR (con ou sen superficies en propiedade). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

D. Algunhas notas recapitulativas

Na Figura 32 reproducimos unha serie de gráficos que recollen a evolución comparada no período 1982-2009 das principais variables nos tres grupos que acabamos de analizar. A imaxe simplificada que se desprende destes datos pode resumirse así:

- As explotacións que contan só con terras en arrendamento en sentido estrito (combinadas no seu caso con superficies en propiedade) caracterízanse por unha acelerada desaparición e concentración, que permitiu un forte incremento do seu tamaño medio, tanto en termos de superficie como da cabana gandeira.
- Ese mesmo incremento da dimensión media, máis intenso se cabe, conséntase para as unidades produtivas que combinan superficies en arrendamento e noutros réximes, que rexistran ademais unha evolución máis favorable das cifras globais (número de explotacións, aumento da SAU total, ...). Configurándose en conxunto como un colectivo moi minoritario pero o máis dinámico e cun maior tamaño medio.
- En cambio, as explotacións con terras noutros réximes pero non en arrendamento en sentido estrito presentan certos trazos dunha “estratexia refuxio” para unidades cun dinamismo intermedio: o seu número increméntase nas tres últimas décadas, pero cun aumento moito menor do tamaño medio.






Figura 32. Comparativa grupos A/OR/A+OR. Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)


Número de explotacións.




SAU.




Explotacións xurídicas.




UTA.




SAU Forraxeira.




UGM.



UGM Bovino.



Idade do titular.



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

b. Explotacións con toda a superficie en réximes indirectos, fronte a aquelas que combinan iso con terras en propiedade (explotacións mixtas)

Partindo do conxunto de explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes, establecemos agora unha clasificación distinta, diferenciando segundo que estas contén ou non con superficies en propiedade. Deste modo, dividimos ese conxunto en dous grupos: as explotacións con toda a superficie en arrendamento e/ou noutros réximes, que denominamos “en tenencia indirecta pura”; e aquelas que combinan terras neses réximes e en propiedade (“modos de tenencia mixtos”).

De entrada, debemos destacar tres notas:

- i) Deses dous grupos o máis numeroso con diferenza é o segundo, que supón sempre ao longo do período 1982-2009 máis de 3/4 do total (en 2009 eran unhas 16.500 explotacións en réximes mixtos fronte a 5.000 en tenencia indirecta pura).
- ii) O número de explotacións nestes dous grupos diminuíu no período 1982-2009 en menor medida que o total das unidades censadas (-25% aquelas en tenencia indirecta pura e -61% as de réximes mixtos, fronte a unha caída global do 65%), polo que ascendeu a súa porcentaxe no total.
- iii) Iso acompañouse en ambos casos dun notable reforzamento do seu peso territorial: as explotacións en tenencia indirecta pura multiplicaron por 2,9 a súa SAU global, e pasaron de contar co 3,5% da SAU en 1982 ao 9,6% en 2009; e as que combinan terras en propiedade co arrendamento e/ou outros réximes viron elevarse o seu peso na SAU do 20,8% ao 43,4% (Anexo 8). Polo tanto, trátase nos dous casos de grupos en expansión relativa, que nas tres últimas décadas aumentaron o seu peso no agro galego en termos numéricos e sobre todo do punto de vista territorial e produtivo.


Establecida esa panorámica inicial, podemos engadir os seguintes apuntes sobre as características e a evolución deses dous grupos no período 1982-2009 (Figura 33, Figura 34, Figura 35):

- As explotacións en tenencia indirecta pura presentan unha relativa estabilidade do seu número (este reduciuse só nun 25%), acompañada dun incremento moderado da súa SAU media (esta multiplicouse nos 27 anos por 3,8, pouco máis que a media do sector que o fixo por 3,0). En cambio, aquelas en réximes mixtos experimentaron unha reestruturación moito máis intensa: a súa cifra diminuíu nun 61%, ao tempo que a SAU media se multiplicaba por 5,6.
- Como consecuencia diso, se en 1982 a SAU/explotación era similar nos dous grupos, en 2009 esta é moito maior nas explotacións en réximes mixtos (17,1 fronte a 12,6 ha).
- O mesmo sucede para a porcentaxe da SAU dedicada a superficie forraxeira: esta partía de valores máis elevados nas explotacións en tenencia indirecta pura (66,3% fronte a 56,2%); pero a situación tíñase invertido en 2009 (76,9% fronte a 83,1%).
- No que respecta á carga gandeira (UGM/ ha de SAU), dentro de diferenzas modestas esta mantense durante todo o período en valores algo máis elevados nas explotacións con

réximes mixtos, permanecendo nos dous grupos aproximadamente estable (en 2009 os valores son 1,70 fronte a 1,55). E a mesma diferenza conséntase en concreto no número de UGM de bovino por hectárea, que aumentou lixeiramente en ambos colectivos (a cifra en 2009 é 1,43 fronte a 1,25).


- Como consecuencia do anterior, o maior crecemento do tamaño medio das explotacións mixtas en termos de superficie deuse tamén na cabana gandeira: a media de UGM/explotación é aquí en 2009 de 29,0 fronte a 19,5 naquelas en tenencia indirecta pura.
- O maior dinamismo produtivo das explotacións con réximes mixtos que suxiren todos os datos anteriores acompañouse tamén dun incremento moito maior da porcentaxe das que teñen titular persoa xurídica, ata case igualar en 2009 a cifra daquelas en tenencia indirecta pura (7,5% fronte a 8,1%).
- En cambio, existe un último dato que non encaixa nesa imaxe xeral: as explotacións en tenencia indirecta pura partían en 1982 dunha idade media dos titulares algo inferior e ademais esta diminuíu no período 1982-2009 en 6 anos, fronte aos 5,4 anos nas mixtas. De tal modo que en 2009 esa idade media era, respectivamente, de 48,7 e 51,9 anos.

Figura 33. Características das explotacións só con terras en A/OR/A+OR (réximes indirectos puros). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

Figura 34. Características das explotacións que combinan terras en A/OR/A+OR e en propiedade (tenencia mixta). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

Tratando de extraer os principais feitos estilizados que se derivan de toda a análise anterior, poderíamos concluír que:

- a) As explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes presentan nas tres últimas décadas unha dinámica claramente máis favorable (en termos produtivos e sobre todo na súa base territorial) que aquelas compostas exclusivamente por superficies en propiedade.
- b) Dentro dese conxunto, o dinamismo é claramente maior naquelas que recorren ao arrendamento en sentido estrito, fronte ás que só teñen incorporado terras noutros réximes.
- c) Finalmente, co último matiz que indicamos antes, os datos apuntan tamén en xeral a un maior dinamismo, sobre todo un maior incremento do tamaño medio, das explotacións nas que as terras en réximes indirectos se combinan con outras en propiedade, fronte a aquelas en tenencia indirecta pura (que carecen de superficies propiedade do titular).

Figura 35. Comparativa das explotacións en tenencia indirecta pura (só superficies en A/OR/A+OR) con aquelas en réximes mixtos (combinan terras en propiedade e en réximes indirectos). Evolución 1982-2009 (índices base 1982=100)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

7.6. PESO E EVOLUCIÓN DO ARRENDAMENTO POR ORIENTACIÓNS TÉCNICO-ECONÓMICAS (OTE) DAS EXPLOTACIÓNS

Neste apartado estudamos os réximes de tenencia da terra, e en concreto a importancia do arrendamento, segundo a orientación técnico-económica (OTE) das explotacións, o tipo de producións nas que están especializadas.

A normativa que regula actualmente esta clasificación na UE é o Regulamento (CE) nº1242/2008 da Comisión, de 8 de decembro de 2008, polo que se establece unha tipoloxía comunitaria das explotacións agrícolas, e a modificación recollida no Regulamento (CE) nº 867/2009 da Comisión, de 21 de setembro de 2009. O antecedente desas normas hai que buscalo na Decisión 85/377/CEE, da Comisión, de 7 de xuño de 1985, que estableceu unha clasificación homoxénea das explotacións en función da dimensión económica e o tipo de orientación técnico-económica. A orientación técnico-económica das explotacións determínase en función da contribución relativa da produción estándar procedente dos diferentes tipos de superficies e especies gandeiras.

A clasificación establece tres niveis de desagregación: OTE xerais (clasificación a 1 dígito), principais (2 díxitos) e particulares (3 díxitos). A nosa análise vaise limitar inicialmente ás OTE xerais, que son 8 máis unha novena que recolle as explotacións non clasificadas:

- i. Agricultura xeral (cultivos herbáceos).
- ii. Horticultura (horta e flores).
- iii. Cultivos leñosos (ou permanentes).
- iv. Herbívoros.
- v. Granívoros.
- vi. Policultivos.
- vii. Gandería mixta.
- viii. Cultivos e gandería.
- ix. Explotacións non clasificadas.

7.6.1. Análise dos datos para as OTE xerais

A nivel de Estado Arnalte e López (2002), analizando os datos para o período 1989-1999, chegan á conclusión de que a expansión do arrendamento concentrouse principalmente en dous grupos de OTE: agricultura xeral (OTE 1) e herbívoros (OTE 4), aos que cabe engadir nunha posición secundaria as orientacións mixtas (policultivos e cultivos e gandería, OTE 6 e 8). Esas cifras suxiren que a toma de terras arrendadas (e a conseguinte mellora da mobilidade da terra) puido verse estimulada nesta década polas axudas directas da PAC establecidas a partir da reforma de 1992, tanto as axudas por hectárea nos cultivos herbáceos como os pagamentos por cabeza de gando no bovino de carne.

Referíndonos a Galicia, imos ver en primeiro lugar a evolución no período 1982-2009 do número e superficie das explotacións nas diferentes OTE xerais (para coñecer a súa

relevancia). Despois examinaremos a evolución dos diversos ratios ou índices de arrendamento en cada unha delas.

Evolución do número e superficie das explotacións por OTE


Como xa temos visto, no conxunto do período 1982-2009 o número total das explotacións reduciuse en Galicia en 2/3, ao tempo que a SAU global permaneceu estable e mesmo aumentou lixeiramente, polo que a SAU media por explotación triplicouse (de 2,64 a 7,98 ha). Iso esconde, porén, comportamentos moi dispares por OTE.

Na situación de partida, en 1982, as 233.360 explotacións contabilizadas na agricultura galega concentrábanse en catro OTE, que sumaban o 92% das unidades produtivas: a 4 (herbívoros) co 35,5% e tres non especializadas, a 6 (policultivos) co 9,2%, a 7 (gandería mixta) co 26,3% e a 8 (cultivos e gandería) co 20,6%. Tres décadas despois o panorama tiña mudado de forma significativa, sendo tres os feitos a destacar: i) perden peso as OTE non especializadas, de tal modo que o conxunto das OTE 6, 7 e 8 pasan de contar co 56,2% das unidades produtivas en 1982 ao 30,3% en 2009; ii) refórzase o liderado das explotacións especializadas en herbívoros (fundamentalmente vacún de leite e carne), que supoñen en 2009 o 37,4% do total; iii) e ao mesmo tempo increméntase tamén o peso relativo da OTE 1 (cultivos herbáceos), do 3,8% ao 17,3%, a OTE 3 (cultivos leñosos), do 1,0% ao 5,8%, e a OTE 5 (granívoros), do 0,5% ao 4,6%. En suma, pois, nos tres últimos decenios consolídase a gandería bovina como a principal liña de especialización do agro galego, acompañada de tres vectores de especialización complementarios para certos segmentos de explotacións (os cultivos herbáceos, os cultivos leñosos e a gandería sen terras dos granívoros). Mentres que se reduce fortemente o peso das OTE non especializadas, onde alcanzou a súa maior intensidade a desaparición de unidades produtivas.

Na Figura 36 recollemos tamén a evolución da SAU e da SAU/explotación nas distintas OTE. Podemos observar que as explotacións especializadas en herbívoros foron as que experimentaron unha reestruturación máis intensa: a forte redución do seu número (en case 2/3) acompañouse dun notable incremento da súa SAU global, de tal modo que a SAU media por explotación case se quintuplicou ata aproximarse en 2009 a 15 ha, o duplo da media do sector. Tamén viron incrementada a SAU as outras tres OTE expansivas que citamos antes (cultivos herbáceos, cultivos leñosos e granívoros), pero mantendo unha superficie media moi inferior. Finalmente, nas OTE non especializadas asistimos a unha notable redución da SAU ao tempo que a SAU/ explotación elévase pero de forma moi modesta, manténdose en valores baixos.

En conxunto, podemos concluír que as explotacións máis activas na ampliación da súa base territorial foron as da OTE 4 (herbívoros), seguidas a moita distancia das especializadas en cultivos herbáceos (OTE 1) e aínda a máis distancia das OTE 3 (cultivos leñosos) e 5 (granívoros).

Figura 36. Evolución das explotacións agrarias por OTE en Galicia 1982-2009 (nº de explotacións, SAU, SAU media)




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Nivel e evolución dos ratios de arrendamento

Pasamos agora a analizar os diferentes ratios de arrendamento, comezando pola porcentaxe da SAU arrendada (en arrendamento en sentido estrito) sobre a SAU total. Esta porcentaxe incrementouse globalmente en Galicia en 9 puntos entre 1982 e 2009, pasando do 7,78% ao 16,78%. Pois ben, podemos observar que ese aumento concentrouse nas explotacións especializadas en herbívoros (OTE 4), que xa partían dun peso do arrendamento en 1982 superior á media (en torno ao 10%) e viron este duplicarse nas tres últimas décadas. Aínda que con cifras absolutas moito máis modestas, cabe sinalar tamén o incremento da % da SAU arrendada na OTE 5 (granívoros); mentres que esta diminuíu na OTE 6 (policultivos) e de modo chamativo tamén na OTE 1 (cultivos herbáceos), o que fai pensar que a ampliación desta OTE se debeu á especialización neste tipo de cultivos de explotacións con todas as terras en propiedade ou que recorren a outras fórmulas de cesión.

O panorama é similar se tomamos o conxunto da SAU en arrendamento e noutros réximes (o que denominamos “arrendamento en sentido amplo”), onde destaca de novo o crecemento e o elevado valor do ratio na OTE 4. O único matiz é neste caso a porcentaxe aumentou, en maior ou menor medida, en todas as OTE (Figura 37).

Figura 37. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en arrendamento e noutros réximes por OTE. Evolución en Galicia 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Para precisar a análise examinamos agora os dous elementos dos que depende a porcentaxe da SAU en arrendamento: a extensión, proporción das explotacións que teñen terras neste réxime; e a intensidade, o peso relativo das terras arrendadas na SAU destas explotacións. Calculamos estes dous indicadores tanto para o arrendamento en sentido estrito como en sentido amplo (arrendamento + outros réximes). Os cálculos detallados poden verse no Anexo 4 e no Anexo 7 e os resultados están resumidos na Figura 38 e na Figura 39.


Para o arrendamento en sentido estrito as cifras globais indican que a porcentaxe das explotacións con terras neste réxime diminuíu lixeiramente entre 1982 e 2009 (do 17,6% ao 15,1%); polo que o aumento da SAU arrendada debeuse integramente ao incremento da intensidade (a porcentaxe da SAU arrendada nesas explotacións ascendeu do 39,7% ao 45,5%). Esas tendencias globais esconden, porén, importantes diverxencias por OTE:

- A maior difusión do arrendamento en 1982 dábase na OTE 4, as explotacións especializadas en herbívoros (o 23,7% tiñan terras arrendadas), seguida de dúas OTE non especializadas: a 7 (gandería mixta) co 17,9% e a 8 (cultivos e gandería) co 14,3%. As restantes OTE rexistraban valores moi inferiores á media.
- Partindo desa situación, no período 1982-2009 o indicador só se incrementou nas especializadas en herbívoros (onde ascendeu ata o 30,3%) e de modo moi lixeiro nas de cultivos permanentes (OTE 3) (ata o 3,5%). Mentres que a porcentaxe de explotacións con terras arrendadas diminuíu nas OTE restantes, especialmente nas non especializadas (6, 7 e 8) e na de cultivos herbáceos (OTE 1) (Figura 38). En consecuencia, o recurso a terras arrendadas tendeu a concentrarse cada vez máis nas unidades especializadas na gandería de herbívoros: das 12.251 explotacións con superficies arrendadas en 2009, 3/4 (unhas 9.200) pertencían á OTE 4.
- No que respecta á intensidade do arrendamento, esta aumentou en case todas as OTE. E, se deixamos de lado o caso anecdótico da OTE 3 (cultivos permanentes) e das explotacións non clasificadas, o maior incremento deuse tamén nas especializadas en herbívoros. Polo tanto, esta OTE 4 é a que experimenta no período 1982-2009 un maior ascenso tanto da difusión como da intensidade do arrendamento.

- Como matización, hai que sinalar que as explotacións da OTE 4 con arrendamento rexistran en todo o período un peso relativo das terras arrendadas no entorno ou lixeiramente por baixo da media (en 2009 o 44,9% fronte ao 45,5%) (Figura 39). Polo tanto, a elevada importancia global do arrendamento nesta OTE débese principalmente, en termos comparativos, á alta porcentaxe de explotacións que recorren a este réxime máis que á súa intensidade.


O panorama global muda de forma substancial se consideramos o arrendamento en sentido amplo: a proporción de explotacións con algunha terra arrendada ou noutros réximes incrementouse do 21,0% en 1982 ao 26,4% en 2009; e iso acompañouse dun ascenso máis forte do peso dos réximes indirectos nesas explotacións (do 44,6% ao 55,4% da SAU). Porén, a dinámica relativa por OTE é en xeral similar á que acabamos de expoñer. En concreto, a maior difusión dos réximes indirectos (arrendamento e/ou outros réximes) alcánzase durante todo o período na OTE 4 (en 2009 case a metade das explotacións desta OTE teñen algunhas terras nesas réximes). Mentres que o indicador de intensidade rexistra aquí un valor lixeiramente por baixo da media (54,6% en 2009) (Figura 38 e Figura 39).

Figura 38. Porcentaxe das explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes por OTE. Evolución en Galicia 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 39. Intensidade do arrendamento por OTE (% da SAU arrendada nas explotacións con este réxime). Evolución en Galicia 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

7.6.2. Estudo máis detallado da OTE 4 (herbívoros)


Como acabamos de ver, a OTE xeral 4 é a que concentra a maior parte da expansión do arrendamento e dos outros réximes nas últimas décadas, e tamén, con diferenza, a que rexistra actualmente un maior peso relativo das terras en tenencia indirecta. En consecuencia, parece pertinente examinar con máis detemento este conxunto. En concreto, efectuamos tres análises: por orientacións produtivas (OTE principais), por estratos de dimensión e a nivel xeográfico (por provincias).

Análise por OTEs principais

A OTE xeral 4 inclúe catro orientacións produtivas (OTE principais): 45 Bovinos de leite; 46 Bovinos de carne e cría de bovinos (explotacións especializadas no vacún de carne); 47 Bovinos de carne e leite e cría de bovinos (orientación mixta leite-carne); e 48 Ovinos, caprinos e outros herbívoros¹¹.

Como reflexo do proceso de especialización das últimas décadas, as que evolucionan de forma máis favorable, tanto no número de explotacións como no relativo á SAU e á SAU/ explotación, son a 45 e a 46 en contraste co acelerado retroceso da OTE 48.

Figura 40. Evolución das OTE principais da OTE xeral 4 (número de explotacións, SAU, ratio A/SAU e (A+OR)/SAU). Galicia 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Polo que respecta aos modos de tenencia, a evolución é bastante diferente para o arrendamento en sentido estrito e os outros réximes: a porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito rexistra o maior incremento no período e o valor máis alto en 2009 nas


¹¹ Os códigos corresponden ás OTE establecidas no Censo agrario de 2009. A numeración varía nalgúns casos nos Censos anteriores, pero é relativamente fácil establecer as equivalencias.

explotacións lácteas (OTE 45), seguidas das especializadas no vacún de carne (OTE 46); mentres que se inclúen tamén os outros réximes de tenencia (que engloban fórmulas de cesión máis informais), as cifras son bastante similares nas catro orientacións (Figura 40).

Datos segundo o tamaño físico das explotacións

Os datos por estratos de tamaño confirman para estas explotacións que a expansión nas dúas últimas décadas, tanto da SAU en arrendamento como noutros réximes, se centrou nas unidades de mediana e grande dimensión, contribuíndo pois á ampliación da base territorial destes segmentos. Nas cifras isto reflíctese en que en 1982, e tamén en 1989, a porcentaxe da SAU en réximes indirectos era bastante similar en todos os intervalos dimensionais. Mentres que nos dous últimos Censos constátanse diferenzas crecentes e cunha clara correlación positiva co tamaño: canto maior é a dimensión das explotacións maior é tamén a porcentaxe da SAU en arrendamento e o mesmo ocorre para os outros réximes (Figura 41).

Figura 41. Evolución OTE xeral 4 por tamaño de explotación. Evolución 1982-2009. (Número expl, SAU, Ratio A/SAU e (A+OR)/SAU)




Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Diverxencias provinciais

Se analizamos por último as diverxencias provinciais encontramos un panorama en principio chamativo. Posto que non son A Coruña e Lugo, as provincias que concentran a maior parte das explotacións de herbívoros e onde estas experimentaron un maior dinamismo nas últimas décadas, aquelas nas que estas explotacións rexistran un maior peso do arrendamento. Esta posición corresponde a Ourense, provincia na que o sector lácteo é practicamente inexistente e as explotacións de herbívoros pertencen principalmente ao vacún de carne e en menor medida a ovino-caprino. E esa conclusión vese reforzada se consideramos o conxunto do

arrendamento e os outros réximes de tenencia: a porcentaxe da SAU nestes réximes aumentou claramente nas catro provincias de 1982 a 2009, e en concreto nos dous últimos decenios (1989-2009); pero o maior incremento, e tamén o valor máis elevado en 2009, rexístrase en Ourense a moita distancia das outras tres provincias (Figura 42).

Figura 42. Evolución OTE xeral 4 por implantación xeográfica. Evolución 1982-2009. (Número expl, SAU, Ratio A/SAU e (A+OR)/SAU)



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

7.7. PESO E EVOLUCIÓN DO ARRENDAMENTO SEGUNDO O TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS

7.7.1. Panorama dos réximes de tenencia nos sucesivos Censos agrarios

Na situación de partida en 1982 a porcentaxe da SAU en arrendamento (en sentido estrito) era bastante similar en todos os estratos de tamaño por baixo de 100 ha de SAU: en todos eles oscilaba entre o 5,5% e o 8,3%, sen unha tendencia clara a medida que ascendíamos na dimensión. Afinando máis, esa porcentaxe alcanzaba o 7%-8% nos intervalos menores de 20 ha, para descender algo (ao 5,5%-6,4%) nos de 20 a 100 ha. A variación máis significativa dábase nas explotacións maiores de 100 ha, grupo moi pouco relevante no que esa porcentaxe baixaba ao 1,5%.

En cambio, se tomamos o conxunto da SAU en arrendamento e noutros réximes (rúbrica na que incluímos neste Censo a aparcería, o réxime comunal e os “outros réximes”), o seu peso tendía a aumentar coa elevación do tamaño, de forma moi moderada ata as 30 ha e con maior claridade nos intervalos entre 30 e 100 ha; para caír finalmente de modo brusco nas

explotacións maiores de 100 ha. Iso pon de manifesto que a importancia destes outros réximes indirectos si se incrementaba en xeral co aumento do tamaño (Cadro 65).

Cadro 65. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1982

Tamaño SAU (ha)	SAU (ha)	SAU Arrendada (ha)	SAU Aparcería (ha)	SAU Comunal (ha)	SAU Outros Réximes (ha)	Arr/SAU	(A+OR)/SAU (*)
<1	32.893	2.538	153	38	359	7,72%	9,39%
1 a <2	95.834	6.946	499	184	1.035	7,25%	9,04%
2 a <5	221.134	18.446	1.758	781	2.173	8,34%	10,47%
5 a <10	154.503	12.294	1.544	832	1.727	7,96%	10,61%
10 a <20	71.260	5.848	813	480	2.111	8,21%	12,98%
20 a <30	14.375	919	139	41	496	6,40%	11,10%
30 a <50	7.902	434	91	107	764	5,49%	17,67%
50 a <100	5.802	362	99	16	1.328	6,24%	31,09%
>=100	13.083	196	0	0	1.440	1,50%	12,51%
Total	616.785	47.984	5.096	2.479	11.434	7,78%	10,86%

(*) En Outros Réximes (OR) "en sentido amplo" incluímos as terras en aparcería, réxime comunal e outros réximes.

Fonte: Microdatos do Censo agrario 1982. Elaboración propia.

O panorama anterior mantense no Censo agrario de 1989. Tan só cabe sinalar o descenso do peso do arrendamento nas explotacións máis pequenas (as menores de 2 ha de SAU), mentres que por encima deste limiar ese peso era similar en todos os estratos de tamaño ata as 100 ha (Cadro 66).

Cadro 66. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1989

Tamaño SAU (ha)	SAU (ha)	SAU Arrendada (ha)	SAU Aparcería (ha)	SAU Outros Réximes (ha)	Arr/SAU	(A+OR)/SAU (*)
<1	17.722	1.074	63	385	6,06%	8,59%
1 a <2	73.350	4.332	213	1.375	5,91%	8,07%
2 a <5	176.190	14.496	1.353	3.842	8,23%	11,18%
5 a <10	160.040	13.701	1.822	3.934	8,56%	12,16%
10 a <20	111.592	8.386	1.324	2.746	7,51%	11,16%
20 a <30	24.259	1.975	245	994	8,14%	13,25%
30 a <50	11.311	905	190	903	8,01%	17,67%
50 a <100	8.948	628	80	939	7,02%	18,40%
>=100	40.396	1.196	0	2.941	2,96%	10,24%
Total	623.808	46.693	5.290	18.058	7,49%	11,23%

(*) En Outros Réximes (OR) "en sentido amplo" incluímos as terras en aparcería e noutros réximes.

Fonte: Microdatos do Censo agrario 1989. Elaboración propia.

En 1999, en cambio, encontramos unha imaxe xa moi diferente. Nun contexto global no que a porcentaxe da SAU en arrendamento é só lixeiramente superior á de 1989 (8,94% fronte a 7,49%), esa porcentaxe aumenta de forma clara e continua coa elevación do tamaño: desde o 2,5% nas explotacións con menos de 2 ha de SAU ata o 15,7% nas de 50-100 ha. Tan só continúa observándose a caída no estrato superior, as unidades maiores de 100 ha.

Por outra parte, se tomamos o total da SAU en réximes indirectos (arrendamento, aparcería e outros réximes) ampliáanse notablemente as diferenzas por estratos de tamaño que se constataban en 1989; noutras palabras, refórzase a correlación coa dimensión das explotacións. Así, a porcentaxe da SAU neses réximes indirectos oscila en 1999 entre o 6,0% nas explotacións menores de 1 ha e valores por encima do 30% en todos os intervalos por encima de 30 ha (Cadro 67).

Cadro 67. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño das explotacións. Galicia 1999

Tamaño SAU (ha)	SAU (ha)	SAU Arrendada (ha)	SAU Aparcería (ha)	SAU Outros Réximes (ha)	Arr/SAU	(A+OR)/SAU (*)
<1	8.796	225	11	293	2,56%	6,02%
1 a <2	45.903	1.125	49	1.292	2,45%	5,37%
2 a <5	106.471	5.383	321	4.864	5,06%	9,92%
5 a <10	138.668	11.611	451	8.011	8,37%	14,47%
10 a <20	169.175	17.490	546	9.667	10,34%	16,38%
20 a <30	68.389	9.532	260	5.135	13,94%	21,83%
30 a <50	45.341	6.744	279	6.864	14,87%	30,63%
50 a <100	24.831	3.902	160	4.220	15,71%	33,35%
>=100	49.557	2.730	5	12.673	5,51%	31,09%
Total	657.130	58.741	2.081	53.018	8,94%	17,32%

(*) En Outros Réximes (OR) “en sentido amplo” incluímos as terras en aparcería e noutros réximes.

Fonte: Microdatos do Censo agrario 1999. Elaboración propia.

Como veremos a continuación, e con maior detalle no capítulo 8, esa correlación consolidouse nos datos do Censo agrario de 2009.

7.7.2. Evolución do peso do arrendamento e os outros réximes por estratos de tamaño 1982-2009

Na Figura 43 reproducimos unha serie de gráficos que recollen para cada estrato de tamaño a evolución no período 1982-2009 de dous ratios: a porcentaxe da SAU en arrendamento (A/SAU) e a que está en arrendamento ou noutros réximes ((A+OR)/SAU). As tendencias poden resumirse así:

- Nas explotacións con menos de 2 ha de SAU diminúe de forma continua o peso do arrendamento e tamén, aínda que en menor medida, do conxunto das superficies en réximes indirectos. Reforzándose, pois, o predominio das terras en propiedade, que supoñen sempre máis do 90% do total.

- Nos estratos entre 2 e 10 ha asistimos tamén a un retroceso (estabilidade nas de 5-10 ha) do arrendamento en sentido estrito, pero que se acompañou, sobre todo no último decenio, dun aumento do peso relativo das terras en réximes indirectos (debido á expansión dos outros réximes de tenencia).
- Por encima de 10 ha a porcentaxe da SAU en arrendamento aumenta de forma case continua en todos os estratos de tamaño. Con dúas precisións adicionais: esa expansión iniciouse realmente, en cifras significativas, na década de 1990 e tende a acelerarse no último período intercensal (1999-2009); a súa magnitude é maior canto maior a dimensión das explotacións, excepto no intervalo superior (as unidades con máis de 100 ha).

A mesma evolución obsérvase en liñas xerais para o conxunto da SAU en arrendamento ou noutros réximes: esta incrementa o seu peso en todos os estratos maiores de 10 ha, especialmente nas dúas últimas décadas; e a magnitude dese aumento aparece correlacionada co tamaño, ata alcanzar un teito nas explotacións de 30 a 100 ha.

As Figuras 44 e 45 permiten precisar esa dinámica por estratos de tamaño, para o arrendamento en sentido estrito (Figura 44) e o conxunto da SAU en arrendamento e noutros réximes (Figura 45).

No que respecta ao arrendamento o único matiz que cabe engadir é que, en rigor, o retroceso nas décadas recentes deuse nas explotacións menores de 5 ha, mentres que o seu peso relativo mantívose estable nas de 5-10 ha e aumentou por encima dese limiar, sobre todo nos intervalos entre 30 e 100 ha. O total de terras en réximes indirectos (incluíndo tamén os outros modos de tenencia) presenta unha dinámica xeral similar, pero con diferenzas que agora se ven máis claramente:


-A diminución do seu peso relativo nas explotacións máis pequenas é moito menos nidia. De feito, ese peso redúcese de forma moderada nas menores de 2 ha e tende a elevarse xa nas situadas entre 2 e 10 ha.

-De modo simétrico, a expansión nos estratos de mediana e grande dimensión ao longo das décadas recentes é moito menos intensa que no caso do arrendamento.

A interpretación que cabe facer deses datos é que a expansión que rexistrou o arrendamento nas dúas últimas décadas está moi ligada á mobilidade da terra e á ampliación da base territorial das explotacións máis dinámicas. En tanto que tendeu a desaparecer un fenómeno que era aínda frecuente en 1982, e moito máis en 1962: a presenza de superficies arrendadas en unidades produtivas de pequena e moi pequena dimensión.

O papel dos outros réximes de tenencia, e os procesos que están detrás da súa expansión nos decenios recentes, son en cambio máis complexos; o que se reflicte nunha evolución menos clara por estratos de tamaño. Nuns casos os datos recollen con toda seguridade a incorporación de superficies baixo outras fórmulas de cesión, menos formalizadas que o arrendamento, por parte das explotacións en crecemento. Pero é moi probable que os Censos agrarios computen tamén baixo esta rúbrica outras situacións, que reflicten a separación cada vez maior entre a propiedade e o traballo das terras no agro galego nas explotacións de todos os estratos de tamaño (cesións gratuítas por parte doutros membros da familia, terras de MVMC explotadas sen que medie ningún contrato formalizado, ...).


Figura 43. Evolución dos ratios A/SAU e (A+OR)/SAU nas explotacións de cada estrato de tamaño (*). Galicia 1982-2009



(*) Outros Réximes (OR) en sentido amplo, inclúe outros réximes, comunitaria e aparcería.


Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 44. Porcentaxe da SAU en arrendamento segundo o tamaño das explotacións (ha de SAU). Galicia 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Figura 45. Porcentaxe da SAU en arrendamento e noutros réximes (A+OR) segundo o tamaño das explotacións (ha de SAU). Galicia 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Para completar a análise recolleemos no Cadro 68 a variación por estratos de tamaño no período 1982-2009 da SAU total e da SAU traballada en arrendamento e no conxunto de réximes indirectos (A+OR). Simplificando a interpretación, estes datos permiten establecer dúas conclusións adicionais de interese:

- Da superficie agraria perdida polos estratos menores de 10 ha, que pode asimilarse coas terras liberadas polas explotacións desaparecidas, só unha parte pequena (o 10% ou menos) corresponde a terreos que eran traballados en arrendamento ou noutros réximes indirectos.
- En cambio, a ampliación da SAU nos estratos de mediana e grande dimensión produciuse nunha parte importante a través do arrendamento ou outras fórmulas de cesión. En concreto, o arrendamento supón entre o 19% e o 31% do incremento da SAU nas explotacións maiores de 10 ha, sendo esa porcentaxe máis elevada nos estratos de maior dimensión. E se consideramos o conxunto do arrendamento e outros réximes de tenencia a cifra ascende ao 37%-44% (Cadro 68).

Cadro 68. Variación de SAU total, a SAU arrendada e a SAU en arrendamento e noutros réximes por estratos de tamaño. Galicia 1982-2009

Tamaño SAU (ha)	Variación SAU (ha)	Variación SAU arrendada (ha)	Variación SAU A+OR (ha)	% Variación A/ Variación SAU	% Variación (A+OR)/Variación SAU
<1	-29.006	-2.423	-2.715	8,35%	9,36%
1 a <2	-66.752	-6.438	-6.746	9,64%	10,11%
2 a <5	-164.206	-15.853	-15.782	9,65%	9,61%
5 a <10	-75.318	-5.684	-921	7,55%	1,22%
10 a <20	66.341	12.469	25.768	18,79%	38,84%
20 a <30	88.359	19.076	32.723	21,59%	37,03%
30 a <50	101.441	27.375	42.675	26,99%	42,07%
50 a <100	75.191	22.920	33.421	30,48%	44,45%
>=100	34.762	9.272	14.799	26,67%	42,57%
Total	30.813	60.715	123.221	197,04%	399,90%

Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

7.8. DISPARIDADES XEOGRÁFICAS: ANÁLISE DOS DATOS A NIVEL PROVINCIAL E MUNICIPAL

As cifras para o conxunto de Galicia esconden importantes disparidades entre as catro provincias, tanto no que respecta ao peso do arrendamento como á súa evolución nas décadas recentes. Na situación de partida, en 1982, constatábase un claro contraste entre as dúas provincias setentrionais, sobre todo A Coruña, e as dúas meridionais. Ese contraste, produto das diferenzas nas estruturas agrarias “tradicional” configuradas a mediados do século XX (ver Capítulo 3), reflectíase en que a porcentaxe da SAU en arrendamento (en sentido estrito) alcanzaba en A Coruña o 11,8%, mentres que en Ourense e Pontevedra limitábase ao 4,6% e o 3,6%, respectivamente, quedando Lugo nunha posición intermedia, cun valor similar á media galega (7,9%). O panorama era similar para o conxunto da superficie en réximes indirectos

(A+OR): o seu peso en A Coruña (15,3%) máis que duplicaba as cifras de Ourense e Pontevedra (6,5% nos dous casos), con Lugo no entorno da media galega (11,5%) (Figura 46).

Afondando nos datos compróbase que esas disparidades provinciais debíanse esencialmente ás diferenzas na difusión do arrendamento, na porcentaxe de explotacións con terras neste réxime, onde existía un nido contraste norte-sur: este ratio alcanzaba o 26,1% en A Coruña e o 24,1% en Lugo, fronte ao 6%-10% en Ourense e Pontevedra. Mentres que o peso da SAU arrendada nestas explotacións (indicador de intensidade) rexistraba menores diferenzas, e que non respondían ademais a unha oposición norte-sur: este ratio alcanzaba o 41%-47% en A Coruña e Ourense, fronte ao 34%-36% en Lugo e Pontevedra. As mesmas conclusións, só con pequenas variacións, obtíñanse tomando o total da SAU en arrendamento e noutros réximes (Cadro 69).


Esa situación de partida mudou de forma substancial nas tres últimas décadas. No que respecta á porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito, esta incrementouse no período 1982-2009 nas catro provincias pero en magnitudes moi diversas:

- O maior aumento deuse en Ourense, onde pasou do 4,6% (pouco máis da metade da media galega) ao 19,6%, o valor máis alto das catro provincias.
- Mentres que no extremo contrario situábase A Coruña, onde esa porcentaxe elevouse só do 11,8% ao 16,8%; pasando así de rexistrar o índice máis elevado a estar en 2009 na media galega.
- Con dinámicas intermedias quedan Lugo, onde o ratio subiu do 7,9% ao 17,4%, manténdose sempre ao redor da media de Galicia, e Pontevedra, onde aumentou do 3,6% ao 10,8%, sendo en todos os anos a provincia cun menor peso do arrendamento.
- Como consecuencia desas tendencias recentes, o panorama en 2009 é bastante diferente do de 1982: a provincia cunha maior porcentaxe da SAU en arrendamento é agora Ourense (19,6%), seguida de A Coruña e Lugo con valores próximos á media galega (16,8% e 17,4%, respectivamente), manténdose Pontevedra coa cifra máis baixa (10,8%).

As tendencias son similares para o conxunto da SAU en arrendamento e noutros réximes, só cun matiz importante: Pontevedra rexistrou aquí un incremento moito maior, o segundo máis forte despois de Ourense, ata case igualar a media galega. Deste modo, a situación que encontramos neste índice en 2009 móstranos a Ourense co valor máis elevado (33,9%), e as outras tres provincias no entorno da media de Galicia: 29,7% en A Coruña, 28,4% en Lugo e 26,7% en Pontevedra (sendo a media galega o 29,4%) (Figura 46).

En suma, pois, tanto se nos centramos no arrendamento en sentido estrito como, aínda máis, se tomamos o total da SAU en arrendamento e noutros réximes, podemos destacar dúas conclusións esenciais: i) os cambios das tres últimas décadas fixeron que desaparecera o contraste entre provincias setentrionais e meridionais herdado das estruturas agrarias “tradicionais”, levando a unha converxencia das cifras das catro provincias; ii) dentro dese contexto, Ourense pasou a ser a provincia cun maior peso das terras en réximes indirectos.

Figura 46. Evolución da % da SAU en arrendamento e no conxunto de arrendamento e outros réximes por provincias 1982-2009



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982, 1989, 1999 e 2009. Elaboración propia.

Cadro 69 Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR; extensión e intensidade destes réximes indirectos. Datos por provincias 1982 e 2009

A. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR

	Arrendamento (A)		Arrendamento e/ou outros réximes (A+OR)	
	1982	2009	1982	2009
A Coruña	11,82%	16,81%	15,32%	29,68%
Lugo	7,92%	17,37%	11,48%	28,38%
Ourense	4,64%	19,58%	6,50%	33,90%
Pontevedra	3,60%	10,80%	6,53%	26,70%
Galicia	7,78%	16,78%	10,86%	29,37%

B. Porcentaxe do total de explotacións con terras en A e en A+OR

	Arrendamento (A)		Arrendamento e/ou outros réximes (A+OR)	
	1982	2009	1982	2009
A Coruña	26,10%	14,98%	29,61%	27,19%
Lugo	24,14%	21,97%	27,74%	32,78%
Ourense	6,01%	9,75%	8,74%	19,25%
Pontevedra	10,18%	7,93%	13,87%	20,03%
Galicia	17,63%	15,09%	21,02%	26,41%

C. Porcentaxe da SAU en A e en A+OR nas explotacións con estes réximes


	Arrendamento (A)		Arrendamento e/ou outros réximes (A+OR)	
	1982	2009	1982	2009
A Coruña	46,70%	46,65%	50,53%	56,75%
Lugo	34,16%	42,14%	39,90%	51,49%
Ourense	41,08%	54,75%	44,83%	62,93%
Pontevedra	35,95%	46,27%	44,85%	59,07%
Galicia	39,70%	45,49%	44,60%	55,42%

Fonte: Microdatos dos Censos agrarios de 1982 e 2009. Elaboración propia.

Unha análise máis detallada, distinguindo os indicadores de extensión e intensidade dos réximes indirectos, obriga porén a engadir algunhas precisións adicionais. No relativo á extensión ou difusión do arrendamento (a porcentaxe do total de explotacións que teñen terras arrendadas), esta continúa sendo en 2009 claramente superior nas dúas provincias setentrionais, coa novidade de que agora é Lugo (e non A Coruña) a que presenta o valor máis alto. E algo similar, se ben non tan marcado, ocorre para o conxunto de explotacións con SAU en arrendamento e/ou noutros réximes: estas supoñen o 27%-33% do total en A Coruña e Lugo, mentres que en Ourense e Pontevedra a porcentaxe baixa ao 19%-20%. En consecuencia, o feito de que Ourense sexa actualmente a provincia cun maior peso da SAU en arrendamento non se debe á difusión senón á intensidade deste réxime: a porcentaxe de explotacións con terras arrendadas é nesta provincia comparativamente baixa, moi inferior á media galega; pero estas teñen a totalidade ou grande maioría da SAU en arrendamento, ademais de contar cun tamaño medio elevado, moi superior á media provincial (Cadro 69).

Descendendo aos datos a nivel municipal, nos dous mapas reproducidos na Figura 47, onde representamos a porcentaxe entre o total de arrendamento e/ou OR, e a SAU total do concello, pode verse a situación da que se partía en 1982. O arrendamento en sentido estrito localizábase principalmente na metade norte de Galicia, sobre todo no interior da provincia de A Coruña e nas comarcas setentrionais de Lugo (As Mariñas, Terra Cha e A Fonsagrada). Engadíndose a iso algunhas zonas do terzo oriental de Ourense (sobre todo ao redor do Macizo Central) e certos concellos do Salnés e o Baixo Miño na provincia de Pontevedra. A distribución xeográfica era similar para o conxunto do arrendamento e outros réximes (Figura 47).

Figura 47. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos 1982




Fonte: Microdatos do Censo agrario 1982. Elaboración propia.

Dúas décadas despois, en 1999, apreciábanse xa novidades importantes. Por un lado, o arrendamento perdera importancia nas comarcas da metade norte onde tiña tradicionalmente maior peso, e tamén no Salnés e no Baixo Miño en Pontevedra. En tanto que se expandiu nas zonas gandeiras da metade sur de Lugo e do nordeste de Pontevedra (O Deza), e na metade oriental de Ourense. Os mesmos cambios constátanse en xeral para o conxunto do arrendamento e os outros réximes, cun engadido: a notable expansión que ten lugar no sur da provincia de Ourense (comarcas da Limia e Baixa Limia) (Figura 49).


Esas tendencias prólonganse en liñas xerais no último período intercensal, como pode verse na Figura 64 do capítulo 8 onde recolleemos os datos de 2009.

Figura 48. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos 1989



Fonte: Microdatos do Censo agrario 1989. Elaboración propia.

Figura 49. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos 1999




Fonte: Microdatos do Censo agrario 1999. Elaboración propia.

Os cambios rexistrados no conxunto das tres últimas décadas (1982-2009) están representados nos dous mapas reproducidos na Figura 50. Polo que respecta ao arrendamento en sentido estrito, destaca, en primeiro lugar, a caída que este experimentou nalgúñas comarcas do terzo setentrional de A Coruña e Lugo onde tiña tradicionalmente un maior peso (como consecuencia seguramente do acceso á propiedade ou abandono de terras traballadas por

arrendatarios); e o mesmo conséctase na maior parte das Rías Baixas e o Baixo Miño. Pero iso acompañouse dun aumento da porcentaxe da SAU arrendada na maior parte de Galicia, especialmente nas comarcas gandeiras do extremo occidental e interior de A Coruña, o centro e sur de Lugo e o nordeste de Pontevedra (O Deza e Tabeirós-Terra de Montes). E un incremento aínda maior no terzo oriental e sur da provincia de Ourense, afectando aquí a comarcas cun importante dinamismo agrario (como a Limia) e a outras caracterizadas, en cambio, por un acusado despoboamento pero nas que ten unha presenza relevante a gandería extensiva (vacún de carne e en menor medida ovino-caprino).

As tendencias son similares para o conxunto da SAU en arrendamento e noutros réximes, só con dous matices importantes: o incremento moito maior que se observa neste caso na metade sur da provincia de Ourense, sobre todo no sudoeste; e o mesmo nas zonas gandeiras do nordeste de Pontevedra (Figura 50).

Figura 50. Variación da % da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos no período 1982-2009 (diferenza en puntos porcentuais)



7.9. A RELACIÓN ENTRE ARRENDAMENTO E AXUSTE ESTRUCTURAL NA AGRICULTURA GALEGA

Como expuxemos no Capítulo 2, nun traballo xa clásico Maunder (1984) formulou a hipótese xeral de que o arrendamento permite unha maior mobilidade da terra, polo que a súa difusión facilita esa mobilidade e a ampliación das explotacións en crecemento. Esa hipótese aparece en xeral confirmada polos datos manexados por este autor, referidos por un lado aos países da CEE-9 e polo outro á evolución a nivel provincial en Italia e Francia.

A hipótese de Maunder foi contrastada para a agricultura española por Arnalte e Ramos (1988), con datos a nivel provincial para o período 1962-1982. Os resultados confirman que

tamén aquí o arrendamento parece cumprir nesas décadas a función “europea” de facilitar o axuste estrutural e o redimensionamento das explotacións. Isto reflíctese na correlación significativa que constatan entre o incremento da superficie media das explotacións no período 1962-1982 e a porcentaxe da superficie en arrendamento en 1982.

Na mesma liña apuntan os resultados obtidos por Arnalte e López (2002) a partir dos datos para o período 1962-1999. As cifras dos Censos agrarios para este período inducen a pensar que o arrendamento xogou en España un papel moi relevante, como vía de mobilidade da terra e redimensionamento das explotacións. Isto é o que suxiren os datos por estratos de tamaño: diminúe fortemente o volume e a porcentaxe de terras arrendadas en todos os grupos por debaixo das 30 ha de superficie total e aumenta paralelamente nos de 30 a 300 ha, o que suxire que a ampliación da base territorial destas últimas se operou en boa medida a través do arrendamento. Sendo esta conclusión corroborada en liñas xerais ao analizar os datos por CCAA. Ademais, segundo os resultados obtidos por eses autores, o papel do arrendamento na mobilidade da terra reforzouse na década de 1990, na que se produciu unha forte aceleración do axuste estrutural que coincide no tempo cunha expansión moito maior da superficie arrendada (Arnalte e López, 2002; López Iglesias, 2003).

Partindo deses antecedentes, o obxectivo do presente apartado é contrastar a citada hipótese cos datos máis recentes dos Censos agrarios, para o período 1982-2009. Concretamente, efectuamos dúas análises: a primeira por comunidades autónomas e a segunda coas cifras a nivel municipal en Galicia. En ambos casos tomamos como variable a explicar o crecemento porcentual da SAU/explotación no período 1982-2009 e como variable explicativa a porcentaxe SAU arrendada/ SAU total en 2009.

7.9.1. CONTRASTE DA CORRELACIÓN ENTRE ARRENDAMENTO E AXUSTE ESTRUTURAL POR CCAA NO PERÍODO 1982-2009


Nun contraste similar para o período intercensal 1989-1999 Arnalte e López (2002) obtiñan un coeficiente de correlación relativamente baixo entre o ritmo do axuste estrutural por CCAA e o peso do arrendamento ao final do período, o que os levaba a matizar as súas conclusións para o conxunto de España. Pero iso debíase principalmente á evolución atípica de cinco CCAA (Castela-A Mancha, Extremadura, Asturias, Cantabria e Canarias). Eliminando estas cinco comunidades, para as 12 restantes resultaba un coeficiente de correlación de 0,72.

Algo similar sucede para o conxunto das tres últimas décadas (1982-2009). Tomando os datos das 17 CCAA a correlación existente entre o incremento da SAU media por explotación no período e a porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito (A/SAU) en 2009 é bastante feble: o coeficiente de correlación é só de 0,1764 (R^2 de 0,0311). Pero, como pode observarse no primeiro gráfico da Figura 51, iso débese principalmente á presenza de catro comunidades atípicas, cunha dinámica que se aparta moito da tendencia xeral: Cantabria, Galicia, Asturias e A Rioxa. Estas catro CCAA, ubicadas case todas como vemos na Cornisa Cantábrica, foron as que rexistraron no período 1982-2009 un axuste estrutural máis intenso (un maior incremento da SAU/explotación); mentres que o peso do arrendamento ao final do período situase en valores baixos ou medios-baixos no contexto español. O que suxire que o papel do arrendamento en sentido estrito na mobilidade da terra foi nestas rexións, entre as

que está Galicia, comparativamente modesto; tendo que xogar un rol relevante nesa mobilidade as compravendas e/ou outras fórmulas de cesión.

Se excluimos dos datos esas catro CCAA, para as 13 restantes o coeficiente de correlación elévase a 0,8010; e o gráfico resultante mostra de forma plástica a forte relación existente entre as dúas variables (Figura 51). Polo tanto, con eses matices ou excepcións, podemos concluír que as cifras confirman o que cabería esperar segundo a hipótese de Maunder.

Figura 51. Relación entre o ritmo de axuste estrutural (incremento da SAU/explotación) e a importancia do arrendamento. Datos por CCAA 1982-2009



Fonte: Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

7.9.2. ANÁLISE DOS DATOS A NIVEL MUNICIPAL EN GALICIA


A pesar do que acabamos de constatar para a dinámica de Galicia no contexto español, os datos por estratos de tamaño analizados nun apartado anterior (ver Cadro 68) fan pensar que o arrendamento xogou tamén aquí nas últimas décadas un papel non despreziable na mobilidade da terra e no redimensionamento das explotacións; se ben este papel foi menos importante en termos relativos que na maioría das CCAA. En concreto, das cifras recollidas no Cadro 68 obtense que as explotacións maiores de 10 ha de SAU, as que viron reforzado o seu peso, gañaron no período 1982-2009 un total de 366.000 ha de cultivos e pastos. Pois ben, dese total o 25% (unhas 91.000 ha) corresponde ao aumento rexistrado nestes estratos pola SAU en arrendamento en sentido estrito; e se incluímos tamén os outros réximes de tenencia a cifra ascende ao 41% (ao redor de 150.000 ha). Polo tanto, nunha interpretación simple cabe concluír que da SAU incorporada por esas explotacións o 25% foino a través do arrendamento e outro 15% por medio doutras fórmulas de cesión (contabilizadas nos “outros réximes”).

Tendo en conta iso, e a diversidade de factores que poden influír nos datos dos Censos agrarios a nivel municipal (incluídas posibles oscilacións irregulares), non cabe prever a priori que se constate nestes datos unha correlación forte entre arrendamento e axuste estrutural. De todos modos, ten interese contrastar esa correlación. Como variable dependente tomamos tamén o incremento porcentual da SAU/explotación no período 1982-2009. E no relativo á variable explicativa consideramos aquí o valor en 2009 de dous índices: a porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito (A/SAU), e o conxunto da traballada en arrendamento e noutros réximes ((A+OR)/SAU).

Os resultados aparecen resumidos nos catro gráficos da Figura 52, dos que podemos destacar as seguintes conclusións:

- Considerando os 315 concellos existentes en Galicia ao final do período, a correlación que obtemos entre axuste estrutural e arrendamento en sentido estrito é bastante débil, aínda que non despreziable: o coeficiente de correlación é de 0,21 (R^2 de 0,0434).
- Ese coeficiente de correlación mellora algo (ata 0,28) se consideramos o peso da SAU en arrendamento e noutros réximes, recollendo pois tamén o rol xogado por outras fórmulas de cesión.
- Agora ben, na nube de puntos apréciase a existencia de concellos cunha dinámica moi atípica, sobre todo en 10 deles: O Valadouro no norte de Lugo; Bande, Carballeda de Avia, Melón e Montederramo na provincia de Ourense; Covelo, A Lama, Ponte Caldelas, Pontecesures e O Rosal na de Pontevedra. Trátase, en todos ou case todos os casos, de municipios situados en zonas de montaña e/ou cunha forte presenza de Montes Veciñais en Man Común. E todos eles apártanse da nube de puntos pola parte superior: rexistraron no período 1982-2009 un incremento da SAU/explotación especialmente forte.
- Se excluímos eses 10 municipios, o coeficiente de correlación mellora de forma significativa sobre todo para o arrendamento en sentido estrito: de 0,21 a 0,36. Mentres que tomando o total da SAU en arrendamento e noutros réximes este coeficiente só aumenta de 0,28 a 0,32 (Figura 52). Polo tanto, a eliminación dos concellos máis atípicos fai emerxer con maior claridade o papel do arrendamento no proceso de axuste estrutural; en tanto que isto parece menos nido para os outros réximes de tenencia.

Figura 52. Relación entre o ritmo de axuste estrutural (incremento da SAU/explotación) no período 1982-2009 e a importancia do arrendamento en 2009. Datos para os concellos de Galicia



Fonte: Microdatos dos Censos agrarios 1982 e 2009. Elaboración propia.

CAPÍTULO 8. ANÁLISE DETALLADA DAS SUPERFICIES ARRENDADAS NO CENSO AGRARIO DE 2009; ELABORACIÓN DUN MODELO ECONOMÉTRICO SOBRE OS PRINCIPAIS FACTORES QUE INCIDEN NA DIFUSIÓN DO ARRENDAMENTO

O capítulo que agora iniciamos, co que se pecha esta investigación, aparece estruturado en dous apartados. No primeiro, o máis extenso, efectuamos unha análise detallada sobre o peso e a distribución do arrendamento en Galicia a partir dos microdatos do Censo agrario de 2009; o que nos permitirá tamén ir detectando a súa relación con diferentes variables. Sobre esa base, no apartado 2 construímos un modelo econométrico que trata de establecer os factores que condicionan actualmente a importancia do arrendamento na agricultura galega. Ao igual que fixemos no capítulo anterior, consideramos aquí tanto o arrendamento en sentido estrito como o que denominamos “arrendamento en sentido amplo”, incluíndo tamén os outros réximes de tenencia.

No apartado 1 seguimos un esquema similar ao do capítulo anterior, e analizamos sucesivamente: o peso global do arrendamento en Galicia considerado no contexto español; as características dos diferentes grupos de explotacións que podemos distinguir segundo os réximes de tenencia da terra; as diferenzas na importancia do arrendamento por orientacións técnico-económicas (OTE); as que se constatan por estratos de dimensión física e dimensión económica das explotacións; e finalmente examinamos o peso do arrendamento e do conxunto do arrendamento e outros réximes de tenencia a nivel municipal.

Apoiándonos nos resultados parciais derivados da análise anterior, no apartado 2 tratamos de establecer un modelo econométrico sobre os factores explicativos da difusión que alcanza actualmente o arrendamento. Para isto examinamos as correlacións entre a variable obxectivo, o peso do arrendamento, e unha serie de variables que razoablemente poden estar relacionadas con el, e que previamente fomos localizando no primeiro apartado do capítulo. Parte desas variables serán as utilizadas nunha investigación anterior por Corbelle et al. (2014). A partir das variables que mostran unha maior correlación coa variable dependente construímos o modelo correspondente, procurando que o número de variables que o conforman sexa o menor posible.

8.1. ANÁLISE DETALLADA DO ARRENDAMENTO EN 2009 E DETECCIÓN DE POSIBLES VARIABLES EXPLICATIVAS

8.1.1. Peso global do arrendamento en Galicia; datos comparativos no contexto español

a. Datos por CCAA

Aínda que estes datos xa foron comentados no capítulo anterior, comezamos aquí recalcando a situación no contexto das CCAA españolas en 2009. A pesar do incremento nas décadas

recentes, segundo o último Censo agrario a porcentaxe da SAU en arrendamento sitúase en Galicia no 16,8%, pouco máis da metade da media española (31,8%) e o valor máis baixo das 17 CCAA, igualado coa Comunidade Valenciana. No extremo contrario destaca Castela e León, onde ese índice supera o 45%, figurando a continuación unha serie de CCAA de características diversas con cifras en torno á media estatal, entre o 30% e o 34% (Cantabria, Navarra, Madrid, Cataluña, Aragón e Extremadura).

O panorama muda algo, aínda que non de forma substancial, se tomamos a SAU en arrendamento e noutros réximes. Esta porcentaxe ascende en Galicia ao 29,4%, claramente inferior pero non tan distante da media estatal (39,0%). Das 17 CCAA superamos á C. Valenciana (21,6%) e Andalucía (29,0%), pero estamos moi lonxe das 9 CCAA onde este índice se sitúa por encima do 40% (Cadro 70).

Cadro 70. Ratios de arrendamento por CCAA 2009

CCAA	SAU total (ha)	A/SAU total	(A+OR)/SAU total
Castela e León	5.362.468	45,78%	51,90%
Cantabria	235.238	30,92%	47,52%
País Vasco	190.395	29,53%	45,17%
A Rioxa	230.218	25,50%	44,14%
Madrid	315.261	34,10%	42,64%
Cataluña	1.147.532	30,76%	42,52%
Aragón	2.345.696	31,60%	41,37%
Navarra	545.524	32,34%	41,32%
Baleares	182.322	22,63%	40,12%
Extremadura	2.585.899	31,32%	37,09%
Castela-A Mancha	4.091.443	29,78%	35,54%
Canarias	55.070	23,86%	34,74%
Asturias	363.179	23,13%	34,28%
Murcia	394.538	24,97%	32,11%
Galicia	647.598	16,78%	29,37%
Andalucía	4.402.760	23,62%	28,99%
Com. Valenciana	657.471	16,78%	21,57%
Total	23.752.612	31,77%	39,01%

Fonte: Censo agrario 2009. Elaboración propia.



b. Análise por provincias

Os gráficos e mapas que recolleemos na Figura 53 e na Figura 54 axudan a precisar a posición de Galicia no contexto español, a partir dos datos a nivel provincial. No que respecta á porcentaxe da SAU en arrendamento, as catro provincias galegas sitúanse entre as once nas que ese índice está por baixo do 20%. Compartindo este grupo con outras sete provincias que teñen en xeral en común unha forte especialización agraria nos cultivos leñosos e/ou unha elevada presión urbana (Bizcaia e Gipuzkoa no País Vasco, Valencia, Alicante, Jaén, Almería e Tenerife).

Esa posición vese algo matizada se tomamos o total da SAU en arrendamento e noutros réximes. Ourense supera aquí o 30% e as outras tres provincias galegas aproxímanse a ese



limiar, abandonando os últimos postos. Pero os seus valores seguen estando por baixo da maioría das provincias españolas, incluídas algunhas cunha estrutura agraria relativamente similar (como Asturias e Cantabria); e a grande distancia dos que encontramos en xeral na metade norte da Península (Figura 54).

Figura 53. Porcentaxe da SAU en arrendamento por provincias 2009



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo agrario 2009

Figura 54. Porcentaxe da SAU en arrendamento ou noutros réximes por provincias 2009



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo agrario 2009.

8.1.2. Análise dos grupos de explotacións segundo a relación co arrendamento

Neste apartado estudamos as características das explotacións considerando diferentes grupos segundo os réximes de tenencia das terras. Partindo do universo das 81.174 explotacións que figuran nos microdatos do Censo agrario 2009, no primeiro punto comparamos aquelas que teñen terras en arrendamento e/ou outros réximes coas explotacións en tenencia directa pura.

Despois diseccionamos con maior detalle o primeiro dos conxuntos, establecendo dúas clasificacións. Por un lado, dividimos ese conxunto en tres grupos, en función do tipo concreto de réximes indirectos: explotacións que teñen só terras en arrendamento en sentido estrito, aquelas só con terras noutros réximes e as que combinan ambos, con independencia nos tres casos de que contén tamén con superficies en propiedade. Na outra clasificación diferenciamos as explotacións en tenencia indirecta pura, con todas as terras en arrendamento e/ou noutros réximes, daquelas que combinan eses réximes con superficies en propiedade.


a. Explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes fronte a aquelas en propiedade pura

Das 81.174 explotacións contabilizadas en Galicia polo Censo agrario de 2009 (ver detalle dos datos no Anexo 9), as que contaban con terras en arrendamento e/ou noutros réximes eran 21.436, o 26,4% do total, pero acumulaban o 53,0% da SAU (343.250 ha). Desta superficie, 108.500 ha eran traballadas en arrendamento e 81.500 noutros réximes, o que fai un total de 190.000 ha en réximes indirectos, o 55,4% da súa SAU. O restante 44,6% correspondía a terras en propiedade (Anexo 10).

A porcentaxe que supoñían esas explotacións sobre o total das censadas variaba moito por estratos de tamaño: partindo de valores inferiores ao 10% naquelas cunha SAU por baixo de 2 ha, esa porcentaxe aumentaba forte e continuamente coa elevación do tamaño ata alcanzar un máximo do 74,7% nas de 50-100 ha, para baixar finalmente ao 60,5% no reducido colectivo das maiores de 100 ha (Anexo 2). Polo tanto, a extensión ou difusión dos réximes de tenencia indirecta (a proporción das explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes) presentaba unha forte correlación positiva co tamaño.

O panorama é bastante diferente no relativo á intensidade dos réximes indirectos nestas explotacións, a porcentaxe da súa SAU que está en arrendamento ou noutros réximes. Os valores deste ratio por estratos de tamaño presentan unha evolución en forma de U suave. O maior predominio da superficie en réximes indirectos dáse nas explotacións máis pequenas (menores de 5 ha) e nas máis grandes (por encima de 50 ha); en tanto que os índices máis baixos encontrámoslos nos estratos intermedios, sobre todo entre 10 e 30 ha. De todos modos, falamos de “U suave” porque as diferenzas por estratos de tamaño son bastante moderadas: o índice oscila entre o 50% o 70% (Figura 55).

Figura 55. Intensidade dos réximes indirectos nas explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes (SAU en A+OR/ SAU total). Datos por estratos de tamaño (ha de SAU); Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Fronte a ese conxunto temos as explotacións en tenencia directa pura, compostas exclusivamente por terras en propiedade: case 60.000 unidades produtivas, preto de 3/4 do total, que suman algo máis de 300.000 ha de SAU, menos da metade do total (Anexo 11).

As principais características deses dous conxuntos están resumidas no Cadro 71. Para facilitar a análise comparada elaboramos ademais a Figura 56; aquí facemos igual a 100 o valor de cada variable ou índice nas explotacións en tenencia directa pura, representando os valores que corresponden a aquelas con terras en arrendamento e/ou noutros réximes.


Cadro 71. Características das explotacións con arrendamento e/ou outros réximes fronte a aquelas en propiedade pura. Galicia 2009

Grupo de explotacións	Nº Explot.	% Explot.	SAU (ha)	SAU media (ha)	Explot. xurid. (%)	PET/SAU (euros)	PET medio (euros)	UTA/SAU
Explot con arrendamento e/ou OR	21.436	26,41%	343.250	16,01	7,64%	2.980	47.715	0,09
Explot con propiedade pura	59.738	73,59%	304.348	5,09	1,86%	3.792	19.319	0,18
Total	81.174	100,00%	647.598	7,98	3,39%	3.362	26.818	0,14

Grupo de explotacións	UTA media	SAU Forraxeira /SAU	SAU Forr. media (ha)	UGM/SAU	UGM media	UGM Bovino /SAU	UGM Bovino medio	Idade Xefe/a Explot (anos)
Explot con arrendamento e/ou OR	1,47	81,54%	13,06	1,67	26,80	1,40	22,40	51,18
Explot con propiedade pura	0,94	66,37%	3,38	2,30	11,71	0,93	4,72	60,26
Total	1,08	74,41%	5,94	1,97	15,70	1,18	9,39	57,86

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Figura 56. Características das explotacións con arrendamento e/ou outros réximes fronte a aquelas en propiedade pura. Galicia 2009 (Índices facendo igual a 100 o valor deste último conxunto)



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Podemos observar que as explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes, en comparación con aquelas en tenencia directa pura, caracterízanse por:

- ✓ Unha dimensión física moito maior: a SAU/explotación é máis de tres veces superior (16,0 fronte a 5,1 ha).
- ✓ Unha maior orientación gandeira no uso desa superficie, reflectida na porcentaxe máis elevada de superficie forraxeira na SAU (81,5% fronte a 66,4%).
- ✓ Unha especialización moito maior no gando bovino, que se plasma tanto no valor máis elevado do ratio UGM de bovino/ ha de SAU como no predominio forte predominio do vacún na cabana gandeira (que non se dá para as explotacións en tenencia directa pura).
- ✓ Esa especialización constátase tamén na distribución por OTE: o primeiro grupo concéntrase na súa inmensa maioría na OTE 4 Herbívoros (85% da SAU); mentres que nas explotacións en tenencia directa pura as orientacións están máis repartidas (50% OTE 4, 22% OTE 1 –cultivos herbáceos-, 10% OTE 8 –cultivos e gandería-) (Anexo 12).
- ✓ O maior tamaño físico acompáñase dunha menor intensidade produtiva por unidade de superficie. Isto dáse sobre todo para o volume de man de obra por hectárea (UTA/ha de SAU), que é nestas explotacións a metade (0,09 UTA fronte a 0,18). Pero tamén se constata para a carga gandeira total, sumando todos os tipos de gando (UGM/SAU). E o

resultado final é un valor algo inferior do valor da produción por hectárea (PET/SAU): ao redor de 3.000 fronte a 3.800 euros.

✓ A maior superficie permite, porén, moito máis que compensar esa menor intensidade produtiva. De tal modo que a produción media por explotación (PET/explotación) alcanza nas unidades con terras en réximes indirectos unha cifra que máis que duplica a daquelas con toda a superficie en propiedade (47.700 fronte a 19.300 euros).


✓ A maior dimensión física e económica vai asociada a dous últimos trazos: un peso moito maior das explotacións con titular persoa xurídica; e o menor envellecemento dos titulares persoa física (a idade media é de 51,2 anos fronte a 60,3).

b. Características das explotacións só con arrendamento, só con outros réximes e con ambos

Centrándonos nas explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes, diferenciamos aquí tres grupos en función do tipo concreto de réximes indirectos: só con arrendamento, só con outros réximes e as que combinan ambos. Os datos básicos destes tres grupos poden verse no Anexo 13. O colectivo máis numeroso é o primeiro, as explotacións que teñen só terras arrendadas (10.976), sendo algo menos as que contan só con superficies noutros réximes (9.185) e moi poucas as que combinan os dous tipos (1.275).

A distribución deses tres grupos por estratos de tamaño aparece recollida na Figura 57. O máis salientable é o contraste que se observa entre o segundo e os outros dous: o recurso só a terras noutros réximes é máis frecuente que o arrendamento nos intervalos de menor dimensión, por baixo de 5 ha de SAU; mentres que a situación invírtese por encima dese limiar e sobre todo nas explotacións maiores de 10 ha, aquelas que viron reforzado o seu peso nas tres últimas décadas.

Figura 57. Número de explotacións con terras arrendadas, noutros réximes e ambos. Datos por estratos de tamaño (ha de SAU); Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.


Os datos básicos e ratios correspondentes a cada un deses tres colectivos poden consultarse no Anexo 14, Anexo 15 e Anexo 16, e unha síntese dos ratios no Cadro 72. Para facilitar a análise comparada representamos estes ratios na Figura 58, onde facemos igual a 100 os valores do primeiro dos grupos, as explotacións que teñen superficies en arrendamento e non noutros réximes.

Cadro 72. Ratios básicos das explotacións con arrendamento, outros réximes e ambos modos de tenencia. Galicia 2009

Grupo	SAU media (ha)	Explot. xuríd. (%)	PET/SAU (euros)	PET medio (euros)	UTA/SAU	UTA media	SAU Forr./SAU	SAU Forr. media (ha)	UGM /SAU	UGM media	UGM Bov. /SAU	UGM Bov. medio	Idade Xefe/a Expl. (anos)
Só terras arrendadas	18,90	10,53%	3.251	61.453	0,08	1,59	84,80%	16,03	1,79	33,93	1,53	28,97	50,24
Só terras en OR	11,36	3,58%	2.457	27.900	0,11	1,29	74,59%	8,47	1,43	16,25	1,13	12,86	52,80
Con terras en A e OR	24,67	12,00%	2.927	72.201	0,07	1,72	83,12%	20,50	1,68	41,46	1,40	34,54	47,68
Total	16,01	7,64%	2.980	47.715	0,09	1,47	81,54%	13,06	1,67	26,80	1,40	22,40	51,18

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Figura 58. Valores comparados dos ratios (explotacións só con A = 100). Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

O panorama xeral que mostran eses datos pode resumirse en dúas notas:

- i. As explotacións que teñen só terras en arrendamento presentan uns ratios bastante similares aos daquelas que contan ademais con superficies noutros réximes. As únicas diferenzas radican en que estas últimas alcanzan unha dimensión media algo superior (tanto en termos de superficie como da cabana gandeira e no valor da produción), e acorde con iso rexistran tamén unha menor idade SAU media dos titulares e unha maior presenza de titulares persoa xurídica.

ii. O contraste máis forte dáse entre os dous grupos anteriores e o das explotacións só con terras noutros réximes. Estas últimas (o segundo grupo) caracterízanse por unha superficie media moito menor, que se acompaña ademais dunha menor intensidade produtiva por unidade de superficie (valor máis baixo da carga gandeira e, ligado a iso, da produción por ha). O que provoca que a súa dimensión económica, a produción por explotación (PET/ explotación), sexa inferior á metade dos outros dous grupos: uns 28.000 euros, fronte a 61.500 nas explotacións con terras en arrendamento e 72.200 naquelas que combinan ambos réximes. Este menor tamaño asóciase con outros dous trazos: unha presenza moito menor das explotacións con titular persoa xurídica e unha maior idade media dos titulares persoa física.

En síntese podemos concluír que, dentro das explotacións con superficies en réximes indirectos, existe unha importante liña divisoria en función do uso ou non do arrendamento en sentido estrito. As unidades que teñen incorporado terras arrendadas son moito máis grandes, e en xeral máis dinámicas, que aquelas que recorren só a superficies noutros réximes. O matiz secundario é que as que combinan terras dun e outro tipo, un colectivo moi minoritario, son, á súa vez, algo máis grandes que as que teñen só superficies arrendadas.

c. Explotacións en tenencia indirecta pura, fronte a aquelas que combinan terras en arrendamento e/ou outros réximes con superficies en propiedade

Neste epígrafe dividimos o conxunto das explotacións con terras en arrendamento e/ou noutros réximes en dous grupos, segundo teñan ou non tamén superficies en propiedade. Deste modo, temos, por un lado, as explotacións en tenencia indirecta pura, con toda a superficie en arrendamento e/ou outros réximes; e, polo outro, aquelas que combinan terras neses réximes e en propiedade (tenencia mixta).

Os datos básicos e ratios correspondentes a estes dous grupos poden consultarse no Anexo 17 e Anexo 18. Unha síntese deses ratios figura no Cadro 73 e está representada graficamente na Figura 59.

Cadro 73. Cadro resumo dos ratios medios. Explotacións puras/mixtas. Galicia 2009

Grupo	SAU media (ha)	Explot. xuríd. (%)	PET/SAU (euros)	PET medio (euros)	UTA/SAU	UTA media	SAU Forr./SAU	SAU Forr. media (ha)	UGM/SAU	UGM media	UGM Bovino /SAU	UGM Bovino medio	Idade Xefe/a Expl (anos)
Explot. Puras	12,56	8,11%	2.844	35.722	0,10	1,29	76,86%	9,66	1,55	19,49	1,25	15,71	48,72
Explot. Mixtas	17,05	7,50%	3.010	51.333	0,09	1,53	82,58%	14,08	1,70	29,01	1,43	24,41	51,93
Total	16,01	7,64%	2.980	47.715	0,09	1,47	81,54%	13,06	1,67	26,80	1,40	22,40	51,18

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.


Dos dous grupos, teñen moita maior importancia as explotacións con réximes mixtos: estas son unhas 16.500 fronte a 5.000 en tenencia indirecta pura, e suman unha SAU máis de 4 veces superior (280.800 ha fronte a 62.400). No que respecta ás súas características, o primeiro a destacar é que as diferenzas entre estes dous colectivos son bastante moderadas, moito menores que as existentes entre os tres grupos analizados no epígrafe anterior. En consecuencia, cabe concluír que o feito de contar ou non con terras en propiedade parece ter menos relevancia,

menor impacto na estrutura das explotacións, que o tipo concreto de réximes indirectos utilizados (arrendamento en sentido estrito fronte a outros réximes de tenencia).

Establecida esa acotación inicial, podemos resumir así as diferenzas (Cadro 73 e Figura 59):

- As explotacións en réximes mixtos teñen unha SAU media claramente superior a aquelas en tenencia indirecta pura: 17,1 fronte a 12,6 ha.
- Iso acompáñase dunha carga gandeira lixeiramente superior, posibilitada en boa medida por unha maior especialización forraxeira nos usos da terra. O que fai que o tamaño en termos de cabana gandeira (tanto o número total de UGM como as UGM de bovino por explotación) supere aínda máis o do grupo en tenencia indirecta pura.
- E o mesmo ocorre para o valor da produción por hectárea (levemente superior nas explotacións mixtas).
- Como resultado final, a dimensión económica destas explotacións multiplica case por 1,5 o daquelas en tenencia indirecta pura (51.300 fronte a 35.700 euros). E a distancia é aínda maior na produtividade por traballador (PET/UTA).
- Tendo en conta todos eses datos, que configuran claramente ás explotacións mixtas como máis sólidas ou fortes no plano económico-productivo, resulta chamativo o que se constata para a idade media dos titulares: esta é claramente menor nas explotacións en tenencia indirecta pura (48,7 fronte a 51,9 anos). Unha posible explicación disto podería ser a presenza neste grupo de titulares mozos instalados recentemente ao fronte da explotación, sen que tivera lugar aínda a transmisión da propiedade das terras da familia; ou, en todo caso, agricultores mozos que carecen de terras propias.

Figura 59. Ratios medios das explotacións en tenencia indirecta pura fronte a aquelas con réximes mixtos. Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.


8.1.3. Importancia do arrendamento segundo a orientación técnico-económica (OTE) das explotacións

Neste apartado examinamos as relacións existentes entre as OTE e o arrendamento, vendo primeiro a situación por OTE xerais e analizando despois con maior detalle os datos referidos á OTE 4 (herbívoros), a de maior peso no agro galego.

a. Análise por OTE xeral

Para contextualizar a análise, comezamos cunha aproximación ao peso que teñen as diferentes OTE en Galicia, considerando tres variables: o número de explotacións, a SAU e o peso económico (PET) (Figura 60). Con respecto ao número de explotacións, a OTE xeral que ten máis relevancia é a 4, que corresponde a aquelas especializadas en herbívoros, onde están o 37% do total; seguida a moita distancia pola 1 (as especializadas en cultivos herbáceos) e a 8 (explotacións mixtas de cultivos e gandería).

Figura 60. Determinación da importancia relativa de cada OTE xeral. Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.


O panorama xeral é relativamente similar no que respecta á distribución da SAU; coa diferenza de que se reforza moito máis o predominio da OTE 4 (que concentra o 68,2% da SAU), mentres que baixa notablemente o peso relativo tanto da OTE 1 como da 8. Entre estas tres orientacións suman case o 90% da superficie agraria.

No relativo ao peso económico (o valor da produción), encontramos de novo un forte predominio da OTE 4. Pero neste caso seguida pola OTE 5 (granívoros), isto é, as explotacións especializadas na gandería sen terras (porcino e aves), que son un número pequeno e contan cunha moi escasa base territorial pero un importante peso económico. As

restantes seis OTE quedan aquí a moita distancia. En síntese, a OTE de maior peso, con gran diferenza, é a 4, seguida moi de lonxe polas orientacións 1 e 8 en canto a número de explotacións e SAU, e pola OTE 5 se o que consideramos é o peso económico.

Imos ver agora a importancia do arrendamento e os outros réximes de tenencia en cada unha desas orientacións, fixándonos especialmente naquelas cun maior peso (Figura 61). A conclusión esencial a destacar é que os datos globais para o agro galego están determinados fundamentalmente polas explotacións da OTE 4, as especializadas en herbívoros e en concreto na gandería bovina; posto que esta OTE, que concentra máis de 2/3 da SAU, é tamén a que rexistra, con diferenza, unha porcentaxe máis elevada tanto de terras en arrendamento como noutros réximes.

Figura 61. Ratios de arrendamento por OTE xeral. Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

En concreto, a porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito supera nas explotacións de herbívoros o 20%. En tanto que nas restantes orientacións ese ratio sitúase en xeral por baixo do 10%, coa única excepción da OTE 5 (que resulta anecdótica pola moi pequena superficie que suma esta, as explotacións de granívoros).

As diferenzas son menos acusadas no peso dos outros réximes de tenencia. Tamén aquí o valor máis elevado corresponde á OTE 4, con preto do 15%. Pero con porcentaxes próximas ou lixeiramente superiores ao 10% encontramos as OTE non especializadas (6 Policultivos, 7 Gandería mixta e 8 Cultivos e gandería) e tamén as especializadas en cultivos herbáceos (OTE 1).

Un aspecto adicional a comentar refírese ao peso comparativo nas diferentes OTE dun e outro tipo de tenencia indirecta (arrendamento versus outros réximes). Segundo a análise realizada anteriormente, o recurso ao arrendamento fronte a outros réximes aparece asociado en xeral a explotacións de maior dimensión e máis profesionais, polo que ten interese fixarse no panorama por orientacións produtivas. Pois ben, o que observamos nos datos é que a SAU en arrendamento só supera a traballada noutros réximes en catro OTE: 4 (herbívoros), 5 (granívoros), 2 (horticultura) e 3 (cultivos permanentes). Mentres que o contrario ocorre

(teñen maior peso as terras noutros réximes) nas explotacións especializadas en cultivos herbáceos (OTE 1) e nas non especializadas (OTE 6, 7 e 8) (Figura 61).

b. Análise específica da OTE xeral 4 (herbívoros)

Ao igual que fixeramos no capítulo 7 realizaremos tres tipos de análises para esta OTE xeral, unha análise segundo orientacións principais, outra contemplando o tamaño físico das explotacións, e por fin unha terceira atendendo á implantación territorial. Esta orientación ten moita vocación arrendataria, tanto o ratio de arrendamento en sentido estrito A/SAU como en sentido amplo (A+OR)/SAU son superiores ao conxunto de todas as explotacións. Esta OTE, dado o seu peso, fai que todas as demais orientacións xerais teñan unha ratio inferior á media.

Datos máis detallados por orientacións produtivas (OTE principais)

Existen catro OTE principais, a 45 Bovinos de leite; 46 Bovinos de carne e cría de bovinos (explotacións especializadas no vacún de carne); 47 Bovinos de carne e leite e cría de bovinos (orientación mixta leite-carne); e 48 Ovinos, caprinos e outros herbívoros. As catro orientacións teñen presenza en Galicia, se ben dúas delas, as orientacións 45 e 46 teñen unha importancia moito maior, tanto en número de explotacións, como en SAU, como en PET totais (Cadro 74). O ratio de arrendamento, en sentido estrito máis alto o ten a OTE 45 con explotacións cunha SAU media máis elevada e cun PET medio moi superior ás demais orientacións, son unidades máis profesionais. O ratio máis alto en sentido amplo o ten a orientación 48.

Cadro 74. Situación OTE Xeral 4 segundo as súas OTE principais. Galicia 2009

OTE	Nº de explot.	SAU (ha)	SAU media (ha)	PET (euros)	PET/SAU (euros)	PET medio (euros)	SAU Arrend. (ha)	SAU Outros réximes (ha)	SAU A/SAU	SAU (A+OR)/SAU
45	12.623	214.292	16,98	951.253.509	4.439	75.359	49.851	26.919	23,26%	35,83%
46	12.867	179.518	13,95	205.703.789	1.146	15.987	35.049	28.645	19,52%	35,48%
47	1.520	22.770	14,98	54.093.521	2.376	35.588	4.133	3.672	18,15%	34,27%
48	3.350	25.254	7,54	23.173.686	918	6.918	4.632	4.754	18,34%	37,16%
Total	30.360	441.834	14,55	1.234.224.506	2.793	40.653	93.665	63.989	21,20%	35,68%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Peso do arrendamento segundo o tamaño físico das explotacións

O groso do número de explotacións desta orientación concéntrase nos tramos entre 2 e 20 ha, especialmente as que teñen un tamaño entre as 5 e 20 ha. O PET medio medra en todos os tramos desde o das explotacións de 1 a 2 ha ata as que superan as 100 ha nas que acada os 232.000 euros. Os ratios de arrendamento medran de forma continuada conforme crece o tamaño das explotacións (Cadro 75).



Se comparamos, dunha parte, a curva de arrendamento, en sentido estrito e amplo, do conxunto de todas as explotacións e, por outra, as do grupo da OTE 4, en todos os tramos a curva da orientación 4 está por riba, destacando no caso das explotacións de maior tamaño. Esta orientación é a que dispón da maior proporción de terra arrendada, e supera a media en todos os tramos de tamaño, especialmente no ratio de arrendamento estrito (Figura 62).

Cadro 75. Situación OTE Xeral 4 por tamaño de explotación. Galicia 2009

Tamaño SAU (ha)	Nº de explot.	SAU (ha)	SAU media (ha)	PET (euros)	PET/SAU (euros)	PET medio (euros)	SAU Arrend. (ha)	SAU Outros réximes (ha)	SAU A/SAU	SAU (A+OR)/SAU
<1	3.226	702	0,22	37.574.183	53.527	11.647	31	52	4,38%	11,73%
1 a <2	1.990	2.688	1,35	18.074.165	6.723	9.082	128	231	4,78%	13,38%
2 a <5	4.664	15.737	3,37	52.989.385	3.367	11.361	1.288	1.909	8,18%	20,31%
5 a <10	5.850	42.526	7,27	125.939.881	2.961	21.528	4.635	5.783	10,90%	24,50%
10 a <20	7.311	104.246	14,26	312.955.292	3.002	42.806	15.702	13.629	15,06%	28,14%
20 a <30	3.586	86.515	24,13	244.766.113	2.829	68.256	17.641	12.470	20,39%	34,80%
30 a <50	2.525	94.788	37,54	251.068.475	2.649	99.433	25.029	14.308	26,41%	41,50%
50 a <100	1.037	67.033	64,64	151.124.119	2.254	145.732	20.837	10.473	31,09%	46,71%
>=100	171	27.598	161,39	39.732.892	1.440	232.356	8.374	5.133	30,34%	48,94%
Total	30.360	441.834	14,55	1.234.224.506	2.793	40.653	93.665	63.989	21,20%	35,68%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Figura 62. Comparativa ratio de arrendamento global e OTE 4 segundo tamaño da explotación (ha de SAU); Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Diferenzas provinciais

A maior presenza desta orientación, en canto a número de explotacións dáse nas provincias de A Coruña e Lugo, en canto a SAU, destaca a provincia de Lugo, xa que ao maior número de explotacións hai que engadir unha maior superficie media, nas outras dúas provincias o número é moito menor, pero destaca, en canto a superficie media por explotación o dato de Ourense (Cadro 76). A implantación desta orientación é moi superior no norte de Galicia. Con todo, os ratios de arrendamento son moito maiores na provincia de Ourense acadando case o 50% no caso de considerar o total da tenencia indirecta.

Cadro 76. Situación OTE Xeral 4 por provincias. Galicia 2009

Provincia	Nº de explotación.	SAU (ha)	SAU media (ha)	PET (euros)	PET/SAU (euros)	PET medio (euros)	SAU Arrend. (ha)	SAU Outros réximes (ha)	SAU A/SAU	SAU (A+OR)/SAU
A Coruña	11.185	131.359	11,74	491.324.992	3.740	43.927	27.586	19.431	21,00%	35,79%
Lugo	12.811	226.661	17,69	557.707.078	2.461	43.533	47.292	27.367	20,86%	32,94%
Ourense	2.095	41.523	19,82	49.973.202	1.204	23.854	12.925	7.519	31,13%	49,24%
Pontevedra	4.269	42.292	9,91	135.219.235	3.197	31.675	5.862	9.673	13,86%	36,73%
Galicia	30.360	441.834	14,55	1.234.224.506	2.793	40.653	93.665	63.989	21,20%	35,68%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

c. Conclusións

A OTE xeral máis importante en Galicia en 2009 é, sen lugar a dúbidas, a orientación 4 de herbívoros. É así mesmo a orientación que ten uns ratios de arrendamento máis elevados, especialmente en arrendamento en sentido estrito. Dentro dela, as orientacións principais máis importantes son a 45 Bovinos de leite e a 46 Bovinos de carne e cría de bovinos. En todos os tramos de tamaño físico da explotación superan a media de ratio de arrendamento para o conxunto das explotacións, sexa en sentido estrito, ou amplo, e a súa principal implantación está no norte de Galicia, nas provincias de A Coruña e Lugo.

8.1.4. O arrendamento segundo o tamaño físico das explotacións


O arrendamento xogou en España un papel moi importante como vía de mobilidade da terra e redimensionamento das explotacións no período 1962-1999. Perde peso en todos os tramos de explotacións con superficies inferiores a 30 ha, mentres que o gaña nas unidades que superan esa cifra. Pola súa parte, o ratio da aparcería diminúe en todos os tamaños de explotacións. É destacable o incremento do arrendamento nas medianas e grandes explotacións nos anos 1990, moi superior ao das décadas anteriores (ver Cadro 77 e Figura 63 que son reproducións de Arnalte e López Iglesias (2002)).

Cadro 77. Porcentaxe da superficie total en arrendamento e en aparcería segundo o tamaño das explotacións. España 1962-1999

Tamaño superficie total (has.)	Arrendamiento				Aparcería			
	1962	1982	1989	1999	1962	1982	1989	1999
0,1 a 0,2	23,9	6,2	3,2	2,4	3,1	0,8	0,4	0,3
0,2 a 0,5	17,7	5,3	3,1	2,5	5,3	0,8	0,5	0,5
0,5 a 1	14,1	5,7	3,5	3,1	6,8	1,3	0,7	0,5
1 a 2	13,8	6,2	4,5	4,1	6,5	1,4	0,9	0,6
2 a 3	13,9	7,1	5,3	4,9	7,5	1,6	1,0	0,7
3 a 4	14,1	8,1	6,4	6,0	8,4	1,9	1,2	0,8
4 a 5	14,0	9,0	7,3	6,7	9,5	2,1	1,4	0,9
5 a 10	14,7	10,8	9,5	9,2	11,5	2,6	1,9	1,1
10 a 20	17,9	14,2	13,6	14,3	12,4	3,6	3,0	1,7
20 a 30	20,8	18,6	18,5	20,3	13,0	5,2	4,3	2,4
30 a 50	20,1	23,4	24,3	26,4	12,4	6,4	6,0	3,2
50 a 70	18,5	26,4	27,2	32,8	11,8	7,5	7,2	4,0
70 a 100	16,9	26,2	27,5	35,4	12,0	8,4	8,6	4,5
100 a 150	15,6	24,0	24,9	36,5	10,9	7,9	7,9	5,2
150 a 200	15,2	21,8	21,9	34,9	8,5	7,2	6,6	4,5
200 a 300	14,5	17,2	17,7	29,9	7,3	5,0	4,5	3,8
300 a 500	13,3	14,2	13,8	24,0	4,6	2,6	2,5	2,1
500 a 1000	9,5	10,5	9,6	16,7	2,9	1,3	1,1	0,9
1000 y más	3,2	2,9	3,6	6,2	1,9	0,2	0,2	0,3
TOTAL	12,3	13,2	13,1	18,8	7,3	3,3	3,0	2,0

Fuente: Elaboración propia a partir de INE, Censos agrarios.

Figura 63. Porcentaxe da superficie total en arrendamento segundo o tamaño das explotacións. España 1962-1999



Xa centrados nos datos referentes a Galicia en 2009 (Cadro 78). O comportamento dos dous ratios considerados (A/SAU e (A+OR)/SAU) é semellante, a partir do segundo tramo a tendencia do peso do arrendamento ao medrar a superficie da explotación é crecente. Do comportamento destes dous índices podemos deducir que a tenencia de outros réximes ten máis importancia ata as explotacións de 10 ha para logo ser superada polo arrendamento. Probablemente as explotacións máis “profesionais” tenden a formalizar a situación das terras e por iso figuran como arrendadas, con contrato. En gran medida, o axuste estrutural realizouse por vía de incorporar terras en arrendamento á explotación, o que fai que as unidades que teñen maior tamaño tamén teñan maior proporción de terras neste réxime.

Como matización, podemos observar (Cadro 78) que o valor do ratio de arrendamento ten unha caída significativa entre o penúltimo e o último tramo. Analizando isto (Cadro 79) comprobamos que a OTE xeral 4, que é a que “tira” en gran medida do arrendamento está, con respecto á SAU total do tramo de explotacións con SAU maior ou igual a 100 ha, infrarrepresentada (57,7%), máis de dez puntos porcentuais por debaixo da media global do conxunto das explotacións (68,2%). Mentres que a orientación 1, con moita menor presenza do arrendamento, ten unha representación que case triplica a global. Sendo esa especialización a que pode explicar en parte o menor peso do arrendamento neste estrato superior.

Cadro 78. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño da explotación. Galicia 2009

Tamaño SAU (ha)	SAU (ha)	SAU A (ha)	SAU OR (ha)	SAU A+OR (ha)	A/SAU	OR/SAU	(A+OR)/SAU
<1	3.887	115	257	372	2,96%	6,61%	9,58%
1 a <2	29.082	508	1.410	1.918	1,75%	4,85%	6,60%
2 a <5	56.928	2.593	4.784	7.377	4,55%	8,40%	12,96%
5 a <10	79.184	6.611	8.866	15.477	8,35%	11,20%	19,55%
10 a <20	137.601	18.316	16.704	35.020	13,31%	12,14%	25,45%
20 a <30	102.734	19.996	14.323	34.318	19,46%	13,94%	33,41%
30 a <50	109.343	27.809	16.262	44.071	25,43%	14,87%	40,31%
50 a <100	80.993	23.282	11.942	35.224	28,75%	14,74%	43,49%
>=100	47.846	9.468	6.967	16.435	19,79%	14,56%	34,35%
Total	647.598	108.699	81.515	190.214	16,78%	12,59%	29,37%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Cadro 79. Análise do tramo de explotacións de 100 ha ou máis. Galicia 2009

OTE xeral	Número de explotacións	SAU (ha)	Nº de explotacións sobre total tramo	SAU sobre total	Arrendamento/SAU	(A+OR)/SAU
1	60	16.296	23,26%	34,06%	1,98%	9,10%
2	1	109	0,39%	0,23%	0,00%	0,00%
3	5	839	1,94%	1,75%	0,00%	0,00%
4	171	27.598	66,28%	57,68%	30,34%	48,94%
5	2	289	0,78%	0,60%	70,98%	79,71%
6	5	825	1,94%	1,72%	0,00%	41,27%
7	5	660	1,94%	1,38%	45,93%	61,49%
8	9	1.229	3,49%	2,57%	21,41%	38,13%
Total	258	47.846	100,00%	100,00%	19,79%	34,35%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

8.1.5. O arrendamento segundo a dimensión económica das explotacións

O que se constata por estratos de dimensión física reproducése tamén por intervalos de dimensión económica. Partindo de valores moi baixos (inferiores ao 2%) nas explotacións máis pequenas, a porcentaxe da SAU en arrendamento ascende de forma constante a medida que se eleva o tamaño económico, ata superar o 30% naquelas cunha produción anual superior a 250.000 euros, alcanzando o 41,6% nas do tramo de 750.000 a 1 millón de euros. O único matiz a esa correlación encontrámolo nas explotacións que superan o millón de euros, onde ese ratio cae de forma brusca.

O mesmo comportamento en liñas xerais conséntase para o total da superficie en arrendamento e noutros réximes: o seu peso relativo aumenta de forma continua co tamaño, ata alcanzar un máximo do 54,4% nas explotacións cunha produción anual de 750.000 a 1 millón de euros (Cadro 80).

Cadro 80. Peso do arrendamento e outros réximes segundo o tamaño económico da explotación. Galicia 2009

PET	Número de explotacións	SAU (ha)	Arrendamento/SAU	(A+OR)/SAU
<1.000	11.532	25.533	1,48%	4,34%
1.000 a <1.500	5.112	10.197	1,31%	6,40%
1.500 a <2.000	4.931	9.613	2,86%	9,54%
2.000 a <4.000	15.273	37.381	3,44%	10,47%
4.000 a <6.000	8.769	31.375	5,79%	16,45%
6.000 a <8.000	5.303	27.136	6,02%	19,24%
8.000 a <10.000	3.359	22.464	7,90%	20,71%
10.000 a <15.000	5.322	50.348	10,87%	23,27%
15.000 a <25.000	5.244	71.879	14,56%	29,67%
25.000 a <50.000	5.962	98.812	19,82%	35,40%
50.000 a <100.000	5.415	115.452	22,96%	36,85%
100.000 a <250.000	3.683	105.741	25,17%	39,27%
250.000 a <500.000	882	30.776	30,90%	39,42%
500.000 a <750.000	206	6.185	31,98%	44,60%
750.000 a <1.000.000	81	2.164	41,63%	54,42%
1.000.000 a <1.500.000	56	1.447	25,70%	26,67%
1.500.000 a <3.000.000	31	178	0,00%	26,29%
>=3.000.000	13	917	0,00%	0,00%
Total	81.174	647.598	16,78%	29,37%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Aínda que sexa un feito case anecdótico, imos tratar de esclarecer a fortísima caída dos ratios de arrendamento nos últimos tramos, os que superan o millón de euros de PET (Cadro 81). Debemos ter en conta que suman só 100 explotacións e 2.542 ha, é dicir, un 0,1% das explotacións e un 0,4% da SAU, o que nos da unha idea da pouca representatividade do conxunto destas unidades. Pois ben, a OTE 4, que é a que ten ratios máis altos de arrendamento, está moi pouco representada neste conxunto, en total supoñen unicamente cinco explotacións. Isto pode explicar, aínda que sexa parcialmente, a baixada do ratio de arrendamento.

Cadro 81. Peso do arrendamento e outros réximes nas explotacións cunha produción anual superior a 1 millón de euros. Galicia 2009

OTE xeral	Número de explotacións	PET (euros)	SAU (ha)	A/SAU	(A+OR)/SAU
1	1	3.120.449	845	0,00%	0,00%
2	12	17.350.621	302	25,86%	30,54%
3	2	2.206.176	402	18,12%	18,12%
4	5	12.252.827	509	28,26%	28,26%
5	80	153.346.311	484	15,91%	25,58%
Total	100	188.276.385	2.542	14,63%	17,03%

Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.


Como conclusión podemos dicir que existe unha forte correlación positiva entre o peso do arrendamento e o tamaño económico das explotacións, só desvanecido nas explotacións cun PET superior ao millón de euros, pola presenza nelas de orientacións técnico económicas menos propensas á utilización do arrendamento e, en concreto, cunha presenza moi escasa da OTE xeral 4, que é, en termos globais, a que ten maiores ratios de arrendamento.

8.1.6. Implantación territorial do arrendamento; datos a nivel municipal

Como vimos no capítulo anterior, a nivel provincial a maior porcentaxe de SAU en arrendamento sobre SAU total localízase en Ourense (19,6%), en liña coa media de Galicia atopamos as provincias de A Coruña e Lugo, cun 16,8% e 17,4% respectivamente, e cun dato claramente inferior Pontevedra (10,8%). Para o conxunto dos réximes indirectos a situación é similar, pero Pontevedra acércase á media. Dispoñemos dos datos básicos por concellos e provincias no Anexo 19.

Se descendemos a un nivel máis desagregado de análise, considerando como unidade non a provincia senón o concello, na Figura 64 podemos contemplar a implantación a ese nivel. O ratio utilizado o definimos como a porcentaxe da SAU arrendada (A ou A+OR) sobre a SAU total do concello. A maior presenza do arrendamento a temos no interior e norte da provincia da Coruña, en Lugo nas comarcas de As Mariñas, Terra Cha e zonas gandeiras da metade sur da provincia, en Pontevedra no nordeste (O Deza) e por fin, en grande parte de Ourense, agás a zona do Ribeiro no que os cultivos permanentes teñen grande presenza. O conxunto da tenencia indirecta ten unha implantación similar, un pouco máis acentuada na Limia e Baixa Limia.


Figura 64. Porcentaxe da SAU en arrendamento e en A+OR por concellos, 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

Para rematar este apartado fixaremos a nosa atención na distribución territorial das explotacións que temos definidas como puras, con todas as terras en réximes indirectos, e as mixtas, aquelas que ademais teñen terras en réxime directo. Na Figura 65 podemos observar a implantación territorial que ten cada un dos dous conxuntos considerados, estimándoo como a porcentaxe da SAU en arrendamento e/ou OR de cada un dos grupos, sobre a SAU total do concello. A distribución é semellante. Están máis presentes nas provincias setentrionais, nordés de Pontevedra e a provincia de Ourense, agás a zona do ribeiro. O réxime mixto é especialmente escaso na provincia de Pontevedra, agás no nordés.

Figura 65. Porcentaxe de SAU en A e OR das explotacións réxime puro (sen terras en propiedade) ou mixto (con propiedade) por concello. Galicia 2009



Fonte: Microdatos do Censo agrario 2009. Elaboración propia.

8.2. CONSTRUCCIÓN DUN MODELO ECONOMÉTRICO QUE EXPLIQUE O COMPORTAMENTO DA VARIABLE ARRENDAMENTO

Realizamos unha análise sobre as explotacións con terras para avaliar a influencia do tamaño da explotación (SAU, UGM, UTA, PET) e idade da/o titular sobre: a) a probabilidade de que a explotación recorra a algunha forma de arrendamento; e b) a importancia relativa da SAU en arrendamento respecto da SAU total da explotación. Para este fin recorreremos a dous modelos estatísticos axustados sobre os valores de explotacións individuais presentes nos microdatos do Censo Agrario de 2009.


Para avaliar a probabilidade de recorrer a algunha forma de arrendamento empregamos un modelo loxístico sobre o conxunto de explotacións con terras (SAU maior que 0 ha; 79.481 explotacións en total). Un modelo loxístico é unha variante de modelo lineal xeneralizado no que a variable resposta toma os valores posibles “verdadeiro” ou “falso” (a explotación ten terras en arrendamento, ou non). O modelo avalía, por tanto, como varía a probabilidade de que a variable resposta cambie de estado (de verdadeiro a falso, ou ao revés) en función dos valores que toman unha ou varias variables independentes.

Por outra parte, para avaliar a importancia relativa da SAU en arrendamento respecto da SAU total da explotación empregamos un modelo de regresión beta, útil cando a variable dependente é numérica pero varía dentro do intervalo [0, 1] (a proporción de terras en arrendamento sobre o total). En ámbolos dous casos, o axuste dos modelos foi realizado coa axuda da linguaxe de análise estatística R (R Core Team, 2018), coa adición do paquete betareg (Cribari-Neto e Zeileis, 2010) no caso da regresión beta.

Como variables explicativas (independentes) a utilizar en ambos modelos consideramos inicialmente as seguintes: SAU total (ha), SAU forraxeira (ha), UGM, UGM bovino, UTA, PET, Idade titular. Coa excepción desta última, tódalas restantes variables presentan no seu estado orixinal unha forte asimetría positiva (moitas explotacións presentan valores baixos, e só unhas poucas presentan valores moi altos), motivo polo que foron sometidas a unha transformación logarítmica previa para mellorar o axuste. Unha análise inicial de correlación entre elas permitiu detectar, como sería esperable, unha correlación moi forte entre SAU e SAU forraxeira ($r = 0,70$) e entre UGM e UGM bovino ($r = 0,80$). Para reducir o grao de multicolinearidade no axuste dos dous modelos decidimos eliminar unha das variables de cada par mencionado, de xeito que o conxunto de variables explicativas a nivel de explotación individual que foi finalmente utilizado é: SAU total (ha), UGM, UTA, PET, Idade titular.

Unha exploración gráfica inicial (Figura 66) permite apreciar que tódalas variables explicativas utilizadas mostran unha relación plausible coa probabilidade de utilizar arrendamento e, en menor medida, coa probabilidade de recorrer a outras figuras. Nos gráficos apréciase como a relación é positiva en tódolos casos (a probabilidade de utilizar arrendamento aumenta ao aumentar os valores das variables explicativas) excepto no caso da idade da/o titular da explotación. O resultado dos modelos loxísticos axustados (Cadro 82) confirma esta idea e permite introducir algunha consideración adicional: en comparación coa OTE 4, a probabilidade de recorrer a arrendamento en sentido estrito é menor en todas as demais especializacións, coa excepción da OTE 9, na que é similar. No caso doutros réximes de tenencia, a probabilidade sería menor que na OTE 4 en todas as demais menos nas OTE 7 e 8.

Figura 66. Relación entre a probabilidade de utilizar arrendamento en sentido estrito (columna da esquerda) ou outras figuras de arrendamento (columna da dereita) e o conxunto de cinco variables explicativas seleccionadas. Elab. propia a partir dos microdatos do Censo agrario de 2009



Cadro 82. Coeficientes axustados para os modelos de regresión loxística. Os valores dos coeficientes para os diferentes niveis de OTE teñen como referencia á OTE 4

<i>Variable dependente:</i>		
	arrendamento (1)	Outros réximes (2)
log(sau_ha)	0.327 ^{***} (0.013)	0.185 ^{***} (0.011)
log(ugm + 0.1)	0.068 ^{***} (0.017)	-0.021 (0.015)
log(uta)	0.250 ^{***} (0.017)	0.202 ^{***} (0.017)
log(PET + 1)	0.333 ^{***} (0.016)	0.064 ^{***} (0.014)
Idade	-0.024 ^{***} (0.001)	-0.028 ^{***} (0.001)
OTE1	-0.416 ^{***} (0.071)	-0.422 ^{***} (0.059)
OTE2	-0.529 ^{***} (0.105)	-0.380 ^{***} (0.088)
OTE3	-1.258 ^{***} (0.107)	-0.649 ^{***} (0.082)
OTE5	-1.481 ^{***} (0.098)	-0.745 ^{***} (0.084)
OTE6	-1.146 ^{***} (0.087)	-0.394 ^{***} (0.063)
OTE7	-0.128 ^{**} (0.050)	0.052 (0.046)
OTE8	-0.316 ^{***} (0.043)	-0.022 (0.038)
OTE9	0.460 (0.589)	-1.293 ^{***} (0.348)
Constant	-5.611 ^{***} (0.173)	-2.350 ^{***} (0.151)
Observacións	74,796	74,796
Log Likelihood	-24,535.170	-27,419.310
Akaike Inf. Crit.	49,096.350	54,864.620

Notas: * p<0.1; ** p<0.05; *** p<0.01
 Valores positivos do coeficiente indican unha relación directa entre a variable e a probabilidade de utilizar arrendamento.
 O valor entre parénteses indica o erro estándar asociado á estimación de cada coeficiente.

Respecto da importancia relativa das diferentes formas de arrendamento na SAU total de cada explotación, unha primeira exploración gráfica (Figura 67) permite apreciar como a relación coas variables seleccionadas é, en xeral, débil. É dicir, en calquera das combinacións de variables as liñas de tendencia axustadas (local en liña continua, lineal en liña de trazos) suxiren a existencia de relacións a pesar de que existen explotacións con combinacións moi diversas das variables explicativas e importancia relativa do arrendamento.

A pesar de ser relacións débiles, os modelos beta axustados (Cadro 83) proporcionan resultados na liña do que poderíamos esperar. En xeral, tódalas variables explicativas relacionadas coa dimensión (SAU, PET, UTA, UGM) mostran unha relación cuadrática coa intensidade do arrendamento en sentido estrito. Esta relación é positiva en todos os casos (a importancia do arrendamento decrece nos primeiros rangos da variable para volver crecer cara o final) a excepción da variable UTA, na que é negativa. A idade do titular tamén actúa de


maneira negativa sobre o arrendamento en sentido estrito. As OTE 6, 7 e 9 mostran unha menor intensidade de arrendamento respecto da OTE 4 (utilizada como referencia), a OTE 2 maior, e as 1, 3, 5 e 8 non son significativamente diferentes da OTE 4.

Respecto dos outros réximes de tenencia, o modelo non identifica relacións cuadráticas en ningún caso. As variables relacionadas coa dimensión da explotación mostran unha relación lineal negativa coa intensidade de outros réximes, coa excepción da variable PET, que non mostra relación significativa. A idade do titular tamén mostra unha relación negativa. Respecto da OTE, todas mostran menos intensidade de outros réximes que a OTE 4, a excepción das 5 e 9, que non mostran diferencias significativas.

A utilización de modelos distintos para estudar a probabilidade (extensión) de que unha explotación utilice o arrendamento (ou outros réximes) e para estudar a importancia que este ten en termos de área, unha vez que sabemos que o utiliza (intensidade), achéganos as seguintes conclusións:

1. Dos modelos loxísticos despréndese que canto maior sexa a dimensión da explotación (en termos de SAU total, PET, UTA, ou UGM), maior é a probabilidade de que utilice algunha forma de arrendamento ou outras fórmulas de cesión. O mesmo é certo cando a idade dos titulares é menor. En xeral, as explotacións da OTE 4 recorren ao arrendamento con maior probabilidade que o resto de especializacións.
2. Os modelos beta empregados na segunda parte suxiren que a relación entre a dimensión da explotación e a importancia relativa do arrendamento en sentido estrito ten unha forma de U: decrece ao pasar de dimensións pequenas ás intermedias, pero volve crecer cando a dimensión se fai moi grande. A relación da dimensión con outros réximes de tenencia, polo contrario, parece lineal e negativa: canto maior é a dimensión, menor é a presenza de outros réximes. A influencia da idade do titular é igual en ambos casos: tanto arrendamento estrito como outros réximes teñen menor importancia en explotacións con titulares de máis idade. Finalmente, a importancia do arrendamento entre as diferentes especializacións varía, pero en xeral os modelos confirman que todas as especializacións teñen niveis de arrendamento estrito ou outros réximes iguais ou inferiores á OTE 4, coa única excepción da OTE 2 nos casos de arrendamento en sentido estrito.

Figura 67. Relación entre a importancia relativa do arrendamento en sentido estrito (columna da esquerda) ou outras figuras de arrendamento (columna da dereita) respecto do total da SAU de cada explotación e o conxunto de cinco variables explicativas seleccionadas. A liña de trazos corresponde a un axuste lineal e a liña de continua corresponde a un axuste local (co intervalo de confianza ao 95% sinalado como unha área gris). Elab. propia a partir dos microdatos do Censo agrario de 2009.



Cadro 83. Coeficientes axustados nos modelos beta para a importancia relativa do arrendamento en sentido estrito e outros réximes de arrendamento sobre a SAU total de cada explotación. Os valores dos coeficientes para os diferentes niveis de OTE teñen como referencia á OTE 4

	<i>Variable dependente</i>	
	Ratio arrendamento (1)	Ratio outros réximes (2)
logSAU	-0.229*** (0.021)	-0.144*** (0.020)
logSAU2	0.048*** (0.005)	0.007 (0.005)
logUGM	-0.178*** (0.021)	-0.072*** (0.018)
logUGM2	0.023*** (0.005)	0.0003 (0.005)
logUTA	0.145 (0.104)	-0.263** (0.113)
logUTA2	-0.019** (0.008)	0.009 (0.009)
logPET	-0.327*** (0.094)	-0.008 (0.089)
logPET2	0.013*** (0.005)	-0.002 (0.005)
Idade	-0.018*** (0.001)	-0.023*** (0.001)
OTE1	-0.059 (0.083)	-0.201*** (0.070)
OTE2	0.213* (0.120)	-0.257** (0.102)
OTE3	0.061 (0.124)	-0.222** (0.094)
OTE5	0.143 (0.104)	0.007 (0.101)
OTE6	-0.303*** (0.097)	-0.249*** (0.069)
OTE7	-0.185*** (0.052)	-0.177*** (0.051)
OTE8	-0.074 (0.045)	-0.173*** (0.042)
OTE9	-1.336* (0.783)	-0.656 (0.560)
Observacións	12,251	10,460
R ²	0.087	0.100
Log Likelihood	1,956.609	9,188.535

Notas:

*p<0.1; **p<0.05; ***p<0.01



CONCLUSIONES





O obxectivo desta investigación foi o estudo do papel do arrendamento na dinámica das estruturas agrarias en Galicia e, de forma máis concreta, a análise do rol do arrendamento na ampliación da superficie das explotacións, como mecanismo de mobilidade da terra. O período considerado comprende desde mediados do século XX ata a actualidade, pero poñendo o foco especialmente nas décadas máis recentes, a partir da integración europea. Para estas décadas puidemos utilizar unha base estatística con moito potencial para unha análise detallada, como son os microdatos homoxeneizados dos catro últimos censos agrarios, que cubren o período 1982-2009. A continuación tratamos de resumir as principais conclusións obtidas.

1. Marco conceptual: axuste estrutural e mobilidade da terra

Na agricultura dos países desenvolvidos as unidades produtivas (as explotacións) vense forzadas a un continuado proceso de adaptación ou axuste ás cambiantes condicións dos mercados agrarios, ás regulacións que introduce a política agraria e ás esixencias de incorporar progreso técnico. É o denominado axuste agrario. Cando ten efectos estruturais, provoca un cambio caracterizado pola redución do número de explotacións e o incremento do tamaño das que se manteñen, estamos ante un proceso de axuste estrutural (Arnalte, 2006). Este proceso implica a desaparición das explotacións de menor tamaño e o incremento da superficie media do conxunto das explotacións activas. As diferentes formas de mobilidade da terra, entre as que se encontra o arrendamento, constitúen mecanismos e condicionantes esenciais desa reestruturación. Eses cambios teñen lugar nun contexto caracterizado pola perda continua de peso relativo do sector agrario no conxunto da economía, que leva a unha acelerada diminución da man de obra neste sector.

Se o que se persegue é, prioritariamente, incrementar a competitividade das unidades produtivas, a desaparición de explotacións e o crecemento da dimensión das que se manteñen é valorada positivamente. Se, polo contrario, o proceso se analiza desde os novos paradigmas, máis atentos aos problemas de sustentabilidade do desenvolvemento agrícola e de conservación do espazo rural, as valoracións poden chegar a ser opostas.

A adopción de innovacións tecnolóxicas e as economías de escala foron factores clave no crecemento das explotacións e na concentración gradual da produción nas de maior tamaño. Para que o proceso de axuste estrutural sexa efectivo fai falla que os mercados da terra agrícola (en compravenda ou en arrendamento) cumpran a súa función teórica de asignar ese factor produtivo cara a explotacións agrarias onde alcance maior produtividade. Os mercados de terras en arrendamento son, en xeral, máis eficientes na asignación das terras. Os prezos de compravenda son percibidos como moi elevados e é o arrendamento o mecanismo de transferencia preferido. Podemos considerar como obstáculos á mobilidade de terras os que operan do lado da demanda e os que o fan do lado da oferta. O principal limitante posible da demanda de terras para a súa mobilización produtiva é a ausencia dun sector agrario dinámico. Ese colectivo estaría constituído por explotacións con titulares novos, con certa dimensión económica e para as que a terra é un factor produtivo central. A demanda incrementase co tamaño e grao de intensificación, representado pola carga gandeira. Polo lado da oferta, destacan como posibles freos ou obstáculos a concorrencia dos usos urbanos, a concorrencia dos usos forestais e o atractivo da terra en tanto que activo ou elemento do patrimonio. Por fin, diversas friccións dificultan que a oferta e a demanda, aínda existentes, se materialicen nun intercambio. Estes custos de transacción poderían ser de información, negociación e/ou garantía.

Desde a perspectiva do papel do arrendamento na reestruturación das explotacións, hai que considerar diferentes funcións que pode cumprir o arrendamento. En primeiro lugar teríamos o arrendamento simple, con explotacións exclusivamente en arrendamento, modelo que no contexto español encontramos historicamente, por exemplo, nas provincias andaluzas e estremeñas, nas que o arrendamento constituía unha vía de mobilidade social para os xornaleiros sen terra. Doutra parte, está o arrendamento mixto (con parte da terra en propiedade e parte en arrendamento), asentado por exemplo en España nas provincias castelán-leonesas, onde o arrendamento sería unha forma de incrementar o tamaño das explotacións dos pequenos e medianos propietarios. Esta segunda función do arrendamento é a que prevalece nas agriculturas europeas desde a segunda metade do século XX. Diante da rixidez existente no mercado de compravenda de terras, é fundamentalmente a través do arrendamento como se produce o axuste estrutural, e a conseguinte ampliación do tamaño das explotacións.

2. As estruturas agrarias en Galicia; o inicio do proceso de axuste estrutural

O sistema agrario que estaba configurado en Galicia a finais do Antigo Réxime caracterizábase pola reducida proporción da superficie total que ocupaban as terras cultivadas e os prados (o que nas estatísticas actuais se coñece como Superficie Agraria Utilizada, SAU) e o forte predominio das terras de monte. Así, a mediados do século XVIII pode estimarse que a superficie utilizada de forma continuada para cultivos e prados supoñía só o 25% do territorio, mentres que o 75% restante estaba ocupado polo monte. O espazo agrario estaba dividido nun elevado número de explotacións, en xeral de reducida dimensión e cunha forte fragmentación parcelaria; en tanto que a grande maioría das terras de monte correspondían a montes comúns. O monte cumpría funcións esenciais para a reprodución e o funcionamento das explotacións agrarias: extensión temporal do espazo cultivado (mediante as rozas ou estivadas); alimentación do gando a través do pastoreo; obtención de leña e madeira; e a función máis relevante, a de ser fonte da materia prima vexetal (o toxo) que, utilizado como cama do gando, permitía a obtención do abono orgánico necesario para o mantemento da fertilidade das terras de cultivo. O inculco constituía o soporte de todo o sistema agrario. A pequena dimensión das explotacións acentuouse nos douscentos anos que van ata a metade do século XX; fenómeno coherente co incremento que experimentaron neses dous séculos as densidades demográficas no agro galego.

Na primeira metade do século XX asistimos a importantes transformacións na propiedade e nos usos da terra en Galicia. Por un lado, ten lugar por fin a liquidación do sistema foral, posibilitando o acceso xeneralizado dos agricultores á propiedade plena das terras. Ao mesmo tempo, as presións ás que se ven sometidos os montes comúns sáldanse con importantes mudanzas: a case totalidade dos montes de varas e boa parte dos montes veciñais son divididos (reparto), pasando a integrarse esas superficies nas explotacións individuais; simultaneamente, os montes veciñais subsistentes ven alterados os usos tradicionais como consecuencia da política de repoboacións forestais aplicada nas décadas posteriores á Guerra Civil, previa publicación dos mesmos.

A mediados do século XX, e como resultado de toda esa evolución, a imaxe que nos ofrece o primeiro censo agrario elaborado en España (en 1962) é en Galicia a dunha estrutura dual: as explotacións menores de 5 ha supoñen case o 80% do total, ocupando pouco mais do 20% da superficie, fronte a 800 explotacións (o 0,2%) maiores de 100 ha que ocupan o 40% da superficie, e que correspondían na súa práctica totalidade a montes veciñais en man común.

Se consideramos unicamente as explotacións *propriadamente ditas*, as menores de 100 ha, en 1962 contabilizábanse no agro galego 420.500 unidades produtivas, que se repartían ao redor de 1.500.000 ha, o que supón unha superficie media por explotación de 3,49 ha. A principal característica era o forte predominio das unidades de pequena e moi pequena dimensión. Pero nestes datos apréciase de modo moito máis claro un feito frecuentemente esquecido, ou non suficientemente destacado: o peso relativamente importante que tiñan as que podemos cualificar como explotacións medias, aquelas cunha superficie entre 10 e 50 ha. Estas constituían só o 7,7% das unidades produtivas pero ocupaban o 35,7% da superficie das explotacións *propriadamente ditas*. Polo que respecta aos réximes de tenencia, en 1962 as superficies traballadas en tenencia directa eran o 82,3%, en arrendamento o 9,1%, en aparcería o 5,0% e noutros réximes o 3,6%.

No plano xeográfico, nunha imaxe simplificada, podían distinguirse en 1962 dous grandes modelos de estruturas agrarias:

- O da Galicia setentrional, caracterizado por un peso reducido dos montes comúns, unha grande importancia do monte particular e, vinculado a iso, unha presenza relevante das explotacións cunha superficie maior de 5 ha, e concretamente das que podemos considerar no contexto galego como “explotacións medianas”, as de 10-50 ha.
- O modelo da Galicia meridional, definido pola elevada porcentaxe do territorio que ocupaban os montes comúns, a escasa relevancia das terras de monte particular e, vinculado a iso, o predominio abafador das explotacións individuais de pequena e moi pequena dimensión (menores de 5 ha). Neste modelo mantíñase vixente, en liñas xerais, a estrutura dual que encontrabamos no Antigo Réxime: pequenas explotacións familiares convivindo con grandes extensións de monte común, que ocupaban a maior parte do territorio. A imaxe difundida habitualmente dunha estrutura agraria de pequenos agricultores-propietarios era válida sobre todo para esta metade meridional.

Partindo desa realidade, a dinámica que experimentaron as estruturas agrarias en Galicia nas décadas previas á integración na Unión Europea presenta, entre 1962 e 1989, dúas notas esenciais: a lentitude do proceso de reestruturación das explotacións, da desaparición de unidades produtivas e incremento da súa superficie media; e, no referido aos réximes de tenencia, o reforzamento do predominio da tenencia directa, ao reducirse a superficie traballada tanto en arrendamento como en aparcería.

As estruturas agrarias configuradas en Galicia a mediados do século XX, caracterizadas en conxunto pola reducida base territorial das explotacións e o seu elevado grao de parcelamento, eran coherentes coa lóxica interna do sistema agrario e en particular con dous elementos centrais que o definían: a abundancia de man de obra e a rudimentariedade ou simplicidade dos instrumentos de traballo. Todo iso mantén a súa validez ata finais dos anos 1950, pero nas décadas seguintes asistimos a profundos cambios que mudan por completo a situación. Nestas décadas, en concreto no período 1962-1989, iniciouse unha acelerada diminución da man de obra, acompañada da introdución en cantidades crecentes de inputs correntes e bens de capital fixo de orixe industrial; en suma, produciuse un intenso proceso de substitución de traballo por capital. Como consecuencia diso, as estruturas agrarias configuradas historicamente deixaron de ser funcionais, ao aparecer como un obstáculo para a introdución e utilización rendible dos novos medios de traballo de orixe industrial, en particular da maquinaria. Con todo, a limitada magnitude dos cambios operados nas tres

décadas previas á integración europea, fixo que a estrutura dimensional das explotacións seguira presentando a finais dos anos 1980 un perfil similar ao que tiña a comezos da década de 1960. Podemos concluír que a estrutura dimensional das explotacións en termos de superficie total experimentou en Galicia unhas mudanzas moi limitadas nestas décadas (1962-1989), debido a dous factores: a lentitude do proceso de desaparición de explotacións e a escasa mobilidade das terras liberadas por esas unidades.

En concreto, hai que destacar que o arrendamento non parece que xogara nestes decenios un papel significativo como vía de mobilidade da terra e de ampliación das explotacións. O peso relativo das terras en arrendamento diminuíu en todos os estratos de tamaño pero fíxoo especialmente nas explotacións menores de 5 ha, ligado á desaparición de moitas pequenas unidades produtivas que tiñan todas ou parte das terras arrendadas. Como resultado, podemos constatar o reforzamento do predominio da tenencia directa, que pasou do 82,3% da superficie total das explotacións en 1962 ao 89,3% en 1989.

3. A dinámica das estruturas agrarias desde a integración na UE

Se agora nos centramos no que ocorre a partir da integración de España na UE, podemos constatar que a dinámica das estruturas agrarias en Galicia nos últimos 35 anos (1982-2016) aparece definida por catro notas: i) forte aceleración da desaparición de explotacións, de tal modo que no período 1982-2016 desaparecieron máis de 2/3 (67,9%) das explotacións, concentrándose isto nas unidades de pequeno tamaño; ii) das terras liberadas polas explotacións desaparecidas, máis da metade quedaron abandonadas ou pasaron a usos non agrarios, o que orixinou un forte retroceso da superficie total ocupada polas explotacións agrarias (-36,7%); iii) o volume global da SAU permaneceu en cambio estable; iv) no plano temporal, a desaparición de explotacións alcanzou a máxima intensidade no período 1982-1989 (4,4% anual), manténdose nos dous seguintes decenios, anos 1990 e 2000, en taxas elevadas (3,6% - 3,7% anual), mentres que o ritmo desa desaparición freouse notablemente no período 2009-2016 (1,1% anual), coincidindo coa crise económica.

A integración de España na Comunidade Europea coincidiu co inicio dunha reorientación en profundidade da Política Agraria Común (PAC), que implicou no terreo dos discursos unha redefinición do modelo de agricultura establecido como desexable para os países europeos. O novo discurso que encontramos nos documentos oficiais apuntaba á conveniencia de manter unha poboación agraria relativamente numerosa e de frear a desaparición de explotacións. O motivo é que, aínda que moitas das explotacións non sexan necesarias como produtoras de alimentos, o seu mantemento considerábase agora desexable polas outras funcións que cumpren para a sociedade (funcións ambientais, contribución á fixación de poboación no medio rural...). Porén, fronte á estabilización das estruturas agrarias á que parece apuntar ese discurso, os datos estatísticos mostran que no caso da agricultura española, e de modo particular en Galicia, sucedeu o contrario: o axuste estrutural acelerouse fortemente a partir da integración comunitaria. De tal modo que, en contraste coa lentitude dos cambios nas décadas precedentes, no decenio dos 90 as estruturas agrarias experimentaron mudanzas moito máis intensas.

Nas dúas últimas décadas a desaparición e concentración de explotacións proseguíu en Galicia a un elevado ritmo. Concretamente, no conxunto do período 1997-2016 o número de unidades produtivas reduciuse nun 34,7%. Como principal matiz, hai que salientar a ralentización dese proceso que se produciu durante a recente crise económica. Un fenómeno

plausible, que hai que poñer en relación co freo que rexistrou nestes anos a diminución da poboación ocupada no sector, como consecuencia do deterioro do mercado de traballo e a conseguinte redución (ou desaparición) das oportunidades de emprego alternativo para a man de obra agraria.

O redimensionamento das explotacións en termos físicos (na base territorial) acompañouse nas dúas últimas décadas de mudanzas de moita maior magnitude na estrutura dimensional en termos económicos; o que se explica pola intensificación (incremento do valor económico da produción por unidade de superficie) que se deu nos segmentos de explotacións dinámicas. O resultado foi a progresiva consolidación dun colectivo de explotacións medianas, que continúan sendo moi minoritarias en número pero concentran xa actualmente a maior parte do output do sector. Concretamente, as explotacións cunha produción anual (PET) igual ou superior a 48.000 euros eran en 2016 só o 13,2% do total (unhas 10.000 en cifras absolutas), pero concentraban o 78,3% (máis de 3/4) da produción agraria.

4. A influencia da normativa

A evolución do arrendamento está influída pola regulación normativa que lle afecta. En España a orientación xeral das normas foi mudando: o Código Civil correspóndese cunha regulación liberal do arrendamento; pola contra, tanto a Lei de Arrendamentos Rústicos (LAR) de 1935 como a LAR de 1980 son normas intervencionistas, que tratan de protexer aos arrendatarios; despois diso, a modificación derivada da Lei de Modernización das Explotacións de 1995 foi no sentido de liberalizar estes contratos, liña na que profundou a LAR de 2003; mentres que o novo cambio aprobado en 2005 volveu introducir unha maior regulación ou protección. A liberdade contractual, na concepción propia do liberalismo, instaurada polo Código Civil era unha mera liberdade legal, que ao recaer sobre unha desigualdade económica e social dos contratantes producía desigualdade xurídica, o que determinou un progresivo intervencionismo estatal.

O dilema existente á hora de establecer a regulación dos arrendamentos rústicos pode resumirse do seguinte modo. Unha regulación moi proteccionista para o arrendatario tenderá a estimular a demanda de terras en arrendamento, pero corre o risco de desincentivar, ata case paralizar, a oferta. O problema contrario dáse cunha regulación moi liberal: esta tende a potenciar a oferta de terras en arrendamento; pero, ao verse os arrendatarios desprotexidos e non contar cunha estabilidade no dereito de uso das terras, o resultado pode ser unha retracción da demanda. Na dinámica estrutural recente da agricultura española constátase que unha normativa máis proteccionista tende a frear a expansión do arrendamento en sentido estrito; pero, na medida en que existe unha elevada oferta e demanda potencial de terras, iso acompáñase da expansión doutras fórmulas de cesión.

A LAR 1980 baseábase no mesmo principio da lexislación especial anterior, o que contradecía a realidade galega, caracterizada por que a maioría dos arrendatarios eran á vez propietarios e o contrato caracterizábase pola súa forma verbal e a ampla marxe de liberdade contractual. Isto pretendeuse responder coa Lei 4/1995, de 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia. As normas contidas nos artigos 99 e seguintes da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, actualmente en vigor, que esencialmente xa tiñan sido incorporadas na Lei 4/1995, supoñen unha maior flexibilidade e adaptación dos arrendamentos rústicos ás peculiaridades de Galicia que a aplicación das leis estatais mencionadas anteriormente. A xurisprudencia tivo que lembrar a inaplicabilidade en Galicia da lexislación estatal de arrendamentos rústicos,

salvo como dereito supletorio e en canto non se opoña aos principios do ordenamento xurídico galego.

5. A evolución do arrendamento nas décadas recentes e a súa distribución actual

Nos capítulos 6 e 7 efectuamos unha análise detallada da evolución da superficie arrendada en Galicia no período 1982-2009 e da súa distribución en 2009, utilizando os microdatos homoxeneizados dos Censos agrarios de 1982, 1989, 1999 e 2009, ferramenta fundamental neste estudo. Resumimos a continuación as principais conclusións obtidas.

O primeiro a destacar é que o arrendamento medra de forma importante entre os anos 1982 e 2009. Nos dous decenios precedentes (1962-1982) as superficies en réximes de tenencia indirectos experimentaron en Galicia unha continua e forte redución, reforzándose o predominio das traballadas en propiedade. Esas tendencias modificáronse a partir da década de 1990 e sobre todo nos anos 2000. A porcentaxe da SAU en arrendamento estabilizouse no período intercensal 1982-1989 (ao redor do 7,5%), para aumentar lixeiramente na década dos 90 (ata o 8,9%) e de forma moito máis significativa no decenio 1999-2009 (ata o 16,8%). Se consideramos o total de terras en réximes indirectos (A+OR), constátase unha inflexión máis clara nos dous últimos decenios: partindo do 11,2% en 1989, o seu peso relativo ascendeu ao 17,3% en 1999 e ao 29,4% en 2009.

Para o arrendamento en sentido estrito o ratio de extensión, a porcentaxe das explotacións con terras arrendadas, mantense estable ou mesmo diminúe no conxunto do período 1982-2009, sen que isto se modifique nas dúas últimas décadas. En consecuencia, o aumento da SAU en arrendamento nas décadas recentes, sobre todo nos anos 2000, debeuse integramente ao incremento da intensidade. Concretamente, no último período intercensal (1999-2009) a porcentaxe de explotacións con algunha superficie arrendada permaneceu estable, ao redor do 15%; e o que se elevou foi o peso relativo do arrendamento neste conxunto, do 34,7% ao 45,5% da SAU. As conclusións son similares, se ben con certos matices, tomando o total da SAU en réximes indirectos (A+OR). A extensión destes réximes tende a elevarse de forma lenta pero continua nas tres últimas décadas, do 21,0% das explotacións en 1982 ao 25,2% en 1999 e o 26,4% en 2009. Partindo diso, as variacións de maior magnitude danse na intensidade (o peso dos réximes indirectos nestas explotacións): partindo do 44,6% da SAU en 1982 o índice baixou ata o 41,1% en 1989, para ascender nas dúas últimas décadas e sobre todo nos anos 2000 (ata o 55,4% en 2009).

A pesar da súa expansión recente, o arrendamento en sentido estrito sigue tendo no agro galego un peso reducido se o consideramos no contexto das comunidades autónomas españolas. Galicia, partindo en 1982 dunha porcentaxe da SAU en arrendamento comparativamente baixa (pouco máis dun terzo da media española e só superior á de Canarias, Murcia e Comunidade Valenciana), rexistrou no conxunto do período 1982-2009 un incremento lixeiramente inferior a esa media. De tal modo que en 2009 era a CCAA cun menor peso do arrendamento xunto coa Comunidade Valenciana, unha rexión caracterizada pola importancia dos cultivos permanentes. Como matiz a esa imaxe xeral hai que destacar, porén, o notable crecemento da superficie arrendada que se produciu en Galicia no último decenio (1999-2009).

Atendendo aos perfís dos grandes grupos de explotacións que podemos configurar segundo os réximes de tenencia, as diferenzas entre uns e outros son considerables. Comparado coas

explotacións en tenencia directa pura (aquelas con todas as terras en propiedade), o conxunto das unidades que contan con algunhas superficies en arrendamento e/ou noutros réximes presenta nas tres últimas décadas unha dinámica claramente máis favorable (en termos produtivos e sobre todo na súa base territorial). Dentro dese conxunto, o dinamismo é claramente maior naquelas que recorren ao arrendamento en sentido estrito, fronte ás que só teñen incorporado terras noutros réximes. Finalmente, os datos apuntan tamén en xeral a un maior dinamismo, sobre todo un maior incremento do tamaño medio, das explotacións nas que as terras en réximes indirectos se combinan con outras en propiedade, fronte a aquelas en tenencia indirecta pura (que carecen de superficies propiedade do titular).

Desde a perspectiva das Orientacións Técnico-Económicas (OTE), o comportamento das distintas orientacións é moi diferente. As explotacións máis activas na ampliación da súa base territorial foron as da OTE 4 (herbívoros), seguidas a moita distancia das especializadas en cultivos herbáceos (OTE 1) e aínda a máis distancia das OTE 3 (cultivos leñosos) e 5 (granívoros). Se analizamos os diferentes ratios de arrendamento comezando co arrendamento en sentido estrito, o ratio A/SAU (a porcentaxe da SAU en arrendamento) incrementouse globalmente en Galicia en 9 puntos entre 1982 e 2009, pasando do 7,78% ao 16,78%. Pois ben, podemos observar que ese aumento concentrouse nas explotacións especializadas en herbívoros (OTE 4), que xa partían dun peso do arrendamento en 1982 superior á media (en torno ao 10%) e viron este duplicarse nas tres últimas décadas. Aínda que con cifras absolutas moito máis modestas, cabe sinalar tamén o incremento da % da SAU arrendada na OTE 5 (granívoros); mentres que esta diminuíu na OTE 6 (policultivos) e de modo chamativo tamén na OTE 1 (cultivos herbáceos), o que fai pensar que a ampliación desta OTE se debeu á especialización neste tipo de cultivos de explotacións con todas as terras en propiedade ou que recorren a outras fórmulas de cesión. O panorama é similar se tomamos o conxunto da SAU en arrendamento e noutros réximes (o que denominamos “arrendamento en sentido amplo”), onde destaca de novo o crecemento e o elevado valor do ratio na OTE 4. O único matiz é que neste caso a porcentaxe aumentou, en maior ou menor medida, en todas as OTE.

No que respecta á relación entre o arrendamento e o tamaño físico das explotacións, en 1982 a porcentaxe da SAU en arrendamento (en sentido estrito) era bastante similar en todos os estratos de tamaño por baixo de 100 ha de SAU, cunha certa tendencia á baixa. A variación máis significativa dábase nas explotacións maiores de 100 ha, grupo moi pouco relevante no que esa porcentaxe baixaba ao 1,5% desde niveis do 6%. Para o conxunto dos réximes indirectos o seu peso tendía, en cambio, a aumentar coa elevación do tamaño. O panorama anterior mantense no Censo agrario de 1989. En 1999, en cambio, encontramos unha imaxe xa moi diferente. O ratio A/SAU aumenta de forma clara e continua coa elevación do tamaño: desde o 2,5% nas explotacións con menos de 2 ha de SAU ata o 15,7% nas de 50-100 ha. Tan só continúa observándose a caída no estrato superior, as unidades maiores de 100 ha. O ratio (A+OR)/SAU mantén unha evolución semellante, a única diferenza é que partiamos xa en 1982 dunha curva con certa pendente positiva. Esa correlación consolidouse nos datos do Censo agrario de 2009.

Da análise da variación por estratos de tamaño no período 1982-2009 da SAU total e da SAU traballada en arrendamento e no conxunto de réximes indirectos (A+OR) podemos concluír que da superficie agraria perdida polos estratos menores de 10 ha, que pode asimilarse coas terras liberadas polas explotacións desaparecidas, só unha parte pequena (o 10% ou menos) corresponde a terreos que eran traballados en arrendamento ou noutros réximes indirectos. En cambio, a ampliación da SAU nos estratos de mediana e grande dimensión produciuse nunha

parte importante a través do arrendamento ou outras fórmulas de cesión. En concreto, o arrendamento supón entre o 19% e o 31% do incremento da SAU nas explotacións maiores de 10 ha, sendo esa porcentaxe máis elevada nos estratos de maior dimensión. E se consideramos o conxunto do arrendamento e outros réximes de tenencia a cifra ascende ao 37%-44%.

No relativo á distribución xeográfica dentro de Galicia, en 1982, constatábase un claro contraste entre as dúas provincias setentrionais, sobre todo A Coruña, e as dúas meridionais. Ese contraste, produto das diferenzas nas estruturas agrarias tradicionais configuradas a mediados do século XX, reflectíase en que a porcentaxe da SAU en arrendamento (en sentido estrito) alcanzaba en A Coruña o 11,8%, mentres que en Ourense e Pontevedra limitábase ao 4,6% e o 3,6%, respectivamente, quedando Lugo nunha posición intermedia, cun valor similar á media galega (7,9%). O panorama era similar para o conxunto da superficie en réximes indirectos (A+OR): o seu peso en A Coruña (15,3%) máis que duplicaba as cifras de Ourense e Pontevedra (6,5% nos dous casos), con Lugo no entorno da media galega (11,5%). Os cambios das tres últimas décadas fixeron que desaparecera ese contraste entre provincias setentrionais e meridionais herdado das estruturas agrarias tradicionais, levando a unha converxencia das cifras das catro provincias; dentro dese contexto, Ourense pasou a ser a provincia cun maior peso das terras en réximes indirectos.

Maunder (1984) formulou a hipótese xeral de que o arrendamento permite unha maior mobilidade da terra, polo que a súa difusión facilita esa mobilidade e a ampliación das explotacións en crecemento. Esa hipótese aparece en xeral confirmada polos datos manexados por este autor, referidos por un lado aos países da CEE-9 e polo outro á evolución a nivel provincial en Italia e Francia. A hipótese de Maunder foi contrastada para a agricultura española por Arnalte e Ramos (1988), con datos a nivel provincial para o período 1962-1982. Os resultados confirman que tamén aquí o arrendamento parece cumprir nesas décadas a función “europea” de facilitar o axuste estrutural e o redimensionamento das explotacións. Isto reflíctese na correlación significativa que constatan entre o incremento da superficie media das explotacións no período 1962-1982 e a porcentaxe da superficie en arrendamento en 1982. Na mesma liña apuntan os resultados obtidos por Arnalte e López (2002) a partir dos datos para o período 1962-1999. As cifras dos Censos agrarios para este período inducen a pensar que o arrendamento xogou en España un papel moi relevante, como vía de mobilidade da terra e redimensionamento das explotacións. Actualizando esa análise, segundo os nosos cálculos, a correlación existente entre o incremento da SAU media por explotación nas diferentes comunidades autónomas no período 1982-2009 e o ratio de arrendamento en sentido estrito (A/SAU) en 2009 é relativamente feble, dun 0,1764, pero se eliminamos as catro comunidades máis atípicas, Asturias, Cantabria, Galicia e A Rioxa, a correlación é forte, dun 0,8010.

Centrados en Galicia, a pesar do rol relativamente modesto do arrendamento comparado con outras CCAA, puidemos comprobar que este xogou tamén aquí nas últimas décadas un papel non desprezable na mobilidade da terra. As explotacións maiores de 10 ha de SAU, as que viron reforzado o seu peso, gañaron no período 1982-2009 un total de 366.000 ha de cultivos e pastos. Pois ben, dese total o 41% (ao redor de 150.000 ha) corresponde ao aumento rexistrado nestes estratos pola SAU en réximes indirectos. A correlación entre o incremento porcentual da SAU/explotación no período 1982-2009 e o valor en 2009 da porcentaxe da SAU en arrendamento en sentido estrito (A/SAU), considerando os 315 concellos existentes en Galicia ao final do período, é bastante débil, aínda que non desprezable: o coeficiente de correlación é de 0,21 (R2 de 0,0434). Ese coeficiente de correlación mellora algo (ata 0,28) se

consideramos o peso da SAU en arrendamento e noutros réximes, recollendo pois tamén o rol xogado por outras fórmulas de cesión. Se excluimos os 10 municipios máis atípicos, o coeficiente de correlación mellora de forma significativa sobre todo para o arrendamento en sentido estrito: de 0,21 a 0,36. Mentres que tomando o total da SAU en arrendamento e noutros réximes este coeficiente só aumenta de 0,28 a 0,32. Polo tanto, a eliminación dos concellos máis atípicos fai emerxer con maior claridade o papel do arrendamento no proceso de axuste estrutural; en tanto que isto parece menos nido para os outros réximes de tenencia.

Como consecuencia da evolución do arrendamento en Galicia durante o período 1982-2009, a situación neste último ano caracterízase polas notas que sintetizamos a continuación.

Comezando polas cifras globais no contexto español, a porcentaxe da SAU en arrendamento (en sentido estrito) en Galicia en 2009 (16,78%) supón pouco máis da metade da media española (31,8%) e é o valor máis baixo das 17 CCAA, igualado coa Comunidade Valenciana. O panorama muda algo, aínda que non de forma substancial, se tomamos a SAU en arrendamento e noutros réximes. Esta porcentaxe ascende en Galicia ao 29,4%, claramente inferior pero non tan distante da media estatal (39,0%). Das 17 CCAA superamos á C. Valenciana (21,6%) e Andalucía (29,0%), pero estamos moi lonxe das 9 CCAA onde este índice se sitúa por encima do 40%.

Pasamos agora aos diferentes grupos de explotacións que podemos definir segundo os réximes de tenencia da terra. Se comparamos as explotacións con superficies en arrendamento e/ou noutros réximes (A/OR/A+OR) coas que só teñen terras en propiedade, aquelas son moito máis grandes, cunha maior orientación gandeira, reflectida na porcentaxe máis elevada de superficie forraxeira, cunha especialización moito maior no gando bovino (maior ratio UGM de bovino/ha de SAU, e máis presenza da OTE4). Son menos intensivas en UTA, UGM e PET por hectárea. Con todo, a maior superficie permite moito máis que compensar esa menor intensidade produtiva. De tal modo que a produción media por explotación (PET/explotación) alcanza nas unidades con terras en réximes indirectos unha cifra que máis que duplica a daquelas con toda a superficie en propiedade (47.700 fronte a 19.300 euros). A maior dimensión física e económica vai asociada a dous últimos trazos: un peso moito maior das explotacións con titular persoa xurídica; e o menor envellecemento dos titulares persoa física (a idade media é de 51,2 anos fronte a 60,3).

Desde a perspectiva das OTE, a máis importante en Galicia en 2009 é, sen lugar a dúbidas, a orientación 4 de herbívoros, tanto por número de explotacións, como por SAU e por valor económico da produción (PET). Dentro desta OTE xeral, as orientacións principais de maior peso son a 45, de bovinos de leite, e a 46 de bovinos de carne e cría de bovinos. Sobre a importancia do arrendamento e os outros réximes, a conclusión esencial a destacar é que os datos globais para o agro galego están determinados fundamentalmente polas explotacións da OTE 4; posto que esta OTE, que concentra máis de 2/3 da SAU, é tamén a que rexistra, con diferenza, unha porcentaxe máis elevada tanto de terras en arrendamento como noutros réximes.

Con respecto ao tamaño físico das explotacións, a tenencia de terras noutros réximes ten máis importancia ata as explotacións de 10 ha para logo ser superada polo arrendamento. Isto suxire que as explotacións máis “profesionais” tenden a formalizar a situación das terras e por iso figuran como arrendadas, con contrato. En gran medida, o axuste estrutural realizouse por vía de incorporar terras en arrendamento á explotación, o que fai que as unidades que teñen

maior tamaño tamén teñan maior proporción de terras neste réxime. Como dicimos, a tendencia do ratio de arrendamento é a subir a medida que o tamaño das explotacións aumenta.

Ao igual que na dimensión física, existe unha forte correlación positiva entre o peso do arrendamento e a dimensión económica das explotacións, a SAU en arrendamento ascende de forma constante a medida que se eleva o tamaño económico. O mesmo comportamento consévese para o total de terras en réximes indirectos.

A nivel xeográfico, a maior porcentaxe de SAU en arrendamento localízase actualmente en Ourense (19,6%), en liña coa media de Galicia atopamos as provincias de A Coruña e Lugo, cun 16,8% e 17,4% respectivamente, e cun dato claramente inferior Pontevedra (10,8%). Para o conxunto dos réximes indirectos a situación é similar, pero Pontevedra acércase á media.

Do modelo econométrico, formalizado para analizar a influencia que determinadas variables (SAU, UGM, UTA, PET e idade de titulares) teñen sobre os ratios de extensión e intensidade, modelo loxístico para o primeiro e de regresión beta para o segundo, podemos deducir que, dos modelos loxísticos despréndese que canto maior sexa a dimensión da explotación (en termos de SAU total, PET, UTA, ou UGM) maior é a probabilidade de que utilice algunha forma de arrendamento. O mesmo é certo cando a idade dos titulares é menor. En xeral, as explotacións da OTE 4 recorren ao arrendamento con maior probabilidade que o resto de especializacións. Os modelos beta empregados para analizar a intensidade, suxiren que a relación entre a dimensión da explotación e a importancia relativa do arrendamento en sentido estrito ten unha forma de U: decrece ao pasar de dimensións pequenas ás intermedias, pero volve crecer cando a dimensión se fai moi grande. A relación da dimensión con outros réximes de arrendamento, polo contrario, parece lineal e negativa: canto maior é a dimensión, menor é a presenza de outros réximes. A influencia da idade do titular é igual en ambos casos: tanto arrendamento estrito como outros réximes teñen menor importancia en explotacións con titulares de máis idade. Finalmente, a importancia da relevancia do arrendamento entre as diferentes especializacións varía, pero en xeral os modelos confirman que todas as especializacións teñen niveis de arrendamento estrito ou outros réximes iguais ou inferiores á OTE 4, coa única excepción da OTE 2 nos casos de arrendamento en sentido estrito.

6. Síntese

Recapitulando, as estruturas agrarias configuradas en Galicia a mediados do século XX, caracterizábanse pola reducida base territorial e o elevado parcelamento (similar á situación a finais do Antigo Réxime, a mediados do século XVIII). Esas estruturas eran coherentes coa lóxica interna do sistema agrario e en particular con dous elementos centrais que o definían: a abundancia de man de obra e a rudimentariedade ou simplicidade dos instrumentos de traballo. Todo iso mantén a súa validez ata finais dos anos 1950, pero nas décadas seguintes asistimos a profundos cambios que mudan por completo a situación. As transformacións tecnolóxicas e produtivas experimentadas polo sector agrario galego desde a década de 1960 víronse notablemente aceleradas no primeiro decenio de integración europea. Sobre todo no que constitúe o elemento central desas transformacións: a diminución da man de obra e a substitución de traballo por capital. Pero as mudanzas non se viron acompañadas dun progreso similar da produtividade do traballo, en 1998, con máis do 15% da man de obra e case o 13% do stock de capital da agricultura española só xerabamos pouco máis do 6% da

producción agraria. Algo que tiña a súa orixe principal nas deficiencias que persistían na base territorial das explotacións: reducida superficie das unidades produtivas, acusada fragmentación parcelaria e grandes deficiencias nos usos da terra. As estruturas agrarias deixaron de ser funcionais, facíase necesaria unha transformación en profundidade destas estruturas.

O axuste estrutural acelerouse fortemente a partir da integración comunitaria. A intensificación das mudanzas tecnolóxicas e produtivas no sector agrario galego a partir da integración europea fixo que se acelerara tamén de forma notable a desaparición e concentración de explotacións. No período 1982-2016 desapareceron máis de 2/3 (67,9%) das unidades. Esa desaparición concentrouse nas explotacións de pequeno tamaño, e a SAU/explotación máis que se triplicou pasando de 2,6 a 8,3 ha, a pesar de que o ritmo de desaparición freouse notablemente no período 2009-2016, coincidindo coa crise económica. Non obstante, a SAU media por explotación continua sendo moi pequena en comparación coa existente en España e na UE. O redimensionamento das explotacións en termos físicos (na base territorial) acompañouse nas dúas últimas décadas (1997-2016) de mudanzas de moita maior magnitude na estrutura en termos económicos; o que se explica pola intensificación.

Doutra parte, durante oito séculos o réxime de tenencia predominante, de forma abafante foi o foro, figura que ten certa similitude co arrendamento. Na segunda metade do século XIX empézanse a notar certos sinais de esgotamento da figura, e xa na primeira metade do século XX foi desaparecendo. A mediados de século xa case estaba extinguido. A eliminación do foro implicou o reforzamento da propiedade xa que a maioría dos redimentos eran labregos, que se quedan así coa terra. Pero unha parte de redimentos non eran agricultores e cederon as súas terras en réxime de arrendamento ou aparcería. Podemos constatar que a partir de mediados de século continúa a tendencia ao reforzamento da tenencia directa. A evolución rexistrada polos modos de tenencia no decenio de 1950 veu prolongar as tendencias do primeiro terzo do século: o progresivo acceso do campesiñado á propiedade da terra, agora mediante compras que viñeron complementar a conquista da propiedade a través da redención foral. Como consecuencia, á altura de 1962 máis do 80% da superficie das explotacións era traballada en propiedade. A evolución rexistrada nas décadas seguintes continuou na mesma liña, e a tenencia directa, pasou de representar o 82,3% da superficie total das explotacións en 1962 ao 89,3% en 1989. Pois ben, coa integración de España en Europa podemos observar un cambio de tendencia. Se a situación está estancada entre os anos 1982 e 1989, período onde se produce o cambio, a partir deste último ano os ratios de arrendamento non deixan de subir.

Como resultado de todo o proceso descrito, en 2016 (segundo datos da EEEA 2016), está consolidado un colectivo de explotacións medianas, que continúan sendo moi minoritarias en número pero concentran xa actualmente a maior parte do output do sector. Concretamente, as explotacións cunha produción anual (PET) igual ou superior a 48.000 euros eran en 2016 pouco máis do 13% do total de explotacións, pero concentraban case o 80% da produción agraria. Pois ben, este grupo de unidades conforma hoxe o núcleo da agricultura profesional en Galicia. A Orientación Técnico-Económica máis importante do grupo é a 4 de herbívoros, son explotacións de certo tamaño, viables, con titulares xoves e cuns ratios de arrendamento altos.



BIBLIOGRAFÍA





- Abad Flores, O. 1977. *Una opción para la reforma agraria de Galicia*. Ed. Cromograf. Madrid.
- Agúndez Fernández, A. 1998. *Comentarios a la Ley de Arrendamientos Rústicos*. Editorial Comares. Granada.
- Arnalte Alegre, E. 2006. Economía política del proceso de ajuste estructural en la agricultura de los países desarrollados. Incluido en Arnalte Alegre, E. Coordinador. *Políticas agrarias y ajuste estructural en la agricultura española*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid, 17-54.
- Arnalte Alegre, E., e López Iglesias, E. 2002. *Análisis del ajuste estructural clásico*. Trabajo preparatorio del libro blanco de la agricultura y el desarrollo rural del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid.
- Arnalte Alegre, E., e Ramos Leal, E. 1988. Arrendamiento y ajuste estructural en la agricultura española, *Agricultura y Sociedad*, nº 49, 177-208.
- Arnalte, E., Avellá, L., e Roca, A. 1986. Mercado de la tierra y dinámica de la estructura agraria en los países de la CEE. *Agricultura y Sociedad*, nº 41, 255-283.
- Artiach Camacho, S. 2014. La regulación del contrato de arrendamiento rústico en la Ley 49/2003, de 26 de noviembre. *Revista de Derecho, Empresa y Sociedad (REDS)* núm. 4 de enero-junio 2014. páx 175-209.
- Balboa, Xesús. 1990. *O monte en Galicia*. Ed. Xerais, Vigo.
- Baldock D., Beaufoy G. e Brouwer F. 1996. *Farming at the margins : abandonment or redeployment of agricultural land in Europe*. Institute for European environmental policy, The Hague.
- Barbeyto Nistal, F. (varios anos). *Explotacións de vacún de leite en Galicia. Manexo técnico e resultados económicos*. Consellería de Agricultura. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Barreiro Gil, M. J., 1990. *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. Xunta de Galicia. A Coruña.
- Benelbas, León. 1983. La vigencia del modelo de Theodore W. Schultz. *Papeles de Economía Española*, nº 16, 350-359.
- Bouhier, Abel. 1979. *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. La Roche-sur-Yon, Imprimaire Yonnaise, 2 vol.
- Brisson, A. 1983. Les installations: diversité actuelle et perspectives. *Économie rurale*, 155(1), 15-17.
- Brouwer, F.M., van Rheenen, T., Dhillion, S. e Elgersma, A.M., (eds.). 2008. *Sustainable land management; strategies to cope with the marginalization of agriculture*. Edward Elgar Publishing.

- Brun A., e Blatin D. 1972. *Les agriculteurs et la propriété foncière, les modes de faire-valoir*. SCEES-INRA. París.
- Bryden, J.M. e Fuller, T. 1988. Pluriactivity as a rural development option. Farm Structures and Pluriactivity Research Programme. *Occasional Paper Series 88/2*. The Arkleton Trust.
- Camarero, L. 2002. Pautas y tendencias demográficas del medio rural: la población rural en la última década del siglo XX. En: *Agricultura y sociedad en el cambio de siglo*. Gómez Benito, C. e González, J.J. (coord). Madrid. McGRAW-HILL, 63-77.
- Carmona, Joám. 1990. *El atraso industrial de Galicia*. Ed. Ariel, Barcelona.
- Carreras, A., e Tafunell, X. 2005. *Estadísticas históricas de España. Siglos XIX y XX*. Fundación BBVA 2ªEd. Bilbao.
- Castan Tobeñas, J. 1944. *Derecho civil español común y foral*. Ed. Reus. Madrid.
- Chaplin, H., Davidova, S. e Gorton, M. 2004. Agricultural adjustment and the diversification of farm households and corporate farms in Central Europe. *Journal of Rural Studies*, 20, 61-77.
- Chavas, J.P. 2001. Structural change in agricultural production: Economics, technology and policy. *Handbook of Agricultural Economics*, vol. 1, Part 1, 263-285.
- Coimbra, E. 2011. Land management grounded in social soil. Galician land banking in context. *Sociología, problemas e prácticas*, 66, 135-155.
- Colino, J. e Rodríguez Pasquín, M. 1996. Reestructuración agraria y ganancias de productividad. *Papeles de Economía Española*, Serie Economía de las Comunidades Autónomas, nº 16, 107-116.
- Corbelle Rico, E., e Crecente Maseda, R. 2009. Evolución histórica de la Superficie Agrícola Utilizada en Galicia (1962-2006). Integración de fuentes estadísticas y cartográficas. *Economía Agraria y Recursos Naturales*. Vol. 9, 2. (2009). pp. 183-192.
- Corbelle Rico, E., Crecente Maseda, R. e Santé-Riveira, I. 2012. Multi-scale assessment and spatial modelling of agricultural land abandonment in a European peripheral region: Galicia (Spain), 1956-2004. *Land Use Policy* 29 (2012) 493- 501.
- Corbelle Rico, E., e Crecente Maseda, R. 2014. Urbanización, forestación e abandono. Cambios recientes na paisaxe de Galicia, 1985-2005. *Revista Galega de Economía*, 23(1), 35-52.
- Corbelle Rico, E., Enriquez García, M.J., Ónega López, F., e Crecente Maseda, R. 2014. *Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial*. USC. Laboratorio do territorio. Lugo. <http://laborate.usc.es/>
- Corbelle-Rico, E, Butsic V., Enríquez-García M.J., RadeloffV. C. 2015. Technology or policy? Drivers of land cover change in northwesternSpain before and after the accession to European EconomicCommunity. *Land Use Policy* 45 18-25

- Cortés Macías, R. 1995. La PAC y las zonas desfavorecidas de la Unión Europea. Resultados de la indemnización compensatoria. *Revista Baética. Estudios de Arte, Geografía e Historia*, nº 17: 53-65. Universidad de Málaga. Málaga.
- Cotula, L. 2012. The international political economy of the global land rush: A critical appraisal of trends, scale, geography and drivers. *Journal of Peasant Studies*, 39 (3-4), 649–680.
- Coulomb, P. 1986. La desestabilisation de la politique des structures. *Seminario internacional sobre el mercado y los precios de la tierra*, UIMP, Sevilla.
- Coulomb, P. 1993. Del sector al territorio: ¿ocupa la política socioestructural un lugar central en la nueva regulación de la política agraria común? En Arnalte, E. et al. (coord): *Agriculturas y políticas agrarias en el Sur de Europa*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid, 181-192.
- Cribari-Neto, F., Zeileis, A. (2010). Beta Regression in R. *Journal of Statistical Software* 34(2), 1-24.
- De las Heras García, M. A. 2007. Sucinto análisis del arrendamiento rústico en la nueva LAR 49/2003 (reformada por Ley 26/2005). *Boletín de Información del Ministerio de Justicia*, Boletín núm. 2045, 5-48.
- De Los Mozos, J. L. 1981. La nueva ley de arrendamientos rústicos: comparación y crítica con la legislación anterior. *Revista de Estudios Agrosociales*, Nº 117, 27-49.
- Delorme, H. 2000. La "cuestión" del agricultor profesional en Francia, en *Agricultura familiar en España 2000*. Fundación de estudios rurales. UPA. 65-75.
- Díaz-Fierros Viqueira, F., e Gil Sotres, F 1982. Evaluación da capacidade productiva das terras de Galicia. *Revista Galega de Estudos Agrarios* nº 7 e 8, p 149-172. Servicio de Publicacións da Xunta de Galicia.
- Duran, José Antonio. 1977. *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*. Siglo XXI de España Eds. Madrid.
- ERS. 2005. Structural and Financial Characteristics of U.S. Farms (2004). Family Farm Report. David E. Banker and James M. MacDonald, editors. *Economic Research Service*. Bulletin nº 797. USDA.
- Evans, N. 2009. Adjustment strategies revisited: Agricultural change in the Welsh Marches. *Journal of Rural Studies*, 25, 217-230.
- Fernández Leiceaga, J., e López Iglesias, E. 1988. Aproximación á historia do monte na Galiza: evolución da propiedade e da utilización, en *Varios V Xornadas agrarias galegas*, Servicio de Estudios e Publicacións da Consellería de Agricultura, Santiago, 252-290.
- Fontana, Josep. 1981. *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*. Ed. Ariel, Barcelona.

- Gale, H.F. 1994. Longitudinal Analysis of Farm Size over the Farmer's Life Cycle. *Review of Agricultural Economics*, 16,113-123.
- García de Oteyza, L., Bueno Gomez, M., e Cruz Conde, F. 1963. *Explotaciones agrarias familiares, contribución a su estudio en la provincia de La Coruña*. Madrid. Servicio Nacional de Concentración Parcelaria y Ordenación Rural. Gráf. E. Casado.
- García De Oteyza, Luis. 1952. Los regímenes de explotación del suelo nacional. *Revista de Estudios Agro-Sociales*, nº 1, 49-61.
- García Fernández, Jesús. 1975. *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*. Ed. Siglo XXI, Madrid.
- García Martín, A. 2002. Impacto de la PAC en los cultivos herbáceos de Castilla y León y su futuro en la Agenda 2000. *Revista de investigación económica y social de Castilla y León*. Nº 5, 247-429.
- García, F.S. 2008. A integración da agricultura galega na Unión Europea. *Revista galega de economía: publicación interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, 17(3), 201–214.
- García-Badel y Abadia, Gabriel. 1960. La distribución de la propiedad agrícola de España en las diferentes categorías de fincas. *Revista de Estudios Agro-Sociales*, nº 30, 7-32.
- García-Lombardero, J. 1973. *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*. Ed. Siglo XXI, Madrid.
- García-Ruiz J.M. e Lana-Renault N. 2011. Hydrological and erosive consequences of farmland abandonment in Europe, with special reference to the Mediterranean region — a review. *Agriculture Ecosystems and Environment*, 140, 317–338.
- Glauben, T., Tietje, H., Weiss, C. 2006. Agriculture on the Move: Exploring Regional Differences in Farm Exit Rates in Western Germany. *Jahrbuch für Regionwissenschaft*, 26, 103-118.
- Hidalgo, M. 1954. Sistematización y reforma de la legislación de arrendamientos rústicos. (Algunas notas sobre el tema). *Revista de Estudios Agrosociales*, Nº 8, 61-102.
- Hill, B. 2005. Structural change in European agriculture. In Blandford, D., Hill, B. (Eds). *Policy Reform and Adjustment in the Agricultural Sectors of Developed Countries*. CAB International, Wallingford, UK, 5-21.
- Höchtel F., Lehringer S. e Konold W. 2005. “Wilderness”: what it means when it becomes a reality — a case study from the southwestern Alps. *Landscape and Urban Planning*, 70, 85–95.
- IDEGA. 1997. *A economía galega. Informe 1996*. Afundación, A Coruña.
- IDEGA. 2018. *A economía galega. Informe 2017*. Afundación, A Coruña.

- INE (Instituto Nacional de Estadística) 1964. Censo agrario de 1962. Madrid.
- INE, 1974. Censo agrario de 1972. Madrid.
- INE, 1984. Censo agrario de 1982. Madrid.
- INE, 1991. Censo agrario de 1989. Madrid.
- INE, 2011. Censo agrario de 2009. Madrid.
- INE, Varios anos. Encuesta de Estructuras Agrarias. Madrid.
- Institute for European Environmental Policy (IEEP). 2006. *An evaluation of the less favoured area measure in the 25 member states of the European Union. A report prepared by the Institute for European Environmental Policy for DG Agriculture.*
- Iturra, R. 1988. *Antropología Económica de la Galicia Rural*. Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia e Administración Pública, Santiago.
- Karrera Egialde, M. 1998. *Los arrendamientos rústicos históricos. Análisis a partir de la realidad guipuzcoana*. Editorial Marcial Pons. Madrid
- Lasanta T., Arnáez J., Pascual N., Ruiz-Flaño P., Errea M.P. e Lana-Renault N., Space–time process and drivers of land abandonment in Europe. *CATENA*, disponible 5 marzo 2016.
- Lasanta T., Nadal-Romero E. e Arnáez J. 2015. Managing abandoned farmland to control the impact of re-vegetation on the environment. The state of art in Europe. *Environ. Sci. Pol.*, 52: 99–109.
- López Iglesias, E. 1991. *Os sistemas herditarios e a problemática da reprodución das explotacións na agricultura galega. As transferencias de capital a cada geración ligadas á propiedade da terra*. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.
- López Iglesias, E. 1994. *Demografía e estruturas agrarias. Análise da dinámica demográfica e das mudanzas nas estruturas fundiarias da agricultura galega 1950-1993*. Tese Doutoral, Facultade de CC Económicas USC. Santiago de Compostela.
- López Iglesias, E. 1996. *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica, Madrid.
- López Iglesias, E. 1998. El sector agrario en Galicia: alcance y límites de su reestructuración en la última década, en MOLINA, M. et al. (coord.): *El sector agrario: análisis desde las Comunidades Autónomas*. MAPA-Mundi Prensa. Madrid.
- López Iglesias, E. 2000. O sector agrario galego ás portas do século XXI: balance das súas transformacións recentes. *Revista Galega de Economía*, 9(1), 167–196.

- López Iglesias, E. 2002. *La vigencia de una política de estructuras agrarias; reflexiones a partir de la experiencia de Galicia*. Libro blanco, Jornada Temática "Estructuras Agrarias": 7 de marzo de 2002. Madrid.
- López Iglesias, E. 2003. *Los cambios recientes y la tipología actual de las explotaciones agrarias en España; algunas implicaciones para la política agraria*. Libro Blanco de la agricultura y el desarrollo rural. Jornada Temática sobre La agricultura española en el marco de la PAC. Madrid, 6 y 7 de febrero de 2003.
- López Iglesias, E. 2005. O papel actual da concentración parcelária na política de estruturas agrarias e desenvolvemento rural: reflexións a partir da experiencia da Galiza. In Oliveira Baptista, F. (coord.). *Terra e tecnoloxía. Século e meio de debates e de políticas de emparcelamento*. Oeiras: Celta Editora, Oeiras, 85-114.
- López Iglesias, E. 2011. *As estruturas agrarias como condicionante da viabilidade económica das explotacións galegas; vías para a súa transformación*. Curso de verán da USC. Sarria, 19 de xullo de 2011.
- López-Iglesias E., Sineiro-García F., e Lorenzana-Fernández R. 2013. Chapter 5 Processes of Farmland Abandonment: Land use Change and Structural Adjustment in Galicia (Spain), in Dionisio Ortiz-Miranda, Ana Moragues-Faus, e Eladio Arnalte-Alegre (ed.) *Agriculture in Mediterranean Europe: Between Old and New Paradigms (Research in Rural Sociology and Development, Volume 19, 91-120)* Emerald Group Publishing Limited.
- Lorenzana Fernández, R. (2006). *El cambio estructural en las explotaciones de bovino en Galicia (años 1962 a 2003)*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese doutoral.
- Lorenzo Merino, F. J. 1996. Contratos: Arrendamientos rústicos. Aparcería. Vitalicio. *Derecho Civil Gallego*. Xunta de Galicia/ Consejo General del Poder Judicial, Madrid.
- Luengo Gallego, J.A. 2011. Importancia del sector servicios en la actual economía española. Temario de oposiciones de geografía historia. Boe 18/11/2011. *Clio*, nº 37. <http://clio.rediris.es>.
- Luna Serrano, A. 2000. A propósito de la legislación de arrendamientos rústicos. Algunas propuestas para su reforma. *Operación Jovellanos. Propuestas de reforma para la agricultura española*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Consejo General de Notariado. Madrid. p. 207 e ss.
- MacDonald, D., Crabtree, J.R., Wiesinger, G., Dax, T., Stamou, N., Fleury, P., Gutierrez Lazpita, J. e Gibon, A. 2000. Agricultural abandonment in mountain areas of Europe: Environmental consequences and policy response. *Journal of Environmental Management* 59: 1, 47-69.
- MAPA 2003. *Libro Blanco de la Agricultura y el Desarrollo Rural*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid.
- Marey Pérez, M., Rodríguez Vicente, V., e Crecente Maseda, R. 2007. Perfil del propietario forestal individual en Galicia: objetivos y prácticas de gestión en el noroeste de la comunidad. *Revista Galega de Economía*, 16(1), 47-70.

- Martínez Valencia, J. 1991. *Comentario de la Ley de Arrendamientos Rústicos*. Editorial Dykinson. Madrid.
- Maunder, A. H. 1984. Land tenure and structural change in the European Economic Community. *Oxford Agrarian Studies*. Vol XIII.
- Messerli, P., Heinemann, A., Giger, M., Breu, T., e Schonweger, O. 2013. From land grabbing to sustainable investments in land: potential contributions by land change science. *Current Opinion in Environmental Sustainability*, 55(5), 528–534. Human settlements and industrial systems.
- Moreno Pérez, O., Arnalte Alegre, E., e Ortiz Quiles, V. 2013. Dinámica de las estructuras agrarias españolas en el periodo 1999-2009: Tendencias generales y análisis de casos. *IX Congreso de la Asociación Española de Economía Agraria*. Castelldefels, Barcelona.
- Muñiz Espada, E., e de Castro Vitores, G. 2008. *La normativa de Arrendamientos Rústicos. Reflexión y propuestas para un nuevo debate*. MAGRAMA. Madrid.
- Palomar Baro, A. 1976. Foros. *Nueva Enciclopedia Jurídica*, p 98-133. Barcelona.
- R Core Team (2018). R: A language and environment for statistical computing. R Foundation for Statistical Computing, Vienna, Austria.
- Rebolledo Varela, A. L. 2008. Derecho civil de Galicia: presente y futuro. *Revista Jurídica de Navarra*, nº46, 11-43.
- Rico Boquete, E. 1994. *A riqueza forestal de Galicia no s. XX. Producción e explotación*. Tese doutoral. USC, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- Riobó Fernández, J. F. 2002. El derecho de acceso a la propiedad en los arrendamientos rústicos y rústicos históricos en el derecho gallego. *Dereito* Vol 11, nº1, 163-201.
- Riobó Fernández, J. F. 2004. Las aparcerías y los arrendamientos rústicos históricos en el Derecho Civil Gallego. *Dereito* Vol 13 nº 2, 61-90.
- Riobó Fernández, J. F. 2006. *Los contratos de arrendamiento y aparcería en la nueva Ley de Derecho Civil de Galicia*. Tese doutoral. USC. Santiago de Compostela.
- Rodríguez Beceiro, U. 1999. *Concentración parcelaria e estrutura das explotacións de leite de Galiza*. Trabajo final de carreira inédito, Escola Politécnica Superior de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela.
- Saavedra, Pegerto. 1982. Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXXIII, nº98, 183.
- Sevilla Guzmán, E., e Gámiz López, A. 1971. Estructura espacial de las formas de tenencia de la tierra en España. *Revista de Estudios Agro-Sociales*, nº 74, 7-75.

- Sineiro, F. e Valdés Pazos, B. 1998. *Análise da xestión técnico-económica de explotacións de vacún de leite*. Escola Politécnica Superior de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela.
- Sineiro, F., López, E., Lorenzana, R., Valdés, B. 2004. La tipología de las explotaciones en función de su viabilidad económica y demográfica; aplicación a las explotaciones de bovino en Galicia. *Economía Agraria y Recursos Naturales*, 4, 25-53.
- Sineiro, F., Lorenzana, R., Vázquez, I. 2012. Situación actual y cambios previstos en la estructura y en el sistema productivo de las explotaciones de leche en Galicia. *Pastos*, 42 (1), 67-92.
- Sumpsi, J. M. 1988. El papel de la tierra en el desarrollo agrario. En Varela, C. (Coord.): *El mercado y los precios de la tierra: funcionamiento y mecanismos de intervención*. MAPA, Serie Estudios, Madrid, 89-111.
- Sumpsi Viñas, J.M. 2003. Una nueva política estructural para una nueva agricultura. *Libro Blanco de la Agricultura y el Desarrollo Rural*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid.
- Trigo García, B. 2006. *Las aparcerías y arrendamientos rústicos históricos en Galicia: La aplicación práctica de la Ley 3/1993*. Universidade de Santiago de Compostela. Programa de Doctorado: Procesos de integración económica en Europa y América Latina.
- Vallejo Pousada, R. 2011. La pervivencia de los foros en Galicia con la desamortización. XXIII Seminari d'Història Econòmica i Social. *Les practiques emfitèutiques a l'època Moderna i Contemporània. Una perspectiva comparada* Universitat de Girona
- Vázquez González, I. 2013. *Situación actual, dinámica y estrategias de las explotaciones con bovino en el norte de España*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese doutoral.
- Vila García, D. 2013. *Demanda e oferta de terras nas explotacións gandeiras: quen dá máis? Estudo de caso nos concellos de Castroverde e Baleira*. Trabajo Fin de Master. Universidade de Santiago de Compostela.
- Villares, Ramón. 1974. Minifundio. Introducción histórica, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Vol. XXI, 71.
- Villares, Ramón. 1982. *La propiedad de la tierra en Galicia 1500-1936*. Siglo XXI de España Eds, Madrid.

Normativa

- Real Decreto de 24 de julio de 1889, por el que se publica el Código Civil. Ministerio de Gracia y Justicia «BOE» núm. 206, de 25 de julio de 1889.
- Ley de reforma tributaria de 1922. Gaceta de Madrid nº 209, de 28 de julio de 1922, 337-355.
- RD 1 enero de 1926. Gaceta de Madrid nº 3, de 3 de enero de 1926, 31-33.
